





memoria



DOTGALICIA



XUNTA DE GALICIA



Onde vivimos, importa



memoria





memoria

Cuestións de Enfoque

- A. Significado e obxectivos das DOT
- B. Galicia hoxe. Un territorio en proceso de transformación
- C. Retos Territoriais cara ao século XXI
- D. O Modelo Territorial para o futuro de Galicia

O Sistema de Asentamentos e as Infraestruturas Básicas

- 1. Vigo-Pontevedra. A Metrópole das Rías Baixas
- 2. A Coruña-Ferrol. A Metrópole Ártabra
- 3. Santiago de Compostela. Nodo de Calidade Urbana
- 4. Ourense. Nodo de Pontes e Camiños
- 5. Lugo. Nodo de Historia e Convivencia
- 6. O Sistema Urbano Intermedio
- 7. Os Nodos para o Equilibrio do Territorio
- 8. Núcleos interiores vinculados ó Patrimonio Natural
- 9. Articulando o Litoral. Centralidades no Litoral de Galicia
- 10. Infraestruturas e Modelo Territorial: Galicia en rede

O Patrimonio Natural, Cultural e Paisaxístico

- 11. Recuperación Ambiental e Áreas Estratéxicas de Conservación
- 12. A Rede de Áreas Recreativas e Corredores Verdes
- 13. Paisaxe e Territorio en Galicia
- 14. O Patrimonio Cultural e os Camiños de Santiago

CUESTIÓN DE ENFOQUE

A. Significado e obxectivos das Directrices de Ordenación do Territorio

1. A importancia das Directrices de Ordenación do Territorio para Galicia

Nun mundo progresivamente globalizado o territorio convértese, de forma cada vez máis evidente, nun factor que xera oportunidades de competitividade e de calidade de vida para os cidadáns.

A Ordenación do Territorio é un instrumento que permite preservar e potenciar aqueles elementos de identidade e de diferenciación do territorio e, ao mesmo tempo, xerar novas opcións que contribúan a reforzar o seu atractivo e as súas potencialidades.

Aspectos fundamentais como o grao de cobertura dos servizos públicos, a calidade dos espazos residenciais, a eficiencia no transporte, o uso racional dos recursos naturais, a preservación e mellora da paisaxe e a adecuada utilización de ámbitos singulares como o litoral están ligados a unha adecuada ordenación do territorio.

Galicia expónse por primeira vez a afrontar o reto de definir unha política territorial global e para iso elaboráronse as Directrices de Ordenación do Territorio (en diante DOT) que se recollen neste documento, co que se plasma unha vontade política de converter a ordenación do territorio nunha liña estratéxica da acción de goberno.

Nos últimos anos outras Comunidades Autónomas desenvolveron instrumentos rexionais de Ordenación do Territorio. Asturias, País Vasco, Navarra, Aragón, Cataluña, Baleares ou Andalucía dispoñen xa de Directrices ou Plans Territoriais Rexionais en vigor. Outras moitas atópanse en distintas fases para a aprobación de instrumentos equivalentes. Diversas experiencias en todo o mundo avalan a conclusión de que un dos factores que máis contribúen ao éxito dun espazo é dispor dun Proxecto de Territorio.

As Directrices teñen como finalidade básica definir un Modelo Territorial para Galicia. Este Modelo identifica cáles son os elementos que compoñen o territorio: os Espazos Metropolitanos, as áreas urbanas, as cidades medias, os nodos para o equilibrio do territorio, as infraestruturas, os espazos naturais, o patrimonio cultural..., e establece qué características deben ter, cómo deben evolucionar e cáles deben ser as relacións entre eles. As propostas e determinacións das DOT definen unha senda a seguir e perfilan un escenario de futuro co que se aspira a conseguir un territorio máis integrado, sostible e equilibrado que facilite a renovación e dinamización dos procesos de desenvolvemento económico.

Dispor deste Modelo permite orientar a plasmación territorial das actuacións sectoriais, dotándoas de coherencia espacial entre si e das referencias territoriais necesarias para que se desenvolvan de acordo cos obxectivos xerais da política territorial de Galicia conformando unha acción de goberno coordinada e eficaz.

Ademais, o Modelo Territorial das Directrices achega criterios e normas para os plans urbanísticos municipais e para os plans territoriais de escala supramunicipal, de forma que as súas propostas sexan coherentes cos obxectivos xerais que se expoñen para o conxunto de Galicia e co papel que cada ámbito debe desenvolver nesa estratexia común.

En definitiva, as Directrices propóñense como unha oportunidade de axuste e corrección, de referencia para a coordinación das accións no espazo rexional e de impulso coherente dun modelo territorial forte e solvente, capaz de servir a Galicia e á súa cidadanía ante os retos que hoxe se lles expoñen. Un modelo territorial ao servizo do desenvolvemento sostible e da calidade de vida en Galicia. Un modelo adaptable e útil para afrontar un futuro que se presenta complexo e cheo de oportunidades que haberá que saber aproveitar.

2. Obxectivos específicos das DOT de Galicia

Nun contexto de importantes cambios urbanos e territoriais as DOT de Galicia fan súas as tres liñas de acción fundamentais da política territorial da UE: o desenvolvemento dun sistema equilibrado e policéntrico de cidades e unha nova relación entre campo e cidade; a garantía dun acceso igualitario ás infraestruturas e ao coñecemento; e o desenvolvemento sostible, e a protección da natureza e do patrimonio cultural.

As Directrices parten do coñecemento da realidade territorial, tendo en conta o avanzado ata hoxe na *gobernanza* do territorio. Un proceso coherente de ordenación territorial non debe ignorar ou minusvalorar a gran variedade de políticas activadas polas Administracións públicas, hoxe postas de manifesto en gran diversidade de accións sectoriais con incidencia positiva no desenvolvemento rexional.

As DOT xunto con outros instrumentos como o Plan de Reequilibrio Territorial, O Marco Estratéxico de Convergencia Económica de Galicia (MECEGA) 2007-2013, a Estratexia Galega de Desenvolvemento Sostible, o Plan Territorial Integrado do Litoral ou a Lei 9/2002, de 30 de Decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia deben servir para avanzar cara ao equilibrio territorial desta Comunidade.

As DOT de Galicia tratan de dar resposta a obxectivos específicos de ordenación e coordinación territorial pero, ademais, achegan unha configuración e unhas iniciativas territoriais que permitan impulsar o proceso de cambio cara a unha nova etapa de desenvolvemento. Estas iniciativas pódense sintetizar nos seguintes puntos:

- Lograr unha maior integración de Galicia cós ámbitos que lideran o desenvolvemento europeo e aproveitar as oportunidades asociadas a unha localización singular na fachada atlántica europea.
- Contribuír á consolidación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e afianzar o protagonismo de Galicia na plataforma atlántica para crear un ámbito de centralidade e desenvolvemento no noroeste peninsular.
- Establecer os ámbitos metropolitanos de planificación e programación de infraestruturas, equipamentos e servizos para optimizar a súa oferta e racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico destes espazos.



- Potenciar as principais áreas urbanas de Galicia, reforzando os seus diferentes perfís e artellar un sistema policéntrico de cidades coa fortaleza necesaria para liderar os procesos de desenvolvemento e innovación.
- Consolidar unha rede de vilas capaces de dotar dunha adecuada base urbana e de servizos ao conxunto do territorio.
- Impulsar procesos de difusión que dinamicen as áreas con menor peso demográfico.
- Establecer criterios para a consideración do medio físico nas iniciativas urbanísticas e sectoriais.
- Aportar referencias para o desenvolvemento de infraestruturas e equipamentos con criterios supramunicipais orientadas a apoiar a configuración do modelo territorial proposto mediante unha rede xerarquizada que vertebre e articule a totalidade do territorio.
- Proporcionar criterios territoriais para a elaboración de Plans e Proxectos Sectoriais e configurar as características dos Plans Territoriais Integrados.
- Achegar referencias para o desenvolvemento do parque de vivendas e dos chans de actividade de forma coherente co modelo territorial, con criterios de sustentabilidade, eficacia e consumo racional dos recursos.
- Activar procesos de renovación e dinamización de espazos deteriorados ou en declive e de ámbitos singulares como os centros históricos e os núcleos rurais.

En definitiva, estas Directrices configuran un instrumento co que se pretende orientar os procesos de planificación e guiar aquelas intervencións dos axentes públicos e privados que teñan incidencia no territorio, suscitando iniciativas e establecendo normas que serán completadas con instrumentos específicos para ordenar os procesos de desenvolvemento que se dan no territorio.

3. O Marco Legal das Directrices

Co documento de Directrices que aquí se presenta dáse por fin cumprimento ao mandato previsto na Lei 10/1995, de 10 de outubro, de Ordenación do territorio de Galicia, que establece os obxectivos e instrumentos mediante os cales se desenvolverá a ordenación territorial da Comunidade Autónoma.

O punto de partida desta Lei é a Carta Europea de Ordenación do Territorio de 1983, que define a ordenación territorial como “a expresión espacial da política económica, social, cultural e ecolóxica de toda sociedade”.

Dentro do conxunto de instrumentos territoriais establecidos pola Lei 10/1995 as Directrices constitúen o elemento central. A Lei define un sistema de plans e instrumentos en serie, que van desde o xeral ao particular, e desde a concepción global do territorio á acción específica de carácter sectorial. Neste marco as Directrices son o elemento de referencia que achega a visión global da ordenación territorial de Galicia servindo como elemento de referencia para o resto das iniciativas. Como di a Lei “As directrices de ordenación do territorio configúranse

como un instrumento de carácter global, expresión da política territorial, que han de constituír o marco xeral de referencia”.

As DOT que se presentan neste documento, e que se tramitarán como un Decreto, configuran un instrumento destinado a orientar procesos de planificación posteriores, expondo iniciativas e establecendo normas específicas para ordenar os procesos de desenvolvemento que se dan no territorio.

As DOT organízanse en dous apartados principais, a Memoria e as Determinacións.

A Memoria iníciase cunha descrición e diagnóstico da estrutura e características do territorio de Galicia. Este diagnóstico achega unha reflexión sobre o contexto territorial de Galicia e sobre as oportunidades que se derivan da súa posición xeográfica e a súa relación con outros espazos; ofrece información sobre as principais características e tendencias que aparecen no territorio da Comunidade e sobre a súa diversidade interna; e sinala os plans e proxectos que son determinantes na configuración futura do territorio. É un diagnóstico integrado, que explica as interrelacións existentes entre os diversos procesos territoriais e identifica as súas ameazas e oportunidades.

Ao longo dos capítulos da Memoria faise un percorrido polo contexto e as estratexias encamiñadas a fortalecer o proceso de metropolitanización exposto para as áreas de Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol; preséntanse as propostas estratéxicas para afianzar as áreas urbanas de Santiago, Lugo e Ourense; expónse unha configuración do Sistema Urbano Intermedio e dos nodos para o equilibrio do territorio co obxectivo de favorecer procesos de difusión que dinamicen as áreas con menor peso demográfico respectando as peculiaridades propias de cada comarca en canto ás súas formas de vida; preséntase unha análise das infraestruturas orientada a apoiar a configuración do modelo territorial e a mellorar a accesibilidade da poboación aos equipamentos colectivos de todo tipo e préstaselle especial atención a aspectos singulares do noso territorio como son o litoral, a paisaxe e o patrimonio cultural.

Finalmente, o capítulo de determinacións das DOT recolle as disposicións normativas das Directrices de acordo co establecido pola Lei 10/1995. As Determinacións presentan as propostas de organización e desenvolvemento dun Modelo Territorial de futuro para Galicia como un conxunto estruturado de normas, criterios e regras de decisión que orientan de forma específica as iniciativas e políticas das Administracións Públicas, dos axentes privados nos seus diversos niveis e ámbitos competenciais así como dos plans territoriais, urbanísticos e sectoriais.

B. Galicia hoxe. Un territorio en proceso de transformación.

Asistimos hoxe a unha das etapas de maior transformación de Galicia. A Galicia actual defínese preferentemente pola modernidade, o desenvolvemento e unha dinámica de renovación e cambio en todos os seus ámbitos. Non obstante, o seu modelo de crecemento dista de ser harmónico en todas as súas facetas, particularmente na territorial. Como todas as sociedades en transformación Galicia presentan certos desequilibrios territoriais que é



necesario corrixir mediante unha nova estratexia territorial que teña en conta a situación e a evolución das principais variables socioeconómicas que caracterizan o territorio.

O sistema de asentamentos poboacionais e a dinámica demográfica

Galicia cunha superficie de 29.575 Km² e unha poboación de 2.772.533 de habitantes¹, é a sétima Comunidade Autónoma en tamaño territorial e a quinta atendendo ao volume de poboación. A poboación galega representa o 6,13% de toda a poboación española e só Andalucía, Cataluña, Madrid e a Comunidade Valenciana teñen unha poboación superior á de Galicia. Con estes datos Galicia presenta unha densidade global do territorio de 93,7 hab. /Km², similar á de Asturias ou Cantabria.

A fragmentación dos asentamentos, con máis de 30.000 entidades de poboación que supoñen case a metade de todos os asentamentos españois, é un dos trazos territoriais máis singulares de Galicia.

Os cambios demográficos e económicos acontecidos ao longo da segunda metade do século XX provocaron o tránsito dun modelo de asentamentos eminentemente rural a outro predominantemente urbano. Este proceso desenvolveuse nun período moi curto e consistiu, esencialmente, na concentración de poboación nas principais áreas urbanas (e en menor medida, nas zonas litorais, principalmente das Rías Baixas) e na perda crecente de poboación na maior parte dos asentamentos rurais.

Hoxe Galicia é maioritariamente urbana. Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, no ano 2007 o 67% da poboación de Galicia residía en núcleos de máis de 5.000 habitantes.

O sistema urbano galego conta con sete ámbitos que polo seu tamaño e a súa funcionalidade se diferencian claramente do resto de elementos do sistema. Vigo, A Coruña, Ourense, Santiago, Ferrol, Lugo e Pontevedra constitúen os ámbitos centrais de dinamismo e estruturación do territorio. En conxunto, nestas cidades e nos municipios situados nas súas áreas de influencia inmediata vive na actualidade o 56% da poboación galega.

Ao seu peso demográfico hai que unir a importancia das funcións urbanas que desenvolven. A diversidade e o nivel dos seus servizos e actividades económicas en comparación cos restantes núcleos de poboación dan lugar a unha crecente capacidade de atracción destas cidades. Aparece así un sistema urbano polarizado en torno a estas sete cidades, que actúan, cunha crecente centralidade, como elementos estruturantes do territorio e que satisfán a maior parte das demandas da poboación en canto a servizos de todo tipo.

Adicionalmente, Galicia dispón dun atractivo conxunto de vilas medias e pequenas que constitúen espazos clave para a integración do urbano e o rural. Nelas coexisten paisaxes construídas e ámbitos naturais, definindo unha paisaxe característica do noso territorio.

A evolución destes centros foi moi variable, dependendo de factores de localización e accesibilidade, da súa relación coas principais cidades ou da súa base produtiva. Destacan polo seu tamaño Vilagarcía de Arousa, Monforte, Carballo, e Ribeira. Son vilas, sobre todo

Vilagarcía e Carballo, relativamente próximas funcionalmente aos principais centros urbanos galegos, o que deu lugar a que presenten niveis de centralidade inferiores aos que lles correspondería polo seu tamaño. Non obstante, a súa dimensión urbana e as súas estruturas produtivas outórganlles un importante protagonismo.

Un segundo grupo de vilas medias corresponde a centros urbanos localizados en posicións periféricas da Comunidade. Inclúense aquí os núcleos de Vilalba e Sarria na área central e no sur de Lugo, Carballiño, Xinzo de Limia, Verín e O Barco de Valdeorras no noroeste e no oriente ourensán, e As Pontes na parte oriental de A Coruña. A súa distancia con respecto ás principais cidades galegas e, en moitos casos o seu éxito en actividades produtivas innovadoras, outórganlles un importante ámbito de influencia. En xeral, todas elas desenvolven un importante papel para a articulación e o desenvolvemento dos ámbitos territoriais máis fráxiles da Comunidade Autónoma.

Tamén no ámbito costeiro aparecen centros que, a pesares de estar relativamente alonxados das principais cidades, xeneraron dinámicas positivas. É o caso de Ribadeo, Viveiro, Ribeira, Noia e, en menor medida, as vilas de Cee-Corcubión.

No ámbito rural, á reducida poboación destes municipios hai que engadir o seu elevadísimo nivel de fragmentación entre un grande número de asentamentos, o cal reduce a súa capacidade para xerar certos niveis de centralidade e concentración de servizos, poboación e actividade.

Dende unha perspectiva territorial aparecen dous problemas fundamentais. Por unha parte, o risco certo de desaparición dun grande número de núcleos, a maior parte dos cales se sitúan hoxe por debaixo do límite dos 500 habitantes e carecen de capacidade de renovación da poboación, a idade media da cal é elevada. Por outra parte aparece un declive de moitas das cabeceiras tradicionais que provían de servizos urbanos básicos a estes espazos, e que non só non captaron a poboación do seu ámbito rural, senón que nin sequera retiveron a súa propia poboación de partida. É o caso de antigas vilas de Mondoñedo, Maceda, Becerreá, A Fonsagrada, etc., que pasaron de ser núcleos cun grande protagonismo comarcal no sistema tradicional a ser núcleos rurais de pequena entidade.

Se analizamos o conxunto dos 315 municipios de Galicia constátase que 80 aumentaron a súa poboación entre 1950 e 2007. Se tomamos un período temporal máis próximo entre 2000 e 2007 este dinamismo poboacional prodúcese en 87 municipios, dos cales 41 corresponden aos ámbitos de influencia inmediata das sete cidades principais como é o caso de Marín, Mos, Arteixo, Ames, etc. Entre os desvinculados da influencia inmediata das grandes zonas urbanas hai 43 costeiros e 12 que poden considerarse espazos de interior.

Ademais desta evolución demográfica desigual polo territorio, hai outro aspecto que merece atención e é o insuficiente saldo vexetativo para garantir a renovación da poboación. Neste feito inflúe decisivamente o envellecemento poboacional, dándose nos últimos anos un importante aumento da poboación maior de 65 anos, mentres que a porcentaxe de novos se reduciu á metade na última década. Trátase dun problema estrutural característico de moitas rexións europeas, que tenderá a incrementarse nos próximos anos debido ao aumento da esperanza de vida, e que precisará de varias décadas para corrixirse.

Este breve diagnóstico demográfico non queda suficientemente definido se non se ten en

¹ Fonte: INE 2007. Padrón Municipal de Habitantes.

conta a evolución da poboación activa. A poboación activa dá-nos unha idea da forza laboral coa que conta unha sociedade para a produción de riqueza. En Galicia, o comportamento da poboación activa é moito máis dinámico que o da poboación total. En apenas unha década, Galicia gañou case cento cincuenta mil novos activos alcanzando unha cifra superior ao millón trescentos mil activos.

O incremento sostense no comportamento das provincias máis dinámicas, A Coruña e Pontevedra, que gañaron noventa e cinco mil e oitenta e cinco mil activos nestes últimos anos. No outro extremo temos a perda de poboación activa de Lugo e, en menor medida en Ourense.

Crecemento económico, distribución sectorial, e disposición espacial da base económica

A economía galega representa, segundo os datos do Produto Interior Bruto (PIB), pouco máis do 5% do total español². Nos últimos seis anos o PIB per cápita recortou en preto de 5 puntos a distancia coa media de España, situándose na actualidade entorno ao 83% desa media, nunha senda de converxencia coas rexións máis ricas.

A estrutura produtiva de Galicia experimentou unha rápida e profunda transformación nos últimos anos. Fronte ao contexto característico das décadas de mediados do século XX, na que o sector primario e a industria dispoñían dunha grande importancia, deuse paso a unha sociedade de servizos, en liña coas pautas de evolución das economías desenvolvidas.

Hoxe o sector servizos ten un peso superior ao 60% en todas as provincias. Pola súa parte as actividades primarias reduciron a súa importancia na economía galega ata o punto de que no ano 2005 o conxunto do sistema pesqueiro, forestal e agrogandeiro apenas alcanzou o 5% do PIB da Comunidade.

O proceso de transformación foi moito máis intenso nas provincias de A Coruña e Ourense. Pontevedra, pola súa banda, mantivo un importante peso da actividade industrial e en Lugo o sector primario dobra a media rexional.

O crecemento do sector servizos non implicou, de feito, un proceso de desindustrialización significativo, toda vez que o valor da produción industrial non deixou de crecer nos últimos anos. Deuse unha transformación na estrutura industrial, cara a un tecido formado por unidades produtivas de menor tamaño, máis produtivas e cun crecente compoñente tecnolóxico.

A construción é o sector que maior crecemento relativo experimentou. A expansión desta rama produtiva e a súa importancia na estrutura económica son indicadoras do dinamismo da economía, así como dos significativos cambios territoriais acontecidos ao longo da última década.

O crecemento do sector servizos deuse nas ramas máis produtivas, que xeran maior valor engadido e levan consigo unha transformación estrutural máis importante: servizos financeiros, servizos ás empresas, centros comerciais, servizos persoais de saúde, ocio e cultura. Tamén aconteceu certa emerxencia das actividades turísticas.

² Fonte: INE 2007. Contabilidade Nacional de España



Este cambio estrutural levou consigo o aumento da produtividade xeral da economía e a progresiva substitución de actividades. O resultado foi un importante crecemento da economía, no marco da conxuntura favorable dun longo ciclo expansivo e unha concentración espacial da actividade económica. Hoxe na provincia de Pontevedra atópanse o 40,8% das empresas de Galicia, que achegan o 40% dos ingresos, a provincia de A Coruña dispón do 38,5% das empresas, que obteñen o 47,2% dos ingresos. Pola súa parte en Lugo e Ourense sitúanse, en cada unha das provincias, arredor do 10% das empresas de Galicia, con pouco máis do 6% de ingresos cada unha.

Se esta análise de concentración económica se formula a nivel comarcal constátase que hai 6 bisbarras que xeran o 76% do Valor Engadido Bruto de Galicia, representan o 60% de empresas da comunidade, e acaparan case o 50% da poboación. Estas bisbarras son A Coruña, Vigo, Santiago, Pontevedra, Ourense e Ferrol. Se engadimos as bisbarras de Lugo, O Salnés, Valdeorras, Barbanza, O Morrazo, Bergantiños, Deza, Ordes e Betanzos, alcázase o 90% do Valor Engadido Bruto de Galicia. Nestas quince bisbarras sitúanse o 81% das empresas de Galicia, vive o 71% da poboación e concéntranse case o 88% do emprego xerado en Galicia.

O percorrido por este conxunto de variables socioeconómicas deixa como principal conclusión que en Galicia tanto a dinámica económica como a dinámica demográfica son territorialmente desiguais.

Da dualidade económica e demográfica de Galicia débense desprender necesariamente consideracións duais para estratexia territorial, xa que as necesidades e os retos das provincias costeiras e das provincias do interior son diferentes.

O desafío é construír unha estratexia territorial que integre nun só modelo as necesidades dos espazos máis dinámicos para seguir crecendo de forma ordenada e actuando como motor de converxencia para Galicia, coas necesidades de dinamización económica e social dos territorios do interior, non só como unha cuestión de xustiza social e territorial, senón tamén como unha cuestión de eficiencia do sistema produtivo de Galicia.

En definitiva, a análise da realidade socioeconómica de Galicia formula que a nova estratexia territorial debe conformarse a partir dun conxunto de actuacións que contribúan ao que se podería denominar dobre converxencia: a converxencia exterior de Galicia coas comunidades máis desenvolvidas, o que implica seguir apostando polas nosas áreas máis dinámicas; pero tamén avanzar ao mesmo tempo na converxencia interior, garantindo a cohesión social e territorial de Galicia.

C. Retos Territoriais cara o século XXI: Pautas para Galicia

Nos albores do século XXI están aparecendo novos retos e novas oportunidades: O desenvolvemento das novas tecnoloxías da información e das comunicacións que multiplica a capacidade de interacción a todos os niveis; a apertura dos mercados internacionais que introduce novas pautas de comportamento nas empresas que operan globalmente; ou os desequilibrios entre países que intensifican os fluxos migratorios.



Todos estes cambios afectan tamén aos territorios e á forma de xestionalos. Hoxe en día cada vez máis cidadáns interactúan nunha contorna cada vez máis ampla, que excede os límites locais. Tamén as empresas que nacen ou que deciden instalarse no noso territorio teñen unhas esixencias de operar en mercados cada vez máis amplos e están sometidas a un esquema de competencia que supera os límites físicos da súa contorna rexional inmediata.

Os trazos territoriais probablemente máis característicos da evolución recente dos espazos rexionais pódense agrupar en tres grandes apartados:

- Expansión urbana e as novas formas de ocupación do territorio. Asistimos á transformación de núcleos rurais en centros residenciais, á evolución dos centros tradicionais, á aparición de novas comunidades, ao xurdimento de novas centralidades en ámbitos antes periféricos vinculados aos grandes centros comerciais e de lecer...
- Novos sistemas de transporte que articulan espazos antes distantes e que canalizan demandas de mobilidade crecentes: trens de alta velocidade, novas plataformas loxísticas, sistemas de metro, tranvía e proximidades nos espazos máis centrais, crecente intermodalidade e conectividade entre os diferentes sistemas, elementos de conexión global asociados a portos e aeroportos, elevados niveis de infraestrutura de telecomunicacións.
- Un sofisticado e complexo sistema de servizos e equipamentos de alto nivel. Na nova economía, para que as empresas poidan operar globalmente necesitan o apoio dun complexo de servizos moi especializado (capital intelectual, consultoría, asesoramento xurídico, de mercadotecnia, novas tecnoloxías, transporte, servizos financeiros, etc.) que só pode situarse en nodos urbanos dun certo tamaño, é dicir, en cidades e territorios dunha determinada masa crítica.

Europa constitúe o espazo onde estes procesos de transformación son máis evidentes e ofrecen maiores posibilidades e exemplos máis valiosos. En comparación con outros ámbitos de desenvolvemento de América, Asia e Oceanía o trazo máis singular do territorio europeo é a importancia das cidades medias na organización do espazo e no mantemento do dinamismo económico. Estas cidades medias organízanse en sistemas rexionais cunha longa tradición histórica, configurando estruturas urbanas policéntricas. Fronte ás grandes megalópoles que noutras zonas do mundo estanse a converter nos hábitats da globalización, os sistemas policéntricos europeos dispoñen de vantaxes competitivas fundamentais para participar con éxito no novo escenario. Son espazos cunha forte identidade e cunha escala humana que aumenta a súa sustentabilidade e é garantía dunha maior calidade de vida.

Este tipo de territorios está demostrando unha enorme capacidade para dar respostas adecuadas aos novos retos das cidades e rexións. O seu atractivo permítelles captar capital humano e iniciativas innovadoras que constitúen a clave da nova economía. A súa flexibilidade e capacidade de cambio son idóneas para manter e mellorar as súas perspectivas de éxito nun contexto de cambio permanente, no que ningunha situación é segura e onde territorios historicamente débiles poden situarse globalmente nun curto período de tempo.

A Estratexia Territorial Europea formulada no ano 1999, consciente deste carácter diferencial do territorio europeo e das vantaxes que leva en termos económicos, sociais e ambientais, expón como claves para a política territorial o fortalecemento do policentrismo en todos os niveis (rexións metropolitanas, centros intermedios e espazos rurais), o impulso ás accións físicas e políticas de integración entre os diversos elementos do sistema de asentamentos e a énfase na sustentabilidade ambiental e nos aspectos cualitativos como o patrimonio cultural, a paisaxe e os equipamentos.

Este enfoque parte da cada vez máis estreita interdependencia entre cidade e territorio e é consistente coas diversas funcións que os distintos espazos cumpren no proceso de desenvolvemento rexional no cal hai actividades que demandan espazos densos e diversos xunto a outras que requiren maiores dispoñibilidades de espazo e menores custos do chan. A pesar das expectativas creadas polas novas tecnoloxías das telecomunicacións segue sendo evidente que as condicións de aglomeración e densidade fan máis eficiente o desenvolvemento de moitas actividades económicas, a prestación de servizos de calidade polas administracións e o acceso dos cidadáns aos servizos, ás oportunidades laborais e educativas e ás relacións sociais. A Axenda Territorial Europea afonda neste enfoque facendo énfase no concepto de cohesión territorial, introducindo a dimensión territorial nas iniciativas de desenvolvemento socioeconómico e da sociedade do coñecemento en Europa, impulsando unha maior coherencia das políticas comunitarias e nacionais con impacto territorial e promovendo a cooperación territorial en Europa.

Pola súa banda a Carta de Leipzig sobre Cidades Europeas Sostibles (2007) sinala que o uso eficiente e sostible dos recursos debe basearse nunha estrutura compacta dos asentamentos. Isto pode lograrse mediante unha boa planificación urbana e territorial, evitando así a expansión descontrolada das cidades a través dun estrito control da oferta de chan e dos desenvolvementos especulativos. Ademais, o documento destaca a importancia de lograr unha adecuada mestura de usos na trama urbana.

Na economía global a competitividade non se expón xa a nivel de estados senón na escala das cidades e as rexións, e máis concretamente, como ámbitos complexos que incorporan espazos urbanos densos insertos en espazos rexionais máis amplos que acollen unha gran diversidade de asentamentos urbanos e de áreas de actividade xunto a zonas rurais e a espazos naturais.

Os territorios que terán éxito no futuro serán os que consigan un equilibrio intelixente entre competitividade económica, cohesión social e sustentabilidade ambiental. No futuro os territorios grandes, medios ou pequenos van conseguir mellorar as súas oportunidades resaltando a súa identidade e fortalecendo as súas conexións globais. Os hábitats da globalización hai que reinventalos, sendo conscientes de que os máis atractivos serán aqueles capaces de exercer magnetismo sobre a súa contorna e de ofrecer calidade de vida aos seus cidadáns.

No caso de Galicia a aplicación ao territorio dos conceptos de identidade, policentrismo, sustentabilidade e conectividade significa:

- Consolidar a identidade e a singularidade das cidades e pobos de Galicia, apoiando os seus compoñentes de excelencia e impulsando proxectos que melloren a súa calidade urbana e a súa capacidade competitiva.

- Dotar dunha planificación coherente aos espazos urbanos máis complexos de Galicia que están en proceso de metropolitanización como son as Áreas de Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol.
- Mellorar as interrelacións entre os diferentes elementos do sistema urbano e deles có exterior de Galicia. En particular, teñen especial relevancia as iniciativas que permitan consolidar a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e afianzar o protagonismo de Galicia na plataforma atlántica.
- Pór en valor a calidade da paisaxe galega, o patrimonio cultural e o sistema rural como factores de atracción global do territorio e activos básicos da calidade de vida. Neste sentido é importante deseñar estratexias territoriais orientadas a potenciar modelos de desenvolvemento endógeno que permitan a modernización das actividades nas zonas rurais, aumentando a súa capacidade de axuste ás esixencias do mercado, e a diversificación e ampliación da base produtiva, introducindo novas actividades que xeren empregos de calidade.
- Estructurar o litoral como un ámbito de excelencia territorial, que integre zonas naturais, centros urbanos e núcleos tradicionais, reorientando os procesos de urbanización difusa cara a un sistema lineal variado e atractivo, caracterizado pola súa calidade e pola diversidade de posibilidades de vida e traballo.
- Crear un potente sistema de infraestruturas de transporte para persoas e mercancías capaz de conectar eficazmente o espazo rexional co espazo global para aproveitar ao máximo as vantaxes locacionais de Galicia e aumentando a eficacia das interconexións entre os principais centros urbanos da Comunidade para facer valer as oportunidades derivadas do seu policentrismo.
- Fortalecer os equipamentos e dotacións dos núcleos estruturantes do sistema rural aumentando a súa variedade e, sobre todo, elevando os niveis de servizo co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades da poboación e con capacidade para aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade.
- Potenciar as infraestruturas de telecomunicación como factor esencial para a xeración de novas actividades e de redución das desvantaxes derivadas dunha posición afastada dos grandes centros urbanos.
- Desenvolver espazos orientados ás actividades de I+D+i como elementos determinantes para asentar o potencial de futuro de Galicia e da súa capacidade para configurar un ámbito de liderado espacial.



D. Un Modelo Territorial para O futuro de Galicia

D.1. Orientacións estratéxicas do Modelo Territorial de Galicia

O territorio de Galicia é un factor de identidade esencial nunha nova etapa marcada pola globalización, é o espazo onde se desenvolve a vida cotiá dos cidadáns, é o principal activo para que a nosa economía sexa competitiva e é o lugar clave para innovar e construír un futuro sostible.

Os criterios fundamentais que constitúen as liñas estratéxicas da nova política territorial de Galicia oriéntanse a:

Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa.

As características das cidades e a organización do sistema urbano son factores que determinarán o papel de Galicia no contexto global. De como sexan as cidades e de como actúen conxuntamente dependerán moitos dos elementos que contribúen ao benestar cotián dos cidadáns. Ademais, a estrutura e organización do Sistema de Cidades de Galicia serán decisivos na capacidade do noso territorio para xerar, captar e difundir eficazmente innovacións e iniciativas, para lograr un adecuado equilibrio territorial, para a competitividade das actividades económicas locais e para a atracción de persoas e empresas vinculadas á nova economía.

É fundamental deseñar modelos de crecemento que favorezan unha certa compacidade nos novos desenvolvementos e promovan unha adecuada coherencia entre infraestruturas, servizos, actividade e residencia. A identificación de áreas que deben permanecer como espazos libres, a procura dunha relación coherente entre densidade e opcións de transporte e a potenciación dos núcleos existentes como base na que apoiar os novos crecementos son orientacións fundamentais para lograr este obxectivo esencial.

É preciso harmonizar o desenvolvemento das cidades con criterios de complementariedade, apoiando as fortalezas locais de cada unha de forma coordinada coas demais, para configurar unha rede urbana de ámbito rexional cunha importancia e eficacia maior da que poderían lograr cada unha delas por si soas. A excelente distribución espacial das cidades de Galicia, as posibilidades de articular de forma integrada o desenvolvemento dalgunhas delas para configurar nodos metropolitanos de maior rango, e os perfís diferenciados que presentan en moitos casos, crean a oportunidade para organizar un auténtico sistema urbano policéntrico.

É importante frear os procesos de urbanización difusa, de crecementos desconectados dos núcleos existentes ou de desenvolvementos con moi baixa densidade. A proliferación de espazos residenciais e de establecementos comerciais e produtivos que se localizan de forma dispersa no territorio constitúe unha forma de crecemento que agudiza os impactos ambientais, aumenta as demandas de mobilidade, eleva os gastos de dotación de infraestruturas e equipamentos e dificulta o goberno do territorio.



Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e pór en valor o territorio.

Un dos criterios básicos de calquera crecemento que busque a sustentabilidade é apoiarse sobre os núcleos existentes. Os núcleos tradicionais achegan trazos singulares de escala, atractivo urbano, posibilidades de interacción, acceso inmediato a servizos e equipamentos, que os diferencian claramente dos novos desenvolvementos suburbanos e proporcionan unha opción residencial de calidade, alternativa á urbanización difusa, con gran capacidade de atraer novos residentes e constituír comunidades cohesionadas como base esencial de benestar e desenvolvemento.

O litoral galego é un espazo valioso, diverso, limitado e irreproducible sometido a presións e cambios que inducen a súa transformación. É esencial ordenar este ámbito con criterios de sustentabilidade que eviten a súa deterioración e poñan en valor as súas singularidades para facer del un ámbito de alta calidade de vida, capaz de atraer poboación e actividades que buscan emprazamentos excepcionais.

A rehabilitación e reutilización de espazos degradados ou abandonados permite reducir a presión para crecer en zonas aínda non transformadas pola urbanización. A reutilización de espazos en declive debe facerse extensiva aos espazos de actividade económica. Os procesos de reconversión industrial e de transformación das estruturas produtivas deixaron algúns espazos ruinosos ou infrautilizados, que no seu estado actual supón un factor de deterioración urbana, pero que poden ser obxecto de renovación para acoller novas actividades que supoñan transformacións novas, capaces de mellorar a oferta urbana e impulsar a aparición de novas actividades produtivas.

Mellorar a accesibilidade e mobilidade no territorio

As infraestruturas son un elemento estratéxico para a configuración do Modelo Territorial tanto para a súa articulación interna como para as conexións exteriores de Galicia.

Galicia debe completar os seus eixes de estruturación e articulación territorial, tanto da rede principal como da rede secundaria. Ademais, debe desenvolver iniciativas que eviten a conxestión nos corredores con maior densidade de tráfico, xunto coa mellora dos sistemas de transporte colectivo, a potenciación do ferrocarril e a creación de espazos e sistemas de intercambio modal son esenciais para lograr unha maior mobilidade en condicións sostibles.

Cando unha política de transporte, especialmente en espazos que experimentan procesos de expansión urbana e de aumento das demandas de mobilidade, se centra no vehículo privado, os inconvenientes superan rapidamente ás vantaxes. O aumento dos tempos de viaxe debido a situacións de conxestión, os riscos de accidentes, o impacto ambiental e urbanístico dunhas infraestruturas viarias que necesitan crecer de forma constante e a insostenibilidade financeira de todo este proceso son boas mostras diso.

Os novos crecementos deben asumir, como criterio de deseño urbano, a necesidade de satisfacer as demandas de mobilidade con modos alternativos ao automóbil. A dispoñibilidade de servizos de transporte colectivo mediante trens e autobuses, trens lixeiros, tranvías e outros sistemas atractivos pola súa frecuencia, comodidade e calidade do

servizo para os desprazamentos urbanos, metropolitanos e interurbanos require das infraestruturas e servizos necesarios pero, sobre todo, esixe modelos urbanos que os fagan posibles. Concentrar as maiores densidades de edificación na contorna dos grandes eixes que soportan o transporte público e dos nodos que dan acceso a eles, e evitar a urbanización difusa e a dispersión da poboación en extensións de moi baixa densidade, son opcións territoriais fundamentais para reducir a necesidade de novas estradas, aumentar o atractivo da vida cidadá, usar a enerxía de forma máis eficiente e reducir a contaminación.

Protexer o patrimonio natural e cultural

Sen dúbida o patrimonio natural e paisaxístico constitúe un dos principais activos para o desenvolvemento futuro Galicia. A calidade, variedade e posibilidades de uso convérteno nun elemento diferencial do espazo rexional. Cara ao futuro non será posible un crecemento sostible e de calidade nun espazo que presente problemas de deterioración ambiental, contaminación, esgotamento e sobreexplotación dos seus recursos naturais. A utilización de criterios ambientais e de compatibilidade coa natureza nas decisións de localización dos diversos usos ou a minimización da ocupación de espazos de interese ambiental polos procesos de desenvolvemento son requisitos necesarios para calquera estratexia de crecemento con vocación de longo prazo. O aproveitamento das posibilidades que ofrece o territorio para o desenvolvemento de enerxías renovables, o impulso aos deseños bioclimáticos, a xestión integral do ciclo da auga, a recuperación da biodiversidade e o uso sostible dos nosos recursos naturais e os nosos ecosistemas son criterios fundamentais para lograr un territorio sostible.

Igualmente importante, como elemento de calidade e identidade do territorio e como factor de desenvolvemento rexional, é o rico e diverso patrimonio cultural de Galicia. Pódese dicir que o conxunto do territorio galego é un inmenso museo ao descuberto que é necesario preservar, protexer e difundir para o seu disfrute social.

Galicia estivo poboada desde épocas prehistóricas, polo que nela atópanse miles de monumentos megalíticos, gravados rupestres ou castros. Tamén abundan os restos romanos, entre os que destaca a Muralla de Lugo, declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, e a Torre de Hércules da Coruña. Tamén foron recoñecidos pola UNESCO a cidade e o Camiño de Santiago, unha das principais vías de comunicación cultural en Europa.

A paisaxe galega está profundamente humanizada e os asentamentos humanos albergan mostras do patrimonio arquitectónico e etnográfico do pobo galego. Dentro deste último destacan polo seu número e polo seu valor etnográfico os hórreos e os cruceiros.

Galicia conta así mesmo cunha riquísima cultura oral que, no pasado, contribuíu a manter viva a lingua galega, e na actualidade mantén vivas tradicións e costumes milenarios que delimitan un vasto patrimonio cultural inmaterial en gran parte compartido con Portugal.

Manter o carácter e a calidade do patrimonio ambiental, paisaxístico e cultural do territorio, harmonizando conservación e desenvolvemento, é un obxectivo fundamental para lograr un crecemento adecuado e sostible. Factores esenciais de benestar e de sustentabilidade (como a prevención de riscos naturais, a calidade de vida ou o potencial de



desenvolvemento de numerosas actividades económicas) dependen da adecuada conservación das áreas de interese natural, os recursos patrimoniais, a visión integrada das actuacións no territorio e o uso intelixente da tecnoloxía, conxunto que permite lograr unha xestión racional dos recursos naturais e pór en valor a riqueza cultural de Galicia.

Afianzar o protagonismo exterior de Galicia

O conxunto de liñas estratéxicas descritas nos apartados anteriores constitúen unha aposta pola calidade en todas as facetas territoriais e deben permitir que Galicia mellore os seus índices de benestar interno e gañe proxección exterior.

Os conceptos de rede, intercambio, relación e conexión teñen cada vez máis importancia nunha concepción dinámica do territorio. A maior parte dos estudos realizados desde o ámbito da economía rexional e da xeografía económica sinalan que o modelo tendencial europeo tende a consolidar as rexións máis desenvolvidas e que as comunidades periféricas, como Galicia, se integrarán nesta tendencia na medida en que sexan capaces de desenvolver estratexias propias e cooperar con outras comunidades para evitar quedar nunha posición cada vez máis illada en termos produtivos, demográficos e sociais.

Con esta formulación todas aquelas iniciativas encamiñadas a mellorar a integración e cooperación de Galicia co conxunto de Europa e, en especial, cos territorios limítrofes do norte de Portugal, da meseta ou da cornixa cantábrica e o fortalecemento dos vínculos coa diáspora constitúen directrices clave da ordenación territorial galega.

Nos seguintes apartados expónse os elementos básicos do modelo territorial que serán abordados con maior profundidade nos restantes capítulos da memoria. Este modelo configúrase a partir dunha estrutura xerarquizada de asentamentos en torno a diferentes nodos que garantan un equilibrio territorial, dunhas infraestruturas que articulan e vertebran este sistema de asentamentos e da consideración de elementos singulares como son o litoral e o patrimonio natural e cultural. Un modelo que permita a Galicia afianzar o seu protagonismo no contexto internacional e aumentar o seu potencial para participar nas dinámicas de desenvolvementos europeos e globais.

D.2. O Sistema de Asentamentos: Cara a un Sistema Urbano Policéntrico

A viabilidade do modelo territorial de Galicia depende, en gran medida, da existencia dunha rede urbana dinámica, na que basear os procesos de modernización e transformación do conxunto do territorio e a través da cal se deben dar os procesos de integración en estruturas territoriais máis amplas. O papel de Galicia no contexto español e europeo, a capacidade para captar e difundir eficazmente innovacións e iniciativas, a dispoñibilidade de servizos produtivos e persoais esenciais para o benestar da poboación ou as posibilidades de transformación das nosas estruturas económicas son metas estreitamente asociadas ás características do sistema de asentamentos.

A análise territorial de Galicia, atendendo a criterios demográficos, sociolaborais, de mobilidade, de especialización dos usos do territorio, de dinámica urbana, de concentración de actividade económica ou de capacidade de difusión sobre o seu entorno, permite

conformar unha estrutura xerarquizada na que as sete grandes cidades de Galicia, pola súa dinámica e o seu tamaño constitúen, de forma claramente diferenciada, o chanzo superior do sistema territorial.

A estas cidades correspóndelles a importante función de garantir unha adecuada cobertura dos servizos urbanos en todo o territorio da Comunidade e de organizar e apoiar os procesos de cambio territorial nos seus respectivos ámbitos de influencia. O seu fortalecemento é esencial para todo o espazo rexional pois unha das súas funcións máis importantes é actuar como elementos urbanos de enlace de Galicia coas dinámicas globais, servindo de centros de atracción de iniciativas e de xeración de procesos de cambio. Estas cidades deben acoller os equipamentos e servizos de rango rexional, concibidos como dotacións importantes para a calidade de vida e tamén como instrumentos de desenvolvemento e innovación.

Un dos retos centrais para o futuro de Galicia é articular coherentemente os territorios metropolitanos emerxentes entorno a Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra. O fenómeno urbano máis relevante de finais do século XX e dos inicios deste novo século a nivel internacional é a emerxencia dos Espazos Metropolitanos e das cidades rexión como realidade económica e funcional nova.

O Espazo Metropolitano Vigo-Pontevedra destaca como un nodo fundamental nas estratexias de integración de Galicia co sistema de cidades de Portugal ocupando unha posición central na Eurorrexión que permitirá a este espazo asumir un crecente protagonismo nesta nova estrutura territorial. Pola súa banda, a organización dun Espazo Metropolitano A Coruña-Ferrol é clave para xerar unha tensión que impulse cara ao oeste as dinámicas dos sistemas urbanos do Eixe Cantábrico.

Santiago é a capital política administrativa, ten un importante potencial de globalización e está situada no centro de gravidade dos dous principais Espazos Metropolitanos de Galicia e nunha posición xeográfica tamén moi central en relación aos nodos urbanos de Lugo e Ourense.

Lugo e Ourense constitúen enclaves estratéxicos para completar os niveis superiores do sistema urbano. Proporcionan unha base urbana sólida para articular os procesos de desenvolvemento nos seus respectivos ámbitos de influencia, permitindo pór en valor activos fundamentais para o desenvolvemento dos espazos rurais interiores. O fortalecemento dos seus perfís urbanos require dunha mellora significativa nas súas interconexións co resto do sistema urbano galego.

Na estratexia territorial de Galicia é fundamental o denominado "Sistema Urbano Intermedio" que, xunto coas principais vilas dos espazos metropolitanos, constitúen o segundo chanzo do sistema urbano. A súa función é proporcionar unha base urbana aos seus respectivos ámbitos de influencia para que a totalidade do territorio galego dispoña dunha adecuada cobertura de servizos urbanos de certo nivel, esenciais para a calidade de vida e para o desenvolvemento das actividades produtivas. A distribución espacial destes sistemas intermedios e a súa estrutura económica fai deles elementos clave para a preservación do equilibrio territorial, para o atractivo e a competitividade do territorio e nalgúns casos, para aumentar as oportunidades de cooperación e integración con ámbitos limdeiros.



O sistema urbano de Carballo, Costa da Morte, Ría de Muros e Noia, Ribeira e Vilagarcía de Arousa, Baixo Miño, Mariña lucense e os enclaves interiores da Estrada, Lalín, Verín, Monforte, Sarria, Vilalba, As Pontes, O Carballiño, Xinzo de Limia e O Barco de Valdeorras son elementos imprescindibles para estruturar un sistema urbano equilibrado co que aproveitar integramente as potencialidades do territorio de Galicia.

A existencia desta rede de vilas grandes e medias é unha vantaxe competitiva de Galicia. Estes asentamentos proporcionan unha base sólida para configurar unha estrutura urbana policéntrica, que permite incorporar as zonas máis débiles aos procesos de desenvolvemento e aumentar o rango global e as opcións de desenvolvemento futuro do noso sistema de cidades e con él do conxunto de Galicia. Ademais, esta estrutura policéntrica é compatible co mantemento dos aspectos básicos de diversidade na oferta urbana, preservación da identidade, equilibrio territorial e unha escala adecuada, en termos sociais, ambientais e funcionais, para os diferentes asentamentos.

En torno ao sistema de pequenas vilas e cabeceiras comarcais configúranse os Nodos para o Equilibrio do Territorio como sistema básico de núcleos que permiten asegurar unha adecuada cobertura de funcións urbanas esenciais en todo o territorio. Estes Nodos pechan a xerarquía de asentamentos con influencia supramunicipal.

Da calidade dos seus servizos públicos e privados, o seu dinamismo económico e o seu atractivo urbano dependerán en boa medida as posibilidades dos espazos rurais para fixar a súa poboación actual, acoller novos residentes, mellorar a competitividade das actuais actividades económicas e atraer ou crear novas iniciativas produtivas.

Estas vilas son esenciais para un desenvolvemento equilibrado do territorio rexional. Constitúen espazos clave para garantir o mantemento dos procesos de desenvolvemento endógeno e para limitar o despoboamento e a agudización dos desequilibrios territoriais en amplas zonas do interior.

Para que os Nodos para o Equilibrio do Territorio poidan desenvolver estas importantes funcións as Directrices expoñen o desenvolvemento de iniciativas para o seu fortalecemento: mellorar a calidade e variedade dos seus servizos públicos e privados, aumentar a súa accesibilidade e a súa conectividade aos sistemas de transporte colectivo, priorizar a súa conexión aos servizos avanzados de telecomunicacións, potenciar o seu atractivo como espazos de residencia e traballo, preservar a paisaxe e o medio natural da súa contorna, dotalos de espazos de acollida para as actividades económicas e apoiar as súas especializacións produtivas.

Os para o Equilibrio do Territorio proporcionan un referente territorial en torno ao cal organizar os crecementos residenciais e dos espazos de actividade, reducindo os riscos de proliferación da urbanización difusa, e dotando dunha base coherente á organización das actividades humanas e á prestación de servizos no territorio.

O sistema de asentamentos péchase cos restantes núcleos principais municipais e parroquiais que desempeñan unha maior centralidade socioeconómica no seu ámbito. Neses asentamentos se deben focalizar as actuacións de dotación ou desenvolvemento local para optimizar a ese nivel a rendabilidade social dos recursos.

D.3. As Infraestruturas

As infraestruturas son un elemento clave tanto para a articulación interna como para as conexións exteriores de Galicia.

As novas autovías deben permitir aumentar a conectividade exterior de Galicia e promover unha maior integración interna entre os diferentes ámbitos do territorio.

A Alta Velocidade Ferroviaria está desenvolvendo un papel esencial na articulación dos sistemas urbanos de Europa. No caso de Galicia é esencial conectala en alta velocidade con Madrid e, sobre todo, integrar o eixe de Portugal (Lisboa-Porto) co Eixe Galego ata Ferrol. A conexión ferroviaria en alta velocidade de Vigo, Pontevedra, Santiago, A Coruña e Ferrol, e a integración do corredor atlántico coas cidades de Lugo e Ourense, será un avance espectacular na creación dun sistema de cidades galego máis cohesionado e competitivo.

O emprazamento e o deseño das estacións de alta velocidade ferroviaria e as súas contornas nas principais cidades galegas é un dos temas centrais do urbanismo destas cidades. Poden crearse áreas de nova centralidade e espazos de intermodalidade para impulsar proxectos de renovación urbana de amplo alcance.

O sistema portuario ten tamén unha gran incidencia na articulación urbanística e na competitividade económica do territorio. É necesario planificar as infraestruturas portuarias con criterios de cooperación e complementariedade.

Os novos portos exteriores en Ferrol e A Coruña, ou as actuacións do porto de Vigo son operacións esenciais para a economía rexional e representan, ademais, excelentes oportunidades para repensar o deseño da relación destas cidades co mar.

Galicia necesita un sistema aeroportuario eficaz. Os aeroportos de Santiago, Vigo e A Coruña son esenciais para conectar internacionalmente Galicia e para dinamizar os ámbitos metropolitanos e conectalos co resto de comunidades do territorio español.

Outras infraestruturas como as relacionadas coas telecomunicacións, a produción e distribución de enerxía, a dotación de chan empresarial ou de diferentes equipamentos son pezas básicas para o fortalecemento da base produtiva de Galicia.

D.4 O Litoral

O Litoral de Galicia constitúe un ámbito territorial singular caracterizado pola diversidade e o valor dos seus ecosistemas, paisaxes e valores culturais, e pola súa importancia socioeconómica. Nel concéntrase case a totalidade do dinamismo demográfico de Galicia, localízanse catro das sete cidades principais, organizadas en dous grandes territorios urbanos en proceso de metropolitanización, e atópanse numerosas comarcas cuxa densidade de poboación multiplica por máis de 5 á media galega. Hai que ter en conta que Galicia, cunha lonxitude de costa de 1.498 Km., é a comunidade autónoma española coa



fachada litoral máis extensa³.

As Directrices propoñen un Plan de Ordenación do Litoral de Galicia que permita unha xestión integrada deste espazo singular, e recomentan unha serie de iniciativas estratéxicas para configuralo como un elemento de referencia do territorio galego:

- A preservación da fronte costeira mantendo a integridade dos espazos de interese ambiental do litoral e limitando os novos desenvolvementos ao longo da costa a aqueles casos de usos de interese xeral que necesariamente deben localizarse xunto ao mar.
- A configuración dun sistema de percorridos peonís que ao redor dos faros, os paseos marítimos, os espazos naturais, as sendas costeiras e outros elementos singulares permita o acceso e disfrute da fachada litoral de Galicia.
- A potenciación dos portos tradicionais e dos núcleos en que se localizan como elementos de centralidade do litoral de Galicia que configuran unha rede de nodos de identidade ao redor da cal concentran os procesos de crecemento, a prestación de servizos e a localización dos espazos de lecer e deportes náuticos.
- O desenvolvemento de espazos turísticos dinámicos apoiados en espazos urbanos que impulsen o crecemento desta actividade económica como alternativa ao modelo inmobiliario que caracteriza ao turismo litoral de Galicia.
- A articulación dos espazos litorais mediante sistemas de transporte colectivo.

D.5. O Medio Natural e a Paisaxe

A integridade dos ecosistemas, unha contorna natural ben conservada e unha paisaxe valiosa que proporciona un ambiente atractivo e que transmite valores de calidade de vida e adecuación entre o home e a natureza son factores cada vez máis importantes para o desenvolvemento na nova sociedade do coñecemento. Para Galicia este factor debe constituír un dos apoios estratéxicos do seu futuro. Son moitos os espazos naturais e rurais que manteñen aínda un alto valor natural e unha elevada integración das súas actividades nunha paisaxe modelada ao longo de séculos. A vantaxe singular de Galicia neste sentido reside nalgúns factores específicos da Comunidade:

- A variedade de ambientes que inclúen masas forestais, zonas húmidas, espazos fluviais, unha extensa costa, paisaxes agrícolas de gran atractivo e espazos de alta montaña.
- Unha contorna natural que é o resultado da coexistencia da acción humana coa base natural o que crea un territorio menos fráxil que outros santuarios naturais e, xa que logo, con maiores posibilidades de uso.
- A existencia de valiosas paisaxes culturais que reúnen un extraordinario valor, diversidade e atractivo ao ser o resultado das actividades humanas que

recrearon o territorio integrando agricultura e asentamentos nun escenario que expresa unha longa tradición.

- A variedade de opcións de actividade que proporciona o territorio, e cunha enorme variedade de posibilidades de lecer e de disfrute do territorio. Para as Directrices estes elementos constitúen ámbitos estratéxicos do Modelo Territorial polo que desenvolven diversas propostas para a súa protección e a súa posta en valor.
- A identificación de ámbitos que constitúen Áreas Estratéxicas de Conservación polos seus valores ambientais e que inclúen aos espazos protexidos por unha ou outra figura e a outros ámbitos que se considera necesario preservar desde a perspectiva territorial.
- O establecemento de criterios para a adecuación das actividades que se localizan no territorio á capacidade de acollida de cada espazo.
- A protección dos ámbitos fluviais como elementos clave de biodiversidade e paisaxe establecendo ámbitos que faciliten a súa conservación, reduzan a incidencia das inundacións e faciliten a configuración dunha rede de Corredores Verdes como ámbitos de conexión ambiental e de disfrute sostible do territorio.
- A identificación dunha rede de áreas recreativas e dun sistema de Núcleos interiores vinculados ó Patrimonio Natural que permitan dar un soporte ás demandas de lecer en contacto coa natureza sen xerar impactos e facilitando a súa contribución aos procesos de desenvolvemento rural.
- O establecemento de criterios e mecanismos para conservar e mellorar a paisaxe como un activo fundamental do territorio de Galicia especialmente naqueles elementos como os principais corredores de comunicación, as paisaxes urbanas e os procesos de cambio nas paisaxes rurais que maior incidencia teñen na percepción do territorio.

D.6. O Patrimonio Cultural

Os centros históricos, os edificios e paisaxes de interese artístico, histórico ou cultural, o rico e variado patrimonio cultural de Galicia constitúe un dos seus sinais de identidade e un referente de calidade do territorio.

O Modelo Territorial considera imprescindible incorporar estes elementos ás iniciativas de desenvolvemento de Galicia mediante propostas que recuperen e poñan en valor os elementos patrimoniais facilitando a súa conservación, convertendo os centros históricos en espazos atractivos e vitais de cidades e núcleos rurais e facendo do patrimonio un elemento de atracción e desenvolvemento.

Nesta estratexia os Camiños de Santiago, xunto a outras rutas culturais como a Ribeira Sacra, proporcionan un tecido territorial de enorme valor que se prolonga en territorios veciños. Esta rede de percorridos integra centros históricos, pobos e cidades e o espectacular patrimonio disperso por toda Galicia que constitúe unha das fortalezas do

³ Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional 2007. (Excluídas illas e illotes)

territorio que se debe potenciar nunha gran oferta integrada.

D.7. A Proxección exterior de Galicia e o Modelo Territorial

Unha das claves de futuro do modelo territorial pasa, en gran medida, polo éxito nas iniciativas de integración co resto dos sistemas urbanos europeos e por iniciativas que lle permitan participar máis activamente no espazo global.

Lonxe de constituír unha restrición inevitable, a localización e os compoñentes de excelencia específicos de moitas rexións do Espazo Atlántico convertéronse en factores de éxito amplamente recoñecidos. A experiencia recente de territorios atlánticos como Irlanda, Escocia, Aquitania e Islandia, ou de Finlandia noutro contexto, mostran como territorios historicamente periféricos e con atrasos históricos poden, globalmente conectados, transformarse en ámbitos de elevada calidade de vida e líderes no desenvolvemento europeo.

A creación de redes de cidades, o fortalecemento dos espazos urbanos e a integración e cooperación entre territorios constitúe unha estratexia transcendental para espazos como Galicia que poden deste xeito desenvolver equipamentos e ofertas urbanas que pola súa dimensión ou complexidade só están agora ao alcance dos grandes centros metropolitanos. O desenvolvemento territorial integrado no seo de conxuntos urbanos próximos, especialmente nos ámbitos transfronteirizos, a cooperación en redes de cidades grandes e pequenas e a mellora das conexións entre as redes de nivel nacional/internacional e as de nivel rexional/local son opcións esenciais.

As iniciativas de desenvolvemento dunha sólida rede de Alta Velocidade ferroviaria integrada cun bo sistema de portos, aeroportos e autoestradas, e por suposto, cunha potente infraestrutura dixital, vai permitir interactuar nun sistema europeo e internacional cada vez máis integrado e cohesionado.

Sen dúbida unha das orientacións fundamentais do Modelo Territorial debe ser desenvolver as iniciativas territoriais que permitan a Galicia afianzar o seu protagonismo no contexto internacional e aumentar o seu potencial para participar nas dinámicas de desenvolvementos europeos e globais. Para iso as Directrices expoñen as seguintes liñas de acción:

A articulación co Norte de Portugal

O ámbito de integración con maior potencial e grao de consolidación é a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, cunha superficie de 51.000 Km² (maior que Dinamarca ou Suíza), aparece como unha das grandes oportunidades para crear un ámbito de centralidade e desenvolvemento no noroeste peninsular cunha poboación de case 6.400.000 habitantes (máis que Irlanda, Noruega ou Dinamarca) concentrados nun sistema lineal de cidades ao longo da fachada atlántica.

Potenciar a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal require actuar sobre o territorio creando condicións adecuadas para aproveitar as oportunidades de cooperación existentes. Para iso

as DOT expón as seguintes iniciativas:

- Desenvolvemento das grandes infraestruturas de conexión entre os sistemas urbanos de ambos os lados da fronteira e, en particular, culminar a conexión Vigo-Porto en tren de Alta Velocidade.
- Fortalecemento e organización do espazo metropolitano en formación ao redor das Rías de Vigo e Pontevedra. O obxectivo é lograr un importante ámbito de centralidade rexional no sur, que exerza un liderado sobre as zonas urbanas da súa contorna e facilite a continuidade das dinámicas de crecemento do litoral atlántico de Galicia e Portugal, consolidando o papel de Vigo como capital da Eurorrexión.
- Desenvolvemento de Plataformas Loxísticas (como a de Salvaterra-As Neves, *PLISAM*); o impulso do Porto de Vigo como cabeceira dunha futura autoestrada do mar; a creación de parques empresariais (como os de Mos ou Pontearreas) e Centros Tecnolóxicos e Científicos (como a Cidade do Mar ou a Cidade Tecnolóxica - *CITEXVI*-) como espazos que permitan fortalecer a investigación e a actividade económica.
- Potenciación do nodo urbano Valença-Tui como novo espazo de integración transfronteiriza que dea continuidade aos procesos de desenvolvemento ao longo da fachada atlántica.
- Fortalecemento da cidade de Ourense e da vila de Verín para configurar ámbitos de centralidade e cooperación cos espazos interiores do norte de Portugal.
- Mellora das comunicacións entre as zonas interiores de Galicia e Portugal mediante iniciativas como a conexión por autovía Lugo-Ourense-Verín-Chaves e a súa prolongación co eixe do Douro cara a Bragança, ou a mellora das conexións a través da comarca da Limia con Celanova e Ourense.
- Dinamización do Camiño Portugués como percorrido de integración cultural e turística.
- Xestión conxunta do Corredor Ecolóxico do Miño e dos parques do Xurés-Gêres como espazos de excelencia ambiental.

A articulación con Madrid e a Meseta

As relacións con Madrid e co centro peninsular son e seguirán sendo importantes para o desenvolvemento de Galicia. A través destas relacións Galicia accede a outros ámbitos dinámicos da Península Ibérica e conéctase cos servizos e oportunidades que representa Madrid como metrópole internacional. Para iso as Directrices expoñen as seguintes orientacións estratéxicas:

- A posta en servizo da liña de Alta Velocidade ferroviaria Madrid-Galicia. Dadas a distancia desde Madrid ós principais Espazos Metropolitanos e cidades de Galicia, é primordial que estas liñas se conciban para prestar servizos que sexan competitivos en tempos e frecuencias con outros modos de transporte.



- A construción da autovía A-76, que permita dotar a Galicia dun terceiro acceso central directo entre Castela-León e a cidades do Eixe Atlántico.
- Dinamizar o Sistema Urbano Intermedio no eixe O Barco-Monforte configurando un ámbito de conexión co Bierzo e definindo un liderado urbano nos fráxiles espazos de montaña que comparten Galicia e Castela e León.
- Desenvolver estratexias para mellorar os espazos de alto valor natural das zonas máis orientais da Comunidade, implementando iniciativas de xestión conxunta con Castela e León e con Asturias e fortalecendo os elementos do sistema rural capaces de aproveitar estes activos como elementos impulsores de novas actividades.
- Potenciar o Camiño de Santiago como gran eixe de integración cultural e urbana que debe servir de soporte para consolidar fluxos turísticos cara a Galicia.

A articulación coa Cornixa Cantábrica

A cornixa Cantábrica constitúe o espazo fundamental para que Galicia se achegue aos espazos centrais de desenvolvemento europeo e conforma un ámbito no que os seus territorios presentan afinidades e problemas similares.

Para articular unha relación máis eficaz co ámbito cantábrico o Modelo Territorial expón as seguintes iniciativas:

- Mellora das infraestruturas de comunicacións culminando en materia viaria a autovía do Cantábrico (A-8) e as vías de alta capacidade Ferrol-San Cibrao, San Cibrao-Barreiros e Ferrol-Vilalba e, por outra banda, desenvolvendo o AVE do Cantábrico.
- Potenciar o desenvolvemento do espazo metropolitano A Coruña-Ferrol como nodo urbano que participe das dinámicas dos espazos cantábricos e atlánticos.
- Estructurar e fortalecer os procesos de desenvolvemento no sistema de asentamento litoral da Mariña, impulsando o Sistema Urbano Intermedio para reducir a fractura existente entre a área Central Asturiana e os principais espazos metropolitanos de Galicia.
- Desenvolver un nodo de dinamización turística ao redor da Ría de Ribadeo no que participen Ribadeo e Castropol para configurar un centro urbano articulador de desenvolvemento do litoral galego e asturiano.
- Mellorar a funcionalidade da liña de FEVE que percorre o litoral da Mariña como tren lixeiro da costa para converterse en elemento de integración supramunicipal do percorrido Ferrol-Viveiro-Ribadeo e cos espazos da costa asturiana.
- Fortalecer as infraestruturas de conexión do eixe Ribadeo-Lugo aumentando a accesibilidade á capital provincial como centro dinamizador das estratexias de desenvolvemento endógeno para a súa área de influencia provincial e para os ámbitos rurais próximos das comarcas do occidente asturiano e das montañas leonesas.

- Creación dun consorcio para xestionar a Reserva da Biosfera das comarcas de Eo, Oscos e Terras de Burón e elaborar un Plan de Desenvolvemento Sostible da devandita reserva.
- Potenciar o Camiño primitivo de Santiago como eixe de integración cultural e urbana.

Proxección internacional e relación coas comunidades galegas no exterior

A proxección do novo modelo territorial de Galicia non debe conformarse só a través da súa relación con espazos limítrofes e, a partir deles, con Europa. Historicamente, e ata hoxe, o mar e o continente americano foron o referente territorial máis importante de Galicia. Máis de medio millón de galegos viven nos diferentes países de América e este é un activo a ter en conta para o futuro. Na nova etapa da globalización, as diásporas mostran un enorme potencial para xerar novos vínculos e oportunidades. Boa parte do recente éxito de Irlanda, país de emigración como Galicia, débese ás relacións coa colonia irlandesa dos Estados Unidos.

Desde a creación da Comunidade Europea é evidente o poder que teñen España e Portugal como plataforma para a cooperación de Europa e o mundo latinoamericano. O potencial de cooperación e intercambio é espectacular no ámbito económico, nas infraestruturas, universidades, arte, cultura, sanidade, educación, etc. O idioma e os vínculos culturais e afectivos son determinantes. Non debemos esquecer que o himno de Galicia, a súa bandeira ou a Real Academia Galega naceron na emigración.

As cidades da Comunidade, e moi especialmente Santiago pola súa dimensión cultural, e universitaria, teñen unha das súas grandes oportunidades de inserción global nesta relación, desenvolvendo programas e proxectos orientados á cooperación entre o mundo europeo e o latinoamericano no que Galicia pode xogar un papel especialmente importante grazas aos vínculos das comunidades de emigración.

Converter a presenza internacional das comunidades galegas en factores de desenvolvemento e fortalecemento rexional require iniciativas capaces de fortalecer a dimensión global dalgúns dos principais factores de excelencia do territorio:

- Consolidar os vínculos culturais e económicos coa diáspora galega como elemento clave de desenvolvemento e proxección exterior da Comunidade.
- Potenciar as grandes infraestruturas de conexión internacional da Comunidade, os principais portos e aeroportos, para reforzar o perfil do noso territorio como gran plataforma de conexión global da Eurorrexión desenvolvendo espazos loxísticos que fagan realidade esta potencialidade.
- Fortalecer as infraestruturas telemáticas e os servizos avanzados de telecomunicación como elemento básico de integración global e de impulso á innovación no territorio.
- Fomentar actividades e manifestacións culturais, ampliar o perfil docente e investigador das universidades galegas e pór en valor o importante patrimonio do noso territorio para desenvolver unha posición de liderado da Comunidade como

gran centro cultural e educativo capaz de proxectarse internacionalmente cara aos países Iberoamericanos.

- Incrementar o magnetismo do noso territorio a través da posta en valor da paisaxe, a costa, do patrimonio cultural e natural e de accións de renovación urbana.



O Sistema de Asentamentos e as Infraestruturas Básicas

Os Espazos Metropolitanos no Modelo Territorial de Galicia

Os espazos urbanos configurados ao redor das cidades de Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol presentan os trazos típicos de procesos de metropolitanización. Ao redor destas cidades producíronse intensos crecementos urbanos e demográficos que, en moitos casos, son máis dinámicos que os das propias cidades centrais. Xéranse así ámbitos fortemente interrelacionados, moitas veces con continuos urbanos que se superpoñen aos límites municipais, cunha crecente mobilidade interna e nos que se van configurando mercados únicos de vivenda e traballo.

Estes procesos de metropolitanización constitúen unha oportunidade para configurar ámbitos urbanos de maior rango e con maior capacidade para acoller equipamentos e servizos de alto nivel, impulsar procesos de innovación e dinamización económica e aumentar a proxección exterior de Galicia. Existe unha correlación directa entre o tamaño e o rango urbano das principais cidades e o desenvolvemento global do territorio que lideran. Configurar unha poderosa armadura urbana que achegue masa crítica e densidade demográfica e produtiva en espazos dinámicos eficaces e atractivos é unha das grandes opcións de Galicia para os próximos anos. É unha opción esencial tanto para o desenvolvemento dos espazos metropolitanos, nos que vive xa o 42,8% de toda a poboación de Galicia, como para o conxunto da Comunidade. As mellores oportunidades para o reequilibrio do territorio e para a dinamización dos espazos rurais residen, en gran medida, na capacidade de dinamización e de difusión dos procesos de desenvolvemento destes espazos metropolitanos.

Este proceso deixado ás súas propias dinámicas, non está exento de problemas e ineficiencias. Aparece un crecemento desestruturado, que dilúe a identidade da maior parte dos núcleos tradicionais, consome e transforma de forma irreversible a paisaxe e define unhas estruturas metropolitanas difusas e pouco eficaces, con espazos urbanos e industriais frecuentemente caracterizados pola mestura de usos, a deterioración, a competencia depredadora entre municipios e a insuficiencia das infraestruturas para dar resposta ás necesidades de desprazamento da poboación.

Estes son problemas que afectan a case todos os espazos metropolitanos do mundo que, habitualmente, se desenvolven sobre territorios dinámicos fragmentados administrativamente. Trátase dun conflito que ameaza a sustentabilidade económica e ambiental das cidades. Agudízanse os procesos de segmentación espacial da poboación e redúcese seriamente o atractivo e a competitividade das zonas urbanas debido aos altos custos de conxestión e á redución da eficacia dos servizos e das funcións urbanas.

É evidente a insuficiencia de planeamento municipal, por si só, para acometer os grandes temas de estruturación territorial. A crecente mobilidade, as novas dinámicas económicas,

sociais e urbanas, a aparición de elementos de nova centralidade no territorio ligados a grandes equipamentos e servizos innovadores, a xestión ambiental e dos espazos naturais, etc., son procesos cada vez máis presentes na vida cotiá e que superan amplamente os límites administrativos dos municipios.

A estratexia das Directrices para a articulación dos Espazos Metropolitanos de Galicia oriéntase a corrixir e evitar estes problemas. Os Espazos Metropolitanos que propoñen as DOT son ámbitos de planificación territorial e urbana, de infraestruturas, equipamentos e servizos aos cidadáns. Permiten, ao contemplar estes espazos complexos desde unha perspectiva global, optimizar a oferta de dotacións, equipamentos e servizos á poboación, configurar sistemas de transporte orientados cara a unha mobilidade máis sostible e eficaz e racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico do conxunto do espazo metropolitano.

Nesta formulación as principais pezas dos espazos metropolitanos (universidades, hospitais, aeroportos, portos e estacións de alta velocidade, os grandes equipamentos culturais e cívicos...) deben concibirse como elementos de cohesión e de articulación do conxunto do espazo e como elementos de referencia para todo o espazo metropolitano independentemente do municipio no que se localicen.

A ordenación dos Espazos Metropolitanos, que será desenvolvida mediante os correspondentes Plans Territoriais Integrados de acordo coas orientacións das Directrices, pretende recuperar a calidade urbana e a identidade dos diferentes núcleos, preservar e mellorar a súa contorna ambiental e paisaxística e fortalecer a súa oferta dotacional e de ámbitos de actividade. Trátase de pasar do modelo de crecemento baseado na mera agregación dos desenvolvementos locais a outro orientado a configurar un sistema urbano equilibrado e policéntrico que, en conxunto, defina un sistema metropolitano máis integrado, eficaz e atractivo ao redor dos nodos de Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol.

1. Vigo-Pontevedra. A Metrópole das Rías Baixas

1.1. Perfís Urbanos e Vocación Metropolitana

Ao redor das cidades de Vigo e Pontevedra organízase o maior espazo urbano da Comunidade e o que experimentou un maior crecemento demográfico durante as últimas décadas, situación que se mantén na actualidade. En conxunto, o espazo metropolitano en formación, constituído polas dúas cidades principais xunto cos municipios situados en ámbalas dúas Rías, ten unha poboación de 650.360 habitantes segundo os datos de xaneiro de 2007.

Trátase dun ámbito urbano cun enorme potencial de desenvolvemento, que debe aproveitar as oportunidades que lle outorgan o seu tamaño, o seu dinamismo e a súa estratéxica localización xeográfica.

O fortalecemento desta Metrópole ten unha importancia decisiva para o futuro de Galicia pola súa importancia demográfica e económica e o potencial de innovación deste territorio. Trátase, ademais, dun espazo que ocupa o centro xeográfico do eixe atlántico que articula o espazo principal da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Esta localización estratéxica, xunto á súa dimensión urbana e a súa elevada accesibilidade, fan de Vigo o punto clave para configurar a futura capital da Eurorrexión.

Vigo e Pontevedra son cidades moi próximas que experimentan dinámicas territoriais diferentes pero teñen perfís urbanos complementarios. Percíbese unha gran oportunidade para dotar de coherencia metropolitana a este espazo complexo.

Vigo é a maior cidade de Galicia e un importantísimo centro industrial que experimentou un forte crecemento, de forma que en 30 anos duplicou a súa poboación á vez que este crecemento se expandía por unha ampla contorna metropolitana. Vigo localízase no centro da espectacular paisaxe da súa Ría, cunha configuración morfolóxica que dá á cidade e á súa contorna o atractivo dun impresionante miradoiro cara ao mar pero que tamén impón restricións importantes á estrutura urbana.

A súa fortaleza económica deriva da potencia dalgúns sectores clave, como o automóbil, a pesca, o naval ou as industrias transformadoras, todos eles cunha crecente diversificación e unha estrutura produtiva moi integrada nos mercados internacionais. O porto domina a fronte marítima da cidade e constitúe un espazo clave para a economía rexional coa súa Zona Franca, as instalacións asociadas ás actividades pesqueiras, os estaleiros e un tráfico de contenedores que é o máis importante dos portos galegos.

Fronte a este dinamismo económico aparece un panorama urbano menos positivo. A rapidez do crecemento urbano conduciu a unha situación de déficits e problemas urbanísticos. As novas propostas na fachada costeira van significar unha profunda transformación da imaxe e do perfil urbano e económico de Vigo nos próximos anos. É necesario seguir avanzando nunha mellor integración porto-cidade, nas infraestruturas de conexión interna da área urbana e na mellora dos espazos da cidade con maiores déficits de calidade e estrutura.

Neste sentido, probablemente, o fenómeno máis significativo é o extraordinario crecemento en diseminado que se desenvolve polas ladeiras da contorna e que alberga case 60.000 habitantes. Esta situación dificulta os procesos de desenvolvemento urbano ordenado e a creación de infraestruturas e equipamentos capaces de mellorar a calidade e a eficiencia do espazo urbano. O resultado é a aparición de problemas significativos de transporte público e mobilidade metropolitana e de dificultades para ofertar servizos públicos de calidade como o abastecemento de auga, a recollida e tratamento de residuos ou o saneamento.

En relación co seu tamaño Vigo presenta algúns déficits no seu equipamento administrativo e sociocultural que penalizan moitas iniciativas locais. É importante reforzar o carácter da cidade como ámbito capaz de acoller eventos de rango internacional para mellorar substancialmente a súa oferta deportiva, turística e cultural que contribúan á súa proxección exterior e ao aumento do seu atractivo urbano e do seu desenvolvemento económico.

A capitalidade provincial levou á cidade de Pontevedra a unha especialización terciaria e administrativa cun crecemento urbano menos dinámico. Así, o magnífico centro histórico segue sendo un importante referente urbano e un dos espazos de excelencia da cidade xunto coa espectacular paisaxe da Ría e a contorna do río Lérez. O crecemento urbano de Pontevedra irradiouse sobre os municipios costeiros da súa contorna, que presentan especializacións locais (actividades portuarias en Marín, turismo en Sanxenxo, viticultura no Salnés, conserveiras en Arousa) configurando un ámbito extenso e complexo, cunha forte presenza de urbanización difusa.

Pontevedra dispón do suficiente atractivo urbano e dunha calidade de vida elevada que son factores clave para permitir un papel máis activo na súa contorna metropolitana. A súa posición sobre o Eixe Atlántico e as oportunidades derivadas dun corredor urbano Vigo-Pontevedra son factores que debuxan unha estratexia de progresiva participación nun gran nodo metropolitano ao sur da Comunidade.

Algúns aspectos importantes para o futuro de Pontevedra son rexenerar e pór en valor a súa fachada litoral cara a Marín e lograr unha articulación máis estreita cos asentamentos máis dinámicos da súa Ría, que constitúen o seu ámbito de influencia directa e que precisan para manter o seu desenvolvemento dun centro de referencia máis potente e dinámico, especializado na prestación de servizos e na acollida de dotacións e equipamentos de certa dimensión.

1.2. As Claves da Estratexia Metropolitana

O aumento da dimensión e da oferta urbana deste espazo metropolitano en formación resulta esencial para algunhas das estratexias territoriais máis importantes de Galicia:

- Constitúe a metrópole do sur da Comunidade, con evidente potencial para desempeñar un papel esencial na prestación de servizos a un espazo moi dinámico e cun importante sistema produtivo, que se caracteriza pola súa elevada integración nos mercados internacionais. O mantemento da competitividade das actividades económicas neste territorio vai demandar nos próximos anos un armazón de servizos produtivos cada vez máis complexo e unha aposta polo I+D+i que só pode atoparse en áreas urbanas de certo tamaño e diversificación.



- O Espazo Metropolitano Vigo-Pontevedra conta cunha importante armadura urbana. O litoral da provincia de Pontevedra presenta unha elevada densidade demográfica xunto cun potente sistema urbano de cidades con tamaños entre os 20.000 e os 300.000 habitantes. Este espazo é a zona con maior crecemento demográfico e económico de Galicia e un dos ámbitos máis dinámicos de todo o norte peninsular. Con todo, a falta de estratexias territoriais integradas impiden aproveitar oportunidades de futuro importantes.
- A Metrópole de Vigo-Pontevedra pode actuar como elemento de integración entre as zonas en proceso de crecemento do norte de Portugal e o sistema polinuclear de cidades de Galicia. Para iso ten unha posición xeográfica privilexiada no centro de gravidade da denominada Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e equidistante das Espazos Metropolitanos do Porto e A Coruña-Ferrol.

Para que este espazo metropolitano poida efectivamente desenvolver funcións de liderado importantes requírese unha maior integración urbana e funcional das cidades de Vigo e Pontevedra e dos municipios da contorna de cada unha delas.

Nos apartados seguintes proponse un conxunto integrado de iniciativas e de proxectos clave para conseguir un esquema de coherencia territorial para este ámbito metropolitano de Vigo-Pontevedra baixo a denominación de "Metrópole das Rías Baixas".

Preténdese mellorar a capacidade competitiva deste espazo aumentando o seu atractivo e calidade ambiental, avanzar cara á conformación dun único mercado de traballo e mellorar as opcións globais de desenvolvemento para este espazo privilexiado do sistema urbano de Galicia.

1.3. Infraestruturas Metropolitanas e de Conexión Exterior

A Circunvalación Metropolitana

O proceso de integración metropolitana das áreas urbanas de Vigo e Pontevedra e a posta en valor das súas potencialidades, no marco máis amplo do corredor Atlántico e do sistema de cidades de Galicia, requiren unha maior eficacia nos grandes sistemas de conexión viaria para completar a funcionalidade que proporciona a autoestrada do Atlántico AP-9 e Autovía das Rías Baixas como gran eixe de comunicación coa meseta.

O desenvolvemento da nova Autovía A-57 entre Vigo e Pontevedra permitirá configurar unha gran variante metropolitana libre de peaxe. Esta nova vía permitirá dar un soporte de maior eficacia aos percorridos de rango metropolitano. Nesta mesma clave tamén se plantexa a circunvalación de Pontevedra ou a Autovía Pontevedra-Vilagarcía.

A Autovía A-57 debe constituír o primeiro tramo dun futuro eixe viario sur-norte paralelo ao eixe atlántico e que, apoiado nalgunha das variantes e desdobramentos previstos da N-550, permita reducir a conxestión nalgunhas contornas urbanas e abrir novas posibilidades de comunicación.

A ampliación de capacidade da AP-9, e en concreto a ampliación da Ponte de Rande, xunto coa conversión en autovía do actual Corredor do Morrazo constitúen outro dos proxectos

estratéxicos para mellorar a mobilidade entre os dous lados da Ría de Vigo e cohesionar o espazo metropolitano. Cara ao sur, as melloras das conexións produciranse coas novas autovías Vigo-O Porriño e Tui-A Guarda.

As Vías de Mobilidade Sostible

O enorme crecemento da contorna urbana de Vigo, desenvolvido sobre un hábitat rural preexistente altamente fragmentado, e a intensidade alcanzada polos procesos de urbanización difusa xeraron unha estrutura viaria pouco eficaz, na que os tráxicos de longo percorrido se mesturan cos desprazamentos metropolitanos e na que os accesos á cidade central e a espazos estratéxicos, como o aeroporto e o porto, se caracterizan pola súa falta de eficacia e unha importante conxestión.

Accións como o desenvolvemento da A-57 como gran variante metropolitana e a nova autovía Vigo-O Porriño permitirán reducir o impacto de infraestruturas hoxe inseridas en tecidos urbanos, como ocorre en Mos, onde se podería eliminar algunha das barreiras urbanas que hoxe condicionan o seu desenvolvemento cun proxecto de humanización da actual A-55.

Ademais, proponse a progresiva adecuación dalgunhas das que hoxe son infraestruturas só para automóviles a vías de mobilidade sostible. A proposta que se formula consiste en cambiar a sección e a funcionalidade destas infraestruturas e transformalas en ecobulevares. Estas novas vías incorporan diversas funcións simultaneamente de vía urbana, corredor ecolóxico, carril bici, vía de transporte colectivo, permeabilidade transversal, soporte de actividades urbanas de densidade intermedia, etc. Esta formulación é abordable na conexión entre Vigo e Baiona a través da PO-325, entre Pontevedra-Sanxenxo-A Lanzada a través da PO-308 e entre Pontevedra e Marín a través da PO-12 e a PO-11.

Estes novos viarios, máis brandos, completaríanse coas accións de mellora da fachada litoral a través de paseos peonís de disfrute e mellora ao longo da costa desde A Guarda ata Sanxenxo.

As novas liñas de Alta Velocidade ferroviaria

Nun territorio tradicionalmente marcado polas deficiencias das súas infraestruturas ferroviarias, a posta en marcha das futuras liñas de Alta Velocidade supón un cambio radical. A prolongación do Eixe Atlántico de Alta Velocidade ata Porto significa unha oportunidade de enorme transcendencia. Xéranse deste xeito posibilidades de relación de alta calidade que permiten pór en valor oportunidades singulares do espazo metropolitano como centro de negocios, atractivo litoral, calidade de vida e oferta residencial e turística de forma moito máis accesible.

A conexión por Alta Velocidade da Metrópole cos demais nodos urbanos da fachada atlántica da Eurorrexión supón unha oportunidade histórica para reforzar os vínculos entre os espazos urbanos que lideran este espazo emerxente, creando posibilidades de integración e de xeración de sinerxías e complementariedades que estiveron ausentes ata agora na relación entre estes nodos urbanos. Créase deste xeito un corredor de transporte

de pasaxeiros que, en tempos de viaxe moi reducidos, permite interconectar entre si as principais capitais rexionais e reforzar os procesos de integración de Galicia con Portugal e que no caso de Vigo permitirá converter o que hoxe é unha estación en fondo de saco nunha estación intermodal pasante con maiores interconexións e frecuencias.

A conexión con Madrid a través da Variante de Cerdedo é outra das actuacións principais para comunicar este espazo metropolitano con Madrid nun tempo de percorrido competitivo.

A concepción das estacións de Alta Velocidade como grandes intercambiadores modais amplamente conectados co conxunto de sistemas de transporte metropolitano é esencial para asegurar que os efectos dinamizadores deste novo elemento de conexión se trasladan ao territorio con todo o seu potencial. Trátase ademais dunha oportunidade histórica para a integración dos espazos ferroviarios nos tecidos urbanos de Vigo e Pontevedra e dos restantes asentamentos polos que discorren. As actuacións expostas para mellorar a permeabilidade das vías e a integración ferroviaria permitirán eliminar cicatrices nos tecidos urbanos e crear novos elementos de renovación e integración urbana.

Estratexias portuarias

A escasa distancia entre os portos de Marín e Vigo expón a oportunidade dunha crecente cooperación entre ambas as infraestruturas. O extenso porto de Vigo ve limitados posibles crecementos futuros como consecuencia do desenvolvemento urbano da súa contorna. Moitas das súas instalacións actuais presentan as súas mellores oportunidades na progresiva integración co espazo urbano, acollendo dotacións e funcións ligadas a unha nova oferta urbana. O porto de Marín, aínda que excesivamente dependente do movemento xerado pola planta de celulosa, aínda ten posibilidades de crecemento. Coordinar as actividades portuarias e a especialización de cargas e actividades dos portos de Vigo e Marín no contexto do conxunto de estratexias para Metrópole aparece como unha das actuacións clave para o futuro deste territorio. A importancia das actividades económicas relacionadas co mar e o desenvolvemento deste ámbito como centro loxístico da Eurorrexión esixen un compromiso constante por mellorar e manter a competitividade das actividades portuarias e iso vai esixir unha maior dimensión e flexibilidade para ambas as instalacións.

Especial importancia teñen as actuacións de potenciación do porto de Vigo cara a unha infraestrutura eficaz e innovadora. Neste sentido é fundamental a consolidación de Vigo como o principal porto pesqueiro de Europa e como un importante porto de carga e descarga de contenedores polo que é preciso ampliar as súas instalacións e reforzar as infraestruturas loxísticas, en especial, as relacionadas co aeroporto.

Outro elemento para a súa proxección futura é a posible consolidación de Vigo como a cabeceira da futura autoestrada do mar entre España e Francia, o que suporía un enorme fortalecemento da actividade portuaria e das actividades económicas asociadas ao porto vigués.

Culminar definitivamente o vello soño de converter Vigo nunha cidade orientada cara á súa fachada marítima é un dos obxectivos que persegue o proxecto de reforma da zona central portuaria. Neste sentido, a proposta "Peirao XXI" para a transformación urbana da fachada

portuaria central presenta unha importante actuación urbanística e arquitectónica fundada na imbricación entre o mar e a cidade que haberá que integrar na planificación global do porto.

Pola súa banda o porto de Marín tamén ten posibilidades e proxectos para mellorar a integración urbana porto-cidade. Un maior aproveitamento para usos cidadáns das instalacións da Escola Naval de Marín e a creación da Estación Marítima das Corbaceiras deben ser obxectivos a lograr a medio prazo.

Estratexias aeroportuarias

O Aeroporto de Vigo (Peinador), atópase a 9 km do centro da cidade de Vigo, en terreos dos municipios de Redondela, Vigo e Mos. Ten unha pista de aterraxe de 2.400 m de lonxitude e 45 m de ancho. Nos últimos 10 anos este aeroporto experimentou un gran crecemento, posibilitando que neste período de tempo case triplique o número de pasaxeiros. No ano 2007 o crecemento que tivo foi do 18,3%. No ano 2007 ademais Peinador conseguiu o liderado dos aeroportos galegos no que se refire ao movemento de pasaxeiros co aeroporto de Madrid Barajas.

Nunha metrópole de forte dinamismo económico o seu aeroporto constitúe hoxe a infraestrutura de comunicación exterior principal. A súa funcionalidade require impulsar a súa adaptación a futuras demandas de tráfico aéreo, previstas no seu Plan Director que permitirán dotalo de infraestruturas e instalacións con capacidade para atender aos pasaxeiros e aeronaves co mellor nivel de calidade e seguridade nos seus servizos. Así como desenvolver as conexións viarias co centro de Vigo e coa rede de articulación do espazo metropolitano, que deberá acompañarse de melloras na prestación de servizos de transporte metropolitano, e a creación na súa contorna próxima de áreas de actividade económica, que permitan establecer fluxos de relación co transporte portuario.

Sistemas de transporte metropolitano

A posta en marcha do Plan de Transporte Metropolitano é un paso decisivo cara á configuración dun sistema de transporte integrado para o conxunto da área como un elemento básico de articulación, eficacia, sustentabilidade e calidade de vida neste espazo. É moi importante redefinir o esquema de transporte colectivo como estratexia básica de integración, sustentabilidade do desenvolvemento e potenciación de espazos clave no funcionamento da metrópole. No ámbito ferroviario o desenvolvemento de servizos de proximidade entre Vigo e Pontevedra e ao longo do Val do Louro aparece como unha iniciativa para lograr efectivamente un espazo metropolitano máis integrado. Esta proposta require deseñar servizos de alta frecuencia e gran atractivo que permitan conectar os espazos centrais de ambas as cidades e os núcleos intermedios.

Intermodalidade, interconexión, concepción integrada dos diferentes sistemas de transporte, sistemas tarifarios integrados e prioridade ao transporte colectivo aparecen como os conceptos básicos que deben garantir a medio e longo prazo unha mobilidade sostible no espazo metropolitano e un dos elementos máis importantes para a efectiva consolidación da



Metrópole das Rías Baixas como o gran nodo urbano do sur de Galicia e centro da Eurorrexión.

Nesta estratexia pode ser importante a proposta de desenvolvemento dun metro lixeiro en Vigo que dote dunha alta accesibilidade por transporte colectivo aos fitos con maior demanda de mobilidade da súa Área Urbana.

O transporte Marítimo tamén pode e debe desempeñar un papel importante na mobilidade metropolitana. Trátase dun modo de transporte de gran interese, pois non demanda ocupación de chan nin grandes infraestruturas e permite procesos de integración metropolitana en condicións atractivas. É necesario ofrecer condicións atractivas deste servizo na Ría de Vigo e en Pontevedra tanto para atender ás demandas permanentes como ás estacionais.

A clave para o éxito deste xeito de transporte estará en desenvolver intercambiadores que permitan unha fácil conexión entre os puntos de embarque e desembarque cos restantes sistemas de transporte colectivo metropolitanos, mellorar as frecuencias e o tempo de percorrido, conseguir unha integración tarifaria co transporte urbano de autobús e desenvolver aparcadoiros disuasorios accesibles nas terminais marítimas.

1.4. Espazos para Actividades Innovadoras

O Parque Industrial e a Plataforma Loxística da Eurorrexión

O sector loxístico asociado ás novas tecnoloxías é un dos que máis rapidamente está crecendo na nova economía. Trátase dun conxunto de actividades que resultan esenciais para que os mercados locais de consumo e as actividades produtivas se beneficien da súa participación na economía global, e é un factor estratéxico para a competitividade empresarial e a atracción de novos investimentos.

A posición do Espazo Metropolitano Vigo-Pontevedra no centro de gravidade do corredor urbano Ferrol-Porto, e as oportunidades creadas pola dotación de infraestruturas e a estrutura económica desta área son condicións idóneas para localizar aquí unha gran plataforma loxística de nova xeración, que se constitúa no centro organizador das funcións de distribución na Eurorrexión atlántica.

A plataforma Salvaterra-As Neves significará un importante avance nesta estratexia que vai requirir novos desenvolvementos compatibles no futuro. Neste sentido o trazado da futura autovía A-57 vai xerar novas oportunidades de localización deste tipo de plataformas. Nalgúns puntos a morfoloxía do territorio permite desenvolver este tipo de actividades, moi consumidoras de solo e que demandan unhas condicións topográficas favorables. Trátase dunha área que disporá de boa accesibilidade e que ocupa ademais unha posición estratéxica en relación cos outros modos de transporte ao situarse na contorna inmediata dos portos de Vigo e Marín, e tamén do aeroporto de Vigo.

A existencia dun amplo espazo, como este que se propón, para o desenvolvemento das actividades industriais e loxísticas de futuro da Metrópole facilita o proceso de renovación urbana de Vigo e a paulatina relocalización de actividades incompatibles coa súa situación nas áreas centrais da cidade.

É importante que estas futuras plataformas loxísticas e industriais incorporen todos os servizos que require a nova economía, telecomunicacións, fibra óptica, hotéis, centros de empresas, etc. Estas grandes plataformas deben complementarse con instalacións de menor escala con localizacións máis centrais no espazo metropolitano como Mos ou o Morrazo.

Aposta pola innovación e a investigación: Cidade do Mar e CITEXVI

Unha das apostas importantes debe centrarse no fortalecemento de infraestruturas e proxectos vinculados ao I+D+i que permitan manter distintas actividades produtivas na vangarda tecnolóxica e dar o salto desde un modelo sustentado na competencia en custos laborais cara a un modelo baseado na calidade e a xeración de valor engadido. Nesta liña debe desempeñar un papel importante o proxecto da Cidade do Mar situado ao redor das instalacións da ETEA. Este espazo débese configurar como un gran centro científico e tecnolóxico concentrando os diferentes centros de investigación mariña, creando unha base permanente dos buques oceanográficos e facendo de Vigo un referente internacional en relación coas ciencias do mar, con capacidade para atraer e xerar coñecemento e desenvolvemento neste ámbito.

Outro proxecto singular nesta liña é o que se impulsa en torno á Universidade de Vigo con CITEXVI e que permitirá que o campus de Vigo se proxecte ao exterior en investigación e na transferencia de coñecementos ás empresas.

1.5. O Sistema Verde Metropolitano

A posición e as características das principais zonas de interese ambiental existentes na Metrópole favorecen a localización de grandes espazos orientados a acoller actividades de lecer e de protección da natureza, actuando como un elemento de integración supramunicipal e de reforzamento da calidade e do atractivo do conxunto deste espazo.

Neste ámbito localízanse espazos naturais de enorme valor, entre os que destaca o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, e numerosos ámbitos de gran calidade ambiental e paisaxística: O Cabo Udra e a Costa da Vela, a illa de Tambo, a enseada de San Simón, as illas Estelas e o cabo de Monteferro, o corredor ecolóxico do Río Lérez, a enseada de Lourizán, e numerosas praias, masas forestais e zonas de interese como o carballal de Coiro, o Monte Aloia e a contorna da Fervenza de Verdeal.

Trátase de elementos singulares, que polo seu valor ecolóxico deben ser obxecto dunha adecuada protección e mellora pois constitúen referentes de excelencia ambiental para o conxunto da metrópole.

Requírese garantir a conservación e o funcionamento destes espazos como ámbitos que enriquecen e potencian o territorio metropolitano. Neste sentido sería interesante desafectar de uso militar a Illa de Tambo e incorporalas ó Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Nos ámbitos máis fráxiles é preciso localizar equipamentos (centros de interpretación,

control de visitas guiadas...) que permitan unha conservación máis eficaz destes espazos. Nas zonas con maior capacidade de acollida existe a oportunidade de acondicionar áreas de espaxamento, que posibiliten gozar do territorio por parte da poboación e evitar a presión sobre as zonas naturais máis valiosas e sensibles. O tratamento paisaxístico destes espazos, o control de usos na súa contorna, o acondicionamento de itinerarios brandos, de espazos de acollida para actividades recreativas e de lecer concentrado, a preservación de fitos singulares, son accións orientadas a dar coherencia a este territorio de alta calidade natural e proporcionar unha potente e atractiva infraestrutura ambiental para o conxunto da metrópole.

A calidade ambiental e paisaxística do territorio, as posibilidades de actividade asociadas ao mar e as novas iniciativas de mellora urbana configuran un conxunto de elementos de atracción para o turismo ecolóxico, náutico e urbano, o cal precisa do desenvolvemento dunha oferta hostaleira de calidade para activarse adecuadamente.

1.6. Iniciativas de Articulación Metropolitana

O Agregado Urbano Litoral.

O crecemento urbano dos núcleos das Rías de Vigo e Pontevedra produciuse fundamentalmente ao longo da costa, tanto pola atracción do litoral como porque é aquí onde se concentran os terreos con condicións topográficas máis favorables para as actividades construtivas. O resultado é un espazo moi atractivo e valioso, pero profundamente alterado pola proliferación de edificacións dispersas. É un ámbito carente de estruturas definidas, ameazado pola conxestión e no que os núcleos tradicionais aparecen como os principais elementos de identidade nun continuo urbano difuso que se desenvolve case sen interrupción. Os paseos marítimos dos diferentes núcleos que se localizan ao longo da costa aparecen como un elemento de oportunidade para a estruturación e a ordenación do conxunto deste territorio.

A proposta de Agregado Urbano Litoral oriéntase a dotar de coherencia a este proceso de desenvolvemento, creando elementos capaces de dotalo de estrutura e calidade de forma que, o que hoxe aparece como unha fonte de problemas e deterioro, se transforme nun ámbito que constituía un dos elementos de atracción e de identificación deste espazo metropolitano como un territorio de alta calidade de vida. O Agregado Urbano Litoral que se propón organízase en catro tramos correspondentes ás diferentes ribeiras: Portonovo-Pontevedra e Bueu-Marín na Ría de Pontevedra, Cangas-Moaña e Baiona-Vigo na Ría de Vigo.

A estratexia básica consiste en fortalecer a linealidade dos desenvolvementos urbanísticos fronte ao actual modelo disperso. Os tecidos urbanos dispostos de forma lineal, se teñen continuidade e a estrutura adecuada, son os máis eficientes desde o punto de vista do transporte colectivo, a flexibilidade do territorio e a organización de servizos e dotacións. Suxírese a creación progresiva dun paseo marítimo, con distintas seccións e carácter ao longo do seu percorrido, pero que teña como trazo fundamental a súa continuidade ao longo de todo o Agregado Urbano Litoral cun soporte de transporte colectivo conectado aos restantes modos do sistema de transportes, tanto terrestres como marítimos.

O Agregado Urbano Litoral debe conectar entre si os núcleos tradicionais existentes, incorporándoos á estratexia de integración do ámbito metropolitano, e fortalecendo os seus sinais de identidade e a súa oferta urbana como elementos clave de articulación territorial e de xeración de áreas de centralidade que reduzan as necesidades de desprazamento. A mellora da calidade urbana destes núcleos, en particular dos centros históricos e dos espazos portuarios, e unha boa oferta hostaleira son fundamentais para propiciar unha maior densificación ao redor deles que reduza a tendencia á dispersión. Requírese unha reordenación de usos, trasladando cara a outros emprazamentos instalacións e actividades que non precisan de localizarse xunto ao mar e que na actualidade significan un elevado custo de oportunidade. É o caso de numerosas actividades industriais, a máis importante das cales é a gran planta de celulosa que limita a conexión de Pontevedra coa marxe meridional da súa Ría. O saneamento integral da Ría e a mellora da oferta náutico-recreativa nos portos existentes aparecen como elementos con maior capacidade para diferenciar e dotar de especial atractivo a este ámbito.

O resultado debe ser a progresiva xeración dun espazo de gran atractivo ambiental e urbano, no que desenvolver unha oferta residencial de media densidade e alta calidade, xunto a novas dotacións e a posibilidade de acoller actividades económicas vinculadas ao sector servizos, creando condicións para unha progresiva transformación da segunda residencia en vivenda permanente. O tratamento integrado da costa e das infraestruturas de conexión constitúe a referencia sobre a que organizar este Agregado Urbano Litoral. É preciso desenvolver progresivamente un viario continuo de alta capacidade, que actúe como elemento de soporte e articulación, cun carácter urbano que facilite a súa permeabilidade e se integre nos espazos residenciais con carrís especiais para os sistemas de transporte colectivo. Este viario estruturante debe ser complementado cun viario brando para peóns e bicicletas, que se desenvolva ininterrompidamente ao longo de todo o Agregado Urbano Litoral e que se conecte co sistema de espazos libres e zonas verdes metropolitanas. A longo prazo pódese expor un sistema de transporte colectivo lixeiro e ecolóxico (monorraíl, tranvía...) que contribúa a estruturar este espazo aumentando o seu atractivo e reducindo os niveis de conxestión.

A Cidade Xardín Metropolitana

Ao sur de Vigo desenvólvese un amplo espazo, situado entre a costa e a autoestrada AG-57, que se caracteriza por unha extraordinaria proliferación da urbanización difusa. Dado o elevado grao de consolidación que alcanzou a ocupación deste ámbito é importante actuar sobre él para mellorar a súa calidade e orientar adecuadamente futuros crecementos. Proponse unha estratexia que permita dotar de estrutura a este espazo e favorecer a aparición de áreas con maior compacidade. Esta iniciativa, denominada Cidade Xardín Metropolitana, organízase sobre dúas liñas de acción principais:

Por unha banda, o desenvolvemento, sobre o viario rural existente, dunha densa rede de viarios brandos para peóns e ciclistas, que permita dotar de estrutura ao tecido disperso e mellorar a calidade paisaxística e ambiental deste espazo.

A segunda iniciativa é o fortalecemento dos núcleos existentes, potenciando os seus elementos de identidade e concentrando neles a oferta de servizos e os novos crecementos.

Trátase así de dotar de carácter a un espazo desestruturado, configurando un atractivo ámbito urbano no que os núcleos tradicionais, e algún outro adicional que se pode crear, definen unha estrutura urbana policéntrica, a modo de centro de barrios, que acolle dotacións e unha oferta residencial con tipoloxías máis urbanas e insírese nun espazo predominantemente verde ocupado por vivendas unifamiliares.



2. A Coruña-Ferrol. A Metrópole Ártabra

2.1. Vocación Metropolitana

A importancia da Metrópole Ártabra

A Coruña e Ferrol, xunto coa súa contorna metropolitana, acollían ao comezo do ano 2008 unha poboación de 583.000 habitantes. Por terra, a distancia entre estas dúas cidades é de 52 km mentres que por mar os dous portos apenas están separados por 20 km.

As dinámicas de transformación da Coruña e Ferrol, e a existencia dunha densa rede de núcleos intermedios entre ambas cidades: Mugardos, Ares, Pontedeume, Miño, Betanzos, Oleiros, Culleredo, Cambre, Sada etc. expón a necesidade de organizar este territorio en proceso de metropolitanización. É unha estratexia orientada a lograr unha maior integración urbana e funcional entre A Coruña e Ferrol e crear infraestruturas e servizos de transporte comúns, grandes equipamentos, procesos de creación de solo para actividades económicas, etc, que articulen e doten de maior eficiencia ao desenvolvemento deste ámbito permitindo consolidar un Espazo metropolitano no norte de Galicia, baixo a denominación de "Metrópole Ártabra".

Con esta proposta preténdese achegar un esquema de coherencia territorial e de integración funcional para este espazo complexo. Trátase dunha iniciativa importante para cada unha das cidades e pobos que compón este territorio. A Metrópole Ártabra será un dos espazos máis competitivos e atractivos de Galicia, cuns mercados de traballo e de vivenda máis amplos, unificados e diversificados e cunha costa irrepetible.

En síntese, a Metrópole Ártabra considérase importante para Galicia polas seguintes razóns:

- seu tamaño demográfico é necesario para dotar de certa masa crítica ao sistema urbano galego, outorgándolle unha dimensión suficiente como para ocupar un papel relevante entre os espazos urbanos europeos.
- Constitúe un espazo metropolitano capaz de actuar como centro de conexión entre os sistemas urbanos do Atlántico e do Cantábrico.

Os Perfís Urbanos de A Coruña e Ferrol

A pesar da súa proximidade o carácter e a evolución de ambas as cidades foron moi distintas.

A Coruña foi, historicamente, centro urbano e comercial de relevancia. É un dos principais nodos terciarios da Comunidade, especialmente en servizos avanzados. Ademais acolle unha actividade industrial cunha notable diversificación. As actuacións de mellora urbana dos últimos anos permitiron proxectar unha imaxe atractiva da cidade e foron capaces de dinamizar un incipiente sector asociado ao turismo urbano.

Como trazos significativos do perfil da Coruña destacan as dotacións en instalacións culturais: Palacio de Congresos, Auditorio, Rede de Museos... As praias urbanas ou os

elementos patrimoniais que alberga a cidade, coa Torre de Hércules como elemento emblemático, configuran o seu atractivo urbano. O equipamento comercial e os equipamentos para o deporte e o lecer da Coruña son dos máis sólidos entre as diferentes cidades de Galicia. Educación, medicina, deseño e creación artística, consultoría, servizos financeiros, hoteis, restaurantes, lecer e servizos sociais, e en xeral calidade e especialización dos servizos profesionais son aspectos nos que A Coruña alcanzou un notable éxito. A iso hai que engadir altos niveis de cohesión social, un elevado sentimento de pertenza e autoestima, e un máis que satisfactorio grao de confianza nas institucións e de cooperación entre o sector público e privado, factores todos eles imprescindibles para pór en marcha proxectos colectivos.

O interese das zonas centrais da cidade e o enorme potencial da fachada marítima, cos seus paseos e praias urbanas, contrastan co carácter dalgúns desenvolvementos periféricos de escasa calidade. Os centros de oficinas e a hotelería urbana, con ser importantes no contexto galego, distan aínda de ser realmente relevantes desde unha perspectiva internacional. O crecemento metropolitano desde fai máis de 20 anos concéntrase nos concellos da contorna, mentres a cidade central perde poboación e vese progresivamente colmatada, sen que existan estratexias conxuntas para abordar o desenvolvemento integrado deste complexo ámbito supramunicipal.

Ferrol, pola súa banda, é unha cidade que aínda presenta un perfil claramente industrial. Xurdida como cidade militar da Ilustración, o desenvolvemento dos grandes estaleiros foi o motor do seu crecemento industrial. A crise do sector naval significou, como en tantos outros espazos de antiga industrialización, unha importante crise que se reflectiu tanto na economía como na demografía da cidade. Nos últimos anos comezan a aparecer indicadores dun cambio de tendencia. Así os datos de crecemento vexetativo da poboación comezaron a ser positivos tras moitos anos de presentar valores negativos. Detéctanse procesos de crecemento nalgúns dos núcleos da súa contorna -Valdoviño, Narón e Ares-, o que apunta a un incipiente proceso de metropolitanización. As novas orientacións da actividade naval, fortemente intensivas en coñecemento e alta tecnoloxía configuran este espazo como un dos ámbitos con maior potencial de innovación de Galicia. A mellora das comunicacións, tras a definitiva conexión co resto do eixe atlántico pola AP-9 e a entrada en servizo das instalacións do novo porto exterior definen un novo escenario con maiores potencialidades. Aparecen, así, crecentes oportunidades para o desenvolvemento funcional de Ferrol como centro urbano de referencia para amplas zonas do norte de Galicia sobre as que pode despreñar unha influencia acorde coa súa dimensión demográfica e urbana. A magnífica Ría e o porto, o valiosísimo patrimonio das fortalezas, o Arsenal, o Barrio da Magdalena e Ferrol Vello son elementos valiosos e con enorme capacidade para facilitar a transformación positiva da cidade nos próximos anos.

Complementariedades de dúas cidades veciñas

A Coruña e Ferrol presentan hoxe problemas e oportunidades distintos e un claro potencial de complementariedade. É difícil que cada unha destas cidades, por si soa, poida dar resposta adecuada aos seus retos de futuro. En ambos os casos o seu principal desafío é aumentar o seu rango urbano, así como a variedade e calidade das súas ofertas cidadás.

Isto permitirá potenciar as súas fortalezas locais e dotalas dunha maior proxección tanto dentro como fóra de Galicia.

A Coruña é unha das capitais máis sólidas para liderar un proceso de desenvolvemento económico en Galicia. Ferrol é un dos máis antigos e importantes centros industriais de Galicia e atópase nun momento clave de transformación do seu perfil económico e urbano.

A especial configuración da costa, xunto á cal se concentran a maior parte dos novos desenvolvementos, constitúe un dos grandes atractivos deste espazo.

2.2. As Infraestruturas Metropolitanas e de Conexión Exterior

As conexións por estrada do Espazo metropolitano

As oportunidades que se derivan dunha crecente integración metropolitana e a necesidade de intensificar as relacións coa súa contorna requiren de conexións sólidas e de altas prestacións que completen a funcionalidade que proporciona a Autovía A-6 como gran eixe de comunicación coa meseta e a AP-9. Neste sentido, cara ao norte, a Autovía do Cantábrico e as conexións previstas entre Ferrol e San Cibrao, que comunicarán Ferrol coa Ría de Ortigueira e a Mariña lucense, constitúen a oportunidade para o desenvolvemento económico do norte de Galicia e para o posicionamento de Ferrol como centro urbano articulador dun espazo cun gran potencial de futuro. No mesmo sentido hai que contemplar a conexión Ferrol-Vilalba. Mentres que cara ao sur, tras terse completado a autoestrada AP-9, serano as variantes previstas ao longo da N-550 ao redor das principais áreas urbanas para mellorar a funcionalidade destas relacións ao longo do eixe atlántico.

Especial importancia terán as intervencións a desenvolver no propio espazo metropolitano para mellorar a súa articulación interior e reducir os problemas de conxestión que aparecen ao redor dos principais centros urbanos. E así, hai que destacar a prevista ampliación de carrís nos accesos á Coruña da AP-9, o desdoblamento da N-550, os accesos aos novos portos exteriores e a nova circunvalación que na Área Urbana da Coruña se expón mediante a Vía Ártabra e a Terceira Rolda.

Así mesmo, tamén hai que resaltar, polo seu significado en clave de reequilibrio territorial, a construción dunha vía de alta capacidade cara á Costa da Morte que dea continuidade ao eixe Coruña-Carballo ata Cee e que abrirá novas oportunidades aos territorios da Costa da Morte.

As Vías de Mobilidade Sostible

Suxírese transformar a sección e a funcionalidade dos tramos da N-6 e a N-651 para convertelos nun eco-bulevar metropolitano con diferentes funcións de vía urbana, corredor ecolóxico, vía de transporte colectivo, carril bici, aumento da permeabilidade transversal, soporte de actividades urbanas de densidade intermedia, etc. Esta iniciativa debe concibirse no marco dunha estratexia máis ampla de desenvolvemento de plataformas de transporte colectivo para a penetración nos centros urbanos de autobuses e metro lixeiro.

Alta Velocidade Ferroviaria

A participación efectiva da Metrópole Ártabra na consolidación dun potente corredor urbano ao longo da fachada atlántica depende, ante todo, da dispoñibilidade de sistemas de comunicación de alto nivel, que permitan un funcionamento integrado e complementario das cidades situadas no Eixe Atlántico. É fundamental, por unha banda, completar a infraestrutura ferroviaria de altas prestacións que discorra desde A Coruña e Ferrol ata Porto como elemento estratéxico para a articulación interna do sistema galego de cidades e do conxunto da Eurorrexión e, por outra banda, dispor dunha infraestrutura de Alta Velocidade que permita unha conexión eficaz cos ámbitos centrais da meseta e co norte peninsular.

Ademais, estas infraestruturas deben solaparse con outros servizos de calidade. Para iso resulta convinte dispor de servizos de proximidade, mellorar as prestacións da liña FEVE e dotar de carácter intermodal e de elevada accesibilidade ás futuras estacións de Alta Velocidade, que lles permita converterse en nodos de intercambio entre as conexións exteriores e as metropolitanas.

Portos Exteriores de Ferrol e A Coruña

A entrada en funcionamento do novo porto exterior de Ferrol na baía de Caneliñas, e as instalacións en construción para o novo porto exterior da Coruña en Punta Langosteira, aparecen como actuacións estratéxicas para a reconfiguración do espazo metropolitano e a creación de novas oportunidades para as cidades da Coruña e Ferrol, facilitando a súa evolución cara a perfís urbanos máis dinámicos e innovadores.

A clave para o éxito destas operacións, en termos urbanos e territoriais, está na súa concepción como infraestruturas globais para o conxunto do espazo metropolitano. Dispor dun sistema de grandes portos competitivos, ben conectados coas redes de altas prestacións viarias e ferroviarias, máis seguros e con maiores posibilidades de captar novos tráxicos é relevante para un espazo de clara vocación marítima, nun contexto de crecente competitividade entre os portos europeos.

Trátase, ademais, dunhas infraestruturas estratéxicas para o atractivo do espazo metropolitano como ámbito de localización empresarial pois dispor dun eficaz sistema portuario, cunha ampla oferta de servizos, relacións, e posibilidades de acoller buques de distinto tipo, é un elemento crucial para a organización eficaz das actividades loxísticas que son un dos factores críticos para a competitividade no novo marco da globalización.

Estes novos espazos portuarios deben exporse con criterios de cooperación entre as dúas autoridades portuarias. Esta cooperación ademais de contemplar os servizos propiamente portuarios, debe servir para planificar os espazos loxísticos e ata industriais, que permitan liberar espazos portuarios das áreas centrais das cidades de Ferrol e A Coruña e, con iso, crear novas oportunidades de rexeneración urbana a través de proxectos de integración porto-cidade.

O Aeroporto e a Conexión Aeroporto-Cidade

O Aeroporto de Alvedro, situado a 8 kms ao sur da cidade da Coruña, cunha pista de 1.940 m de lonxitude e unha plataforma de 23.000 m² constitúe un dos elementos para fortalecer as relacións exteriores da Metrópole Ártabra.

Actualmente a conexión da Coruña co seu aeroporto é pouco eficaz, ademais de constituír un enlace que transmite unha imaxe de escaso atractivo da cidade. En moitas cidades do mundo os corredores de conexión entre a cidade e o aeroporto son espazos de oportunidade que atraen empresas e actividades sofisticadas conectadas coa economía global. A nova conexión cidade-aeroporto, concretada a través da Terceira Rolda, oriéntase a mellorar as comunicacións do aeroporto co conxunto do ámbito metropolitano, o que proporcionará unha maior capacidade de atracción deste espazo e permite reforzar o dinamismo do aeroporto, e á vez mellorar a calidade urbanística dun eixe fundamental para reforzar o perfil global da Metrópole Ártabra.

Estas iniciativas de conectividade deben acompañarse de accións de mellora nas prestacións do transporte metropolitano co aeroporto; de recuperación paisaxística no que constitúe unha das principais portas da Metrópole; e da creación de áreas de actividade que aproveiten a proximidade do aeroporto e atopen nesta circunstancia un incentivo adicional para localizarse no espazo metropolitano.

O Transporte Metropolitano A Coruña-Ferrol.

A posta en marcha do Plan de Transporte Metropolitano na Coruña e Ferrol con iniciativas como a Tarxeta Metropolitana, o billete único e a futura constitución de Consorcios de Transportes constitúen un paso decisivo na articulación do espazo metropolitano. As iniciativas de mellora e integración dos sistemas de transporte metropolitano aparecen como requisitos básicos de sustentabilidade e de calidade de vida, como compoñentes necesarios de configuración da metrópole e como factores fundamentais do atractivo e a competitividade do conxunto deste espazo.

A potenciación da liña ferroviaria A Coruña-Ferrol como soporte para o desenvolvemento dun sólido servizo de tren de proximidade entre as dúas cidades é un dos temas centrais para a articulación metropolitana. Un sistema altamente eficaz de transporte colectivo, que permita rápidos desprazamentos entre as dúas cidades, é unha condición necesaria para lograr os obxectivos de complementariedade e integración entre estas dúas Áreas Urbanas que son básicos para o seu futuro. Este elemento debe desenvolver, ademais, un papel central na organización futura dos espazos metropolitanos intermedios, constituíndo os puntos de acceso ao ferrocarril de proximidade elementos de referencia e áreas de nova centralidade metropolitana como alternativa á dispersión das edificacións e á urbanización difusa.

Na mesma liña deben orientarse as actuacións en estudo para a implantación dun sistema de metro lixeiro na Coruña e a súa contorna que achegue un sistema atractivo e eficaz de transporte colectivo para os espazos máis densos da Área Urbana e facilite a accesibilidade sostible a elementos clave do espazo metropolitano.

Estes sistemas ferroviarios concibidos dende a perspectiva metropolitana deben exporse, xa que logo, con criterios de intermodalidade e de integración funcional e operativa cos restantes compoñentes do sistema de transportes.

A oportunidade de conectar os núcleos costeiros que se distribúen ao longo do amplo litoral do espazo metropolitano mediante un sistema de transporte marítimo constitúe tamén unha das oportunidades para a organización da Metrópole Ártabra. Poderíase configurar así un sistema de proximidades marítimas, interconectado cos outros modos de transporte, que daría acceso ás áreas centrais e ós núcleos costeiros a través dun modo de transporte eficaz, sostible e que podería constituír un elemento de singularización en contextos conxestionados.

2.3. O Sistema Ambiental

Os espazos de interese ambiental

O Espazo metropolitano da Coruña-Ferrol presenta oportunidades pouco frecuentes para crear vantaxes competitivas apoiadas nos seus trazos ambientais e paisaxísticos. Recuperar a calidade ambiental e paisaxística da Metrópole Ártabra, para convertela nun dos seus factores de excelencia, debe ser un obxectivo prioritario para os próximos anos.

A fachada litoral deste territorio constitúe un elemento ambiental de gran valor e atractivo. A Costa da Morte, as Rías da Coruña, Betanzos, Ares e Ferrol e a denominada Costa Ártabra, desde o Cabo Priorioño Chico ata a Ría de Cedeira, constitúen un ámbito espectacular, con praias, cantís, promontorios que penetran no mar e enclaves de excepcional valor ecolóxico como a Lagoa de Valdoviño ou o Encoro de Cecebre. Un espazo cuxa protección e posta en valor é fundamental como gran reserva biolóxica e como paisaxe tradicional de excepcional relevancia, que singulariza ao espazo metropolitano e proporcionalle un dos seus sinais de identidade máis poderosos.

Suxírese acondicionar para usos de lecer as zonas litorais, especialmente a contorna das praias e zonas máis accesibles así como os puntos con maior potencial visual, organizando o conxunto do espazo costeiro como un gran parque metropolitano de alta calidade ambiental que constitúa un factor de atracción do turismo ecolóxico.

Cara ao interior aparecen tamén ámbitos de enorme interese natural como as Fragas do Eume, a Serra do Forgoselo ou a Fervenza do Belelle. Todos estes espazos son elementos que contribúen decisivamente á calidade e o atractivo da oferta urbana. A adecuación de áreas de acollida, que limiten a presión indiscriminada sobre estes espazos e permitan, á súa vez, o disfrute pola poboación, é unha estratexia básica para asegurar a súa protección e o seu funcionamento como elementos estratéxicos da oferta territorial deste espazo.

Corredores Verdes e Malla Verde do Territorio

A posibilidade de percorrer o conxunto da Metrópole e os espazos valiosos da súa contorna mediante unha rede de itinerarios para peóns e bicicletas, que permitan acceder aos diferentes centros urbanos e ás zonas con interese ambiental existentes no territorio,

configúrase como unha interesante iniciativa para o futuro deste espazo. Este sistema de vías verdes debe apoiarse na recuperación ambiental e o acondicionamento de Corredores Verdes naturais, sendo as canles dos ríos Mero, Eume e Xubia os elementos principais estruturantes do conxunto da rede. Outros ríos de menor entidade, viario rural e bulevares metropolitanos, paseos marítimos, e percorridos ao longo de toda a fronte litoral deben integrarse tamén neste sistema de “viario brando” metropolitano.

2.4. Os Espazos Industriais da Metrópole

O Corredor Industrial A Coruña-Arteixo

A alta accesibilidade que proporciona ao suroeste coruñés a autoestrada AG-55 e o seu enlace coa A-6 fan deste ámbito un espazo con alta capacidade de acollida para a implantación de actividades económicas. Neste eixe atópanse a Refinería de Petróleo e a Central Térmica de Sabón. Tamén se atopa neste eixe, aínda que dentro da actual área urbana da Coruña, o Polígono Industrial Grela-Bens e os desenvolvementos industriais de Arteixo, que acollen algunhas das instalacións máis innovadoras e importantes da economía galega. Cando se completen as conexións e estea operativo o novo porto exterior da Coruña este ámbito ocupará unha posición privilexiada en relación coas necesidades de espazos loxísticos e industriais asociados ao porto.

Na actualidade, este eixe industrial atópase pouco estruturado alternándose parques empresariais modernos, polígonos cun deterioro significativo, grandes implantacións industriais, instalacións e vivendas dispersas e núcleos urbanos. A proposta oriéntase a dotar de coherencia a este espazo, favorecendo o seu crecemento ordenado e unha boa accesibilidade.

Este eixe de crecemento acolle hoxe, fundamentalmente, usos industriais. Cara ó futuro debe apoiarse a súa vocación como ámbito con capacidade para relocalizar instalacións e establecementos que atopan cada vez máis dificultades para desenvolverse nas zonas centrais do espazo urbano, ou que resultan pouco compatibles coas estratexias de mellora da imaxe e da calidade de vida urbana que deben constituír factores centrais do perfil urbano da Coruña.

Xunto á industria tradicional, debe potenciarse progresivamente a aparición de espazos ligados ás actividades loxísticas, cunha crecente demanda e altamente consumidoras de solo. Trátase dun espazo cuxa densificación e diversificación funcional permite concentrar os novos desenvolvementos de forma moi eficaz ao redor de sistemas de transporte colectivo e vías de gran capacidade, como alternativa preferible ós procesos de crecemento difuso e desarticulado que se manifestan con intensidade en case toda a contorna da Coruña.

Para completar a súa posta en valor recoméndase acometer accións de recuperación ambiental e paisaxística que melloren a calidade e o atractivo dun ámbito moi deteriorado. O obxectivo é promover a consolidación deste eixe como o principal emprazamento para os espazos de actividade nos futuros crecementos do sur metropolitano.

O Parque Industrial de Ferrol

Ademais dos desenvolvementos de solo para actividades económicas na contorna de Ferrol, como a prevista ampliación do polígono Fene-Cabanas, o outro gran corredor para a localización de actividades produtivas da Metrópole Ártabra propónse no corredor de comunicación Ferrol-As Pontes. Trátase dun espazo intermedio entre dous centros de gran tradición industrial. En ambos casos, as políticas sectoriais e locais apostan pola atracción de novas empresas, que permitan construír un novo tecido produtivo cunha maior diversificación. Esta iniciativa precisa dunha oferta atractiva de emprazamentos cuxa dotación e características constitúa un factor de competitividade para un territorio que demanda investimentos que xeren emprego. A nova Vía de Alta Capacidade entre Ferrol e San Sadurniño, en gran parte paralela á liña de FEVE, xera un corredor de moi alta accesibilidade e con posibilidade de incorporar diferentes modos de transporte que fan deste espazo un ámbito de oportunidade para desenvolver operacións de solo empresarial nunha área con gran capacidade de acollida.

Este espazo de crecemento industrial debe orientarse a realizar unha oferta tan diversa e flexible como sexa posible para acoller demandas de moi diverso tipo, dende novas implantacións de grandes industrias a pequenas instalacións orientadas a facilitar o desenvolvemento das súas iniciativas polos emprendedores locais. A conexión destes eixes viarios co porto exterior proporciona unha oportunidade para moitas actividades loxísticas e constitúe un atractivo adicional para captar investimentos foráneos. Ademais este novo espazo de actividades económicas debe desenvolver un papel estratéxico na configuración do novo Ferrol, permitindo operacións de renovación urbana de forma combinada coa relocalización de actividades que se atopan en contornas urbanas moi centrais. Trátase, non só de mellorar a competitividade de Ferrol como espazo de actividade, senón de lograr que a nova etapa de desenvolvemento que agora afrontamos se produza de forma ordenada, sen que se hipotequen as oportunidades de futuro mediante implantacións dispersas e carentes de integración territorial.

2.5. Estratexias de Renovación Urbana e Articulación Metropolitana

Eixe Ferrol-Valdoviño. Residencia e Natureza

Cara ao norte de Ferrol e ata a costa esténdese un amplo val de gran calidade paisaxística e que incorpora espectaculares espazos costeiros que culminan no espazo natural da Lagoa de Valdoviño. Estas características constitúen condicións idóneas para potenciar este ámbito como un espazo de acollida que mellore as opcións residenciais de Ferrol aumentando o seu atractivo para a localización de poboación e de actividades da nova economía. A clave está en protexer e mellorar os valores ambientais deste espazo e en promover desenvolvementos asociados ós pequenos núcleos tradicionais con certa identidade, que eviten a ameaza crecente de deterioración que supón a proliferación da urbanización difusa.



O sistema intermedio de centralidades metropolitanas

Entre A Coruña e Ferrol atópanse os núcleos de Neda, Fene, Mugardos, Ares, Cabanas, Pontedeume, Miño, Sada, Porto de Santa Cruz, Oleiros, Cambre, etc. Destaca o núcleo de Betanzos, cun patrimonio e uns servizos propios dunha vila con gran tradición como cabeceira comarcal e que pode desempeñar un papel de referencia e de identidade no contexto metropolitano. Estes núcleos de poboación contan con elementos de gran atractivo e constitúen enclaves de identidade e concentración nun espazo marcado pola urbanización difusa. Algúns deles presentan problemas habituais de morfoloxía, estrutura, mestura de usos pouco compatibles, etc. que xeran impactos negativos na imaxe urbana.

Suxírese desenvolver programas de renovación, fortalecemento dos seus sinais de identidade e mellora da súa imaxe urbana. Este esforzo en materia de renovación debe abordarse como un proxecto emblemático, que exerza un efecto de demostración sobre outros moitos municipios de Galicia que se atopan en situacións similares e que poden verse estimulados por este proceso e polos seus resultados.

O futuro crecemento do ámbito metropolitano debe producirse sobre estes núcleos, en desenvolvementos integrados física e funcionalmente aos centros urbanos existentes que reforcen a centralidade e compacidade destes, os configuren como espazos de servizos locais, limiten os procesos de urbanización difusa e xeren unha estrutura urbana máis eficaz e sostible.

Son estes núcleos, de escala abordable e localización estratéxica, un lugar atractivo para o desenvolvemento residencial nun espazo clave para lograr unha verdadeira integración do ámbito metropolitano A Coruña-Ferrol. Moitos deles apóianse na estrada N-651 e na liña ferroviaria A Coruña-Ferrol. Outros dispón de portos que poden integrarse no sistema metropolitano de transporte marítimo. As opcións de integración na dinámica do espazo metropolitano e de contribuír decisivamente á súa consolidación dependerán, en gran medida da calidade do urbanismo que se faga nestes centros pequenos e medios.

A Cidade Xardín metropolitana

No espazo intermedio entre Ferrol e A Coruña, principalmente na contorna da estrada que une ambas cidades nos concellos de Sada, Bergondo, Miño, Pontedeume, Cabanas, Ares e Mugardos, aparece un espazo cunha crecente presenza de edificacións dispersas onde se deixa sentir a presión dos ámbitos metropolitanos de forma que, conforme os usos primarios perden importancia, esta zona asume trazos periurbanos caracterizados por un poboamento disperso e difuso, falta de estrutura e con evidentes riscos de deterioro.

A Cidade Xardín Metropolitana é unha proposta para ordenar o espazo situado entre A Coruña e Ferrol aproveitando a súa singularidade, un ámbito litoral cun gran atractivo ambiental e localizado no espazo intermedio entre dúas zonas urbanas con vocación dunha maior integración. Trátase dunha iniciativa orientada a dotar dunha "estrutura branda" a un espazo hoxe en día caracterizado pola desorde e a urbanización difusa. Esta proposta de Cidade Xardín Metropolitana está profundamente interrelacionada co sistema intermedio de centralidades metropolitanas ao que se fai referencia no apartado anterior.

Como se sinalou o obxectivo fundamental é orientar os futuros desenvolvementos cara ós núcleos municipais con maior posibilidade de xerar centralidades. No resto do territorio débense evitar novos crecementos difusos e actuar no sentido de mellorar as características paisaxísticas e funcionais dos ámbitos xa ocupados e a súa integración ambiental. Para iso propónse tres tipos de iniciativas nestes espazos difusos:

Creación dun viario brando para a Cidade Xardín, cos criterios antes sinalados e que sexa o soporte dunha rede de peóns e bicicletas para o conxunto deste espazo conectada co resto do sistema de itinerarios brandos metropolitanos. Estes eixes deben ser a base para as actuacións de mellora paisaxística e o tratamento visual das zonas máis deterioradas mantendo as características principais da trama parcelaria e do viario rural para conservar a estrutura paisaxística deste espazo.

En enclaves específicos onde existan oportunidades ligadas a unha certa densidade e á existencia de conexións cos sistemas de transporte colectivo, promover unha crecente densificación, capaz de xerar puntos de centralidade que estructuren este espazo difuso e faciliten os procesos de transformación de segundas residencias en primeiras vivendas.

Impulsar, nas vivendas existentes, unha experiencia de autoprestación dos servizos urbanos, evitando os gastos de desenvolvemento e mantemento, e a perda de eficiencia, que levan os modelos de asentamento disperso, establecéndose como un ensaio piloto que poida exportarse no futuro a outros ámbitos de dentro e fóra de Galicia afectados por problemas similares: sistemas domésticos de autoabastecemento enerxético, tratamento individualizado de residuos sólidos e líquidos, subministración e autodepuración de auga, arquitectura bioclimática, etc.

Programas Porto-Cidade da Coruña e Ferrol

Os portos exteriores de Ferrol e A Coruña supoñen unha oportunidade única para que o que hoxe son barreiras urbanas e elementos de distorsión da imaxe e a vida cidadá se converta en auténticos elementos de conexión destas cidades co mar.

A fachada e a contorna litoral da Coruña e Ferrol son espazos espectacularmente atractivos e valiosos e constitúen elementos cruciais para dotar a estas dúas cidades dun novo dinamismo e da capacidade de atraer novas iniciativas e actividades. O tratamento integral da fronte costeira destas dúas cidades debe abordarse como a gran operación urbana de futuro da Metrópole.

A conexión e remate das diferentes praias e paseos marítimos da Coruña e a potenciación do porto como gran "Salón Urbano" constitúe unha das iniciativas para fortalecer o perfil urbano desta capital en aspectos estratéxicos para o seu futuro como as actividades culturais e de lecer, o turismo urbano e os servizos avanzados propios dun centro de negocios de maior nivel.

No caso de Ferrol, a recuperación do contacto da cidade co mar é unha necesidade urxente nun ámbito urbano crecido ó amparo das actividades relacionadas co mar pero cunha relación difícil coa costa, debido á sucesión de instalacións industriais, portuarias e militares que se localizan entre o centro urbano e o mar. As novas instalacións portuarias, e tamén o

profundo cambio das condicións en que se desenvolven os estaleiros e as instalacións da Armada, deben aproveitarse como unha oportunidade para orientar á cidade cara a unha nova etapa. A calidade e singularidade de moitos destes espazos marítimos, segregados historicamente da cidade, constitúen un activo moi importante para que Ferrol asuma novas funcións e se converta nun ámbito urbano moito máis atractivo e dinámico, incorporando novas funcións terciarias, actividades innovadoras, equipamentos de maior nivel reforzando o seu perfil como cidade atractiva para vivir e traballar.

Existe unha interesante oportunidade para transformar os espazos singulares do Arsenal de Ferrol nun importante centro de innovación desenvolvendo espazos para a innovación tecnolóxica e para funcións terciarias avanzadas da Metrópole Ártabra nun espazo de gran calidade arquitectónica e paisaxística. Un ámbito que reúne moitas das condicións clave que demandan os espazos para a nova economía e que para poder dispor do suficiente potencial debe exporse como un proxecto conxunto das dúas cidades.

Sen dúbida, definir o futuro contacto de Ferrol co mar é o proxecto máis ambicioso da cidade para as próximas décadas, unha iniciativa fundamental para o éxito do conxunto do espazo metropolitano e un dos proxectos máis atractivos e estimulantes do territorio galego.

Os Castelos da Ría de Ferrol

As espectaculares fortificacións dos Castelos da Palma e San Felipe situados á entrada da Ría de Ferrol constitúen elementos de enorme atractivo polo seu carácter e a súa localización. A perda das súas funcións militares conduciu ao abandono dunhas edificacións que ofrecen un colector excepcional para acoller usos e dotacións de alto nivel que serían claves para incorporar á oferta urbana ferrolá actividades terciarias máis complexas e sofisticadas. A súa posible utilización como grandes centros de congresos e actividades culturais, ou como espazos ao redor dos cales desenvolver unha ampla oferta turística relacionada co mar, son algunhas das posibilidades a realizar nun dos activos máis interesantes para dinamizar o perfil urbano da cidade e que constitúen fitos urbanos relevantes.



3. Santiago de Compostela. Nodo de Calidade Urbana

3.1. Singularidades do Perfil Urbano de Santiago

A localización da capitalidade galega en Santiago de Compostela, con todo o que iso comporta de crecemento dos servizos administrativos, supuxo un forte impulso para o desenvolvemento da cidade de Santiago. Na última década emerxe un incipiente proceso de metropolitanización, trasladando o crecemento ós municipios da contorna á vez que a cidade central experimentaba un lixeiro retroceso na súa poboación. A iso contribuíu decisivamente, máis que a propia magnitude do crecemento urbano, as singulares características urbanas de Santiago de Compostela, que esixe condicións moi especiais ao desenvolvemento urbanístico.

O resultado foi a saída cara aos municipios lindeiros, esencialmente Ames, Teo, Vedra, Brión e Boqueixón, e tamén cara a núcleos da veciña Comarca de Ordes, dunha parte importante das novas demandas residenciais e tamén algúns dos espazos de actividade económica. O resultado nestes municipios é un crecemento urbano moi rápido e pouco ordenado sobre uns espazos que, ata hai pouco tempo, presentaban trazos tipicamente rurais o que está desvirtuando o carácter das periferias da capital, cunha crecente presenza de urbanización difusa que se superpón ao disperso rural e crea problemas crecentes en canto á adecuación das infraestruturas e ao tratamento da imaxe urbana destes espazos situados no corazón de Galicia.

Este escenario dos municipios da contorna contrasta cos compoñentes de excelencia urbana de Santiago. A cidade de Santiago de Compostela soubo aproveitar o seu excepcional patrimonio monumental e a súa tradición histórica para configurar un ámbito de resonancia internacional que vai moito máis alá da súa dimensión urbana. O desenvolvemento de importantes proxectos urbanísticos permitiu dotar á capital de Galicia dun potente sistema de grandes dotacións que elevaron notablemente o seu perfil urbano converténdoa nun referente nas estratexias de integración da tradición e a modernidade. Probablemente o elemento máis destacable é o proceso de rehabilitación da Cidade Histórica, que permitiu manter a vitalidade dun espazo emblemático evitando a súa mera redución a un ámbito terciario e institucional ou a un gran museo ao aire libre.

Santiago é unha das cidades galegas que actuou de acordo cun verdadeiro proxecto urbano moi centrado ó redor de elementos de excelencia preexistentes o que posibilitou un éxito notorio.

Pola súa posición e o seu carácter, Santiago aparece como un espazo decisivo para a organización de todo o territorio galego. Santiago é a capital administrativa e cultural de Galicia e a cidade da Comunidade con maior capacidade de proxección global. A Universidade outórgalle unha enorme fortaleza para situarse nas actividades vinculadas á nova sociedade do saber e ten sinerxías evidentes coas iniciativas desenvolvidas no seu centro histórico. Hoxe en día Santiago é un espazo de excelencia que constitúe unha referencia internacional no urbanismo e a xestión do patrimonio. Son activos que deben aproveitarse para potenciar a dinamización económica dunha cidade clave para a difusión

de procesos de innovación e de subministración de servizos sofisticados ao conxunto do espazo rexional.

Pola súa posición, constitúe un nodo clave na articulación do eixe Atlántico e nas relacións costa-interior. Santiago é a cidade galega con maior índice de centralidade rexional. A súa localización no centro de gravidade do sistema urbano galego repórtalle importantes vantaxes competitivas para o desenvolvemento de funcións administrativas, culturais e de servizos.

Esa posición central no sistema urbano é a súa singular oportunidade para fortalecer o sistema de cidades e xerar elementos de interconexión que permitan unha maior integración dos ámbitos dinámicos do litoral co interior, así como reforzar os aspectos do seu perfil urbano que o dotan de excepcionalidade e desenvolver mecanismos para mellorar a calidade dos desenvolvementos urbanísticos da contorna de Santiago.

3.2. Infraestruturas de Conexión Global

Santiago é a cidade galega con maior proxección internacional e con mellores oportunidades para conectarse globalmente. O seu carácter de centro cultural, turístico e relixioso internacional outórganlle unhas oportunidades moi superiores ás que corresponden ó seu tamaño urbano e ás de calquera outra cidade galega e que no Espazo Atlántico Ibérico só teñen comparación con Lisboa e, de forma máis incipiente, Bilbao. Trátase, xa que logo, dun activo moi importante para o sistema urbano de Galicia e constitúe un factor clave para definir o perfil estratéxico da cidade cara ó futuro. Iso require dotar a Santiago de infraestruturas de conexión coa dimensión e o atractivo necesarios para consolidarse como o centro de conexión de Galicia co espazo global.

As actuacións en execución en materia de conexións por estrada (Lugo-Santiago que permitirá un acceso directo á A-8 enlazando coa área cantábrica, Santiago-Ourense e as vías de alta capacidade que comunican Santiago coa súa contorna: Santiago-A Estrada e Santiago-Brión-Noia), nos próximos anos, van aumentar de forma crecente a accesibilidade de Santiago de Compostela.

O ferrocarril de Alta Velocidade outorgará a Santiago unha localización central no sistema ferroviario galego para facer accesibles a todo o territorio equipamentos e servizos de rango rexional que se localizan en Santiago. A concepción da estación de Alta Velocidade como un intercambiador modal permitirá integrar este elemento na rede de transporte metropolitano e facer accesibles os diferentes elementos de atracción da cidade.

O aeroporto constitúe un elemento de referencia como infraestrutura esencial na capacidade de Santiago para desenvolver funcións de centralidade rexional e de principal nodo de conexión internacional. A nova terminal de pasaxeiros, prevista para o ano 2010, e as actuacións expostas no Plan Director do Aeroporto dotarano dunha funcionalidade adecuada, que debe completarse coa mellora do sistema de transporte.



3.3. Fortalecemento dos Elementos de Excelencia

Santiago dispón de elementos de excelencia que presentan un alto nivel de calidade que os converte en factores relevantes na perspectiva internacional. Os seus valores patrimoniais, culturais e educativos constitúen singularidades cunha relevancia internacional ao alcance de moi poucas cidades. É fundamental aproveitar esta oportunidade mediante iniciativas que permitan facer dos factores de excelencia da cidade de Santiago motores do seu desenvolvemento urbano e económico. Algunhas actuacións xa iniciadas, como a Cidade da Cultura, están nesta liña. O obxectivo debe ser dotar a estes proxectos dun contido que estea á altura dos recursos con que conta a cidade, capaces de mobilizar os elementos de excepcional valor de Santiago para convertelos en xeradores de actividade. Actuacións deste tipo contribuirán, ademais, a diversificar os atractivos turísticos da Cidade evitando a concentración dos visitantes ó redor de momentos concretos como o verán ou os anos Xacobeos.

Ningunha cidade pode ser competitiva en todo. É necesario atopar campos específicos nos que existen vantaxes competitivas para alcanzar niveis de excelencia relevantes no contexto internacional. Os factores de excelencia de Santiago achegan unha base de enorme potencial para definir un perfil urbano específico que lle permita "situarse no mapa global" concentrando esforzos ao redor dalgúns das posibilidades nas que a cidade pode lograr unha posición sobresaliente: a aposta polo Turismo Urbano en moi diversas modalidades (cultural, educativo, relixioso, acontecementos, congresos...) as actividades relacionadas coa arte, o lecer, a cultura e a educación, as relacións universidade-empresa e as posibilidades de potenciar a I+D ó redor de disciplinas cun importante peso científico na cidade (biotecnoloxía, medicina...), deseño e xestión urbana, xestión do patrimonio, etc.

Un dos retos importantes da cidade estará asociado á capacidade para atraer e xerar recursos humanos altamente preparados. As infraestruturas e os servizos educativos, as opcións residenciais, a calidade de vida, o equilibrio social, a seguridade cidadá, a oferta cultural e de lecer, a calidade dos espazos urbanos e as posibilidades de conexión proporcionadas polas infraestruturas físicas e telemáticas van ser factores clave de competitividade ós que Santiago debe sacar partido.

3.4. Nodo de Excelencia en Urbanismo

A declaración de Santiago como Cidade Patrimonio da Humanidade constitúe un recoñecemento internacional da existencia dun conxunto histórico-artístico e dun espazo cultural excepcional no que destacan a súa integridade e o seu magnífico estado de conservación. O que diferencia a Santiago doutros centros históricos de gran valor monumental é a vitalidade que foi capaz de manter ata os nosos días, manténdose como un espazo central dinámico de vida, traballo e lecer. Santiago soubo preservar o carácter e o valor do seu centro histórico sen que iso se convertese nun obstáculo para satisfacer as necesidades da vida moderna. A introdución de elementos de arquitectura contemporánea nun espazo cunha identidade tradicional tan marcada, os edificios e espazos de enorme calidade que se desenvolveron nos últimos anos, tanto en dotacións emblemáticas, como en actuacións de pequena escala ou en promocións de vivenda pública constitúen referencias de enorme valor e transcendencia.

Santiago soubo dar resposta a algúns dos problemas clave de moitas cidades en todo o mundo. Esta experiencia debe aproveitarse para converter a Santiago nun Nodo de Excelencia nos ámbitos da xestión do patrimonio urbano, a rehabilitación e o urbanismo dos centros históricos. A creación de centros de formación e investigación, o desenvolvemento de feiras e congresos relacionados con estes temas, o impulso a empresas de servizos especializados constitúen oportunidades de actividade que poden ter o seu centro en Santiago para operar internacionalmente.

3.5. Proxección Internacional e Centro de Interpretación de Galicia

Como capital política e principal centro cultural, unha das vocacións de Santiago é converterse nun espazo de referencia dende o que coñecer e acceder ó conxunto do territorio, ós seus valores e ás súas actividades. Santiago é a porta de Galicia.

Esta liña de acción na súa dimensión cultural pode estenderse a outros campos: centros de exposicións con información e referencias sobre as comarcas, redes de restaurantes con especialidades das diferentes zonas da Comunidade, centros de negocios orientados a dar a coñecer as empresas e as oportunidades de actividade en diferentes ámbitos do territorio, espazos de información sobre actividades turísticas en Galicia, etc.

Esta función pode concretarse no desenvolvemento dun espazo específico que, a modo de exposición permanente, permita dar a coñecer a un público máis amplo as singularidades naturais e culturais ou as oportunidades económicas de Galicia.

Actividades turísticas, formación e educación, servizos profesionais, redes e alianzas comerciais e empresariais son campos nos que Santiago pode orientar as súas actividades cara ás comunidades da diáspora, convertendo este factor nun elemento de fortalecemento e expansión da súa presenza internacional.

A Cidade da Cultura é o maior proxecto en marcha para dotar a Santiago deste importante perfil. A súa relevancia arquitectónica e paisaxística son factores esenciais dun proxecto con vocación de transcender fóra das fronteiras de Galicia para converterse nun dos referentes da Comunidade.

Este complexo debe servir como un foco de prestación de servizos ao conxunto do sector cultural galego e como un motor de promoción de Galicia no mundo.

3.6. Coherencia na Articulación do Proceso de Desenvolvemento da Área Urbana

Na cidade de Santiago, xunto a un amplo programa de equipamentos que permitiron asentarse a súa condición de Capital de Galicia, desenvóléronse importantes obras de infraestrutura viaria para tornala máis accesible. A boa accesibilidade facilita tendencias centrífugas ó potenciar os asentamentos periféricos. A consecuencia foi un auxe da edificación cun mínimo nivel de urbanización nalgúns dos concellos circundantes. Este é un proceso cun gran potencial desestabilizador a medio prazo, na calidade de vida e benestar da capital da Comunidade Autónoma. A calidade destes novos espazos que se sitúan en diferentes termos municipais debe ser contemplada con coherencia global. É fundamental que a excelencia urbana de Santiago se estenda a toda a súa contorna de influencia. A xestión e o

diseño urbano non debe limitarse aos espazos históricos e institucionais. Neste sentido propónse algunhas iniciativas:

Viarios para a mobilidade sostible

Propónse a remodelación dos principais eixes de acceso á cidade, apoiados sobre as estradas N-550, N-525, AC-543 e AC-841, case totalmente colmatados pola edificación continua que se desenvolve xunto a eles, para configurar vías urbanas máis atractivas, con posibilidades de permeabilidade transversal e sobre os que se desenvolvan programas de recuperación paisaxística recualificando uns espazos clave para a percepción da cidade e a calidade de vida dos seus habitantes.

Estas actuacións deben asociarse ás iniciativas previstas para a mellora da accesibilidade da cidade como a ampliación de capacidade da AP-9 e o previsto Cinto Orbital da área Urbana de Santiago.

Calidade ambiental

A posta en valor dos montes da contorna de Santiago como espazos ambientalmente atractivos e elementos clave para o disfrute da paisaxe constitúe unha oportunidade para fortalecer a calidade da oferta urbana da cidade. Estes espazos, especialmente o Monte Pedroso, constitúen ámbitos idóneos para desenvolver importantes áreas recreativas para o desenvolvemento dunha gran variedade de actividades de lecer. Estas zonas recreativas deberían conectar cunha malla verde de peóns e bicicletas que percorra o conxunto da Área Urbana, integrándose tanto na zona urbana central como nos Eco-bulevares metropolitanos. Os elementos principais desta malla verde deben ser as canles do Sar e o Sarela, concibidos como grandes Corredores Verdes destinados a actividades de lecer e de contacto coa natureza. Estes corredores deberán deseñarse como grandes parques lineais de articulación metropolitana destinados a consolidar un uso atractivo para a poboación local, mellorando a paisaxe e achegando un elemento brando de conexión entre Santiago e os asentamentos da súa contorna.

Transporte colectivo

A actual estrutura metropolitana, confusa e falta de centralidades alternativas á cidade histórica, xera importantes fluxos de tráfico que, ante as debilidades dos sistemas de transporte público supramunicipais, leva graves riscos de xerar crecentes problemas de conxestión. É fundamental mellorar a mobilidade da Área coa creación de sistemas de transporte de escala metropolitana. A estratexia de concentración de actividades nos novos desenvolvementos é esencial neste proceso. Nos eco-bulevares metropolitanos deberá procurarse establecer carrís reservados para o transporte colectivo, o que aumentaría a súa capacidade de captar novos usuarios.

As actuacións en marcha para configurar a área de Transporte Metropolitano de Santiago son fundamentais neste sentido. A utilización de vehículos non contaminantes, a creación de intercambiadores, o desenvolvemento de liñas de tranvía ou de servizos de proximidade nos

eixes máis densos e a integración nos seus servizos de ámbitos clave da Área Urbana (o centro histórico, os campus universitarios, as áreas recreativas, o aeroporto, nun futuro a estación do AVE ou a Cidade da Cultura) son algunhas iniciativas que axudarían a dotar de maior coherencia territorial ó proceso de metropolitanización que está experimentando Santiago de Compostela.



4. Ourense: Nodo de Pontes e Camiños

A cidade de Ourense configúrase como un espazo dinámico que experimentou un crecemento superior á media das principais cidades galegas. A cidade localízase nun cruce natural de comunicacións actuando como un nodo importante de relacións tanto cara ás Rías Baixas e a meseta, por León e Zamora, como cara a Santiago, Lugo e o norte de Portugal. O ferrocarril tamén xoga un papel fundamental xa que as principais liñas de acceso a Galicia teñen a Ourense como primeiro referente. O elemento estruturante da cidade constitúeo o Río Miño ao desenvolverse a Área Urbana a ambos os dous lados do mesmo.

Con algo máis de 107.000 habitantes, no ano 2007, é a terceira cidade de Galicia e, xunto cos concellos da súa contorna, Coles, Amoeiro, Toen, Taboadela, Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas e Barbadás, cos que configura unha Área Urbana cada vez máis integrada, supera os 127.500 habitantes. O aspecto máis singular de Ourense é, probablemente, o carácter endógeno de boa parte das iniciativas produtivas nas que se baseou o seu desenvolvemento, o que permitiu que as dinámicas económicas da capital provincial incidan nos espazos fráxiles próximos creando unha situación pouco frecuente nos procesos de industrialización e transformación económica de Galicia. A debilidade das estruturas urbanas no resto do espazo provincial configura a Ourense como un importante centro terciario que concentra a maior parte dos servizos urbanos no seu ámbito de influencia. Ó importante peso dos servizos públicos hai que engadir o auxe do sector dos servizos ás empresas, sector clave debido ao importante dinamismo empresarial dunha cidade que logrou o éxito nalgunhas actividades locais que pasaron a ocupar unha posición destacada a escala nacional.

Este proceso caracterízase pola localización en Ourense das sedes de importantes grupos empresariais cuxa actividade produtiva se localiza de forma difusa nas zonas rurais da contorna. Destacan pola súa proxección exterior as industrias agroalimentarias e as actividades téxtiles. A oferta de termalismo de Ourense é única a nivel mundial e configura un dos elementos con maior potencial de atracción turística da cidade.

O carácter terciario de Ourense vese reforzado polo desprazamento cara ós municipios da periferia urbana das actividades industriais concentradas principalmente en San Cibrao das Viñas. As actividades loxísticas son outra das orientacións terciarias que están cobrando auxe na dinámica da capital. A construción da autovía das Rías Baixas e a asunción de funcións centrais como nodo ferroviario impulsaron o papel de Ourense como polo de organización de funcións de transporte e distribución apoiadas pola implantación dun centro de transporte.

Fortalecemento das infraestruturas.

O carácter de Ourense como nodo de comunicacións é un dos grandes activos da cidade e un elemento de fortaleza para o seu desenvolvemento nos próximos anos. A autovía A-52 permitiu nos últimos anos articular as conexións entre Ourense e o Eixe Atlántico e con

Madrid o que dinamizou as actividades produtivas da cidade e de diversos ámbitos da súa contorna provincial.

A chegada do AVE fará de Ourense a porta ferroviaria de Galicia sendo a capital galega máis próxima a Madrid e proporcionando á cidade un enlace de alto nivel cos espazos urbanos do Eixe Atlántico e coas infraestruturas e servizos de Santiago. A integración ferroviaria da liña de Alta Velocidade na cidade expón ademais unha gran oportunidade de rexeneración urbana nun ámbito estratéxico da cidade.

Nas conexións por estrada destacan pola súa importancia, ademais da mencionada A-52, a conexión por autovía entre Ourense e Dozón, que conxuntamente coa Autoestrada Dozón-Santiago, constitúe o eixe transversal central de Galicia e a futura Autovía Ourense-Lugo que constitúe o eixe norte-sur do interior de Galicia que permitirá enlazar o interior de Galicia con Portugal tanto a través de Verín como a través de Celanova e A Baixa Limia configurando unha oportunidade estratéxica para lograr unhas máis sólidas conexións cos ámbitos interiores e costeiros do norte do Portugal.

Cara ó leste a previsión dunha nova conexión dende Ourense ó Bierzo abre unha vía de relación de Galicia con este dinámico ámbito e, en xeral, co norte da meseta e o corredor subcantábrico que enlaza co val do Ebro.

Todos estes factores crean condicións de elevada centralidade e alta accesibilidade que cualifican a Ourense como un ámbito atractivo para a localización de actividades empresariais e de forma específica para as relacionadas coa loxística e a xestión do transporte.

A fachada fluvial e a paisaxe

O Río Miño é o elemento ambiental de relevancia da cidade de Ourense. Ocupa unha posición central e ó redor del produciuse o desenvolvemento do núcleo urbano. As actuacións emprendidas para mellorar a súa integración urbana e facer deste espazo un ámbito atractivo son esenciais para a imaxe e a calidade ambiental da cidade.

É importante seguir mellorando a fachada urbana do río para configurar un espazo de alta calidade e conectar os ámbitos de parque fluvial co resto dos elementos do sistema verde da cidade, adecuar percorridos peonís e para ciclistas nestas conexións e incorporar a este sistema outras canles e ámbitos libres da contorna de Ourense.

As ladeiras que rodean o espazo urbano, elementos topográficos que dominan a imaxe urbana, constitúen outra das pezas significativas da calidade ambiental e a percepción de Ourense como un espazo atractivo. A preservación da paisaxe, as accións de mantemento e extensión da superficie forestal e a adecuación destes espazos para actividades de lecer son algunhas das orientacións para o conxunto da Área Urbana.

Iniciativas de articulación supramunicipal

O crecente desenvolvemento da contorna urbana de Ourense configúrase como un ámbito supramunicipal no que gran parte do emprego e dos novos espazos produtivos localízanse



nos concellos próximos. A este factor hai que engadir o papel da capital como centro de servizos de rango provincial que cada vez máis é utilizado pola poboación do seu ámbito de influencia como lugar onde satisfacer as súas demandas de compras, servizos persoais e empresariais, educativos, de lecer, etc.

A importancia de Ourense como centro termal, un dos elementos con maior potencial de atracción da cidade, pódese potenciar creando unha oferta máis ampla e diversa e incorporando a outros espazos balnearios da súa contorna como Carballiño, Arnoia ou Lobios. Esta liña de actuación debería completarse con melloras na oferta de espazos de lecer que se configuran en torno ó casco histórico e con melloras en dotacións hostaleiras e equipamentos que poidan permitir organizar eventos e congresos de certo alcance.

As novas infraestruturas, como a Rolda Leste de Ourense e a vía de alta capacidade ata Celanova crearán elementos de conexión para a articulación da cidade cos municipios da súa contorna.

É importante que os desenvolvementos dos diferentes municipios se expoñan dende unha reflexión do conxunto da Área Urbana configurando ofertas residenciais, de espazos de actividade, de dotacións e de transporte que tomen en conta a unidade física e funcional do espazo urbano.

Especial relevancia teñen as iniciativas para a configuración dunha Área de Transporte integrada. Esta actuación debe servir de referencia para configurar os desenvolvementos urbanos e produtivos con criterios de compacidade e fácil acceso aos sistemas de transporte colectivo e expor os grandes equipamentos (hospital, centros comerciais, estación de Alta Velocidade, centros universitarios...) con sistemas de máxima accesibilidade desde o conxunto da Área Urbana e do resto do espazo provincial.

Espazos para a nova economía

O dinamismo económico de Ourense durante os últimos anos reflectiuse no desenvolvemento dos espazos de actividade económica. Os crecementos na propia capital así como en municipios próximos como Barbadás e San Cibrao das Viñas xeraron unha dotación de espazos empresariais cunha gran diversidade de opcións que integran dende áreas loxísticas a actividades de innovación no Parque Tecnolóxico de Galicia.

Estas iniciativas teñen a súa continuación nas novas actuacións previstas no Val da Rábeda, que propón novos solos terciarios e industriais desenvolvendo ámbitos especificamente vinculados a actividades nas que as empresas ourensás lograron un alto nivel, como as téxtiles. Todas estas iniciativas son esenciais para potenciar o proceso de crecemento económico da Área Urbana de Ourense e aumentar o seu potencial para captar investimentos produtivos e facilitar o desenvolvemento de iniciativas endóxeas, especialmente as relacionadas co sector téxtil.

Neste sentido é preciso buscar confluencias entre a orientación das empresas, a Universidade e a Administración que aparecen vinculadas ós elementos con maior fortaleza da economía local. Ao integrar máis eficazmente os centros científicos e universitarios co tecido produtivo local, facilitarase a aparición de novas iniciativas innovadoras e a

consolidación dalgunhas iniciativas de gran valor como as asociadas á construción de paneis solares ou á produción de compoñentes aeronáuticos.

5. Lugo. Nodo de Historia e Convivencia

A cidade de Lugo conta na actualidade cunha poboación de 93.800 habitantes. Os seus maiores crecementos prodúcense a partir dos anos 70 e 80, asociados sobre todo aos novos procesos de expansión dos servizos públicos e administrativos que se concentran na capital. Configúrase, ante todo, como un centro de servizos para o seu ámbito territorial, sendo o centro urbano de referencia para un ámbito de influencia extenso e no que os escasos elementos intermedios teñen un tamaño moi reducido e unha posición periférica.

O centro urbano está dominado polo forte sinal que ó seu casco histórico impón a espectacular muralla romana. Por máis que o espazo central sufra notables impactos e alteracións na súa trama e nas súas tipoloxías o carácter de cidade romana segue presente ao longo do perímetro da muralla definindo un ámbito urbano singular e moi valioso.

A partir do recinto amurallado o Lugo moderno creceu ó longo do eixe de comunicación principal constituído pola antiga N-6 tanto polo atractivo desta vía, que proporciona as principais relacións exteriores da cidade, como polos condicionantes topográficos que supón o Miño, o Rato e o Chanca para os desenvolvementos cara ao leste e o oeste. A localización dos novos desenvolvementos universitarios fóra da zona amurallada resta dinamismo ao centro, que constitúe a principal zona e identidade da cidade, que perde residentes para configurarse como un espazo institucional e de pequeno comercio. O desenvolvemento dalgunhas infraestruturas (ferrocarril, nova variante oeste ou localización da depuradora) supón unha barreira para que a cidade incorpore os espazos ribeireños como elementos de reforzamento da imaxe urbana.

A Lugo correspóndelle desenvolver un papel como centro urbano orientado prioritariamente cara ó seu ámbito de influencia. Cunha posición central no seu espazo provincial permite mellorar a oferta urbana de zonas moi débiles do interior de Galicia, impulsando procesos de transformación e cambio no territorio. Pode acoller dotacións e funcións que non son viables en chanzos inferiores da xerarquía urbana debido á escaseza de poboación, pero que son imprescindibles para lograr niveis de calidade de vida e de dinamización económica que aseguren un aproveitamento eficaz dos recursos e oportunidades do territorio.

Contéplase a necesidade de actuacións para aumentar a calidade da súa oferta urbana, mellorar a súa conectividade co resto das cidades galegas e cos espazos da súa contorna e para fortalecer as súas actividades produtivas. Como iniciativas estratéxicas neste sentido suxírense as seguintes:

Fortalecemento das infraestruturas de conexión exterior

A finalización da A-6 proporcionou a Lugo un enlace de alta capacidade cos principais nodos urbanos de Galicia ocupando unha posición singular nas relacións do norte de Galicia con Madrid e co resto do espazo peninsular. Dende Madrid ata Lugo a A-6 non discorre por ningunha outra capital provincial. Considérase importante completar estas actuacións con proxectos que aumenten as posibilidades de interconexión da cidade co corredor urbano do

litoral e con outros espazos lindeiros. Estas novas vías serán ademais moi útiles para mellorar a accesibilidade dende o seu ámbito de influencia provincial, mellorando as posibilidades de acoller servizos complexos vinculados ás oportunidades de desenvolvemento das áreas rurais da súa contorna.

A futura autovía de conexión de Lugo con Santiago, que facilitará o acceso ao aeroporto e ós equipamentos de ámbito autonómico situados na capital de Galicia, a comunicación entre Lugo con Monforte a través da vía de alta capacidade Nadela-Sarria-Monforte e a Autovía Lugo-Ourense, que se configura como un eixe interior ao longo do val do Miño, e que se prolonga ata a fronteira portuguesa, conforman as infraestruturas básicas de conexión. No caso de Lugo, ademais, o seu acceso á autovía do Cantábrico aparece como unha opción de futuro, permitindo estender a súa influencia urbana a zonas do occidente asturiano e leonés debilmente dominadas polas súas respectivas capitais así como lograr unha conexión máis eficaz coa Mariña, Vilalba e Ferrol.

A medio prazo as actuacións de conexión mediante Alta Velocidade serán esenciais na integración de Lugo no sistema de cidades de Galicia.

O fortalecemento urbano de Lugo depende, sobre todo, da capacidade de dinamizar a súa contorna provincial cara a actividades cunha concepción máis complexa que permitan asentar unha poboación e unhas bases produtivas con maior demanda de servizos urbanos. Por iso deben articularse proxectos urbanos e de dinamización económica que permitan aproveitar esta oportunidade como unha estratexia para este territorio fráxil e para o conxunto do espazo rexional.

Mellora da Imaxe Urbana e da calidade ambiental

Lugo dispón de importantes activos urbanos ligados á súa contorna paisaxística e aos seus valores patrimoniais, cun centro histórico que alberga elementos de excepcional valor nos que destaca a muralla romana declarada Patrimonio da Humanidade.. Imponse a necesidade de desenvolver iniciativas para mellorar as zonas consolidadas a partir de actuacións de renovación e mellora nas edificacións existentes que deberán afectar tanto a aspectos construtivos e de habitabilidade como a cuestións estéticas e de imaxe. O tratamento das principais vías de acceso, a integración dos espazos fluviais como unha fachada verde de alta calidade que configura un gran equipamento ambiental e a mellora integral do centro histórico, prestando especial atención a itinerarios, fitos, eliminación de elementos discordantes e realce dos aspectos e edificios máis valiosos na percepción da cidade, son actuacións prioritarias para aumentar o atractivo de Lugo como espazo de vida e traballo. En materia de imaxe urbana, a experiencia internacional pon de manifesto que, cun esforzo razoable, poden lograrse resultados espectaculares en pouco tempo. Estas iniciativas de mellora deben incorporar conexións co Miño e a mellora das zonas de ribeira así como a posta en valor dos núcleos e espazos rurais que rodean a cidade.

Nos últimos anos empezan a aparecer dinámicas de crecemento, moi incipientes aínda, en municipios próximos como Outeiro de Rei. Estes procesos de expansión residencial e de actividades económicas requiren unha execución baixo criterios de calidade e de integración urbana que eviten o debilitamento deste nodo urbano debido a procesos de dispersión e

extensificación dos novos desenvolvementos.

Fortalecemento dotacional

Lugo dispón dunha adecuada cobertura para desenvolver as súas funcións en servizos básicos educativos e sanitarios. Por iso é polo que os esforzos convén que se centren en lograr dotacións propias dunha sociedade máis evolucionada e complexa que realiza demandas máis variadas: novos servizos asistenciais, unha oferta cultural e de lecer máis diversa e atractiva, opcións comerciais máis amplas e suxestivas. Neste sentido son de destacar iniciativas como o novo Hospital Xeral, o novo Auditorio e a Estación de Autobuses.

Xunto a estes equipamentos, o outro gran reto constitúeo o aumento da oferta de actividades terciarias, impulsando o desenvolvemento de espazos e iniciativas de servizos para mellorar a produtividade das actividades económicas. O desenvolvemento futuro de Lugo vai depender, fundamentalmente, de procesos de desenvolvemento endógeno na escala local e no seu ámbito de influencia provincial e da súa capacidade para atraer novos investimentos produtivos.

O factor clave é, xa que logo, o seu potencial para desenvolver os servizos produtivos e as iniciativas empresariais que aproveiten as oportunidades existentes mediante a mobilización dos recursos locais pero tamén mediante a atracción de iniciativas esóxenas. A mellora da oferta de espazos produtivos, a creación de estruturas organizativas para difundir innovacións, incentivar a cooperación empresarial e institucional, apoiar novos proxectos emprendedores, desenvolver accións de difusión, etc., considéranse liñas de actuación para o seu logro.

Espazos para a nova economía

O sistema produtivo de Lugo e do seu ámbito de influencia caracterízase pola súa debilidade tecnolóxica e unha escasa demanda de coñecementos e servizos avanzados como estratexia de competitividade. A potenciación dos centros de innovación e a implicación da Universidade ao redor dos sectores de producións agrícolas, gandeiras e forestais, a xestión de espazos e recursos naturais, o turismo rural, a utilización das novas tecnoloxías como elemento de fortalecemento de espazos débiles ou illados, etc. son elementos clave para dotar dun perfil máis definido á capital e aumentar o potencial de desenvolvemento da súa contorna rural.

A creación do Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo (CETAL), permitirá dar un salto cualitativo importante para impulsar e promover o desenvolvemento tecnolóxico do sector agroalimentario.

No ámbito da innovación e o coñecemento, a Universidade, o Hospital Clínico Veterinario, e algunhas sociedades públicas desempeñan un papel destacado. Algunhas das súas iniciativas converteron á Galicia en exportadora de material xenético de calidade para a gandería e permiten reter no territorio gran parte do valor engadido xerado por esta actividade.

Pero Lugo tamén require dispor de espazos para a nova economía. Dado o tamaño e o atractivo da cidade amurallada, resulta de interese aproveitar os edificios e contenedores emblemáticos existentes para impulsar actividades institucionais de innovación e formación, integrando estas actividades na vida urbana de acordo coas tendencias máis recentes referentes aos espazos de innovación.

Adicionalmente, o Polígono Industrial das Gándaras, que contará con 2,2 millóns de metros cadrados, permitirá a Lugo dispor de solo industrial nun lugar estratéxico da cidade, ao lado do Polígono Industrial do Ceao (o outro parque industrial principal da cidade) e da nova estación ferroviaria de mercancías.

6. O Sistema Urbano Intermedio

6.1. O Papel Territorial do Sistema Urbano Intermedio

No territorio de Galicia aparece un interesante conxunto de vilas con poboacións que oscilan entre os 15.000 e os 40.000 habitantes, que enriquecen e achegan variedade ao sistema urbano da Comunidade. Estas vilas localízanse tanto nas zonas periféricas da Comunidade, onde a menor influencia das principais cidades permite a estes núcleos asumir unha maior centralidade e protagonismo, como en ámbitos litorais onde a densidade de poboación deu lugar a complexos continuos urbanos. Trátase de centros que experimentaron un crecemento demográfico moito menor que o das cidades máis importantes, pero cuxo dinamismo os diferencia claramente da tónica de declive que marca á maior parte do territorio galego desde as décadas centrais do século XX.

Neste documento denomínanse a estas vilas “sistema urbano intermedio”. Xunto coas principais vilas integradas nos Espazos Metropolitanos constitúen o segundo chanzo na xerarquía do sistema urbano, de gran importancia para as estratexias de integración e fortalecemento do modelo territorial, facendo posible que todo o territorio participe nas iniciativas de desenvolvemento. Son ámbitos clave para o equilibrio territorial, a cohesión social, e posibilitar un aproveitamento integral das oportunidades de actividade de todo o territorio. Neste sentido poden e deben realizar funcións decisivas na organización do territorio de Galicia:

- Son determinantes para dinamizar os procesos de desenvolvemento e asegurar a dispoñibilidade de servizos urbanos de certo nivel nas zonas máis débiles do territorio de Galicia. Estas cabeceiras constitúen referencias territoriais imprescindibles para previr o despoboamento e a agudización dos desequilibrios territoriais en amplas zonas do interior. A especialización produtiva que singulariza a moitos destes centros é un dos aspectos clave para a fortaleza económica da Comunidade.
- Polo seu tamaño, a súa distribución territorial, e en moitos casos polas súas dinámicas económicas, proporcionan unha oferta urbana variada de núcleos dotados dunha forte identidade, cuxo fortalecemento permite evitar moitos dos riscos asociados a unha excesiva concentración da poboación nun número reducido de grandes centros, cos custos funcionais, sociais e económicos que se derivan das situacións de conxestión.
- Proporcionan un referente territorial en torno ao cal organizar crecementsos residenciais e de espazos de actividade, reducindo os riscos de proliferación da urbanización difusa, de aparición de crecementsos desestruturados e de falta de áreas de centralidade.
- Noutros casos trátase de ámbitos importantes para consolidar as estratexias de articulación territorial entre as principais Áreas Urbanas de Galicia.

6.2. Estratexias para o Fortalecemento do Sistema Urbano Intermedio

Para que o Sistema Urbano Intermedio poida desenvolver adecuadamente estas funcións no Modelo Territorial de Galicia é imprescindible aumentar o seu rango urbano, de forma que se incremente a calidade e variedade dos seus servizos e o atractivo destas poboacións como espazos de residencia e actividade. Para iso neste documento expónse tres estratexias fundamentais:

- impulso de iniciativas de cooperación entre concellos para que a suma de diferentes municipios moi interrelacionados permita aumentar o seu rango urbano e abordar proxectos e solucións que non son posibles desde a óptica local de cada un deles por separado. A estratexia básica pasa por articular os ámbitos de integración entre os diferentes municipios e xerar elementos que faciliten a unificación dos mercados laborais e das áreas de prestación de servizos.
- fortalecemento da base produtiva constitúe a referencia fundamental para soste calquera outra iniciativa de mellora urbana e da calidade de vida dos cidadáns. É moi importante apoiar iniciativas que favorezan a implantación de actividade económica e o aumento do nivel formativo e a capacidade de innovación, especialmente en relación coas actividades máis importantes para o desenvolvemento local. Unha maior dimensión e complexidade da base produtiva é, ademais, un factor decisivo para a aparición de infraestruturas, servizos e dinámicas urbanas que son determinantes para fortalecer o rango das cidades e ampliar a calidade e diversidade da oferta urbana.
- aumento do atractivo urbano é outro dos aspectos relevantes para fortalecer o Sistema Urbano Intermedio de Galicia. A mellora da imaxe das vilas e a súa contorna, o aumento na calidade e variedade das posibilidades educativas, comerciais, de lecer, etc. son fundamentais para incrementar o atractivo e as oportunidades destes centros urbanos. Espazos singulares que aparecen na maior das vilas pequenas e medias, como centros históricos, portos, áreas industriais ou espazos ferroviarios, etc. proporcionan con frecuencia oportunidades singulares para acometer proxectos de renovación que poden constituír importantes experiencias de dinamización urbana.

6.3. Referencias Territoriais para a Articulación do Sistema Urbano Intermedio

6.3.1. O sistema de asentamentos da Mariña

Ao longo da costa norte de Lugo a chaira litoral proporciona un ámbito no que un conxunto de pequenas vilas, Ribadeo, Foz, Burela, Viveiro, definen un sistema de asentamentos polinuclear lineal que alberga máis de 75.000 habitantes e que, en tramos como entre Ribadeo e o Porto de San Cibrao, se presenta case como un continuo debido á proliferación de edificacións que se dispón ao longo da estrada que discorre paralela á costa e que estrutura este espazo.

O corredor urbano que se propón ao longo deste ámbito é de gran importancia para as estratexias de articulación de Galicia co Eixe Cantábrico. Constitúe unha prolongación da

Mariña Occidental asturiana e é o espazo con maior potencialidade para reducir a extensa fractura urbana que se estende entre a área Central Asturiana e o futuro Espazo metropolitano da Coruña-Ferrol. Os principais núcleos de poboación do litoral da Mariña conforman un subsistema de pequenos centros con perfís complementarios (turismo, servizos, industria...) e constitúen o único polo de dinamismo e actividade do norte da Comunidade. Viveiro reúne condicións para actuar como cabeceira no extremo occidental dun corredor urbano onde Ribadeo debe ser cabeceira no ámbito oriental configurando un centro que lidere tamén unha parte do espazo occidental asturiano. Foz e Burela constitúen as subcabeceiras na configuración deste ámbito.

Neste documento de Directrices suxírense as seguintes liñas de actuación para a articulación territorial do sistema urbano da Mariña:

- Conexión directa con Ferrol mediante as novas vías de alta capacidade Ferrol-San Cibrao e San Cibrao-Barreiros, e con Lugo e Asturias a través da Autovía do Cantábrico A-8. Estas infraestruturas son o elemento vertebrador para fortalecer A Mariña e potenciar o seu papel como ámbito de integración entre Asturias e Galicia. Proporcionan unha plataforma de altas prestacións para o tráfico de longo percorrido e facilitan un acceso rápido aos servizos e infraestruturas do espazo metropolitano da Coruña-Ferrol.
- A estrada N-634 que forma un eixe viario de gran calidade para os movementos de carácter local, proporciona un magnífico soporte infraestructural para os procesos de articulación do desenvolvemento urbano entre os distintos núcleos da Mariña. O desenvolvemento das novas conexións permitirá dotar a esta estrada dun carácter máis "urbano" e ao redor da cal poder situar coherentemente espazos de actividade económica, dotacións e áreas residenciais e turísticas como alternativas ao actual crecemento difuso, con crecente impacto sobre unha paisaxe moi valiosa. É necesario evitar a localización de vivendas e edificacións dispersas ao longo dos viarios rurais impulsando desenvolvementos urbanos de calidade asociados aos núcleos de poboación.
- A liña do ferrocarril de vía estreita comunica Ferrol coa área Central Asturiana. Unha maior consolidación urbana dos asentamentos da Mariña é clave para poder aumentar a calidade do servizo e fortalecer o seu papel como elemento estruturador do desenvolvemento urbano e económico deste espazo. O tren pode xogar aquí un papel moi importante para configurar a sucesión de asentamentos da Mariña como un espazo urbano máis integrado desde o punto de vista funcional e morfolóxico.
- A liña de costa constitúe un eixe de relación de máximo valor polo seu interese ambiental e paisaxístico. O carácter da costa, que integra praias, outeiros, rías, portos e cidades, proporciona a base para desenvolver elementos de conexión brandos e localizar espazos de lecer, turísticos e residenciais de gran calidade de forma harmónica coas áreas de protección ecolóxica.

6.3.2. Carballo e a Costa de Bergantiños

Esta área que agrupa unha poboación próxima aos 70.000 habitantes, está experimentando un continuado proceso de crecemento.

A intensidade dos intercambios entre A Coruña e Carballo converte a esta en centro receptor dos desenvolvementos vinculados ao crecemento do espazo metropolitano. A Autoestrada A Coruña-Carballo, a Autovía Carballo-Berdoias e o atractivo da franxa costeira configúranse como os principais eixes de expansión de dinámicas metropolitanas de gran importancia nun dos ámbitos que experimentou un gran dinamismo nos últimos anos. O novo porto exterior da Coruña reforzará a vinculación deste espazo aos procesos de desenvolvemento de actividades produtivas ao redor da Metrópole Ártabra.

As actuacións territoriais e sectoriais dispón dunha interesante oportunidade para o desenvolvemento dos espazos residenciais e de acollida de actividades produtivas no núcleo de Carballo. Considérase que este proceso de novos asentamentos debe darse tamén ao redor dos núcleos tradicionais dos concellos de Carballo e Laracha, situados ao longo da estrada AC-552, con dimensións proporcionais ao tamaño de cada núcleo e tipoloxías acordes coas características destes.

Nesta estratexia é fundamental dotar de elementos de centralidade a Carballo que compensen a proximidade á metrópole. Así as actuacións sectoriais priorizarán a este núcleo na dotación de equipamentos públicos. Igualmente favoreceranse as actividades comerciais e terciarias.

Estas dotacións terciarias deben permitir a Carballo articular os desenvolvementos turísticos e de primeira e segunda residencia no litoral da costa de Bergantiños. No ámbito máis occidental Laxe ten entidade para atraer desenvolvementos turísticos e de segunda residencia, consolidando o porto como zona de identidade principal e centro de servizos.

No resto do territorio o obxectivo será evitar crecementos dispersos admitíndose tan só pequenos desenvolvementos acordes co carácter dos núcleos tradicionais e favorecéndose aqueles sinalados como Núcleos de Identidade do Litoral nestas Directrices.

6.3.3. Costa da Morte

O ámbito costeiro máis occidental de Galicia foi un espazo periférico debido ás dificultades de comunicación e a súa localización afastada dos principais centros urbanos do Eixe Atlántico.

Neste contexto o agregado Cee-Corcubián presenta un dinamismo demográfico e económico que, xunto á súa crecente oferta terciaria e de servizos, o configuran como un centro cabeceira con capacidade para estruturar os procesos de desenvolvemento ao redor da Costa da Morte. De xeito complementario Vimianzo reforza estes procesos actuando como Nodo para o Equilibrio do Territorio.

A clave para o impulso dunha nova etapa de desenvolvemento neste espazo é a conclusión da vía de alta capacidade da Costa da Morte que conectará este territorio con Carballo e o espazo metropolitano da Coruña-Ferrol. As iniciativas de ordenación que se propón para

aproveitar esta oportunidade e evitar procesos de deterioro asociados á nova accesibilidade son as seguintes:

- Fortalecer a oferta urbana de Cee e en particular a asociada aos servizos públicos, os parques empresariais e as actividades comerciais, xerando un ámbito de centralidade con capacidade para articular os procesos de desenvolvemento na súa contorna.
- Asociar os desenvolvementos urbanísticos aos núcleos existentes e, en particular, ás cabeceiras municipais e aos portos pesqueiros tradicionais considerados como Núcleos de Identidade do Litoral adecuando o seu uso para actividades de lecer, turismo e náutico-deportivas.
- Impulsar o desenvolvemento dunha nova oferta hostaleira para aproveitar o potencial turístico deste espazo sen vinculalo a crecementos urbanísticos.
- Preservar a paisaxe e a calidade ambiental do territorio, e en especial dos ámbitos costeiros, como elemento clave de atracción e desenvolvemento para o futuro deste territorio. Nesta liña tería especial interese recuperar de forma permanente para disfrute dos cidadáns o encoro do Ézaro, único río de Europa que desemboca en ferverza.

6.3.4. O sistema de asentamentos da Ría de Muros e Noia

Entre Muros e Porto do Son organízase un espazo litoral complexo de gran valor paisaxístico e fortemente antropizado no que viven case 53.000 habitantes. O proceso de crecemento urbano ao longo da costa levou á configuración dun espazo urbano case ininterrompido que constitúe unha extensión polo litoral do Eixe urbano do Atlántico co que se integra a través da cidade de Santiago, sendo a conexión Noia-Brión-Santiago unha infraestrutura clave para a dinamización deste territorio.

O núcleo de Noia como cabeceira e Muros como subcabeceira proporcionan unha base urbana adecuada para impulsar un proceso de fortalecemento destes centros complementados con outros asentamentos dotados de forte identidade e atractivo. Proponse avanzar cara a unha estrutura lineal policéntrica e interrelacionada.

Nesta liña súxírese mellorar as dotacións e a oferta terciaria dos tres centros principais de forma que poidan facer do seu atractivo ambiental e da súa calidade de vida elementos clave para atraer novas actividades económicas vinculadas ao mar e ao turismo, así como empresas terciarias da nova economía que poden atopar alicientes nestes espazos, con bos servizos urbanos e unha sólida infraestrutura de telecomunicacións. Trátase de xerar alternativas a un crecemento inmobiliario convencional con crecentes riscos de insostibilidade económica e ambiental. A mellora das conexións con Santiago, o fortalecemento dos servizos de telecomunicación, a potenciación turística e recreativa dos numerosos portos e a preservación das paisaxes e espazos de maior interese ambiental como o Castro de Baroña son estratexias clave.

6.3.5. A costa de Barbanza

Cunha poboación que supera os 66.000 habitantes a marxe setentrional da Ría de Arousa aparece como un ámbito no que a accidentada topografía configurou un estreito corredor urbanizado xunto ao mar que se estende desde Rianxo ata Santa Uxía de Ribeira case sen interrupción. Trátase porén dun espazo edificado falto de estrutura e que só presenta unha certa densidade ao redor dos numerosos portos que se localizan ao longo do litoral.

Estes factores limitan a capacidade estruturante dos principais núcleos aparecendo este Sistema Urbano Intermedio como un ámbito que, progresivamente, debe buscar unha maior integración con Vilagarcía de Arousa e con Santiago como centros con capacidade de dotar unha maior prestación de servizos a este ámbito.

Na súa escala o ámbito de Santa Uxía de Ribeira, como cabeceira deste sistema, aparece como o elemento con maior capacidade para acoller novas dotacións e achegar servizos á poboación e de apoio ás actividades económicas e ás novas iniciativas turísticas vinculadas aos espazos naturais e ás actividades náuticas. As vilas de Boiro e Rianxo complementan esta función na súa condición de subcabeceiras.

É esencial preservar os ámbitos litorais libres de ocupación e propiciar unha maior densidade nos ámbitos construídos especialmente ao redor dos centros municipais.

A Autovía do Barbanza debe configurarse como o gran eixe de conexión deste espazo reservando os traxectos da costa para a configuración de viarios cun carácter máis integrado nos espazos naturais e urbanos.

6.3.6. O sistema de asentamentos do Salnés

Algo máis de 100.000 habitantes viven ao longo dos asentamentos da ribeira meridional da Ría de Arousa. É un espazo denso, dinámico e cun gran potencial pero cuxas expectativas se ven limitadas pola conxestión e pola perda de oportunidades que implica a fragmentación municipal, que reduce a oferta urbana global deste territorio en contraposición coas importantes capitais situadas nas súas proximidades.

Vilagarcía como cabeceira e Cambados e O Grove como subcabeceiras aparecen como os núcleos clave para estruturar e fortalecer o desenvolvemento urbano da Ría de Arousa.

Exponse actuar ao longo do eixe de integración que define o litoral para adecuar os desenvolvementos urbanos e os infraestruturais aumentando as opcións e a calidade global deste ámbito. Como estratexias básicas para iso súxírense as seguintes accións:

- Fortalecer a base infraestrutural mellorando os enlaces cos sistemas urbanos do interior. A futura Autovía Vilagarcía-Pontevedra, a Autovía do Salnés e os enlaces cos principais centros urbanos da Ría deben converterse nos soportes que canalicen os tráxicos de conexión co denominado Eixe Atlántico. Estas infraestruturas permitirán a este espazo beneficiarse das dinámicas de desenvolvemento e a oferta de servizos da Metrópole das Rías Baixas e reducir a presión sobre os valiosos espazos litorais ofrecendo novos lugares de acollida para as actividades económicas que non requiren situarse necesariamente no litoral.



- Nesta estratexia de vertebración territorial é conveniente potenciar o papel do ferrocarril nas conexións Santiago-Vilagarcía-Pontevedra e apoiar o desenvolvemento deste servizo con sistemas de transporte colectivo que conecten os restantes asentamentos costeiros.
- Reordenar os procesos de expansión urbana, freando as tendencias á urbanización difusa e á proliferación de asentamentos dispersos, para desenvolver operacións estruturantes nos núcleos de maior identidade. Trátase de converter o actual proceso de crecementos aleatorios nunha estratexia de consolidación dun eixe urbano potente e atractivo ao redor da estrada PO-550, con maior capacidade de acollida e menores impactos sobre a paisaxe, a estrutura dos asentamentos e a capacidade das infraestruturas. As cabeceiras e subcabeceiras xunto a outros núcleos como Vilanova de Arousa e A Illa de Arousa deben concentrar a nova oferta de desenvolvementos urbanos evitando a denominada urbanización difusa.
- Potenciación da oferta turística e de lecer ao redor dos numerosos portos. Suxírese tamén o desenvolvemento dun nodo de dinamización turística no ámbito O Grove-Sanxenxo, con obxecto de intensificar a actividade económica do litoral e transformar paulatinamente o actual modelo turístico cara a outro con menor estacionalidade e que propicie un maior equilibrio físico e funcional dos diferentes desenvolvementos que se aliñan ao longo desta zona costeira e doten de calidade a un espazo moi vinculado ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

6.3.7. O Sistema transfronteirizo do Baixo Miño

O Baixo Miño, espazo de contacto entre Galicia e Portugal, no estratéxico ámbito da fachada atlántica, é, xa que logo, un territorio clave nas estratexias de integración suprarexional na área de maior potencialidade e dinamismo da Eurorexión. Por aquí discorren as principais infraestruturas de comunicación e conéctanse os principais centros urbanos. Dáse aquí tamén a conexión a través doutros elementos articuladores como o itinerario portugués do Camiño de Santiago e os Corredores Verdes do Miño e o litoral.

Este espazo, que concentra algo máis de 46.000 habitantes, está liderado polas vilas de Tui, un centro historicamente asociado ás actividades administrativas, comerciais turísticas asociadas á súa posición fronteiriza e, no extremo máis occidental, A Guarda, que constitúe un núcleo urbano con vocación de actuar como subcabeceira no espectacular territorio que forman a desembocadura do Miño, o Monte Santa Tecla e a abrupta costa aos pés da Serra de Argalo.

Tanto Tui como A Guarda deben aproveitar as vantaxes de localización que aparecen na nova estrutura territorial para configurar nodos urbanos de maior rango que contribúan decisivamente a dar continuidade aos procesos de desenvolvemento entre os Espazos Metropolitanos do Porto e Vigo-Pontevedra. Para lograr este obxectivo no caso de Tui existe unha interesante opción a partir dunha maior integración coa cidade portuguesa de Valença, de tamaño moi similar e que se desenvolve alén do río. Ambas as cidades dispón dun magnífico patrimonio urbano e monumental, presentan perfís urbanos semellantes e comparten as ribeiras do Miño e un espazo de excelente calidade paisaxística e ambiental.

Existen xa que logo interesantes posibilidades para configurar un nodo urbano máis integrado, no que a vella e a nova ponte internacional e o río se convertan nos elementos estruturantes, cunha posición central, na nova etapa de crecentes interrelacións entre Galicia e Portugal.

A vía de alta capacidade entre Tui e A Guarda e a conexión con Vilanova de Cerveira a través da Ponte de Goián permitirán conectar máis eficazmente este espazo mellorando a accesibilidade do conxunto dos espazos ribeiráns.

6.3.8. O sistema central Lalín-A Estrada

As cidades de Lalín e A Estrada son dous núcleos dinámicos, que historicamente desenvolveron funcións como centros comarcais. Constitúen elementos de relación e conexión costa-interior do sistema urbano de Galicia pois ocupan unha posición central no territorio da Comunidade. Lalín é a encrucillada das rutas de conexión de Lugo coas Rías Baixas e de Ourense con Santiago e as Áreas Urbanas do norte mentres que A Estrada ocupa unha posición moi próxima ao denominado eixe urbano do Atlántico e é o principal centro urbano entre Santiago e Pontevedra.

A conexión, mediante unha nova autovía, entre Santiago e A Estrada, a conexión Dozón-Ourense e a conexión Dozón-Santiago, mediante autoestrada, son infraestruturas que fortalecerán aínda máis os vínculos deste espazo coas dinámicas do Eixe Atlántico.

A localización destas cidades medias, a súa dimensión urbana e o seu dinamismo económico configúraas como cabeceiras dun ámbito que debe potenciarse coas novas conexións de gran capacidade previstas para comunicar entre si as principais cidades de Galicia. Silleda, a medio camiño entre ambas as cidades, é un núcleo con vocación de subcabeceira neste espazo.

Trátase de núcleos dinámicos que poden potenciarse a través de melloras na súa calidade urbana e na súa oferta de servizos. A clave é estimular as actividades produtivas e mellorar a súa capacidade competitiva. As melloras infraestruturais que se suxiren neste documento serán decisivas para sacar partido ás súas vantaxes de localización no centro de gravidade de Galicia e a pouca distancia dos principais centros metropolitanos e urbanos da Comunidade.

6.3.9. O Carballiño e as terras do Ribeiro.

Situado no Noroeste da provincia de Ourense, ao pé do arco montañoso que describen as Serras de Testeiro e O Faro e ao Norte do paso do Río Miño polo límite provincial de Ourense, esténdense as terras de O Carballiño e O Ribeiro.

A barreira orográfica que as delimita xunto coa existencia de pequenos vales incrustados a baixa altitude, proporciona ao mesmo tempo a formación dun abrigo natural que favorece a creación de microclimas locais, idóneos para cultivos especializados entre os que destaca toda a produción vitivinícola da zona.

O núcleo principal é O Carballiño, tanto polos seus mais de 10.000 habitantes de poboación,

como pola súa capacidade de concentración da actividade económica. A existencia nesta vila de diferentes dotacións e servizos administrativos os que acude a poboación dun extenso número de asentamentos fixo que adquirise a condición de núcleo secundario de referencia con respecto cidade de Ourense. Na parte sur da área destaca o núcleo de Ribadavia, con algo máis de 3.000 habitantes, e que actúa como Nodo para o Equilibrio do Territorio.

O mantemento de incipientes industrias creadoras de emprego como son as ligadas á construción ou ao sector madeireiro, deben combinarse co reforzo de ámbitos produtivos xa asentados e que contan con estándares de calidade, como é o caso do viño e o termalismo.

Estes factores de desenvolvemento gañan enteiros a medida que o espazo adquire centralidade coas novas infraestruturas de comunicación. A posta en servizo da totalidade da autovía entre Santiago e Ourense e o novo vial de acceso ao Carballiño, outorga ao sistema territorial un factor de oportunidade único para conformar unha área económica significativa propia capaz de articular e modular os fluxos dos sistemas urbanos da franxa atlántica de Galicia con Ourense.

6.3.10. As Pontes espazo de rexeneración e diversificación económica.

A localización xeográfica das Pontes correspóndese cunha profunda conca de sedimentación terciaria entre pregos montañosos. Desta depresión, nace o importante xacemento de lignito que determinou a funcionalidade e a dinámica socio-económica deste territorio.

A poboación das Pontes rolda os 12.000 habitantes que sumada á dos concellos inmediatamente limítrofes, As Somozas e A Capela, constitúe un área que se achega aos 15.000 habitantes cuxa dinámica sociolaboral concéntrase basicamente no núcleo urbano, que ata a actualidade caracterizouse por albergar unha base económica de tipo claramente industrial liderada pola Central Térmica.

Debido ao esgotamento do xacemento de lignito e a substitución deste por carbón importado a través do porto de Ferrol, esta actividade industrial afronta hoxe en día unha fase de reconversión cara á produción termoeléctrica baseada en ciclos combinados, apoiándose na planta de regasificación de Mugardos.

Devandita reconversión económica, fai que os fluxos sociolaborais comecen a diversificarse tanto desde o punto de vista da localización como da propia actividade a desempeñar.

E importante favorecer este proceso de diversificación que debe ser apoiado unha mellora das comunicacións entre as que destaca a progresiva posta en servizo da autovía AG-64 Ferrol-As Pontes-Vilalba que conecta ao núcleo de As Pontes directamente co sistema urbano superior e cunha das principais arterias de comunicación exterior da Comunidade como é Autovía do Cantábrico, a través de Vilalba.

A diversificación da actividade económica tamén se verá favorecida pola renovación dos espazos destinados ao asentamento empresarial e polo importante proxecto de rexeneración ambiental incluído no programa de reconversión mineira que leva a creación do que será o lago artificial máis grande de Galicia cunha lámina de auga de máis de 800

hectáreas de superficie.

6.3.11. Vilalba, novo espazo loxístico e de transformación agraria

Vilalba sitúase como espazo de transición entre o leste da provincia de A Coruña, o centro da provincia de Lugo e a Mariña lucense. Constitúe o foco socioeconómico da Terra Chá no que predomina a actividade agrícola e gandeira. A xeomorfoloxía do terreo, produciu un hábitat humanizado modelado e mantido por un aproveitamento secular do territorio, caracterizando á Terra Chá como a campiña galega.

En canto á súa demografía, o núcleo de Vilalba conta con máis de 15.000 habitantes, pero tendo en conta o carácter multicéntrico da súa área de influencia formada múltiples asentamentos trataríase dun sistema territorial que se achega aos 46.000 habitantes.

Un factor clave do que Vilalba e o seu área deberá sacar proveito é a súa situación estratéxica con respecto das novas vías de alta capacidade de longo percorrido, converténdose en nó de intercambio e reparto de fluxos entre a franxa atlántica de Galicia e o Norte e Centro de España. A confluencia en Vilalba da Autovía AG-64 provinte de Ferrol coa A-8 Autovía do Cantábrico, así como a conexión en Begonte deste último itinerario coa A-6 Autovía do Noroeste, proporcionan unha inmejorable oportunidade para a ubicación de plataformas loxísticas.

Por último, cómpre potenciar todo o valor natural e paisaxístico da zona, onde existen hábitats compostos por lagoas, turbeiras e ribeiras en aceptable estado de conservación, entre os que destaca o Lugar de Interese Comunitario Parga – Ladra – Támoga. A conservación destes espazos naturais, constitúe un valor engadido para o incremento dos fluxos turísticos atraídos pola infraestrutura hostaleira singular xa existente, como o parador de Vilalba ou o balneario termal de Guitiriz.

6.3.12. Sarria, núcleo dinámico de transición cara o sur e a montaña lucense

Este sistema serve de enlace entre o sistema urbano superior focalizado na cidade de Lugo e os espazos da parte meridional e da montaña lucense. Está atravesado lonxitudinalmente polo río Neira e polo camiño de Santiago, diferenciándose dúas áreas xeográficas principais.

En primeiro lugar, a depresión montañosa sobre a que se asenta a vila de Sarria, núcleo económico e administrativo principal de toda a comarca, alberga unha rede hidrográfica moi extensa e ramificada que xunto coa calidade do solo favorece a produción agrícola e os asentamentos gandeiros. Por outra banda, a área de montaña ao pé da Serra dos Ancares onde se localiza un conxunto de asentamentos entre os que destaca o núcleo de Becerreá.

Sarria ten arredor de 13.500 habitantes concentrando a maior parte da actividade económica e a industria de todo a área que en conxunto achegaríase a unha poboación de case 38.000 persoas.

Entre os eidos xeradores de actividade económica sobresaen, ademais da produción cárnica e láctea de calidade, o dinamismo do comercio minorista, a produción de cemento en Oural e toda a industria de fabricación e venda de mobles ao longo do itinerario entre Lugo e Sarria que se centraliza sobre todo no Lán cara.



Un importante factor de desenvolvemento para esta área é a nova vía de alta capacidade entre Nadela, Sarria e Monforte, xa que axilizará os fluxos de longo recorrido e facilitará a afluencia de forma máis segura e ordenada á denominada “rota do moble”.

Sarria e o seu contorno deben sacarlle partido o seu importante potencial turístico baseado en elementos como a riqueza natural e paisaxística do seu entorno máis inmediato, como a Serra dos Ancares, así como todos os elementos derivados do paso do Camiño de Santiago polo seu territorio.

6.3.13. Monforte de Lemos

Pola súa dimensión e localización corresponde a Monforte exercer o liderado urbano nas comarcas do sur de Lugo mediante a expansión das súas funcións terciarias que pode verse favorecida grazas ás melloras que vai experimentar a súa accesibilidade en particular coas novas conexións co Bierzo e con Lugo, a través da vía de alta capacidade Nadela-Sarria-Monforte. Ademais Monforte ten un enclave estratéxico na rede ferroviaria de Galicia, sobre todo no que se refire a transporte de mercadorías.

Este liderado pode apoiarse co desenvolvemento de actividades e funcións vinculadas á dinamización dos activos territoriais da súa contorna. Trátase de propiciar un espazo urbano máis atractivo e mellor organizado que permita potenciar a funcionalidade de Monforte como centro loxístico, de servizos á produción, sede de iniciativas de dinamización e desenvolvemento, espazo comercial e cultural e como elemento articulador dunha nova oferta turística nas montañas de Ancares-Courel.

Chantada presenta a dimensión necesaria para constituír unha subcabeceira que exerza funcións de acollida de servizos supramunicipais na zona occidental. A autovía Chantada-Monforte permitirá conectar máis eficazmente este espazo. No leste, Quiroga dispón de activos urbanos importantes actuando como Nodo para o Equilibrio do Territorio no que acoller unha oferta de servizos orientada a potenciar os atractivos turísticos da zona.

6.3.14. Xinzo de Limia – Baixa Limia

Atravesado no seu conxunto polo leito do río Limia, o sistema territorial Limia – Baixa Limia divídese en canto a súa orografía e funcionalidade en dúas áreas comarcais ben diferenciadas entre si.

A Limia aséntase nunha ampla depresión que se presenta como a segunda gran chaira de Galicia e que outrora se atopaba parcialmente cuberta pola lagoa de Antela, que foi desecada para o aproveitamento agrario e areeiro. Por outra banda, a Baixa Limia, se corresponde coa cunca media do río Limia e se caracteriza por unha acusada orografía de alta montaña, o que fai que a densidade de poboación sexa moito máis baixa.

Xinzo, con 10.000 habitantes, situado no centro da chaira, é tamén o foco neuráxico da actividade económica e de servizos deste sistema territorial intermedio, que en conxunto rolda os 33.000 habitantes.

O progresivo abandono da actividade agraria nos últimos anos, implicou á poboación limiá

nun proceso de transvasamento de man de obra excedentaria do campo cara outros sectores de actividade.

Nembargante, os cultivos de agricultura extensiva seguen a significar unha importante porcentaxe da produción económica, como poden ser os cereais ou a pataca. En especial, o selo de calidade acadado por esta última, que goza de indicación xeográfica protexida, constitúe un camiño de modernización a seguir por outros produtos agrícolas para formar parte do eixo dinamizador da economía da zona.

A progresiva recuperación ecolóxica e funcional da lagoa de Antela, ademais de favorecer un uso racional e ordenado da auga para os sistemas de regadío, inclúe unha Zona de Especial Protección de Aves, o que asociado a todo o valor do patrimonio histórico cultural existente no seu entorno, debe contribuír a potenciar os fluxos turísticos.

Neste mesmo sentido, cobra especial relevancia o Parque Natural da Baixa Limia Xures que, ademais de ser un elemento clave de preservación do medio ambiente, pode crear, en combinación coa oferta termal existente na zona, un amplo e diverso área de turismo alternativo na zona que contribúa a súa dinamización de xeito sostible.

6.3.15. Verín

Verín ocupa unha posición moi periférica no espazo galego, nunha das zonas máis afastadas dos principais centros urbanos e de actividade económica da Comunidade. Esta situación contrasta coa alta accesibilidade de que dispón, ao constituír unha das principais portas de Galicia desde a meseta a través da autovía das Rías Baixas, e un importante punto de acceso desde Galicia ao Norte de Portugal a través do val do Támega conectando coa cidade de Chaves coa que aparecen importantes sinerxías e oportunidades de cooperación. Trátase xa que logo dun espazo importante nas estratexias de integración de Galicia, ao que poden contribuír as actuacións infraestruturais previstas.

Para que estas potencialidades teñan plasmación en dinámicas de desenvolvemento efectivas é preciso lograr unha dimensión urbana máis sólida e con maior capacidade para aproveitar as oportunidades que se derivan da súa localización e a súa contorna. As actuacións en estradas que van desenvolverse nesta zona nos próximos anos deben aproveitarse para pór en valor activos singulares da paisaxe, o patrimonio e os espazos naturais deste ámbito así como para potenciar unha ruta de conexión coas comarcas interiores do norte de Portugal. A potenciación da cabeceira, fortalecendo o seu perfil terciario e industrial é a clave para dinamizar un ámbito no que a cidade de Verín hoxe constitúe o único elemento con certo dinamismo.

6.3.16. O Barco de Valdeorras

Estruturada polo val do Sil, a área de influencia do Barco ocupa unha zona de transición entre a depresión do Bierzo e a de Ourense. Aínda que constitúe un dos accesos naturais a Galicia desde a Meseta, a presenza de áreas de montaña dificulta a súa accesibilidade e reduce as súas posibilidades para aproveitar os procesos de difusión desde espazos máis desenvolvidos.

Neste contexto destaca o núcleo do Barco de Valdeorras, que constitúe a cabeceira deste espazo e tamén o segundo maior centro urbano da provincia de Ourense. Nun territorio marcado pola enorme intensidade dos procesos migratorios e a debilidade das actividades produtivas, O Barco logrou xerar dinámicas endóxeas que permitiron fixar unha certa porcentaxe da poboación da súa contorna rural e consolidar unha pequena vila viable e dinámica que contrasta coa profunda deterioración demográfica dos municipios da súa contorna.

O eixe O Barco-Vilamartín-A Rúa discorre ao longo da canle do Sil e é o espazo central onde se concentra a poboación e as principais actividades da zona. Proponse articular estratexias de cooperación e maior integración entre os diversos asentamentos deste corredor de alta calidade paisaxística. Preténdese así aumentar a dimensión urbana global dun ámbito organizado entre O Barco de Valdeorras que é a cabeceira e A Rúa que pode asumir o papel urbano de subcabeceira neste interesante ámbito.

A clave de futuro está en potenciar as actividades ligadas aos sectores económicos máis dinámicos, moi especialmente a lousa, facendo evolucionar o importante conglomerado produtivo actual cara a un verdadeiro clúster de relevancia internacional neste sector e impulsar activos singulares apoiados no viño e outras producións locais, así como nas enormes posibilidades turísticas que se estenden desde os canóns do Sil ata a estación de inverno de Manzaneda. Este obxectivo pode verse reforzado coa mellora das infraestruturas e, en particular, coa conexión cara a Ponferrada a través da A-76.

7. Nodos para o Equilibrio do Territorio

7.1. Significado dos Nodos para o Equilibrio do Territorio

Os Nodos para o Equilibrio do Territorio están formados por un conxunto de núcleos distribuídos por todo o territorio capaces de acoller funcións urbanas básicas para garantir unha estrutura de poboamento viable, xestionar o territorio e aproveitar as oportunidades existentes nel. Estes Nodos pechan a xerarquía de asentamentos con influencia supramunicipal.

En moitos casos, ante o despoboamento xeneralizado da súa contorna rural, os Nodos para o Equilibrio do Territorio están chamados a constituír o nivel local básico do sistema de poboamento de Galicia con capacidade para prestar servizos adecuados á poboación e impulsar polo menos un nivel básico de actividades económicas. O apoio ó desenvolvemento dos Nodos para o Equilibrio do Territorio é clave para o mantemento da poboación e o xurdimento de novas dinámicas e constitúe con frecuencia a única garantía para o mantemento dun certo continxente demográfico en moitas comarcas abocadas a un despoboamento dificilmente reversible.

Estes pequenos ámbitos desempeñan un papel esencial para o desenvolvemento económico das zonas rurais da súa contorna. Ademais do turismo, o desenvolvemento de iniciativas empresariais, artesanais e de servizos, poden constituír formas interesantes de diversificación económica das zonas rurais. En xeral adoitan ofrecer vantaxes para o turismo e desvantaxes para acoller actividades de carácter máis industrial. A potenciación das novas tecnoloxías de telecomunicación constitúe a principal oportunidade de futuro para dotar de vitalidade a estes Nodos, reducindo as súas desvantaxes fronte ás grandes concentracións urbanas e permitíndolles reforzar as singularidades que os dotan de atractivo.

Unha maior deterioración do tecido demográfico, urbano e económico das zonas rurais, que son moi importantes para configurar unha oferta autonómica global atractiva e diversificada, constitúe unha ameaza para o aproveitamento de recursos e oportunidades existentes no territorio.

Para evitar un aumento dos desequilibrios territoriais é importante crear pequenos polos de actividades económicas no medio rural e manter ou desenvolver as dotacións e servizos dos pequenos centros urbanos, especialmente no campo da saúde, educación, cultura, transportes públicos, etc.

No mapa adxunto sinalanse os 24 Nodos para o Equilibrio do Territorio chamados a desenvolver estas funcións (Mondoñedo, Monterroso, Becerreá, A Fonsagrada, Guitiriz, Padrón, Ordes, Santa Comba, Negreira, Arzúa, Melide, Vimianzo, Ortigueira, Caldas de Reis, A Cañiza, Pobra de Trives, Castro Caldelas, Maceda, Ribadavia, A Celanova, Allariz, Viana do Bolo, Bande, Quiroga)

7.2. Características dos Nodos para o Equilibrio do Territorio

As características e situacións dos Nodos para o Equilibrio do Territorio de Galicia son moi variadas e, xa que logo, as accións e estratexias a aplicar nelas deberán axustarse ás circunstancias concretas de cada caso e ás oportunidades e problemas identificados. As opcións son diversas pero na maioría dos casos deben pasar por un enfoque que apoie unha certa variedade de opcións, aínda que cunha énfase especial naquelas para as que existen vantaxes específicas: captación de dinámicas de desenvolvemento de ámbitos exteriores vinculadas a unha alta accesibilidade, como nos centros situados no Eixe Atlántico (Ordes, Padrón, Caldas de Reis...), potenciación de especializacións industriais ou agrarias locais (Ribadavia, Silleda, Bande...), centros de prestación de servizos e de xestión do territorio (A Pobra de Trives, Mondoñedo...), actividades turísticas e de lecer asociadas a activos naturais e patrimoniais (A Fonsagrada, Quiroga...), aproveitamento de oportunidades asociadas á súa localización sobre grandes eixes de comunicación (Becerreá, Allariz...), etc.

O enfoque básico é a necesidade de concentrar sobre estes Nodos os esforzos públicos de dinamización comarcal. O obxectivo debe ser a progresiva mellora da súa oferta dotacional e das infraestruturas de comunicación, con especial atención a estradas, transporte público e telecomunicacións. Preténdese reforzar os trazos de centralidade destes núcleos nos seus respectivos ámbitos, crear condicións de benestar e actividade esenciais e lograr unha relación eficaz coas cidades de rango superior ás que se vinculan en cada caso para satisfacer facilmente as demandas de servizos con maior complexidade.

O aumento do seu rango urbano é importante en moitos casos. Aínda que algúns Nodos poderán xerar dinámicas para a atracción de poboación, un obxectivo desexable na maior parte dos casos é lograr que se convertan en polo de atracción preferente para a poboación do seu ámbito rural como alternativa á emigración cara aos centros urbanos de dentro e fóra da Comunidade, especialmente para a poboación nova ou con maior nivel formativo. Isto require necesariamente unha maior variedade de opcións de emprego e de actividades con capacidade de satisfacer as expectativas persoais destes grupos de poboación.

Será frecuente no futuro a volta ao mundo rural de persoas capaces de desenvolver un traballo sofisticado co apoio das novas tecnoloxías e que valoren as opcións de calidade de vida destes hábitats. Trátase de Nodos cada vez mellor conectados cos centros neuráxicos do desenvolvemento de Galicia.

7.3. Estratexias para o Fortalecemento dos Nodos para o Equilibrio do Territorio

As liñas de acción que se suxiren para iso pódense sintetizar nos seguintes puntos:

- Mellora das infraestruturas de comunicación, aumentando a accesibilidade dos Nodos para o Equilibrio do Territorio, facilitando os desprazamentos entre eles e a súa conexión cos elementos superiores do Sistema Urbano.
- Mellora dos equipamentos e dotacións dos Nodos para o Equilibrio do Territorio aumentando a súa variedade e, sobre todo, elevando os niveis de servizo co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades da poboación e con capacidade para aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e

actividade.

- Potenciación das súas infraestruturas de telecomunicación como factor esencial para a xeración de novas actividades e de redución das desvantaxes derivadas dunha posición relativamente afastada dos principais centros urbanos.
- Accións de mellora urbana que incidan na imaxe dos núcleos, a oferta residencial de calidade, a posta en valor dos atractivos naturais e patrimoniais e na preparación de espazos de actividade adaptados ás necesidades de cada ámbito para lograr así un aproveitamento máximo das oportunidades de desenvolvemento existentes.
- Deseño de iniciativas territoriais orientadas a potenciar modelos de desenvolvemento endógeno que permitan a diversificación e ampliación da base produtiva, introducindo novas actividades que xeren empregos de calidade.
- Potenciación de Axencias de Dinamización que faciliten os procesos de difusión, a integración con accións xurdidas en espazos máis dinámicos e a posta en valor das iniciativas e oportunidades locais. Trátase de achegar os servizos necesarios para superar estrangulamentos inducidos polo illamento e pola falta de capacidade para acceder á información e aos mercados de bens, servizos e capitais exteriores.

8. Núcleos interiores vinculados ó Patrimonio Natural

8.1. Significado dos Núcleos interiores vinculados ó Patrimonio Natural

Con independencia da xerarquía do sistema de asentamentos de influencia supramunicipal, a proposta de Núcleos interiores vinculados ó Patrimonio Natural diríxese a identificar núcleos que conservan o seu carácter tradicional e intégranse nunha contorna de gran valor natural e paisaxístico para que acollian servizos turísticos e de lecer e usos residenciais con potencialidade de desenvolvemento.

Esta estratexia debe permitir potenciar unha rede de núcleos singulares (polas súas características morfolóxicas, patrimoniais, paisaxísticas, a súa relación con áreas de interese ambiental, etc.) que articulen o espazo turístico rural. Neste sentido, o obxectivo prioritario será paliar o abandono de núcleos de interese a través dunha serie de medidas que favorezan a súa promoción socioeconómica e a rehabilitación urbana do seu patrimonio. Trátase, na maioría dos casos, de mitigar a crise das súas actividades tradicionais mediante a súa complementariedade con actividades terciarias e turísticas, diversificando a base económica local e garantindo a súa viabilidade futura.

No caso de Galicia, tendo en conta a abundancia de núcleos en declive, o interese urbanístico ou ambiental dun gran número deles e a súa proximidade a espazos valiosos e a múltiples elementos de interese, considérase especialmente oportuno o desenvolvemento de accións para configurar núcleos como centros desde os que acceder e disfrutar dos elementos de interese existentes no territorio, que deben ser o punto de partida para novas opcións de desenvolvemento.

O éxito dunha estratexia deste tipo esixe, por unha banda, o desenvolvemento de órganos de xestión e accións de formación para os habitantes das zonas rurais. O desenvolvemento de operacións piloto permitirá obter a experiencia e a operatividade necesarias para avances posteriores cada vez máis ambiciosos. A adaptación dos núcleos de poboación seleccionados como Núcleos interiores vinculados ó Patrimonio Natural basearase na realización de accións de mellora da imaxe urbana do núcleo, renovación e posta en valor do patrimonio edificado e mellora de infraestruturas e equipamentos, e todo iso en consonancia con esta vocación definida como as “portas” do territorio.

Os Núcleos interiores vinculados ó Patrimonio Natural que se suxiren neste documento identificáronse atendendo a criterios como a existencia dun patrimonio urbano que dota de identidade e atractivo aos núcleos, a súa posición estratéxica en relación coas áreas Estratéxicas de Conservación e os Corredores Verdes, a existencia dunha certa dimensión urbana e a súa localización en áreas cun forte declive demográfico. No mapa adxunto sinaláanse os 41 municipios nos que se detectan núcleos con potencialidade para desenvolver estas funcións territoriais. Corresponden todos a espazos de interior pois este papel, no litoral, desenvólvense polos Núcleos de Identidade do Litoral.

8.2. Funcións Territoriais dos Núcleos interiores vinculados ó Patrimonio Natural.

O papel territorial destes núcleos permítelles desenvolver unha dobre función.

Por unha banda, poden actuar como centros de xestión de actividades e servizos asociados aos espazos de interese ambiental de Galicia, permitindo localizar neles instalacións necesarias para o disfrute dos ámbitos de valor paisaxístico e ecolóxico sen afectar a zonas ambientalmente fráxiles, proporcionando un elemento adecuado para controlar o acceso ás áreas de interese natural de forma compatible coa súa capacidade de carga.

Doutra banda, a localización nestas poboacións de actividades e servizos produtivos, asociados á atracción de visitantes, proporcionará recursos económicos que incentivarán a conservación e xerarán rendas imprescindibles para a dinamización de zonas do territorio con graves problemas demográficos e escasas opcións de desenvolvemento.

8.3. Cara a unha Nova Oferta de Ocio Rural

Mentres aumenta o interese por novas formas de lecer asociadas ao medio ambiente, aos espazos rurais, ao agroturismo, etc., a escaseza de iniciativas e de capacidade nos espazos rurais impide que estes aproveiten unha das grandes oportunidades que se presentan para inverter as tendencias de declive territorial.

Na actualidade boa parte da poboación española ten como destino vacacional o medio rural. Nin en España nin en Galicia se chega a atinxir a explotación dunha mínima parte dos recursos dispoñibles. Cóbrese así en escasa medida a crecente demanda deste tipo de produtos.

As principais razóns que explican o feito de que a diversificación turística sexa difícil en moitas zonas son a escaseza de infraestruturas de acollida, pobreza dos servizos ofertados aos visitantes ou deficientes infraestruturas de acceso. En Galicia, o turismo rural viuse recentemente revitalizado coa aparición de casas rurais, sen que a experiencia ata o momento consiga cambios importantes nas estruturas económicas dos núcleos onde se sitúan.

As fórmulas de acollida da actividade turística rural poden ser moi variadas. Van desde a rehabilitación integral de núcleos case despoboados á renovación parcial do patrimonio edificado abandonado para a súa posterior reutilización, pasando pola estratexia de promoción de casas rurais e o desenvolvemento de dotacións e aloxamentos singulares asociados a elementos valiosos do patrimonio cultural. En calquera caso, é importante sinalar que esta modalidade turística debe buscar a diversificación das súas opcións. A mera función de aloxamento ofrecida de forma illada non ten capacidade revitalizadora do medio rural e, funcionalmente, as súas posibilidades sempre terán unha limitación en canto á cantidade e calidade da súa oferta.

9. Articulando o Litoral. Centralidades no Litoral de Galicia

Galicia é a Comunidade española cunha fachada litoral máis extensa, cunha lonxitude de costa de 1.498 Km. Á dimensión hai que engadir a singularidade dunha costa marcada por profundas rías, marismas e estuarios, cabos, areais e cantís, que lle confiren un enorme valor ambiental, paisaxístico e económico. Son trazos que determinan a enorme vinculación de Galicia co mar ata os nosos días.

O extenso litoral de Galicia é, sen dúbida, un dos activos máis valiosos do territorio que ofrece oportunidades para o desenvolvemento de moi diversas actividades e sobre todo significa unha potente capacidade de atracción. A destrución de elementos ambientais e paisaxísticos e a ocupación dun espazo valioso, escaso e irreproducíbel por usos que xeran escaso valor e restan singularidade ao noso territorio supón un importante custo de oportunidade.

O litoral é un espazo clave para o futuro de Galicia. O 54% da poboación vive na reducida franxa que se estende entre a cota 50 metros e o nivel do mar, un espazo que só supón o 14% da superficie de Galicia. Os principais asentamentos urbanos e a maior parte das actividades económicas localízanse xunto á costa, á que están vinculadas moitas das actividades estratéxicas da economía galega: pesca, estaleiros, portos. O resultado é unha gran concentración demográfica que, unida aos modelos de desenvolvemento urbano das últimas décadas, configuran amplos tramos da nosa costa como un longo e case ininterrompido asentamento lineal xunto ao mar. Con todo, esta área urbana, que constitúe un ámbito central do noso territorio, carece da estrutura e dos elementos de cohesión necesarios para xerar sinerxías e complementariedades capaces de aproveitar todo o potencial que reside neste ámbito.

Dentro desta tendencia xeral á concentración na costa da poboación e as actividades, é importante diferenciar as situacións que se dan nos diversos tramos do litoral. Así as costas do norte da provincia de Lugo apenas lograron manter a súa poboación. Unha situación ata máis desfavorable aparece na Costa da Morte e no ámbito comprendido entre Viveiro e Ferrol, onde a maior parte dos municipios costeiros sufriron unha regresión demográfica. Pola súa banda, na Ría de Muros e na península do Barbanza, aínda que se deron evolucións positivas, estas non son nin moito menos espectaculares. O fenómeno de litoralización galego é, ante todo, un proceso concentrado espacialmente ao redor dos Espazos Metropolitanos e, sobre todo, nas Rías Baixas.

En parte as características físicas da costa foron historicamente determinantes para esta distribución dos desenvolvementos. É nas Rías Baixas e na zona A Coruña-Ferrol onde se dan as condicións máis idóneas para o asentamento de grandes instalacións portuarias e tamén onde existe unha maior riqueza biolóxica mariña que permite o desenvolvemento da pesca e o marisqueo. A costa das denominadas Rías Altas é un espazo que ofrece moitas menos oportunidades de abrigo caracterizándose polas súas fronteiras cantís e os seus entrantes de pequena dimensión e escaso calado.

Neste documento expóñense algunhas propostas orientadas a dotar ao litoral galego dunha

estrutura territorial máis coherente, atractiva e sostible que permita preservar os valores singulares deste espazo e, á vez, contribuír decisivamente á dinamización económica do territorio e a unha eficaz organización dun sistema de asentamentos policéntrico no complexo e valioso espazo costeiro.

9.1. O Litoral Verde

A especial configuración da costa galega dá lugar á aparición de ecosistemas de moi alto valor pola súa produtividade biolóxica e a súa elevada biodiversidade: humedais, marismas e estuarios, cantís e areais e outros biótopos especiais que adoitan acoller unha gran biodiversidade. A progresiva ocupación de amplas zonas do litoral, xeralmente as máis singulares desde o punto de vista da biodiversidade, fai que os escasos espazos que manteñen certo grao de integridade ambiental revistan un interese especial, dado que se trata dos últimos testemuños cunha certa naturalidade nun espazo radicalmente transformado en boa parte da súa extensión.

Estes ámbitos constitúen o que denominamos Litoral Verde. Son espazos de singular valor paisaxístico ou ecolóxico que resultan imprescindibles para manter o equilibrio ambiental das nosas costas e para preservar elementos moi valiosos que contribúen decisivamente ao atractivo de Galicia. Achegan ademais un elemento decisivo para o noso litoral ao proporcionar ámbitos de enorme calidade para actividades de lecer e recreativas, para o disfrute da paisaxe e para revalorizar a oferta de cidades e núcleos da costa.

O litoral é un ámbito sometido a tensións e cunha densidade demográfica moi elevada. Proponse o dobre obxectivo de protección e de incorporación á estrutura territorial destes espazos verdes que dotan ao litoral dun valor engadido de gran importancia.

Neste documento achéganse os seguintes criterios para o tratamento dos espazos que conforman o Litoral Verde:

- A preservación da calidade ambiental e paisaxística dos espazos incluídos no Litoral Verde é a condición previa para manter o seu valor e as súas funcións territoriais. Evitar a súa ocupación por usos urbanísticos de calquera tipo e orientar de forma compatible coa súa conservación os procesos de planeamento urbanístico ou sectorial na súa contorna son referencias básicas na súa xestión.
- A restauración de impactos e puntos de degradación e a realización dunha xestión activa para a mellora e o mantemento dos valores naturais e visuais é a clave para a conservación duns ámbitos sometidos a unha forte presión debido á actividade humana e moi fráxiles polas súas características ecolóxicas e a súa reducida dimensión.
- Vincular as Áreas do Litoral Verde aos espazos urbanos e rurais próximos. Revalorizárase así o papel destes ámbitos de interese ambiental e fortalecerase a oferta urbana e turística dos asentamentos costeiros. Esta estratexia é fundamental para crear os incentivos necesarios para a súa adecuada conservación. A integración do urbano e o natural require as infraestruturas e equipamentos necesarios para o disfrute destes espazos, a creación de conexións brandas para

peóns e bicicletas entre as zonas urbanas e as naturais, o desenvolvemento de centros de interpretación nos núcleos urbanos da contorna, servizos de visitas guiadas, etc.

- En calquera caso, o establecemento de sistemas de control de accesos é esencial para garantir un uso sostible destes espazos, algúns dos cales son moi fráxiles e sensibles ante un uso inadecuado. As limitacións de accesos de forma que só sexan visitables utilizando viarios brandos para peóns e bicicletas, e o establecemento de cotas que adecúen o número de visitantes á capacidade de acollida dos ámbitos máis fráxiles son estratexias fundamentais en moitos destes espazos.
- outro requisito imprescindible para lograr niveis de uso adecuados nos ámbitos de interese natural é a existencia dunha oferta suficientemente ampla como para evitar procesos de deterioración e sobreexplotación. Neste senso, este documento expón estratexias como a integración do Litoral Verde na rede de Áreas Recreativas de Galicia, de forma que a través dos Corredores Verdes se interconecten as zonas de interese ambiental litorais coas do interior, incorporando a estas á oferta de espazos de lecer e de interese ambiental do territorio e diluíndo o impacto sobre as zonas, en xeral de menor tamaño e máis fráxiles, do litoral.

Especial importancia téñena as praias. Estas ocupan o 35% da costa de Galicia e son elementos fundamentais do atractivo e a calidade ambiental e paisaxística do litoral. Son espazos sometidos ademais a crecentes presións que condicionan a súa evolución.

É fundamental desenvolver unha protección integral destes espazos evitando a súa ocupación ou alteración, así como desenvolver unha estratexia que identifique as praias con maiores posibilidades para acoller as actividades de ocio, desenvolvendo as infraestruturas de acceso y acollida e os sistemas de mantemento adecuados para a súa conservación e o seu uso sostible. Por outra parte nas praias cun carácter máis natural ou asociadas aos espazos naturais protexidos cómpre evitar o seu uso indiscriminado, evitar a aparición de accesos e aparcadoiros informais e integralas nas estratexias globais de xestión dos ámbitos de interese ecolóxico.

9.2. A Senda dos Faros

A Senda dos Faros é unha actuación orientada a completar e adecuar percorridos brandos e continuos para o seu uso por peóns e bicicletas que permita percorrer todo o litoral Galego proporcionando un elemento de disfrute do mar como escenario paisaxístico visible ao longo de todo o seu desenvolvemento e no que instalacións tradicionais como os faros costeiros actúan como elementos de acollida e servizos aos usuarios.

Deberase prestar especial atención á calidade e ao coidado ambiental e paisaxístico destes percorridos e dos elementos situados nas súas inmediacións. O seu desenvolvemento pode darse sobre camiños rurais, estradas, paseos marítimos e portos e outros elementos adecuados lindantes ou próximos ao mar.

No marco desta iniciativa pode acometerse a rexeneración de zonas costeiras deterioradas así como unha política xeneralizada de acceso a ámbitos litorais que nalgúns casos se ven

dificultadas por usos urbanos, espazos de actividade, grandes infraestruturas, etc. Poderase deste xeito recuperar para o seu uso público o conxunto da fachada costeira como un dos principais activos territoriais da nosa Comunidade e lograr os obxectivos de integración dos espazos verdes cos urbanos e cos itinerarios brandos que se dirixen cara ao interior.

9.3. Os Centros de Dinamización Turística

No litoral de Galicia, o turismo presenta aínda un desenvolvemento moi escaso en comparación co que ocorre noutras zonas costeiras da península. Os enclaves turísticos galegos con frecuencia son destinos de aloxamento pouco dinámicos, de segunda residencia e aluguer de tempada. Trátase dun sistema pouco integrado nos circuitos comerciais e que espacialmente se plasma en modelos de ocupación extensivos, con predominio de vivenda unifamiliar. Predomina máis o modelo de desenvolvemento inmobiliario que o propiamente turístico. Ten unha forte estacionalidade debido ao tipo de oferta e ás condicións climáticas e os resultados económicos son moi limitados.

Considérase que Galicia debe seguir apostando polo turismo como un dos sectores importantes da súa economía. Trátase dunha actividade con grandes expectativas de crecemento nos próximos anos e contamos coa localización e os recursos necesarios para ter unha participación maior nos fluxos turísticos do litoral atlántico, un ámbito cuxa demanda está crecendo moi rápido nos últimos anos debido á conxestión dos destinos de praia tradicionais e aos cambios nas preferencias dunha poboación con maior idade e cunha estrutura de tempos de lecer máis diversificada. Para logralo, propónse desenvolver Centros de Dinamización Turística con dimensión suficiente para mellorar a súa posición nos grandes mercados turísticos e actuar como núcleos a partir dos cales impulsar un maior desenvolvemento destas actividades na Comunidade Autónoma.

A formulación básica é desenvolver ámbitos nos que a oferta de aloxamento se oriente prioritariamente a lograr unha certa concentración de prazas de hoteis e apartamentos de carácter moi dinámico, destinadas a estancias curtas e orientadas a satisfacer demandas turísticas singulares que reduzan a estacionalidade e proporcionen un posicionamento máis favorable a un territorio con escasa tradición turística.

No Ámbito Metropolitano das Rías Baixas, Vigo-Baiona e Pontevedra-Sanxenxo, propónse como ámbitos idóneos para desenvolver esta función, que precisa unha base urbana de certa solidez, boas infraestruturas de comunicación e capacidade de crecemento. Na Metrópole Ártabra as cidades da Coruña e Ferrol deben exercer esa función e na costa de Lugo propónse Viveiro-A Mariña.

Na Coruña e Vigo, o rango urbano destas cidades crea unha oportunidade singular para desenvolver espazos turísticos sofisticados, asociados á implantación de grandes equipamentos de lecer e a modalidades con crecente demanda: turismo de saúde, deportes, casinos, etc. Obsérvanse sinerxías importantes coa oferta cultural e de lecer que está emerxendo nestas cidades.

No caso de Ferrol a recuperación da fachada marítima da cidade, a incorporación á oferta urbana de espazos emblemáticos como os castelos e as posibilidades do Arsenal aparecen como enormes posibilidades para configurar ao redor deles unha oferta de lecer do máis alto

nivel, vinculada ás actividades náuticas e deportivas.

As instalacións portuarias destas cidades contan co atractivo suficiente para consolidarse como escala do tráfico de cruceiros e de embarcacións deportivas desde o norte de Europa cara ao Mediterráneo. A dimensión destas cidades garante unha oferta terciaria máis que suficiente para soste un desenvolvemento turístico como o aquí suxerido.

Na contorna de Baiona e Sanxenxo súxírese un cambio de modelo turístico que reduza os problemas de conxestión e a presión sobre os espazos naturais da contorna. A potenciación dos equipamentos urbanos e da oferta terciaria especificamente turística son accións necesarias nunha estratexia de progresiva substitución de prazas de apartamentos e de segunda residencia por prazas hostaleiras. Este aspecto é clave para reducir problemas de estacionalidade e fortalecer a economía deste espazo.

Viveiro e o ámbito Ribadeo-Castropol aparecen como os núcleos con maior potencial para impulsar o desenvolvemento turístico da Costa de Lugo dinamizando o conxunto de asentamentos da Mariña que xa contan cunha certa tradición turística. As condicións das Rías de Ribadeo e Viveiro e o valor ambiental da súa contorna configuran unha boa base para desenvolver unha estratexia turística apoiada na oferta conxunta de estación náutica e actividades en contacto coa natureza.

A pequena escala e cun enfoque orientado ao desenvolvemento de pequenas instalacións hostaleiras vinculadas aos núcleos e portos existentes ou localizadas en edificacións tradicionais, poden desenvolverse outros ámbitos de gran interese e crecente accesibilidade como o Baixo Miño, A Costa da Morte ou a Ría de Ortigueira.

9.4. Os Núcleos de Identidade do Litoral

Na costa galega existen un gran número de núcleos e puntos singulares que constitúen referentes de identidade urbana e territorial nun ámbito cuxa rápida transformación levou a unha crecente homoxeneización, debido á proliferación de desenvolvementos descontextualizados e á utilización de modelos urbanísticos e arquitectónicos miméticos e repetitivos. A consecuencia é un empobrecemento da oferta territorial do litoral da Comunidade que perdeu valores clave como a diversidade e a singularidade á conta dunha ocupación excesiva e ineficiente de amplas extensións da valiosa fronte costeira.

Os Núcleos de Identidade son elementos clave desde os que se propón unha ambiciosa estratexia de posta en valor dos espazos costeiros. As súas características ou factores de interese poden ser moi variados incluíndo centros históricos, fitos singulares, núcleos tradicionais, polos de actividades turísticas e terciarias, centros de servizos, pequenos portos, etc. O factor definitorio é, en calquera caso, o dispor de trazos de interese e atractivo que os dotan de potencial para xogar un papel específico no modelo territorial dos espazos costeiros. O concepto de rede é fundamental nesta formulación pois só a partir dunha estrutura coherente e integrada do conxunto dos Nodos de Identidade toma sentido e importancia a diversidade e a singularidade de cada un deles. Constitúen ámbitos que, considerados integradamente, permiten recuperar a variedade do litoral como un elemento enriquecedor e xerador de oportunidades. Con todo, o xurdimento desa variedade só poderá darse na medida en que cada Nodo se perciba como parte dun todo máis amplo e

interconectado, de forma que se poidan potenciar as complementariedades e sinerxías necesarias para que cada un poida salientar as accións coherentes coa súa vocación sen xerar debilidades ou perder oportunidades de desenvolvemento senón, pola contra, aumentándoos na medida en que incrementen as súas fortalezas ao participar das dinámicas dos restantes Nodos.

Variedade e carácter son os conceptos fundamentais para lograr un dos principais obxectivos do Modelo Territorial para a costa galega: impulsar actuacións de calidade, capaces de aproveitar plenamente o potencial e as oportunidades dun ámbito tan valioso. As infraestruturas existentes e as especificamente propostas para o litoral, a Senda dos Faros e as destinadas a dotar de coherencia ás costas metropolitanas e ao Sistema Urbano Intermedio do litoral, constitúen a armazón que debe facilitar interrelacións entre os diferentes Nodos, configurando unha armadura urbana para a costa máis sólida, atractiva e eficaz que a actual. Esta nova estrutura policéntrica debe constituír a referencia para futuros crecementos, cuxo desenvolvemento debe apoiarse nos Nodos identificados en correspondencia coa súa identidade e vocación. É moi importante facer énfase nas operacións de renovación dos espazos xa construídos, reutilizándoos e incorporando novos usos como alternativa sempre preferible á expansión das zonas urbanizadas cun aumento da ocupación da fronte costeira.

Os Núcleos de Identidade son os polos de articulación das novas vocacións para os valiosos espazos costeiros integrando o turístico e o non turístico, creando opcións de primeira e segunda residencia, acollendo iniciativas empresariais, artísticas e culturais, novas modalidades turísticas, xestión das áreas naturais do litoral e accións relacionadas co seu uso e disfrute. Ademais son elementos fundamentais na articulación costa-interior actuando como pezas clave para a difusión cara a zonas menos dinámicas do territorio de procesos que tenden a concentrarse na costa pero que poden atopar importantes posibilidades de expansión nas zonas interiores.

Esta estratexia precisa, para ser posible, de accións diversas nos diferentes Nodos, orientadas a fortalecer a súa identidade, recuperando e pondo en valor os elementos urbanos e patrimoniais que os singularizan; a mellorar a calidade e o atractivo dos espazos urbanos, integrando os portos tradicionais nun novo papel como espazos centrais da vida urbana e da nova oferta destes núcleos. Neste sentido a opción de novos usos para os portos pesqueiros debe ser sempre unha prioridade fronte á construción de novas instalacións. Trátase, en definitiva, de preparar os Núcleos de Identidade para o desenvolvemento de novas actividades e funcións no contexto dunha estratexia de reequilibrio territorial.



10. Infraestruturas e Equipamentos do Modelo Territorial: Galicia en Rede

As infraestruturas expresan en boa medida a capacidade dun país para estruturar e modelar un espazo. Neste ámbito Galicia tamén está nun período clave de transformación. As novas autovías que se están desenvolvendo, tanto de conexión exterior como de vertebración interior, as liñas ferroviarias de alta velocidade, as ampliacións portuarias, a execución dos plans directores dos aeroportos e a posta en marcha de distintas iniciativas en materia de transportes proporcionarán un salto cuantitativo e cualitativo de gran transcendencia que permitirán superar unha das materias pendentes de Galicia.

Outras infraestruturas como as relacionadas coas telecomunicacións, a produción e distribución de enerxía, a dotación de solo empresarial ou de diferentes equipamentos son pezas básicas para o fortalecemento da base produtiva de Galicia. Tamén nestes ámbitos queda moito camiño por percorrer aínda que se emprendeu un importante proceso de mellora para situar a Galicia nos mapas da sociedade do coñecemento, da innovación e da competitividade.

10.1. As Infraestruturas Viarias.

Actualmente, segundo os datos do Anuario Estadístico do Ministerio de Fomento⁴, Galicia dispón dunha rede de estradas que se estende ao longo de 17.550 quilómetros e cuxa xestión se reparte o Estado (13,5%), a Xunta de Galicia (30,1%) e as Deputacións provinciais (56,4%). Trátase dunha rede moi extensa, á que habería que sumar 62.000 quilómetros que xestionan os municipios, que conforma un stock de quilómetros de estrada por superficie e por habitante que practicamente duplica a media nacional.

Táboa Densidade da rede de estradas. Galicia e España


	GALICIA	ESPAÑA
Lonxitude da rede por superficie (Km./1.000km ²)	598	327
Lonxitude da rede por poboación (Km./100.000 habitantes)	633	382

Toda esa tupida rede foise desenvolvendo para dar accesibilidade aos múltiples asentamentos de poboación, de tal forma que hoxe non se entende Galicia se non é a través dun proceso continuo de urbanización difusa, onde a estrada se converteu no seu principal soporte.

⁴ Ministerio de Fomento 2007: Anuario Estadístico 2006

Nesta rede o 5,7% corresponde a vías de alta capacidade. En Galicia as autovías, autoestradas e vías de alta capacidade alcanzan na actualidade os 847 Km. dos cales 758 pertencen á Rede de Interese Xeral do Estado⁵. Neste tipo de vías destacan pola súa importancia a Autovía das Rías Baixas e a Autovía do Noroeste por ser os eixes principais de comunicación coa Meseta e a Autoestrada do Atlántico que une cinco dos sete núcleos urbanos máis importantes de Galicia, expandindo a súa área de influencia directa a unha poboación próxima ao millón e medio de habitantes e a un ámbito que concentra arredor do 80% da renda galega.

Coa configuración desta malla no ano 2006 aínda 98 dos 315 municipios de Galicia, que representan o 37% da superficie galega, se atopaban a máis de 30 minutos dunha vía de alta capacidade.



O resto da rede ten como trazo significativo que boa parte das estradas que a conforman son travesías. Actualmente, dos 5.280 Km. de vías de titularidade autonómica 1.670 km, é dicir, máis do 30%, atravesan núcleos urbanos cos consecuentes problemas de retencións

⁵ Este stock representa o 6,6% do total estatal deste tipo de vías.

de tráfico e de seguridade viaria. Ademais, en canto á súa xeometría constátase que o 30% da rede ten unha anchura inferior aos 6 m e o 50% presenta un ancho de beiravía inferior a 0,5 metros.

Outro dos puntos críticos da rede está nos accesos ás principais cidades onde aparecen importantes niveis de conxestión. A estrutura urbana e as crecentes demandas de mobilidade nas principais Áreas Urbanas de Galicia dan como resultado crecentes problemas de conxestión.

Todos estes aspectos están sendo abordados actualmente a través do novo *Plan Director de Estradas* de Galicia e das novas orientacións do sistema de transporte impulsadas co *Plan Integral de Transporte de Galicia (PITGAL)*. A partir deses documentos preténdese planificar novas infraestruturas contempladas desde unha visión global de ordenación do territorio e incorporar aos sistemas de transporte colectivo como un elemento básico de ordenación e desenvolvemento urbano.

Infraestruturas viarias de Conexión Exterior

A estratexia de futuro de Galicia pasa polo fortalecemento das grandes infraestruturas de conexión exterior. A integración da Comunidade cos espazos lindeiros e a súa proxección exterior como elemento estratéxico de futuro esixe un notable esforzo en infraestruturas físicas e telemáticas.

Superar definitivamente as limitacións que historicamente supuxo para Galicia a súa posición como ámbito periférico e mal conectado con outros territorios esixe proxectar, impulsar e executar un potente sistema de comunicacións. A proposta de Grandes Infraestruturas de conexión exterior que se fai neste documento de Directrices é, xa que logo, un dos elementos decisivos do modelo territorial de futuro que se propón. Son iniciativas básicas para evitar estrangulamentos, aumentar a competitividade do territorio e actuar como elementos fundamentais para aproveitar oportunidades de desenvolvemento.

Nas relacións por estrada as conexións mediante vías de gran capacidade cos espazos lindeiros constitúen infraestruturas fundamentais do Modelo Territorial. Proponse así as seguintes grandes conexións exteriores:

- Con Madrid e Castela e León a través da A-6 desde a Metrópole Ártabra e da A-52 desde a Metrópole das Rías Baixas. A estas vías xa existentes unirase no futuro un novo acceso central coa conexión Ourense-Ponferrada.
- Con Porto a través da AP-9. Nesta relación é tamén a nova vía de alta capacidade Tui-A Guarda e a súa conexión a través da Ponte de Goián coa autovía costeira en Portugal que enlazará Camiña, Viana do Castelo e Porto.
- Coa área Central Asturiana a través da autovía do Cantábrico A-8. Son accións fundamentais a conectividade desta vía co litoral norte de Galicia, a través do eixe de alta capacidade Ferrol-Viveiro-Ribadeo e a súa conexión con Santiago desde a A-6.
- Co Alto Tras Os Montes desde Verín a Chaves, conectando o interior de Galicia, desde Lugo e Ourense, co futuro corredor do Douro Porto-Bragança-Valladolid.

As estradas de Articulación Interna

As estradas constitúen un dos compoñentes esenciais para a articulación interna de Galicia. No futuro a estrada seguirá a ser o modo dominante na mobilidade dun territorio no que a dispersión do hábitat e a baixa densidade demográfica fan pouco viable o desenvolvemento de servizos de ferrocarril competitivos en amplas zonas da Comunidade.

Neste documento expónse as relacións clave que se consideran máis importantes para lograr os obxectivos de integración e cohesión interna que son imprescindibles para fortalecer a posición territorial de Galicia. Preténdese identificar unha rede estruturante que optimice as comunicacións entre os principais centros do sistema urbano de Galicia, facilitando as relacións entre eles e mellorando a súa accesibilidade xeral, co fin de potenciar as complementariedades entre as diferentes áreas urbanas de cara á constitución dunha rede urbana policéntrica con maior capacidade dinamizadora sobre o conxunto do territorio.

As accións de mellora previstas nos próximos anos van potenciar extraordinariamente o papel dalgunhas destas vías de conexión interior. Considéranse como conexións internas fundamentais do Modelo Territorial as seguintes:

- A Autoestrada do Atlántico (AP-9), unha infraestrutura fundamental para articular os espazos urbanos do litoral occidental desde Tui ata Ferrol. Esta infraestrutura debe ampliar a súa capacidade nos accesos ás cidades de Vigo, A Coruña e ao seu paso polos ámbitos urbanos de Santiago e Pontevedra. Ademais, o eixe atlántico debe reforzarse cun novo eixe paralelo que paulatinamente se debe ir conformando a partir dun conxunto de actuacións como son a nova conexión entre Confurco-Vigo-Pontevedra, a través da A-57, a nova circunvalación de Pontevedra e as novas actuacións e variantes ao longo da N-550.
- Os viarios estruturantes que, a modo de “peite” permiten conectar todas as rías de Galicia co Eixe Atlántico e as contornas máis próximas:
 - A autoestrada AG-55 A Coruña-Carballo e a súa continuación pola vía de alta capacidade da Costa da Morte ata Cee.
 - A conexión Santiago-Brión-Noia.
 - A autovía do Barbanza Ribeira-Padrón.
 - As conexións da Estrada con Santiago e a AP-9 en Caldas de Reis.
 - A autovía do Salnés desde O Grove e Vilagarcía de Arousa á AP-9 así como as conexións Vilagarcía-Carril-Caldas de Reis e Vilagarcía-Pontevedra.
 - A autovía do Morrazo e a súa articulación coa variante de Marín.
 - A autoestrada AG-57 Vigo-Baiona e os seus novos enlaces no Val Miñor.
 - A vía de alta capacidade do Baixo Miño desde A Guarda a Tui.



- As estradas de articulación metropolitana:
 - Na metrópole das Rías Baixas a ampliación da AP-9, as novas autovías A-57 entre Vigo e Pontevedra e Vigo-Porriño, a conversión en Autovía do actual corredor do Morrazo, a circunvalación de Pontevedra e a Autovía Pontevedra-Vilagarcía.
 - Na Metrópole Ártabra a ampliación nos accesos á Coruña da AP-9, o desdoblamento da N-550, os accesos aos novos portos exteriores e a nova circunvalación que na área Urbana da Coruña exponse mediante a Vía Ártabra e a Terceira Rolda.
- As conexións do norte da Comunidade e do litoral cantábrico de Galicia:
 - A vía de alta capacidade Ferrol-San Cibrao-Barreiros.
 - As conexións por autovías Ferrol-Vilalba e Vilalba-Barreiros.
 - As conexións de Santiago coa A-6 na contorna de Guitiriz.
 - A conexión Lugo-Vilalba-cara á costa.
- As conexións transversais:
 - Conexión Lugo-Santiago.
 - Conexión A Estrada coa AP-53 en Silleda.
 - As conexións Santiago-Lalín-Ourense e Lalín-Monforte.
 - A conexión Ourense-Monforte-O Barco.
- As conexións interiores norte-sur:
 - Lugo-Ourense, incluíndo as variantes leste de Lugo e a variante leste de Ourense e a súa prolongación ata Celanova.
 - Conexión Lugo-Sarria-Monforte.

Finalmente, en infraestruturas viarias considérase importante prestarlle atención a aspectos moi relevantes e que non sempre se puxeron en primeiro plano como son a conservación e o mantemento da rede secundaria, a integración paisaxística das estradas e a seguridade viaria.

10.2. As Infraestruturas Ferroviarias.

Actualmente as comunicacións de Galicia co resto de España realízanse a través de tres puntos: Lubián e Covas na rede ADIF de ancho ibérico e a conexión do cantábrico da rede FEVE. Existe tamén unha conexión internacional coa rede portuguesa a través da ponte internacional do río Miño en Tui. Estas conexións xunto co conxunto da rede convencional presentan a día de hoxe características técnicas insuficientes para prestar servizos de conexión exterior competitivos. Todos os accesos teñen vía única e permiten velocidades medias que en ningún caso superan os 120 km/h, o que fai que os desprazamentos a

Madrid se sitúen arredor das 7 horas e os desprazamentos a Porto tarden máis de 3 horas.

Con este panorama non é de estrañar que o ferrocarril perda protagonismo na repartición modal dos desprazamentos tanto de viaxeiros como de mercancías. No entanto, esta situación experimentará un cambio radical coa posta en funcionamento das conexións ferroviarias en Alta velocidade, xa que implicará unha redución substancial nos tempos de percorrido. A posta en servizo destes trens permitirá que as conexións das principais cidades de Galicia con Madrid se realicen en tempos de percorrido non superior ás tres horas, e que a conexión Vigo-Porto ou Vigo-A Coruña se realice en arredor dunha hora.

A rede ferroviaria de alta velocidade é unha infraestrutura de enorme transcendencia para o desenvolvemento territorial de Galicia. Permitirá impulsar e articular o noso sistema urbano policéntrico e terá un papel estratéxico na consolidación da Eurorrexión, na conexión con Madrid e, a máis longo prazo, cos sistemas urbanos do Cantábrico. Aparecen así as seguintes conexións clave para o territorio galego:

- Liña de Alta Velocidade do Eixe Atlántico desde Vigo a Ferrol, que se conectará cara ao sur coa rede portuguesa cara a Porto e Lisboa. Trátase dunha das mellores oportunidades existentes na escena internacional para utilizar a Alta Velocidade ferroviaria como elemento de articulación interna dunha cidade-rexión.
- Liñas AVE con Madrid que permitirán comunicar as principais cidades de Galicia con Madrid e co resto da rede de Alta velocidade peninsular.
- A máis longo prazo a conexión por Alta Velocidade cos sistemas urbanos do Cantábrico achegará unha nova opción de conexión para Galicia con estes espazos.
- Potenciación e mellora das relacións ferroviarias convencionais e de mercancías con Madrid desde os Espazos Metropolitanos de A Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra co obxectivo de manter unha rede para uso exclusivo de mercancías.
- Fortalecemento dos servizos de FEVE na relación Ferrol-Ribadeo-Área Central Asturiana. Esta liña prolóngase ata Bilbao e debe constituír un elemento moi importante na progresiva integración dos sistemas urbanos do corredor do Cantábrico, especialmente para servizos de proximidade e turísticos.

No que se refire á articulación interna, as conexións por Alta Velocidade entre Vigo-Pontevedra-Santiago-A Coruña e as relacións Vigo-Pontevedra-Ourense, Santiago-Ourense, A Coruña-Ferrol e A Coruña-Lugo-Ourense aparecen como unha das iniciativas para facer posible a configuración dun sistema policéntrico de capitais que favoreza a aparición de complementariedades e de dinámicas de cooperación entre os principais centros urbanos do territorio galego.

Igualmente relevante é potenciar o uso do ferrocarril no transporte de mercancías. Neste sentido son iniciativas a desenvolver o acceso ferroviario aos novos portos e a compatibilidade do tráfico mixto de mercancías e viaxeiros. Proponse a especialización da saída Ourense-Zamora como liña de Alta Velocidade para uso exclusivo de trens de viaxeiros e a de Monforte-León como liña de altas prestacións en tráfico mixto, o que permitiría alcanzar o dobre obxectivo de establecer unha relación competitiva de viaxeiros con Madrid e, simultaneamente, facilitar a mobilidade das mercancías con orixe/destino

Galicia cara ao resto de España. Adicionalmente, deberá facerse uso das solucións técnicas que posibilitan a circulación sobre dous anchos: os vehículos dotados de eixes de ancho variable e a superestrutura de tres carrís (travesas, desvíos, cambiadores de lado, etc.).

O terceiro nivel territorial no que o ferrocarril debe desenvolver un papel central son as estratexias de transporte nos Espazos Metropolitanos. A configuración como servizos de proximidade das relacións A Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra aparece como opción cruce para evitar os problemas de conxestión que ameazan a estes espazos e facilitar unha maior integración de espazos de residencia e actividade nuns ámbitos urbanos dinámicos e complexos. A orientación dos futuros desenvolvementos urbanos debe realizarse en función de lograr a máxima accesibilidade aos sistemas de transporte ferroviario metropolitanos como elemento básico de mobilidade urbana dando accesibilidade a elementos clave da estrutura urbana como aeroportos, portos, estacións de tren AVE e terminais marítimas de pasaxeiros. Finalmente, a política tarifaria debería contemplar a integración dos servizos ferroviarios de proximidade dentro dos sistemas de transporte metropolitano.

10.3. As Infraestruturas Aeroportuarias.

As relacións aeroportuarias aparecen como un dos elementos máis importantes para a proxección internacional da Comunidade e o aproveitamento das oportunidades de desenvolvemento rexional en tres aspectos clave: relacións persoais e de negocios, atracción turística e movemento de mercadorías.

Os aeroportos galegos atópanse entre os 10 que maior crecemento experimentaron nos últimos cinco anos. Trátase de cifras que reflicten o crecente aumento da demanda de conexións exteriores de Galicia, principalmente con Madrid e Barcelona pero tamén de forma crecente con outras cidades europeas, e a falta de alternativas que actualmente ofrecen os sistemas de transporte terrestre para satisfacer esta demanda.

As DOT propón unha estratexia orientada a potenciar un sistema aeroportuario integrado en Galicia:

- aeroporto de Lavacolla en Santiago é unha peza básica na proxección internacional de Santiago como porta de entrada en Galicia podendo especializar a oferta cara aos voos transoceánicos, sobre todo se se pretende reforzar o papel da Cidade da Cultura como ponte de enlace entre Europa e América. Para iso é importante a ampliación das súas instalacións e a mellora da súa accesibilidade intermodal. Especialmente relevante considérase dotar a este aeroporto dunha elevada accesibilidade tanto en transporte público como privado.
- Os aeroportos de Peinador en Vigo e Alvedro na Coruña desenvolven unha función indispensable para asegurar boas conexións nos dous Espazos Metropolitanos nas que prevalecen as viaxes por motivo de traballo pero que cada vez atraen máis tráfico turístico e de mercancías. A mellora da súa oferta de voos e das súas instalacións e equipamentos técnicos, que faciliten o seu funcionamento en condicións atmosféricas desfavorables, son aspectos a considerar para reforzar o seu papel como elementos de enlace con outras áreas urbanas europeas e como infraestruturas loxísticas ao servizo das actividades económicas destes ámbitos.

- Os tres aeroportos deben coordinar as súas ofertas para ofrecer aos cidadáns galegos a mellor dispoñibilidade posible de voos. Neste sentido resulta conveniente que a Administración Autonómica asuma maior protagonismo na xestión aeroportuaria.

10.4. As Infraestruturas Portuarias.

Un dos principais activos cos que conta Galicia en materia de infraestruturas é o sistema portuario, que á súa vez, constitúe unha peza fundamental na ordenación do territorio. Desde esta clave expónse aquí a necesidade dun maior fortalecemento dos principais portos comerciais de Galicia, que permita aproveitar as vantaxes competitivas dunhas instalacións con magníficas condicións naturais, e lograr unha posición sólida ante a crecente competencia entre portos, que tende a concentrar a maioría dos fluxos de transporte nun número moi reducido de localizacións. Nese contexto os portos galegos deben asumir retos e oportunidades futuras como as que expón a ampliación de capacidade da Canle de Panamá que permitirá aumentar un 40% a capacidade de tránsito de mercancías das actuais vías marítimas que unen o Atlántico co Pacífico.

As DOT consideran de gran relevancia as seguintes liñas de actuación:

- Avanzar na constitución dun verdadeiro sistema portuario galego que coordine as actuacións das diferentes autoridades portuarias. Neste sentido a Administración Autonómica debe apostar por asumir maior protagonismo na xestión de todos os portos galegos de tal forma que, a través da competencia cooperativa e da coordinación, se afiance a súa posición nos mercados internacionais ese incentive a presenza conxunta nos foros máis relevantes.
- Desenvolvemento dos novos portos exteriores da Coruña e Ferrol.
- Ampliación das instalacións do Porto de Vigo que permitan especializar espazos dedicados a ferrys RO-RO, contenedores e mercancía en xeral. Ademais, con perspectiva de futuro, deberíase expor unha instalación exterior para o tráfico de graneis líquidos e/ou sólidos que demanda o seu hinterland de influencia.
- Ampliación e mellora do Porto de Marín para diversificar os seus tráficos. A medio prazo sería interesante que recuperase parte das instalacións da Escola Naval, o que lle permitiría gañar calados e mellorar a calidade urbana.
- Continuación dos investimentos de mellora no porto de Vilargarcía para acoller novos tráficos e cargas. Dada a riqueza natural da ría na que se asenta, este porto debería orientar o seu tráfico cara a outro tipo de mercancías diferentes dos hidrocarburos, que dean actividade ao porto e melloren a actividade económica da súa área de influencia.
- Especialmente importantes son as accións de mellora dos accesos aos portos, sobre todo as ferroviarias, o desenvolvemento dos espazos loxísticos asociados aos portos e un maior grao de cooperación entre as diversas autoridades portuarias de Galicia. O obxectivo é lograr unhas instalacións máis competitivas pola súa oferta de servizos

e instalacións e polas melloras de conexión intermodal que capten un maior volume dos tráxicos que pasan fronte ás costas galegas.

- A integración dos espazos portuarios coas súas contornas urbanas e territoriais desenvolvendo actuacións de eliminación de barreiras e de integración porto-ciudad. As actuacións de reordenación das grandes infraestruturas portuarias crean oportunidade para reorientar as instalacións cunha localización máis urbana cara a novas vocacións orientadas á acollida de embarcacións de pasaxeiros e usos turísticos, fortalecendo o seu perfil como espazos estratéxicos de lecer e atractivo urbano.

Ademais, a densa rede de medianos e pequenos portos que se distribúen por todo o litoral da Comunidade constitúe unha infraestrutura de enorme valor que proporciona a numerosas pequenas cidades e pobos unha gran oportunidade para realizar unha oferta singular que fortaleza o seu atractivo como espazos turísticos, residenciais e de acollida de actividades económicas. Nesta liña considérase importante mellorar as instalacións comerciais e pesqueiras en Cee, Viveiro, Burela, Ribeira e A Pobra.

Finalmente os máis de 120 portos pesqueiros de Galicia permiten que case todos os núcleos da costa incorporen en maior medida aspectos lúdicos, oferta de navegación de lecer e deportiva. Suxírese a potenciación dos espazos portuarios como elementos clave de identidade e atractivo urbano e como puntos de localización das novas ofertas de espazos para actividades náuticas con preferencia sobre a creación de novas instalacións en ámbitos costeiros non ocupados.

10.5. Sistemas de Transporte

A clave de futuro para lograr transportes eficientes que aumenten a competitividade das actividades económicas de Galicia e permitan aumentos da mobilidade en condicións de sustentabilidade está na concepción integrada dos diferentes modos e o desenvolvemento de infraestruturas que facilitan a intermodalidade. Neste sentido oriéntanse as propostas das DOT:

- Desenvolvemento de plataformas loxísticas e centros de transporte que permitan xestionar eficientemente os procesos de distribución e faciliten o intercambio modal. Considéranse prioritarias as plataformas loxísticas asociadas aos Portos de Interese Xeral de Galicia e as localizadas na contorna das cidades principais, localizadas en áreas de máxima accesibilidade por estrada e con conexión ferroviaria, así como o desenvolvemento das terminais de carga dos aeroportos galegos.
- Concepción integrada dos sistemas de transporte metropolitano. Neste sentido as propostas do Plan de Transporte constitúen un avance fundamental para dotar a espazos con crecentes demandas de mobilidade e riscos de conxestión de sistemas de transporte accesibles e sostibles. As actuacións futuras deben orientarse segundo as seguintes liñas de acción:
 - Extensión dos modos de transporte metropolitano integrados en sistemas de xestión e tarifarios unificados para incluír, ademais dos autobuses urbanos e

interurbanos, novas opcións como os ferrocarrís de proximidade, tranvías e metros lixeiros, transporte marítimo metropolitano, etc. Para desenvolver este tipo de actuacións promoverase a creación de consorcios de transporte e un Ente Xestor de Ferrocarrís de Galicia.

- Concepción intermodal das diferentes infraestruturas tales como estacións de autobús, terminais marítimas, estacións e apeadeiros ferroviarios, estacións de Alta Velocidade, aeroportos, etc.
- Adecuación dos procesos de desenvolvemento urbano aos puntos de acceso aos sistemas de transporte colectivo e conexión a estes dos puntos de máxima demanda de mobilidade como hospitais, universidades, centros comerciais, polígonos empresariais, portos, estacións e aeroportos, etc.
- Desenvolvemento de viarios e plataformas reservados en exclusiva para os sistemas de transporte colectivo, sobre todo nos Espazos Metropolitanos e nas áreas urbanas.
- Incorporación de aparcadoiros disuasorios nas contornas dos Espazos Metropolitanos e urbanas.
- Incorporación de vehículos e sistemas con baixo nivel de impacto urbano e sonoro, que utilicen enerxías renovables ou non contaminantes e infraestruturas que se integren adecuadamente nos espazos urbanos polos que discorren.
- Fomento doutras formas de mobilidade sostible: implantación de carrís bici e sendas peonís.

Ademais dos ámbitos metropolitanos e das principais Áreas urbanas de Galicia considérase necesario desenvolver sistemas integrados de transporte colectivo nos espazos con maior densidade do litoral como as Rías Baixas e na Mariña de Lugo, desde Viveiro a Ribadeo onde a liña de FEVE debe desenvolver esta función. A importancia de desenvolver sistemas integrados e interconectados de transporte colectivo nestes espazos, ata con plataformas reservadas e o posible desenvolvemento de novos sistemas tranviarios ou de tren lixeiro ao longo destas zonas litorais vese favorecida polo carácter lineal da maioría destes asentamentos e suporía un elemento de mellora da mobilidade, un factor de estruturación duns espazos que creceron de forma descoordinada e unha referencia para orientar futuros desenvolvementos.

En relación cos espazos rurais sería desexable reordenar progresivamente as liñas de autobuses en servizo en función de maximizar a accesibilidade dos elementos urbanos que o modelo propón para estruturar estes ámbitos como son os Nodos para o Equilibrio do Territorio e as Cabeceiras do Sistema Urbano Intermedio. Ademais é preciso desenvolver sistemas de transporte adaptados ás necesidades de espazos con moi baixa densidade de poboación. A implantación progresiva de concesións zonais, o uso de vehículos de transporte colectivo de menor tamaño e iniciativas xa en marcha como o Programa de Transporte á Demanda (Chama o bus) ou o transporte Escolar Compartido (*TES BUS*) aparecen como opcións moi adecuadas a estes ámbitos.

10.6. Infraestruturas e Servizos de Telecomunicación

O acceso ás redes e aos servizos de telecomunicación son pezas relevantes no fortalecemento da base produtiva e no equilibrio territorial de Galicia. A extensión dos servizos avanzados de telecomunicación é importante para o impulso de novas actividades e para a transformación social e económica dos pequenos municipios e das zonas rurais.

Actualmente o acceso aos servizos de tecnoloxía ADSL está garantido en case todos os municipios de máis de 20.000 habitantes pero queda camiño por percorrer. No que se refire ao tránsito da tecnoloxía analóxica á dixital estanse dando os primeiros pasos coa experiencia da Fonsagrada que se converte na “illa dixital galega”.

Evidentemente, o desenvolvemento das telecomunicacións en Galicia está en boa medida condicionado pola dispersión da poboación e o baixo perfil da demanda que presenta boa parte da estrutura produtiva da Comunidade.

A potenciación de redes, infraestruturas e servizos avanzados de telecomunicación constitúe unha das grandes oportunidades futuras para Galicia. Permitirán recibir e emitir información e servizos desde ámbitos con limitacións pola súa posición xeográfica ou o seu tamaño demográfico. Para iso é preciso asegurar a dispoñibilidade das continuas innovacións en servizos telemáticos e de telecomunicación e unha contorna competitiva que garanta baixos custos para os usuarios.

É importante aumentar as interconexións das redes de fibra óptica e dos sistemas de transmisión de datos de alta capacidade entre Galicia, Portugal e o resto de España.

Nos Espazos Metropolitanos e nas Áreas Urbanas que lideran o sistema urbano de Galicia a dispoñibilidade dunha infraestrutura de telecomunicacións debe alcanzar o máximo nivel constituíndo un elemento que en si mesmo xere vantaxe competitiva pola súa calidade e cobertura. É o caso dos espazos de innovación e, en xeral, da totalidade do corredor atlántico e das dúas capitais interiores. Territorialmente é tamén fundamental potenciar a completa cobertura do Sistema Urbano Intermedio e dos Nodos para o Equilibrio do Territorio pois aquí o acceso a redes e servizos de telecomunicación constitúe un aspecto estratéxico no fortalecemento das funcións urbanas e da base produtiva dunhas zonas que, pola súa localización e tamaño, poden lograr deste xeito acceder a servizos que non estarán fisicamente dispoñibles neles.

Para o modelo territorial a extensión dos servizos avanzados de telecomunicación cunha completa cobertura en termos competitivos entre os diferentes operadores é unha condición necesaria. Son dotacións cruce no impulso de novas actividades e na transformación social e económica das zonas rurais e os pequenos municipios.

Dada a rapidez no desenvolvemento dos novos servizos avanzados, calquera atraso se traduce na aparición de desvantaxes competitivas fronte a outros espazos que dispoñan destes sistemas, tanto na atracción de novos investimentos como na competitividade das empresas xa existentes. Por iso, xunto á potenciación da infraestrutura nos principais núcleos de poboación, debe avanzarse no desenvolvemento de sistemas que permitan maximizar, con menor custo, a dispoñibilidade de servizos avanzados de telecomunicación

en ámbitos illados ou con baixa densidade de poboación. A aparición de novos operadores na Comunidade e o establecemento de sistemas que favorezan a competencia en todo o territorio é unha iniciativa necesaria, especialmente para reducir o custo de utilización duns servizos cuxas tarifas son na actualidade moi pouco competitivas no contexto internacional.

Desde a perspectiva territorial, ademais das funcións de control establecidas polo marco legal vixente, a actuación da administración segue sendo fundamental para asegurar o adecuado desenvolvemento en Galicia destas infraestruturas e servizos estratéxicos e para aproveitar moitas posibilidades técnicas para unha mellor xestión do territorio e das súas oportunidades. Con obxecto de impulsar estas iniciativas, súxírese utilizar ao máximo as axudas comunitarias, cooperación con outras administracións e iniciativas cidadás locais. En definitiva, trátase de garantir o acceso aos servizos avanzados de ámbitos que, pola súa escasa rendibilidade, resultan pouco atractivos para as empresas privadas.

O papel máis importante que poden xogar as Administracións Públicas desde o punto de vista territorial é o desenvolvemento de proxectos e actuacións de formación, información e dinamización da demanda de servizos apoiados nas telecomunicacións avanzadas. Son accións como programas de prestación de servizos educativos, sanitarios e culturais a distancia, descentralización dos servizos e a información administrativa mediante ventás telemáticas e múltiples aplicacións mediante sistemas móbiles e tecnoloxía apoiada en satélites tales como xestión de infraestruturas, prevención de desastres naturais, control de cultivos e de procesos contaminantes, utilización de recursos naturais e usos do solo, prevención e control de incendios forestais, etc.

10.7. Estratexias Enerxéticas

A contribución do sector enerxético galego ao Valor Engadido Bruto da Comunidade Autónoma é moi superior á media nacional. Con todo existe un importante desaxuste entre a enerxía producida e a demandada polo consumo final. A produción galega céntrase na electricidade, gran parte dela consumida fóra da Comunidade, mentres que os derivados do petróleo son a fonte enerxética que satisfai a maior parte da demanda de Galicia. Malia que aínda incipientes, o desenvolvemento das fontes de enerxía renovables, especialmente eólica, minihidráulica e a biomasa, é moi superior en Galicia á media nacional.

A estrutura territorial da Comunidade impón grandes condicionantes ao aumento da eficacia enerxética. O acceso ao gas natural está limitado aos centros de consumo de maior tamaño, que xustifican os investimentos necesarios.

Nestas condicións a estratexia enerxética de Galicia debe centrarse en catro obxectivos fundamentais:

- Aumentar a eficiencia enerxética e diversificar as fontes de abastecemento.
- Desenvolver modelos de abastecemento enerxético adaptados ás características territoriais da Comunidade.
- Reducir o impacto territorial e paisaxístico das redes de transporte enerxético procedendo ao seu enterramento e acondicionamento dando prioridade ás que discorren por espazos urbanos e por espazos naturais protexidos.

- Establecer sistemas que permitan a Galicia beneficiarse da enerxía hidroeléctrica que produce e compensen as afeccións que leva esta actividade (Canon da auga).

Modelo Territorial e Eficiencia Enerxética

En relación co primeiro dos obxectivos resulta prioritario emprender accións destinadas a aumentar a eficiencia enerxética. É un aspecto no que se pode avanzar de forma importante para lograr niveis de benestar e produción equivalentes aos actuais pero cunha importante redución nos custos enerxéticos e nas externalidades ambientais asociadas. O modelo territorial proposto neste documento constitúe un esquema de organización e funcionamento espacial que pode achegar vantaxes significativas para lograr este obxectivo. Neste sentido oriéntanse propostas como as referentes a proporcionar un peso cada vez maior ao ferrocarril e á potenciación do transporte colectivo, a prevención dos procesos de urbanización difusa e unha maior eficacia na estrutura dos espazos urbanos máis dinámicos.

As diferentes iniciativas territoriais deben tomar en consideración as posibilidades existentes para o aumento da eficiencia enerxética e a diversificación nos recursos utilizados. É importante que as estratexias de mellora urbana incorporen aspectos como a eficiencia da iluminación urbana, a redución da congestión do tráfico ou o uso de vehículos públicos menos contaminantes e que utilicen novas fontes enerxéticas. En materia de vivenda a mellora das condicións de illamento das edificacións e o uso de técnicas de arquitectura bioclimática ten efectos significativos sobre o gasto, que poden traducirse en aforros de ata o 50% nas necesidades enerxéticas de familias e empresas. A extensión de instalacións de coxeneración pode achegar unha maior eficacia polo que unha estratexia de mellora dos espazos industriais e de redución das implantacións empresariais dispersas pode permitir a centralización de servizos enerxéticos para diferentes establecementos e operacións de subministración entre empresas dun mesmo polígono.

O Gas Natural e o Sistema Urbano Galego

O gas natural aparece como a fonte enerxética con máis rápido crecemento nos países desenvolvidos e o principal recurso de diversificación e redución da contaminación enerxética. En Galicia deuse unha rápida expansión do consumo de gas grazas á potente rede de gasodutos existente. O desenvolvemento dunha nova planta de regasificación está vinculado á conversión das centrais térmicas actuais en xeradoras de ciclo combinado, máis eficientes e de menor impacto ambiental. A dispoñibilidade das redes de distribución ás áreas urbanas do corredor atlántico ademais de en Lugo e Ourense debe estenderse a outros ámbitos dinámicos e de alta densidade demográfica, como os asentamentos litorais das Rías Baixas, o eixe A Coruña-Carballo e aos diferentes sistemas urbanos intermedios.

É necesario aumentar as interconexións do sistema gasístico galego co resto das redes de España e Portugal. Adicionalmente ás conexións do Atlántico cara a Porto e do Cantábrico cara a Asturias sería desexable desenvolver enlaces coa Meseta (O Bierzo e Zamora) e co interior portugués.

Estratexias Enerxéticas nas Zonas Rurais e novas fontes de subministro

Os Nodos para o Equilibrio do Territorio e núcleos situados en zonas pouco poboadas son os espazos onde teñen a súa principal oportunidade os sistemas alternativos de produción enerxética baseados en pequenas instalacións que aproveitan recursos locais: minicentrais hidroeléctricas, xeradores eólicos, paneis solares de produción térmica e fotovoltaica, biogás e reutilización de residuos agrícolas, gandeiros e forestais, etc. permiten satisfacer a maior parte dos usos domésticos e produtivos (e ata parte dos de transporte) en núcleos medianos e pequenos.

O desenvolvemento destes sistemas terá unha influencia decisiva na competitividade e a calidade de vida da maior parte do territorio, facendo viables moitas actividades que non o serían en condicións de dependencia dos grandes sistemas de produción e distribución enerxética convencional e reducindo a fragilidade destes espazos ante as oscilacións dos mercados enerxéticos internacionais.

É imprescindible observar unhas adecuadas precaucións para a correcta integración ambiental destes sistemas de xeración, prestando especial atención a factores como a localización fóra de espazos sensibles (fitos paisaxísticos e Áreas Estratéxicas de Conservación) e a análise conxunta das actuacións, evitando os efectos de acumulación derivados da suma de diversas actuacións individuais.

Aínda que as zonas rurais sexan o ámbito onde o desenvolvemento destes sistemas de produción pode ser máis interesante a curto prazo, e maior o seu impacto territorial, a súa implantación debe propiciarse en todo o territorio polas vantaxes que proporcionan en termos de seguridade do abastecemento e rendibilidade a medio prazo.

Para aproveitar esta oportunidade Galicia dispón dun elevado potencial para o desenvolvemento enerxético, baseado en recursos propios mobilizables mediante un tecido empresarial e produtivo local. Trátase dunha opción que pode constituír un importante factor de desenvolvemento rexional, con especial incidencia nalgunhas zonas do territorio con tradición no sector e que se enfrontan a importantes cambios na súa estrutura produtiva. Trátase de actividades que precisan dun compoñente importante de I+D e que, ademais, necesitan de actividades industriais para a produción dos equipos necesarios, polo que o seu efecto multiplicador sobre o desenvolvemento de Galicia vai moito máis alá da escasa incidencia que tiveron as actividades tradicionais de produción enerxética da Comunidade. Trátase de aproveitar un importante nicho de desenvolvemento, que se orienta no sentido das tendencias globais no sector enerxético, marcadas polos cambios nos prezos relativos, o desenvolvemento tecnolóxico e a crecente importancia dos aspectos ambientais.

10.8. Solo empresarial e para actividades económicas

A plasmación territorial dos procesos de industrialización e desenvolvemento empresarial de Galicia foi, por unha banda, a concentración nos ámbitos máis dinámicos do territorio dos principais espazos de actividade económica e, por outra, a aparición de espazos produtivos desordenados e de escasa calidade, que supón un obstáculo para o propio

desenvolvemento industrial.

A dispersión de industrias ao longo de eixes de acceso ás cidades, localizadas en solo rústico ou situadas en tramas urbanas do interior das cidades contrasta cun exceso de solo industrial vacante característico dunha política de creación de polígonos con frecuencia voluntarista e allea ás necesidades reais das empresas. Tres son os obxectivos básicos que se propón en relación cos espazos para actividades económicas:

- Establecer criterios de localización e de características dos espazos produtivos que permitan maximizar a súa eficacia para a atracción de actividades e para a competitividade das empresas da Comunidade.
- Mellorar a oferta incidindo na rehabilitación dos espazos existentes, a adaptación ás demandas e potencialidades de cada ámbito territorial e a busca de localizacións compatibles coa calidade dos ámbitos urbanos e do medio natural.
- Xerar novos espazos de actividade axeitados ás demandas creadas polas novas actividades terciarias como elementos de grande incidencia na calidade, no atractivo urbano e na competitividade territorial da Comunidade.

Dende a perspectiva territorial debe favorecerse que, en cada ámbito metropolitano ou comarcal, se dea un axeitado equilibrio entre dotación global de áreas acondicionadas para estes usos e a demanda procedente de sectores produtivos consumidores de solo para actividades económicas (fundamentalmente industria, comercio almacenista e de gran superficie). Lograrase así reducir a necesidade de longos desprazamentos residencia-traballo e favorecer unha mellor integración dos mercados de vivenda e traballo.

En calquera caso, cara ao futuro deberán favorecerse os procesos de reconversión, promovendo o cambio dos espazos industriais do interior das cidades cara a novos usos nos que predominen as actividades económicas (comercio en superficies medias, hotéis, edificios de oficinas, centros avanzados para actividades terciarias, servizos empresariais, etc.) con menor impacto visual e ambiental, optando por trasladar actividades industriais a zonas planificadas, ben comunicadas e que non queden constringidas polo crecemento urbano.

O desenvolvemento de novas localizacións industriais e loxísticas en grandes plataformas de solo e novos polígonos debe orientarse cara a zonas exteriores dos núcleos urbanos, favorecendo a relocalización nestes ámbitos de actividades industriais e de tráfico pesado situadas no interior das cidades. Estas localizacións deben buscar unha axeitada situación en relación coas características ambientais do territorio e asociarse aos grandes eixes de transporte e a elementos de transporte colectivo que faciliten a súa relación cos ámbitos residenciais.

Como referencias territoriais para as actuacións dos espazos para actividades económicas o Modelo territorial das DOT establece as seguintes:

- Os Espazos Metropolitanos e Áreas urbanas das sete cidades principais de Galicia e as cabeceiras do Sistema Urbano Intermedio considéranse como Áreas de interese prioritario no desenvolvemento de novos espazos para a localización de actividades económicas. Nelas desenvolverase unha política de ordenación, xestión e promoción

urbanística dos solos de actividade económica que abranga a mellora dos solos consolidados, a reconversión e remodelación das áreas industriais obsoletos, o desenvolvemento dos solos desocupados con cualificación industrial e a promoción dos polígonos existentes. Adicionalmente xerarase unha oferta pública de novos solos para actividades económicas concibindo estas dende a perspectiva supramunicipal do ámbito en que se localizan.

- Os Nodos para o Equilibrio do Territorio de Galicia consideraranse como Áreas de consolidación da actividade industrial en zonas rurais e de dinamismo moderado. Neles o criterio xeral consistirá en tomar en conta o nivel de ocupación dos solos para actividades económicas existentes e concentrar as iniciativas públicas en procesos de incentivación ou de satisfacción de novas demandas endóxeas. Para os solos existentes propónse unha política de consolidación con accións prioritarias de rematado e mellora das actuais urbanizacións.
- No resto do territorio considérase que debe darse un desenvolvemento escaso dos solos de actividade sen prexuízo de que cada municipio poida xerar espazos orientados a satisfacer a súa demanda endóxena.

10.9. Os Equipamentos na perspectiva territorial

A estrutura territorial do sistema de equipamentos de Galicia é o resultado da tensión entre a necesidade de satisfacer as demandas con criterios de proximidade ao usuario e os criterios básicos de eficacia, que esixen unha relación axeitada entre a oferta dotacional e a cantidade de poboación á que se presta servizo.

O principal obxectivo territorial en relación cos equipamentos é lograr a máxima accesibilidade e cobertura da poboación cos niveis de calidade imprescindibles para que as diferentes dotacións cumpran a súa función de forma efectiva. Este obxectivo implica:

- Unha maior eficacia e coherencia entre a oferta de equipamentos e as necesidades de cada ámbito territorial.
- O deseño dun sistema de equipamentos que contribúa ao equilibrio territorial, reforzando o nivel intermedio asociado ás Cabeceiras e subcabeceiras do Sistema Urbano Intermedio e ós Nodos para o Equilibrio do Territorio.
- A consideración do sistema de equipamentos como elemento clave de dinamización territorial, estreitamente vinculado á aparición de novas iniciativas produtivas e ás accións de mellora do atractivo de cidades e espazos rurais.

Os equipamentos desenvolven unha dobre función no modelo territorial. Son factores básicos de servizo á poboación, que determinan en boa medida os niveis de benestar e de cohesión social. A súa dispoñibilidade e calidade son indicadores do atractivo urbano e territorial, o que constitúe un factor de competitividade e condiciona a calidade de vida e a renda dispoñible, con especial incidencia nos sectores con menores ingresos. Ademais, son, en si mesmos, elementos xeradores de actividade, de iniciativas produtivas e de desenvolvemento como acontece cos equipamentos comerciais, os centros de congresos e

recintos feirais, as actividades universitarias e de investigación de alto nivel ou con actividades singulares, que poden localizarse tanto en grandes cidades como en zonas rurais: educativas (centros de formación superior, cursos para estranxeiros..), culturais (exposicións, festivais..), deportivas (competicións e actividades de deporte-espectáculo, deportes de risco e aventura..) ou socio-sanitarias (balnearios, centros de repouso e rehabilitación..).

Polo tanto a ordenación e o desenvolvemento dos equipamentos deben abordarse cunha dobre perspectiva. Por unha parte os plans e programas de actuación sectoriais emprendidos polas diferentes administracións, co obxecto de satisfacer as necesidades da poboación. Por outra a súa consideración nos plans territoriais e urbanísticos, nos programas de desenvolvemento e nas estratexias de dinamización como factores de transformación e mellora a desenvolver por iniciativa pública ou creando condicións que impulsen e faciliten o seu establecemento pola iniciativa privada.

Cara ao futuro deberán terse en conta ademais os novos procesos socioeconómicos que afectan ao sistema de equipamentos. O envellecemento da poboación é probablemente o máis significativo e o que maior incidencia terá a medio prazo. Tamén é importante ter en conta que, segundo aumenta o nivel de renda, son maiores as esixencias que os usuarios fan dos equipamentos públicos e privados. Polo tanto é necesario combinar axeitadamente proximidade con nivel do servizo, pois equipamentos cunha oferta escasa, poucas opcións ou baixa calidade deixarán de ser funcionais aínda que resulten moi accesibles.

Un terceiro factor a considerar, especialmente nos niveis máis altos do sistema de equipamentos, é a necesidade de lograr altos niveis de calidade neles, individualizándoos e dotándoos da capacidade e a singularidade necesarias para manter un grao de excelencia que asegure o seu mantemento e o seu papel como activos necesarios para o desenvolvemento de Galicia.

Os equipamentos básicos, como centros de ensino infantil e primario, os centros de asistencia social e os centros de saúde deben prestar unha cobertura próxima a todos os cidadáns estendéndose ata o nivel local con características axeitadas á estrutura demográfica da poboación atendida por eles. O principal risco neste nivel é unha progresiva deterioración na calidade de servizos básicos e un insuficiente mantemento. Por iso é importante garantir niveis de calidade suficientes e homoxéneos para todo o territorio e maximizar as sinerxías entre os distintos equipamentos. Así, as dotacións escolares deben incluír tamén os equipamentos deportivos básicos e culturais como bibliotecas, prestando servizo ao conxunto da poboación pero garantindo a súa funcionalidade e conservación mediante a súa vinculación aos centros escolares. Igualmente os servizos básicos de saúde e asistenciais deben concibirse con criterios de integración xa que nunha grande parte do territorio as súas actividades se centrarán principalmente nos mesmos grupos de poboación. A concepción de todos estes servizos debe incorporar as necesidades de transporte que permitan que toda a poboación á que dan cobertura poida acceder aos diversos equipamentos.

Corresponde aos Nodos para o Equilibrio do Territorio e as subcabeceiras do Sistema Urbano Intermedio acoller aquelas dotacións que son utilizadas por un volume de poboación alto e que implican unha elevada frecuencia de viaxes. Este sería o caso dos centros

educativos de secundaria e bacharelato, os de formación profesional, as instalacións polideportivas, os ambulatorios e os servizos de asistencia e benestar social.

Definir un sistema de equipamentos eficaz e operativo de forma diferenciada para o Sistema Urbano Intermedio é imprescindible para lograr que as Cabeceiras destes cumpran a súa función no modelo territorial, constituíndo centros urbanos distribuídos polo territorio, viables e con capacidade para limitar os procesos de polarización das principais cidades. Para iso é importante fortalecer de forma específica nas Cabeceiras algúns dos servizos básicos que xa prestan en moitos casos:

- Aumento do número de especialidades e medios de diagnóstico e tratamento nos centros de saúde e hospitais.
- Realizar unha oferta completa das diferentes modalidades de ensino establecidas na ESO e no bacharelato.
- Fortalecemento dos servizos asistenciais co fin de aumentar a cobertura dos grupos sociais que demandan atención en función das características demográficas e socioeconómicas de cada zona.
- Progresivo desenvolvemento de novas dotacións cuxa localización natural deben ser as Cabeceiras do Sistema Urbano Intermedio: ensino especial e non obrigatorio (escolas de idiomas, de música, artes e oficios, etc.), centros multifuncionais para actividades culturais e de ocio, equipamentos deportivos axeitados para o desenvolvemento de competicións oficiais, etc.
- Oficinas de xestión urbanística e de rehabilitación de vivendas, xestión de actividades culturais, oficinas de atención e xestión administrativa da Comunidade Autónoma, oficinas de Facenda e da Seguridade Social, servizos de Protección Civil.

O equipamento comercial, básico para a consolidación destes núcleos, depende de factores como a estrutura demográfica e o nivel de renda. É importante desenvolver programas específicos de potenciación do desenvolvemento comercial asociando a creación de novos espazos multifuncionais e a mellora do comercio e centros de ocio tradicionais a accións de mellora urbana, revitalización de centros históricos, creación de novas centralidades e procesos de densificación e articulación urbana, etc.

Os equipamentos de rango autonómico deben buscar a súa localización preferente nos Espazos Metropolitanos e Áreas Urbanas das cidades principais de Galicia. Neste nivel o problema preséntase na debilidade de moitos destes equipamentos de rango rexional debido á duplicación de ofertas e á competencia entre dotacións situadas en diferentes cidades. O resultado é unha perda do potencial de dinamización dos servizos máis complexos pois a dispersión dos esforzos para o seu mantemento tradúcese en debilidade, falta de competitividade cos localizados fóra da Comunidade, niveis de servizo inferiores aos desexables e escasa incidencia nos procesos de desenvolvemento urbano e rexional.

Nestes espazos deben localizarse os servizos de maior nivel asociados a demandas de certa complexidade (principais centros hospitalarios, servizos administrativos centrais, universidades, recintos feirais e de congresos, grandes espazos culturais e de ocio, etc.).

Especialmente no caso dos equipamentos de alto nivel que non teñen un carácter asistencial á poboación é importante desenvolver unha política de localización selectiva dos grandes equipamentos, concibidos para cumprir funcións específicas asociadas ás dinámicas de cada cidade. Trátase de potenciar complementariedades e concentrar esforzos para lograr que as dotacións de maior rango constituán motores de desenvolvemento de Galicia. Son equipamentos como grandes centros culturais, cunha programación regular e estable, centros de investigación e tecnolóxicos, instalacións de ocio singulares ou para o deporte espectáculo, pazos de congresos e feiras de mostras, equipamentos asistenciais especiais, etc. Estes elementos deben localizarse con criterios selectivos nas diferentes cidades en función de especializacións locais cumprindo dous requisitos no seu desenvolvemento:

- Evitar duplicacións na oferta e situacións de competencia entre equipamentos.
- Concibir cada un deles como un elemento singular, orientado a lograr o máximo nivel de calidade e excelencia, constituíndo instrumentos eficaces ao servizo do desenvolvemento rexional, e competitivos cos localizados fóra da Comunidade.

10.10. Actividades e espazos para a innovación

A converxencia de Galicia cos espazos económicos máis desenvolvidos, pasa por alentar o crecemento da produtividade como elemento estratéxico para a competitividade e a creación de riqueza nunha economía moderna. O papel da tecnoloxía e da innovación, así como a súa difusión ao tecido produtivo, son elementos cruciais para animar o dinamismo económico.

Hoxe as actividades de I+D mostran certa revitalización en Galicia. Este tipo de investimento pasou de representar o 0,64% do PIB no ano 2000 a situarse no 0,89% no ano 2006 grazas en boa medida ao impulso da Administración Pública, que concentrou o 63% do volume total deste investimento.

A posta en marcha do Plan Galego de I+D+i constitúe unha potente aposta investidora neste terreo que ten como dobre obxectivo alcanzar un gasto en actividades do I+D+i do 1,5% do PIB e que a metade dese gasto proveña do sector privado. Adicionalmente a posta en marcha de toda unha serie de iniciativas que inclúen clústers e plataformas tecnolóxicas están a dinamizar a actividade innovadora nos sectores máis importantes da nosa economía, ademais de apostar por novos centros de excelencia científica.

As DOT recollen propostas para a localización de espazos orientados cara á nova economía do coñecemento nos diversos ámbitos do sistema urbano. Trátase de iniciativas esenciais para o futuro da Comunidade e para dotar ás nosas cidades e Espazos Metropolitanos do perfil innovador esencial na nova etapa de desenvolvemento.

O Patrimonio Natural, Cultural e Paisaxístico

11. Recuperación ambiental e Áreas Estratéxicas de Conservación.

11.1. O Medio Natural como activo básico do territorio

Os recursos naturais e os espazos de interese ambiental son un dos activos diferenciais de Galicia e unha das claves para o desenvolvemento dalgunhas das áreas máis desfavorecidas da Comunidade.

Os recursos naturais realizan funcións moi importantes no Modelo Territorial. Satisfán necesidades básicas, esenciais para a calidade de vida e para o desenvolvemento de moitas actividades produtivas, que son obxecto dunha crecente valoración. A calidade ambiental e a conservación dos sistemas naturais son demandas sociais que aumentan co nivel de renda, e van asociadas ás formas de vida e de organización social e económica máis innovadoras e con maior potencial futuro.

A existencia de sistemas naturais ben conservados axuda a resolver eficazmente problemas con grande incidencia territorial, tales como a prevención de danos por inundacións, o aumento da dispoñibilidade de recursos hídricos, a conservación de chans, o mantemento de paisaxes atractivas ou o control de usos inadecuados no territorio.

Durante os próximos anos, o grande reto ambiental da nosa Comunidade vai ser a adaptación do medio natural a unha nova situación, creada pola modificación dos equilibrios preexistentes como consecuencia do abandono de espazos agrarios tradicionais. Esta tendencia apréciase xa na nova concepción das accións de transformación agraria, abandonando prácticas como a cavadura de zonas arboradas ou a recuperación de brañais antes desecados para a súa posta en cultivo, e na necesidade de incentivar mediante axudas a reforestación de terras agrarias ou a extensificación dos cultivos.

Os obxectivos prioritarios que se formulan neste documento en relación co medio natural pódense sintetizar en:

- A protección dos hábitats que acollen a especies ameazadas ou en perigo, cunha gran biodiversidade ou condicións favorables para o desenvolvemento de comunidades faunísticas que requiren para o seu mantemento de espazos singulares polas súas características ou a súa dimensión.
- O mantemento dos fluxos naturais e das condicións para o desprazamento das poboacións animais, eliminando ou adaptando con este fin as infraestruturas viarias e cerramentos, os tendidos aéreos potencialmente daniños e as infraestruturas

hidráulicas que interfieren nos cursos fluviais.

- O mantemento dos trazos paisaxísticos e xeomorfolóxicos do territorio con especial atención aos elementos singulares de interese xeolóxico, morfolóxico ou paleontolóxico existentes.
- A xestión dos procesos de cambio nas actividades que se desenvolven no medio físico mediante a consolidación de usos de interese territorial. Débense producir cambios estruturais que garantan a viabilidade das actividades agropecuarias. Cando esta opción non sexa viable haberá que introducir usos substitutivos que eviten procesos de deterioración e asignen novas funcións ao territorio. Entre estas considéranse prioritarias as accións de reforestación con criterios de uso múltiple.
- A restauración dos espazos deteriorados e a prevención de impactos ambientais, incorporando criterios de integración ambiental ás actividades con incidencia no medio.
- A incorporación dos recursos naturais ás iniciativas de desenvolvemento socioeconómico como factor esencial para garantir a súa conservación e incentivar a súa mellora.
- O deseño de estratexias territoriais para a posta en valor das oportunidades do medio natural e para evitar situacións de presión sobre espazos e recursos fráxiles.

A conservación e mellora dos recursos naturais de Galicia require consideralos factores básicos de dinamización da Comunidade e de mellora da calidade de vida dos seus habitantes, facendo deles elementos activos do desenvolvemento de Galicia. Só a súa valoración como elementos útiles que prestan servizos necesarios, aumentan o noso benestar ou crean oportunidades de desenvolvemento económico permitirá a aparición de comportamentos que faciliten a súa protección e garantirá a vontade de dedicar recursos e esforzos á súa conservación.

11.2. Recuperación do Medio Natural e Novos Equilibrios Ambientais

A paisaxe e as características ambientais e ecolóxicas do territorio non son un factor estable, senón un conxunto de trazos dinámicos, que evolucionan en función dos usos e aproveitamentos dos recursos naturais demandados en cada momento polas actividades económicas e os comportamentos sociais. A redución na importancia territorial das actividades primarias nos próximos anos, que xa se deixa sentir, crea a necesidade de actuar para definir unha nova estrutura de usos no medio físico. O abandono de terras en moitos ámbitos de Galicia, especialmente en áreas de montaña pouco produtivas, é unha oportunidade para ampliar a dispoñibilidade de recursos naturais, aumentando a diversidade e a riqueza ecolóxica do territorio. Este proceso non se vai dar de forma espontánea. Ao desaparecer as actividades que manteñen o equilibrio actual, a tendencia máis probable é a aparición de procesos de deterioro. A súa prevención precisa de accións efectivas de control e de restauración, adaptadas ás características de cada zona do territorio.

A reforestación aparece como unha das opcións na ordenación dos recursos naturais da

Comunidade. O aumento da superficie arborada debe concibirse como unha iniciativa con múltiples obxectivos que proporcionen novas posibilidades para o medio natural e para os espazos rurais. A reforestación permite dotar a amplas extensións do territorio dun uso permanente con custos de mantemento decrecentes ao longo do tempo. É unha acción propia para espazos nos que o abandono dos usos tradicionais formula riscos de deterioración, dificultades de xestión e implica perda de oportunidades de desenvolvemento, o que propicia a localización de usos incontrolados e ambientalmente incompatibles. Trátase dunha acción de interese especial nas zonas con menor potencial agrario como as zonas de montaña ou os extensos secaños das áreas centrais e meridionais da Comunidade.

As accións de extensión da superficie forestal teñen que enfocarse con criterios de diversidade de oportunidades en función das características de cada espazo, sendo con frecuencia posible alcanzar varios obxectivos de forma simultánea.

Moitas iniciativas de reforestación poden dirixirse a aumentar a superficie arborada susceptible de ter un aproveitamento silvícola como base para unha actividade produtiva con grande potencial económico a medio e longo prazo. Esta orientación é particularmente adecuada nas serras do norte da Comunidade e nas montañas litorais, que pola súa pluviometría teñen unha elevada produtividade. Tamén debe darse cabida a accións forestais que permitan a mellora e a extensión dos hábitats silvestres, aumentando a biodiversidade do medio natural de Galicia e as oportunidades de desenvolvemento dos ecosistemas. A recuperación dos bosques de galería ao longo dos cursos fluviais e a restauración da vexetación natural dos espazos naturais e a súa contorna constitúen ámbitos prioritarios para este tipo de iniciativas.

A regulación hidrolóxica, o aumento da infiltración de auga e o control de enchentes son funcións das masas forestais que deben ser contempladas en calquera caso e desenvolvidas de forma específica polos plans hidrolóxicos. A redución dos procesos erosivos é un obxectivo prioritario das accións de reforestación, permitindo a conservación de chans que son un factor necesario para o mantemento do potencial de uso en moitas zonas de gran fragilidade. As abas das montañas do sur e o surlleste da Comunidade, constitúen zonas de alta vulnerabilidade ante os procesos erosivos e en consecuencia, as repoboacións protectoras deben ter atención especial.

A recuperación de zonas húmidas interiores e a mellora da calidade das augas, tanto nos cursos baixos dos ríos como nos esteiros e rías do litoral son outras iniciativas prioritarias para preservar e potenciar ámbitos sensibles de alto valor ecolóxico que teñen especial interese no noso territorio.

11.3. As Áreas Estratéxicas de Conservación

Na actualidade, Galicia conta con 17 espazos naturais protexidos, cunha superficie total de 114.322 hectáreas. A eles hai que engadir os 66 espazos da Rede Natura 2000 Europea que abranguen unha superficie de 371.824 has. En conxunto estes ámbitos supoñen o 12,4% da superficie de Galicia. Está prevista a ampliación dos espazos de Ancares, ata alcanzar as 26.000 has, e do Xures ata unha superficie de 29.762 has.

A forte presión demográfica que historicamente sufriron os ecosistemas galegos supuxo un

notable grao de alteración ambiental. Non obstante, esta situación pertence ao pasado e hoxe existen grandes ámbitos moi pouco densos nun contexto de retroceso das actividades económicas do sector primario nas zonas con menor aptitude agraria. Existen en Galicia espazos que pola súa riqueza ecolóxica constitúen refuxios de biodiversidade e onde existen oportunidades para recuperar ecosistemas moi alterados en etapas anteriores.

As Áreas Estratéxicas de Conservación que se propoñen neste documento como enclaves de especial valor ecolóxico deben constituír a referencia na percepción de Galicia como un ámbito cuxo excepcional valor natural singulariza a oferta territorial da Comunidade. Corresponden aos espazos incluídos nalguna das figuras de protección da natureza, os que integran a proposta da Rede Natura 2000 en Galicia e aqueles que as DOT consideran, adicionalmente, que deben contar cunha protección específica polo planeamento territorial e urbanístico e que se recollen no Anexo deste documento.

A elaboración dos instrumentos de ordenación destes espazos, o desenvolvemento de programas de mellora ambiental, de manexo e reintrodución de especies, a dotación de servizos e equipamentos que axuden ao desenvolvemento das súas funcións de educación, investigación e dinamización constitúen orientacións básicas para o logro deste obxectivo.

A ordenación e xestión das Áreas Estratéxicas de Conservación debe concibirse dentro do marco máis amplo do Modelo Territorial. Este formula as súas propostas dende unha perspectiva que permita manter a integridade destes ámbitos e dos factores que xustifican a súa protección. A identificación dun sistema de Áreas Recreativas fórmase así como unha ampliación das zonas do territorio que permiten satisfacer as demandas de ocio e de contacto coa natureza, reducindo a presión sobre os espazos máis fráxiles. A consolidación de núcleos de poboación con capacidade para acoller servizos, equipamentos e actividades asociados aos espazos protexidos, evitando a afección ás zonas naturais, e a creación de elementos que aseguren a comunicación e a continuidade entre os diferentes espazos naturais son outras iniciativas territoriais.

A posible ampliación do sistema de espazos protexidos de Galicia, para configurar unha rede representativa dos diferentes ecosistemas e incluír ámbitos agora clasificados como Lugares de Interese Comunitario virá determinada no futuro por criterios de oportunidade e de capacidade de xestión. Existe unha interesante oportunidade para crear grandes espazos de alto valor ecolóxico nas zonas menos poboadas do interior, configurando ámbitos coa dimensión necesaria para recuperar hábitats e especies agora desaparecidos ou en grave risco de extinción.

Entre os ámbitos de especial valor que no futuro podería ser conveniente integrar na Rede, atópanse as áreas que dan continuidade a espazos protexidos existentes ao longo das principais cordilleiras e que están dotadas de figuras de protección nos territorios veciños de Castela e León, Asturias e Portugal, creando sistemas de cooperación e xestión conxunta, así como a ampliación da superficie de elementos xa protexidos pero que polo seu valor e a súa escasa poboación poderían abranguer espazos máis extensos como acontece en Ancares ou nas serras do extremo surlleste.

En Galicia coexisten ámbitos moi valiosos e fráxiles no litoral, sometidos a unha forte presión, xunto con grandes extensións con alto potencial ecolóxico en zonas do interior onde non existen apenas tensións urbanísticas. Nestas condicións, a estratexia de declaración de

Espazos Naturais protexidos non debe dirixirse exclusivamente por criterios de conservación do medio senón tamén do necesario mantemento como espazos libres de ámbitos localizados en zonas densamente urbanizadas nos que os tramos sen edificar constitúen elementos singulares con potencial para desenvolver iniciativas de recuperación ecolóxica.

Igualmente, para as zonas interiores, os Parques Naturais e outras figuras de protección da natureza deberían ser elementos clave para impulsar estratexias de ecodesenvolvemento en zonas rurais fráxiles. A declaración dun ámbito de alto interese como Espazo Protexido outorga un distintivo de calidade e de recoñecemento, que facilita a aparición de formas de turismo compatible ou o xurdimento de denominacións de orixe e de "imaxe de marca" para producións tradicionais. É fundamental desenvolver instrumentos de planificación que compatibilicen conservación e desenvolvemento evitando os problemas que se derivan da clasificación integral como solo rústico de especial protección de espazos naturais da totalidade de ámbitos protexidos que inclúen con frecuencia núcleos de poboación e elevadas porcentaxes da superficie dalgúns concellos.

Nestas zonas, a eficacia na xestión e o éxito nos obxectivos de protección e mellora ambiental aconsellan declarar poucos espazos, pero coa suficiente extensión como para garantir a efectiva protección dos recursos que conteñen. O obxectivo é a preservación de ecosistemas no seu conxunto, máis que a protección de elementos illados. A proxección exterior e a singularización do territorio que é posible lograr cun número reducido de espazos naturais moi extensos e valiosos non se pode lograr coa protección de numerosos espazos de pequeno tamaño.



12. A rede de Áreas Recreativas e os Corredores Verdes

12.1. Ocio e Natureza

O medio natural de Galicia conta con elementos valiosos e atractivos que, polas súas propias características, son tamén fráxiles. Isto significa que un aumento das actividades recreativas en contacto coa natureza (sendeirismo, acampada, práctica de deportes, turismo verde, etc.) sen a ordenación axeitada pode aumentar a presión sobre os recursos naturais, poñendo en perigo a conservación dos espazos afectados e limitando as posibilidades de incorporar estes valiosos activos naturais a unha estratexia de sostibilidade baseada na recualificación e diversificación do territorio.

Problemas como os incendios forestais, o deterioro de hábitats vexetais e animais, impactos paisaxísticos, acumulación de residuos, a degradación do chan polo paso de persoas e a práctica indiscriminada de deportes con vehículos a motor son impactos típicos das zonas de alta densidade turística nas que as relacións entre poboación e natureza se atopan sen resolver axeitadamente. Con frecuencia esta presión afecta de forma particularmente intensa ás áreas dotadas de maior beleza e espectacularidade, que son tamén as máis sensibles.

Existen moitos elementos e espazos na Comunidade susceptibles dun aproveitamento recreativo axeitadamente ordenado, escasamente utilizados na actualidade pero con grandes potencialidades de futuro. Son áreas como praias, espazos forestais, zonas de montaña, encoros, áreas con abundantes recursos cinexéticos e piscícolas, espazos libres con capacidade para desenvolver actividades recreativas e deportivas, etc. Para aproveitar estas oportunidades é preciso desenvolver infraestruturas, deseñar sistemas de relación e vinculación cos núcleos da contorna e evitar problemas de deterioro, ocupación ilegal e usos incontrolados.

12.2. A rede de Áreas Recreativas

Suxírese desenvolver unha rede de Áreas Recreativas formada por espazos caracterizados pola súa calidade ambiental e o seu atractivo natural, destinados a canalizar as demandas de ocio en contacto co medio físico. Esta rede constitúe un elemento para activar a oferta turística de Galicia e un factor xeral de atractivo territorial, cada vez máis importante nas iniciativas de diversificación económica e para a atracción de determinadas actividades produtivas.

As Áreas Recreativas son espazos cuxos trazos naturais fan atractivo o seu uso como zonas de ocio de forma compatible coa conservación dos seus valores ambientais. Desempeñan un conxunto de funcións que, en coherencia co Modelo Territorial, cumpriran diversos obxectivos:

- Crear as condicións para que o uso de áreas con atractivo natural non implique a aparición de procesos de deterioro, canalizando as demandas en función da capacidade de carga de cada espazo e incorporando as infraestruturas e servizos

necesarios para o mantemento do potencial de atracción destas zonas.

- Contribuír ás iniciativas de potenciación da oferta turística de Galicia, apoiando as estratexias de aumento do atractivo das zonas litorais e urbanas e creando unha infraestrutura ambiental que dea soporte ás iniciativas de desenvolvemento do turismo rural.
- Facilitar unha permeabilidade do territorio ambientalmente compatible, que permita o aproveitamento colectivo. Xorden así novas posibilidades de acceder ao territorio, poñéndoo en valor e xerando oportunidades de actividade nas zonas rurais.

Propóñense como elementos da rede de Áreas Recreativas os ámbitos das Áreas Estratéxicas de Conservación compatibles con usos de ocio nos termos que estableza a súa normativa específica, as praias e os espazos acondicionados polas diferentes administracións para o desenvolvemento de actividades de lecer ao aire libre.

O criterio básico en relación coas Áreas Recreativas é a definición dunha rede distribuída por todo o territorio de Galicia, apoiada no aproveitamento de oportunidades específicas e nas posibilidades de uso do medio, concibida de forma coherente e moi interrelacionada coas restantes propostas do Modelo Territorial relativas á recualificación do litoral, o aumento do atractivo urbano das principais cidades e o aproveitamento das oportunidades singulares dos espazos rurais. Só deste modo é posible lograr as sinerxías e dimensións necesarias para constituír unha oferta diferenciada, coa suficiente entidade para actuar como un elemento eficaz de desenvolvemento rexional.

Considérase de interese que estas Áreas Recreativas propicien un uso múltiple do territorio, que permita satisfacer de forma compatible diversas actividades e demandas contribuíndo decisivamente ao seu atractivo. Os elementos que poden constituír esta rede poden e deben ser moi diversos, cun gradiente dende a máxima naturalidade nas zonas máis tranquilas, inaccesibles ou valiosas ata as áreas de uso máis intenso. En calquera caso, a intensidade de uso das Áreas Recreativas debe sempre formularse por debaixo da súa capacidade de carga, evitando deterioracións sobre os recursos naturais e creando os sistemas de xestión que permitan garantir un uso sostible destes espazos.

12.3. Os Corredores Verdes

A conexión das Áreas Recreativas, e doutros elementos valiosos do patrimonio natural, cultural e urbanístico de Galicia mediante unha rede de Corredores Verdes permite completar un sistema integrado de elementos de grande interese, a través dos cales gozar dos activos singulares do territorio, e conseguir poñer en valor estes recursos para o desenvolvemento da Comunidade Autónoma, garantindo o mantemento dos fluxos ecolóxicos básicos.

A rede de Corredores Verdes apóiase fundamentalmente nos numerosos e importantes cursos fluviais de Galicia e a ela poden incorporarse outros elementos lineais de carácter brando e interese ambiental que vertebran o territorio (vías verdes, camiños rurais, itinerarios culturais, estradas acondicionadas, etc.), permitindo o establecemento dunha malla verde, que dá continuidade aos diferentes espazos e elementos de interese existentes

no territorio.

Esta estratexia debe incorporar accións de adecuación de itinerarios, catalogando e acoutando os percorridos e dotándoos dunha protección efectiva desde o planeamento, que evite usos incompatibles. Noutros casos é esencial a protección e mellora da calidade ambiental do seu ámbito, en particular a preservación dos espazos ribeiráns, e a corrección de impactos e focos de deterioración. Os itinerarios da rede de Corredores Verdes deben incorporar os necesarios servizos de mantemento e elementos de acollida e atención aos usuarios para o que deberían utilizarse preferentemente edificacións tradicionais xa existentes.

Suxírese que estes percorridos sexan susceptibles de usos múltiples, tales como constituír itinerarios para cicloturismo ou sendeirismo, para práctica de turismo ecuestre, etc., dependendo das características de cada un dos trazados seleccionados.

As Áreas Recreativas e a rede de Corredores Verdes poden ser instrumentos idóneos para a implantación de iniciativas de desenvolvemento endógeno en zonas rurais, propiciando o acceso ao territorio da poboación da Comunidade e de visitantes e turistas foráneos mediante fórmulas que combinen o disfrute do territorio e a súa conservación nunha estratexia de desenvolvemento turístico sostible.

Suxírese asociar os distintos ámbitos de interese recreativo no medio físico con núcleos de poboación que acollan unha oferta de servizos e equipamentos suficientemente atractiva. A existencia dunha oferta complementaria de interese, cos servizos, comercios e espazos urbanos necesarios, atrae cara a eles unha boa parte da actividade turística e permite a obtención de rendas, evitando que os visitantes se limiten a premer sobre uns recursos fráxiles sen apenas xerar ingresos.

As Áreas Recreativas, os percorridos e os núcleos de poboación asociados a eles deben concibirse como un único ámbito de actividade e de xestión. Trátase de xerar unha oferta de ocio que, en cada zona, incorpore unha grande variedade de posibilidades, de forma que as distintas potencialidades se revaloricen entre si ao ofrecerse de xeito simultáneo e coordinado integrando ámbitos de ocio, atractivos naturais e paisaxísticos, oferta de aloxamentos, actividades recreativas e deportivas, equipamentos e oferta complementaria, centros de interpretación e difusión, elementos do patrimonio, etc. Con estas iniciativas preténdese conseguir un espazo interrelacionado, no que as diferentes iniciativas se apoian mutuamente e no que os percorridos actúan como elementos de conexión que dotan ao espazo de unidade, comunicando entre si os diferentes puntos de interese existentes. Pódese xerar así un espazo multipolar organizado mediante numerosos fitos de interese asociados a núcleos, edificacións, monumentos, Áreas Recreativas e espazos naturais ou construídos de especial significado, que se conectan mediante unha rede de percorridos concibidos con fins recreativos e ecolóxicos.

13. Paisaxe e Territorio en Galicia

13.1. A Paisaxe como referencia para o Deseño do Territorio

A paisaxe constitúe a expresión dun conxunto variado de elementos que, en conxunto, definen o carácter e a idiosincrasia de cada lugar. Sintetiza a vocación de cada espazo e recolle un conxunto de factores pouco definibles como a identidade, a orde, a escala e a calidade ambiental para plasmarlos nunha sensación de correspondencia entre as persoas, as actividades e o seu ámbito, contribuíndo decisivamente a determinar o atractivo dun territorio como lugar de vida e de traballo.

A paisaxe, en fin, é o reflexo do aprecio e o coidado dun territorio por parte dos que o habitan, sendo un elemento condicionante das actividades que nel se desenvolven e da forma en que estas se levan a cabo. Unha paisaxe coidada e atractiva incentiva comportamentos integrados e de respecto polo ámbito, mentres que un espazo visualmente deteriorado induce actitudes agresivas e pouco respectuosas, e desanima a realización de actuacións de calidade.

En Galicia existen paisaxes naturais de enorme atractivo, tanto nas áreas costeiras coma no interior. O ámbito paisaxístico de moitas das nosas cidades máis importantes constitúe, sen dúbida un dos seus activos urbanos máis valiosos. Existe ademais unha rede de núcleos tradicionais cunha imaxe excepcional e un patrimonio paisaxístico, ligado ás actividades agrarias, que constitúe un dos sinais de identidade e imaxe máis importantes do noso territorio.

Non obstante hai ámbitos moi antropizados, nos que a desorde que inducen a urbanización difusa e a contaminación visual provocaron un importante cambio paisaxístico. Esta perda de calidade afecta especialmente ás periferias urbanas, ás zonas costeiras de maior densidade demográfica e ao ámbito das principais vías de comunicación, onde é máis visible a deterioración e maior é o seu impacto sobre a percepción do territorio. O declive da agricultura crea oportunidades de restauración pero tamén ameaza a pervivencia de moitas paisaxes tradicionais e propicia unha invasión de novos usos non sempre axeitadamente integrados.

No proceso de Participación Institucional a maioría dos Concellos de Galicia consideran que a súa paisaxe constitúe o principal activo do que dispoñen para o seu desenvolvemento turístico e tanto os municipios como os grupos sociais e as institucións galegas coinciden en que a paisaxe da Comunidade é un dos factores de calidade que diferencian ao noso territorio e lle proporcionan oportunidades de desenvolvemento futuro. Non obstante existe tamén unha coincidencia xeneralizada en que existen numerosos elementos que están a deteriorar rapidamente a nosa paisaxe, principalmente os procesos de urbanización difusa, os novos desenvolvementos urbanísticos e as actividades extractivas.

Neste documento fórmase a necesidade de tomar a paisaxe como referencia para o deseño do territorio. Para iso propóñense un conxunto de iniciativas orientadas a adecuar as accións territoriais ás características visuais de cada ámbito da Comunidade. Trátase de preservar a identidade dos elementos valiosos e singulares que resultan críticos na

percepción do espazo rexional e de poñer en valor os recursos paisaxísticos da Comunidade como elemento clave do atractivo do territorio e do aprecio dos cidadáns pola súa contorna.

13.2. Os Fitos Paisaxísticos

Na paisaxe galega aparecen elementos dominantes asociados a fitos cuxa cota é considerablemente máis elevada que a dos terreos que os rodean. Trátase de puntos críticos na percepción do territorio pois son visibles dende amplas extensións na súa contorna e con frecuencia caracterizan a paisaxe de grandes ámbitos visuais.

O seu carácter de prominencias topográficas, normalmente cunha morfoloxía singular que resalta a súa presenza, outórgalles un dobre interese como elementos que conforman o horizonte visual desde as zonas de cotas máis baixas e como áreas con alto potencial de vistas, desde as que se poden divisar grandes extensións de territorio conformando escenarios visuais de grande atractivo nos que se obteñen panorámicas únicas e que é especialmente notable no caso dos numerosos cabos e promontorios que se internan no mar e caracterizan a paisaxe das nosas costas.

Estes trazos outorgan aos Fitos Paisaxísticos un carácter tan fráxil como valioso. De aí a necesidade de preservar a integridade visual destes elementos, evitando todo tipo de alteración dos seus trazos morfolóxicos e topográficos e impedindo construcións neles que alteren o seu perfil ou dificulten a súa visualización. A súa altitude xeralmente faíños moi aptos para albergar antenas, instalacións de telecomunicación, sistemas de navegación aérea, aeroxeneradores, etc. Deben buscarse localizacións alternativas para estas instalacións de forma que se evite a súa localización en puntos culminantes do territorio e, cando iso non sexa posible, deseñalas de forma que incidan de forma positiva na percepción dos Fitos.

A amplitude e distancia das paisaxes que poden contemplarse dende estes puntos elevados fai dos Fitos un referente na percepción do territorio e na posibilidade de facer da paisaxe de Galicia un elemento de atractivo e de disfrute. Así os Fitos Paisaxísticos conforman unha auténtica Rede de Observatorios do Territorio que mediante o acondicionamento de accesos brandos e miradoiros poden constituír factores de enorme interese especialmente se son accesibles dende as Áreas Recreativas do Territorio.

13.3. O Tratamento da Paisaxe de Galicia

A diversidade paisaxística de Galicia, determinada polas variedades do relevo e dos usos do solo e pola determinante diferenza entre espazos costeiros e de interior, require que cada ámbito sexa obxecto dun tratamento diferenciado de forma que as diferentes actuacións sexan coherentes co ámbito no que se localizan.

O logro dunha paisaxe atractiva é un obxectivo básico do modelo territorial. A protección e mellora da paisaxe non debe ser unha actuación sectorial, senón que debe estar presente na todas as intervencións que se desenvolvan no territorio. Para iso neste documento achégase unha identificación inicial das estruturas visuais básicas do territorio, os *Recintos*

Paisaxísticos, constituídos por cuncas e unidades paisaxísticas que deben ser obxecto dunha análise e tratamento específico. Estes Recintos propóñense como referencia para o plan doutras escalas que, de forma detallada, debería analizar as características da paisaxe sobre a que se aplican as súas determinacións e achegar as referencias necesarias para lograr un desenvolvemento territorial coherente cos valores paisaxísticos de cada espazo.

Os *Recintos Paisaxísticos* constitúen unidades de percepción autocontidas, que forman ambientes visuais coherentes e que integran centros de poboación e o seu ámbito visual. Estes recintos constitúen as pezas clave para o deseño do territorio pois é a partir deles que se pode establecer unha relación harmónica entre os asentamentos e o seu ámbito integrando tanto a paisaxe percibida dende os lugares habitados como a coherencia visual entre eles e o territorio no que se localizan. Trátase polo tanto de espazos visuais de referencia útiles á hora de tomar decisións sobre aspectos críticos como ónde e cómo crecer, tipoloxías e morfoloxías urbanas, relación con elementos naturais, etc. que son decisivas para a calidade e o atractivo global do territorio.

Como referencia para este labor propónse que os instrumentos de planeamento que desenvolvan as Directrices de Ordenación Territorial teñan en conta os seguintes elementos de análise paisaxística:

- A estrutura paisaxística, definida pola amplitude de vistas e as distancias ao horizonte, a identificación das zonas de alta incidencia visual, as xeometrías dos elementos lineais e dos polígonos que delimitan os diferentes usos, as aliñacións e pautas definidas por elementos naturais ou artificiais así como a morfoloxía do terreo e as características do relevo.
- A textura da paisaxe determinada polos usos do chan e a súa distribución, as cores e formas dos distintos elementos e a súa disposición en relación cos elementos estruturais, as densidades dos distintos usos así como as características morfolóxicas e tipolóxicas dos núcleos de poboación e das construcións illadas.
- Os elementos singulares tales como muros, formacións vexetais sobresaíntes, bancais de cultivos, monumentos, fitos topográficos sobresaíntes, etc., e en xeral calquera elemento que dota á paisaxe dun carácter especial e singular.

Como criterios básicos para intervir no territorio de forma coherente coa protección e mellora da paisaxe suxírense os seguintes:

- Evitar alterar a pendente natural dos terreos de modo que esta non se modifique ou quede oculta pola altura das construcións. Extremarase a adecuación á topografía do terreo tanto do perfil edificado como do parceiro, da rede de camiños e das infraestruturas lineais.
- Impedir a construción sobre elementos dominantes ou nas cristas de montañas, bordos de acantilados e zonas culminantes do terreo salvo nos casos de infraestruturas de utilidade pública que deban necesariamente ocupar as devanditas localizacións sen alternativas posibles.
- Preservar os elementos topográficos preexistentes evitándose a eliminación de abas e resaltes do relevo, cubrición de canles naturais, desaparición de muros, bancais e

de camiños tradicionais, etc, salvo de forma puntual e coas accións de integración necesarias para non deteriorar a calidade paisaxística.

- Procurar manter a vexetación e o arboredo preexistente e, en caso de desaparición, establecer as medidas compensatorias que permitan manter a textura e a escala de compartimentación orixinal dos terreos.
- Limitar o desenvolvemento de actuacións que dean como resultado a obstrución de vistas, especialmente as que provoquen a ocultación de elementos paisaxísticos singulares e vistas escénicas, a redución do campo visual ou a compartimentación de unidades de paisaxe preexistentes, así como a ruptura da secuencia visual que se percibe ao circular polas vías de comunicación, particularmente aquelas de carácter paisaxístico.
- Preservar os fitos e elevacións topográficas mantendo a súa visibilidade e reforzando a súa presenza como referencias visuais do territorio. Os cabos e promontorios que se internan no mar son un dos elementos máis singulares e valiosos da paisaxe costeira de Galicia e deben ser obxecto de preservación como espazos de disfrute escenográfico e como fitos de referencia da paisaxe costeira.
- Manter a paisaxe agrícola característica dos espazos rurais de Galicia (prados, viñedos, cultivos de hortas, bosquetes,...) aínda que só sexa pola súa contribución á variedade da paisaxe prestando especial atención á mestura de texturas e á singular xeometría que proporciona o mosaico de usos que singulariza a estes ámbitos do territorio de Galicia.
- As medidas de integración paisaxística deberían orientarse a dar a máxima coherencia á escenografía do territorio, coidar os pequenos detalles, ocultar os elementos máis duros e realzar as vistas e elementos máis atractivos.

13.4. Xestión do cambio nas paisaxes rurais

A redución das actividades do sector primario é un proceso de relevantes repercusións na xestión do territorio e significa unha profunda transformación da paisaxe rural de Galicia. En moitas áreas a escasa produtividade agraria e o declive das poboacións rurais levou a un progresivo abandono de terras de cultivo.

Orientar axeitadamente os procesos de cambio no solo rústico de Galicia configúrase como un dos grandes retos territoriais para o futuro da Comunidade. A capacidade dos sectores produtivos implicados para adaptarse a novas estruturas económicas vai ser a clave para o mantemento de actividades e de paisaxes tradicionais en amplas zonas do territorio. A rendibilidade económica das actividades primarias é a principal garantía a longo prazo para lograr unha utilización destes espazos que evite conflitos ambientais e territoriais como están a mostrar, por exemplo, as zonas de viñedos das provincias de Pontevedra e Ourense. Existen grandes oportunidades para os espazos agrarios de Galicia nas novas orientacións que proporcionan as producións de calidade diferenciadas e a agricultura ecolóxica que deben impulsarse como referentes para o sector primario durante os próximos anos.



Non obstante, esta solución non vai ser sempre posible. A acción combinada da forte redución no número de activos do sector primario, a reestruturación produtiva que vai afectar a moitos terreos marxinais xunto coa presión das novas demandas que desde as zonas urbanas promoven novas formas de ocio e residencia nos espazos rurais supón a aparición tanto de riscos como de oportunidades.

Segundo os resultados do proceso de participación desenvolvido no marco das Directrices de Ordenación Territorial, a maior parte dos municipios rurais galegos consideran que a súa paisaxe e o seu ámbito natural constitúen as principais oportunidades para o seu desenvolvemento económico nos próximos anos. Tamén consideran que son as construcións dispersas o elemento que máis gravemente dana á paisaxe. Xunto a esta ameaza hai que sinalar a profunda deterioración dos núcleos tradicionais.

Hoxe en día en Galicia estase a reducir a presión demográfica que obrigou historicamente a aproveitar para usos primarios mesmo terreos de moi escasa produtividade. Aparece polo tanto unha oportunidade para recuperar ecosistemas e paisaxes naturais desaparecidas hai tempo. Hai que evitar que se dea un amplo proceso de substitución de usos agrícolas por edificacións dispersas comprometendo as posibilidades de mellorar a paisaxe e a calidade ambiental que constitúen os recursos máis importantes das comunidades rurais na nova etapa de desenvolvemento.

O criterio xeral en relación con estes espazos debe ser realizar unha xestión activa dos mesmos, creando incentivos para a conservación e mellora dos seus recursos, mantendo as actividades agrarias na medida en que resulte factible, desenvolvendo accións de mellora ambiental e paisaxística nos terreos abandonados pola agricultura e permitindo a súa utilización para novos usos cando diso se deriven oportunidades para a conservación de trazos singulares, a mellora da percepción do territorio, a introdución de usos ou actividades innovadoras e a evolución ordenada dos espazos ata agora dedicados a funcións de produción primaria. Son imprescindibles proxectos, programas e iniciativas concretas, que definan o novo papel duns espazos que, en moitos casos, non van seguir sendo o que foron e que necesitan accións de adecuación para cumprir as novas funcións que demanda a sociedade galega de cara ao futuro.

Estas iniciativas deben apoiarse en tres criterios principais:

- A preservación dos valores naturais e paisaxísticos do territorio, evitando aqueles usos que entren en conflito con este obxectivo no caso dos recursos de maior interese ou fragilidade, asegurando a identificación do territorio galego como un espazo con importantes valores visuais e garantindo o seu mantemento como factores ao servizo da calidade de vida da poboación e da sostibilidade dos procesos de desenvolvemento.
- establecemento de mecanismos de ordenación que permitan traducir en dinámicas positivas os importantes cambios aos que se enfrontan moitos dos espazos agrarios da Comunidade.
- A consideración dos núcleos de poboación como elementos fundamentais da estrutura territorial cuxo desenvolvemento debe producirse con criterios de calidade e atractivo, evitando a deterioración do seu ámbito e a ocupación desordenada do

solo rústico pola urbanización difusa ou pola aparición de novos núcleos e espazos urbanizados illados.

13.5. Programas de Recuperación Paisaxística

É preciso actuar para protexer os valores paisaxísticos existentes, corrixir os impactos que deterioran a paisaxe e integrar as novas actuacións. Esta estratexia debe plasmarse na introdución de criterios paisaxísticos nas propostas de ordenación urbana, de localización de actividades económicas, na xestión do solo rústico e no desenvolvemento de infraestruturas e equipamentos. Estes criterios deben atender tanto aos trazos paisaxísticos do ámbito como á visibilidade das actuacións e ás súas características estéticas. Débese buscar a coherencia visual do territorio, a ocupación dos elementos menos gratos e o reforzamento dos aspectos máis valiosos.

Dentro desta formulación propónse o desenvolvemento de instrumentos de ordenación especificamente concibidos para incidir na mellora paisaxística de Galicia. Os Programas de Recuperación Paisaxística (PRP) oriéntanse a lograr unha mellora dos trazos visuais nos ámbitos máis deteriorados de Galicia.

Os PRP son un instrumento concibido especificamente para actuar nos ámbitos críticos para a percepción da Comunidade. O seu obxectivo é restaurar os espazos deteriorados e harmonizar os novos procesos que se desenvolven no territorio para conservar os elementos paisaxísticos significativos ou para xerar novos ambientes atractivos.

Os PRP están concibidos como programas "brandos" no sentido de que non pretenden cambiar a estrutura das áreas ás que se aplican senón que se orientan a dar a máxima coherencia á escenografía do territorio, a coidar os pequenos detalles, a ocultar os elementos duros de máximo impacto, a realzar as vistas máis atractivas, etc. Preténdese que cun custo relativamente reducido se poida cambiar a imaxe que se percibe do territorio nas zonas máis antropizadas e deterioradas.

O desenvolvemento dos PRP debe realizarse con criterios estratéxicos, co fin de maximizar os efectos positivos que se derivan da súa aplicación, incidindo naquelas áreas con maior significado na percepción do territorio pola súa alta accesibilidade e a súa importancia na percepción do territorio por parte de residentes e visitantes. As zonas máis densas da Comunidade correspóndense con paisaxes costeiras de enorme valor e atractivo o que fai especialmente perceptibles os procesos que o alteran.

Especialmente nas costas das Rías Baixas e dos ámbitos de Ferrol e A Coruña os intensos procesos de urbanización están a conducir a unha modificación radical na que a paisaxe orixinal queda en boa medida oculta polas edificacións, principalmente vivendas unifamiliares e instalacións produtivas de diferente tipo que pasan a constituír o elemento dominante na percepción dun territorio enormemente valioso.

Considéranse como ámbitos prioritarios para o desenvolvemento dos PRP os accesos a Santiago de Compostela e ós Espazos Metropolitanos de Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol, así como os corredores de máxima intensidade de tráfico, especialmente a AP-9 en todo o seu percorrido, a AC-550 e a PO-550 desde Muros a Pontevedra e, nun segundo

nivel de prioridade, os tramos situados en contornas urbanas da A-6, A-52 e a N-550.

13.6. Programas de Imaxe Urbana

O dinamismo urbano das últimas décadas en Galicia produciu a ruptura da morfoloxía e da imaxe tradicional de moitas das nosas cidades. Son evidentes os problemas de deterioración da imaxe urbana, perda de identidade dos núcleos e proliferación de desenvolvementos difusos, escasa calidade de fachadas e espazos públicos, graves impactos nas periferias e ámbitos profundamente transformados pola súpeta desaparición dos usos agrícolas que converten a contorna das cidades en zonas con escasa calidade.

Requírese asumir unha nova cultura de coidado da contorna e recuperación da calidade ambiental e da imaxe das nosas cidades. Os centros urbanos son un dos puntos fortes do noso territorio como contenedores do patrimonio histórico urbano e dos usos centrais. Estas calidades vense minguadas por outros aspectos como a conxestión do tráfico, unha alta densidade edificatoria sen elementos compensatorios, a heteroxeneidade tipolóxica ou a carencia de espazos públicos para o peón. Todos estes aspectos débense ter en conta para mellorar a imaxe das áreas urbanas e os seus aspectos de forma e estrutura.

Nos capítulos deste documento referidos ao futuro do sistema urbano fórmulanse numerosas iniciativas referidas ao tratamento e mellora de espazos e elementos críticos da imaxe urbana como os accesos e bordos das cidades, as contornas ambientais, as fronteiras marítimas e as pezas emblemáticas das nosas cidades. Non obstante, é preciso complementar estas actuacións con programas especificamente dirixidos a lograr unha mellora global dos espazos urbanos e aumentar o seu atractivo como factor fundamental de calidade de vida e competitividade territorial, esencial para incorporar á vida urbana novas actividades e servizos de maior nivel e sofisticación. Para iso propónse desenvolver algúns programas que inciden en aspectos clave da imaxe das nosas cidades e que poderían aplicarse con carácter xeral nas principais Áreas Urbanas, no Sistema Urbano Intermedio e nos Núcleos de Identidade do Litoral.

Os Programas de Imaxe Urbana que se suxiren parten do convencemento de que para mellorar sensiblemente a imaxe que percibimos das nosas cidades non é imprescindible acometer complexos e ambiciosos programas de renovación urbana. Cun esforzo económico razoable, en pouco tempo, pode transformarse de forma espectacular a imaxe que cidadáns e visitantes perciben da cidade.

Pode parecer inicialmente superficial traballar sobre os aspectos máis escenográficos da cidade pero a experiencia internacional pon de manifesto que o esforzo colectivo por mellorar a imaxe urbana ten efectos inmediatos sobre o sentimento de identidade local, a autoestima e o aprecio polo propio e, en consecuencia, facilita a cohesión necesaria para acometer proxectos colectivos de maior entidade.

Suxírese desenvolver algunhas "operacións piloto" de Programas de Imaxe Urbana coa intención de que estas iniciativas xeren un efecto demostración positivo para acometer estes programas de forma máis xeneralizada en Galicia.

A clave dos Programas de Imaxe Urbana é propoñer accións para o fortalecemento dos

elementos físicos que definen a imaxe urbana co obxecto de conseguir unha imaxe máis coherente, é dicir, unha imaxe lexible, identificable con estrutura e con significado.

13.7. Arte e Territorio

A Arte pode ser un dos medios con maior potencial para diferenciar e dotar de calidade ao territorio. Máis alá das súas expresións máis convencionais a arte pode ser aplicada a grande escala en iniciativas de *Land Art* que doten de especial forza e singularidade ás estratexias de mellora paisaxística e de fortalecemento da imaxe e a calidade do territorio.

Suxírese emprender un programa para incorporar o deseño artístico ao tratamento de espazos singulares do noso territorio. Existen elementos moi prominentes cuxa remodelación como grandes obras de arte poden transformar por completo a percepción e o carácter de espazos clave da Comunidade.

Este documento suxire o desenvolvemento de iniciativas deste tipo para recuperar a deteriorada morfoloxía dalgúns dos grandes espazos mineiros de Galicia que aparecen no ámbito de importantes espazos urbanos: as explotacións de lignitos de Ás Pontes, as canteiras de granitos do ámbito de Vigo e as diversas áreas extractivas existentes ao sur de A Coruña e no ámbito de Carballo. Trátase de grandes extensións cunha topografía extremadamente singular, e mesmo interese didáctico e histórico, como as antigas minas de wolframio, e que se atopan entre as maiores actuacións mineiras a ceo aberto da península ibérica. A súa transformación a través da arte para constituír fitos de referencia e acoller usos singulares pode constituír unha grande oportunidade para recualificar espazos deteriorados e convertelos en ámbitos de atracción.

Existen moitas outras oportunidades para actuacións deste tipo no noso territorio: o tratamento de grandes desmontes xerados polas obras públicas, a restauración de numerosas canteiras de moi alta visibilidade, a recuperación de abas e promontorios deteriorados que dominan a imaxe urbana dalgúns das nosas cidades son elementos moi negativos na percepción da Comunidade que poden converterse en puntos fortes de atractivo e singularización mediante a utilización da arte.

14. O Patrimonio Cultural. E os Camiños de Santiago

14.1. Novas Funcións do Patrimonio Cultural

Un dos maiores atractivos, xeneralizado ao longo do territorio galego, e que se manifesta mesmo en poboacións de moi escasa entidade, é o patrimonio cultural existente, destacable tanto pola súa abundancia como pola súa variedade. Esta dispoñibilidade xunto coa súa dispersión ao longo e ancho do territorio está na orixe de que moitos dos elementos patrimoniais quedaran esquecidos, carezan de protección ou permanezan á marxe de calquera función. Iso implica a inmovilización dun capital que, axeitadamente utilizado, contén un enorme valor. A falta de uso actual supón un risco moi elevado para a súa conservación. A experiencia demostra que a perda de utilidade é o paso previo que conduce á desaparición. Sen unha función que desenvolver e un interese directo que permita financiar a súa conservación, resultará imposible o mantemento dun patrimonio tan amplo.

A propia existencia dun patrimonio tan abundante como o de Galicia, unida á súa dispersión xeográfica e á baixa densidade de poboación nalgúns zonas do seu territorio fan que, a miúdo, sexa difícil mantelo en bo estado de conservación, ou xestionalo axeitadamente.

Os procesos espontáneos de rehabilitación non sempre se producen, xa que os recursos necesarios para iso son limitados. A soa conservación non é suficiente. O obxectivo debe ser crear as condicións para que a conservación deste patrimonio non sexa só o resultado de posibles iniciativas espontáneas, senón que se xustifique polas funcións e beneficios que xera a súa posta en valor. Atopar novas funcións para os Centros Históricos e para os valiosos elementos singulares do Patrimonio Cultural de Galicia constitúe un reto prioritario.

14.2. Os Centros Históricos

Os Centros Históricos das cidades galegas constitúen espazos de enorme calidade e atractivo. Achegan unha gran singularidade aos centros urbanos e proporcionanlles algún dos seus sinais de identidade máis característicos.

O aproveitamento destes elementos debe xurdir dunha nova actitude cara aos centros históricos que permita a súa posta en valor, deseñando accións que doten de vitalidade a estes espazos e os fagan atractivos como ámbitos de residencia e actividade. Só desta forma será posible xerar os recursos necesarios para a conservación dos centros históricos das nosas cidades.

Os Centros Históricos deben desenvolver un papel activo como espazos que dotan á cidade dun valor engadido, formando parte do conxunto da vida cidadá e repercutindo favorablemente no desenvolvemento global da cidade. A vitalidade que as actividades universitarias outorgan ao centro de Santiago constitúe un bo exemplo neste sentido.

Iso esixe actuar dentro dos propios centros, rehabilitando vivendas, localizando equipamentos e servizos, deseñando espazos comerciais e terciarios e definindo unha

estratexia de tráfico acorde coas súas características, á vez que se garante a mobilidade necesaria para manter a súa vitalidade. Estas accións só son viables e efectivas dentro de estratexias máis amplas, que abrangan o espazo urbano no seu conxunto, e definindo un modelo de cidade coherente, no que moitas das necesidades dos Centros Históricos se deben resolver mediante accións noutras zonas da cidade.

A experiencia de Santiago na revitalización do seu centro histórico constitúe un enorme activo de Galicia que debe proporcionar pautas e referencias para outras cidades e espazos da Comunidade.

No mapa adxunto identifícanse os 20 Centros Históricos catalogados en Galicia así como outros núcleos con grande importancia patrimonial poñéndoo en relación cos itinerarios do Camiño de Santiago que percorren a Comunidade e en torno aos que se produce a maior concentración de bens patrimoniais do noso territorio.

14.3. Redes e Rutas Culturais

Nas zonas rurais do interior de Galicia, as actividades turísticas configúranse como unha das opcións de futuro máis interesantes. Nestes ámbitos, o riquísimo patrimonio disperso de pazos, mosteiros, castelos e outros edificios singulares ofrece inmejorables oportunidades para consolidar unha oferta de acollida turística singular e de calidade. Con frecuencia poderán utilizarse certos edificios rehabilitados para usos lucrativos, co obxecto de poder financiar os custosos labores de restauración.

O proceso de recuperación e posta en valor do patrimonio monumental galego pasa así a formar parte das estratexias de desenvolvemento territorial. A restauración de elementos patrimoniais debe permitir tamén ofertar edificios de singular valor e atractivo para o desenvolvemento de actividades innovadoras nestas zonas, promovendo iniciativas empresariais ligadas á súa rehabilitación e mantemento.

Esta estratexia de reutilización ten que ser o máis ampla posible. Debe involucrar, en primeiro lugar, ás propias Administracións Públicas que, en canto constitúen o soporte da imaxe institucional de Galicia deben ser as primeiras en actuar neste sentido. Ademais, hai que incorporar a iniciativa privada, tanto galega como foránea. Para iso é imprescindible facilitar a información necesaria e xestionar o destino futuro deste patrimonio de forma imaxinativa, flexible e eficaz.

A dispersión dos activos patrimoniais no territorio de Galicia formula a necesidade de deseñar redes rexionais que permitan estratexias coa suficiente entidade como para proxectarse cara ao exterior. Así, o establecemento de redes de castelos, mosteiros, pazos, balnearios, etc., permite deseñar unha estratexia con maior potencial que as iniciativas illadas.

O potencial destas iniciativas refórzase ao considerar a existencia de complementariedades e oportunidades con outros elementos de atracción que existen no territorio, logrando que unha única oferta englobe diversos produtos, aumentando a súa eficacia na dinamización dos espazos fráxiles da Comunidade: rutas turísticas, aloxamentos singulares, segunda residencia en núcleos existentes, etc.

Os activos patrimoniais son un factor fundamental de atracción e un elemento de localización prioritario de servizos, residencia, aloxamento e actividades en xeral. O concepto de rede, organizada e xestionada de forma conxunta e que incorpora elementos patrimoniais, ambientais, servizos, actividades e núcleos de poboación, é básico nesta estratexia que debe abranguer ao patrimonio cultural no seu sentido máis completo, é dicir os monumentos e bens culturais catalogados, pero tamén a artesanía, as tradicións e festas locais e os núcleos de poboación tradicionais, con edificacións e tramas urbanas propias da arquitectura popular de cada zona.

14.4. Os Camiños de Santiago

Os Camiños de Santiago constitúen un activo singular da oferta patrimonial de Galicia. O Camiño de Santiago é un dos Itinerarios Europeos de interese cultural, da importancia do cal é boa proba o grande número de "peregrinos" que anualmente o percorren e o éxito dos anos Xacobeos. A relevancia do Camiño de Santiago supera o ámbito autonómico e mesmo o estatal. Xunto ao propio significado do Camiño, destacan o seu ámbito paisaxístico, os núcleos que atravesas e os elementos arquitectónicos monumentais neles situados. O Camiño de Santiago presenta na actualidade algúns problemas de deterioro. Nalgunhas zonas perdeuse o seu trazado pola "invasión" de cultivos ou a superposición de estradas, ou non está axeitadamente sinalizado, ou presenta cruzamentos perigosos que en conxunto mingúan os atractivos para a súa utilización.

É importante actuar nos diferentes itinerarios do Camiño que percorren toda Galicia eliminando degradacións, sinalizándoos e adecuándoos dende o punto de vista funcional, paisaxístico e ambiental e de servizos para que actúen como eixes estruturantes das rutas turísticas no ámbito da Comunidade Autónoma, proporcionando un soporte con enorme potencial para activar o patrimonio de cidades e zonas rurais e integralo en produtos turísticos recoñecibles e comercializables.





DIRECTRICES de ORDENACIÓN do **TERRITORIO** de GALICIA

determinacións

2



DOTGALICIA



XUNTA DE GALICIA



Onde vivimos, importa





As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) teñen como finalidade básica definir un Modelo Territorial para Galicia que permita orientar as actuacións sectoriais, dotándoas de coherencia espacial e das referencias necesarias para que se desenvolvan de acordo cos obxectivos xerais da política territorial de Galicia conformando unha acción de goberno coordinada e eficaz.

O Modelo Territorial de Galicia toma como referencias fundamentais as establecidas na política territorial da Unión Europea e na Lei de Ordenación do Territorio de Galicia e pódense sintetizar nos seguintes puntos:

- a. O desenvolvemento económico equilibrado e sostible, para que Galicia se aproxime aos niveis de renda e de riqueza das rexións máis desenvolvidas.
- b. A cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación, de xeito que todas as persoas dispoñan dun nivel axeitado de servizos e de oportunidades.
- c. A utilización racional do territorio e a sostibilidade ambiental, mediante a xestión responsable dos recursos naturais e a protección do medio ambiente.

No marco da Lei de Ordenación do Territorio de Galicia as Directrices son o instrumento que ofrece a visión global da ordenación territorial de Galicia servindo como referencia para o resto das figuras de planificación e para as actuacións que desenvolvan tanto as Administracións coma os particulares.

De conformidade co previsto no artigo 9 de Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do territorio de Galicia, as determinacións que se presentan nos seguintes apartados terán a forza vinculante que sexa congruente coa súa función de instrumento directriz. Estas determinacións poderán ser:

- a) Excluíntes de calquera outro criterio, localización, uso ou deseño territorial ou urbanístico.
- b) Orientativas, debendo a Administración competente concreta-la proposta contida nas directrices de ordenación territorial.



1. OBXECTIVOS XERAIS E ESTRUTURA BÁSICA DO MODELO TERRITORIAL

Determinacións Excluíntes

- 1.1. As Directrices proporcionan as referencias territoriais para a formulación das actuacións con incidencia territorial, de iniciativa pública ou privada, polo que as distintas administracións deberán axustarse ás determinacións das mesmas.
- 1.2. Estas referencias territoriais plantéxanse para acadar os seguintes obxectivos prioritarios:
 - a. Lograr unha maior integración de Galicia cós ámbitos que lideran o desenvolvemento europeo e aproveitar as oportunidades asociadas a unha localización singular na fachada atlántica europea.
 - b. Contribuír á consolidación da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal e afianzar o protagonismo de Galicia na plataforma atlántica para crear un ámbito de centralidade e desenvolvemento no noroeste peninsular.
 - c. Establecer os ámbitos metropolitanos de planificación e programación de infraestruturas, equipamentos e servizos para optimizar a súa oferta e racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico destes espazos.
 - d. Potenciar as principais áreas urbanas de Galicia, reforzando os seus diferentes perfís e artellar un sistema policéntrico de cidades coa fortaleza necesaria para liderar os procesos de desenvolvemento e innovación.
 - e. Consolidar unha rede de vilas capaces de dotar dunha adecuada base urbana e de servizos ao conxunto do territorio.
 - f. Impulsar procesos de difusión que dinamicen as áreas con menor peso demográfico.
 - g. Aportar referencias para o desenvolvemento de infraestruturas e equipamentos con criterios supramunicipais orientadas a apoiar a configuración do modelo territorial proposto mediante unha rede xerarquizada que vertebre e articule a totalidade do territorio.
 - h. Proporcionar criterios territoriais para a elaboración de Plans e Proxectos Sectoriais e configurar as características dos Plans Territoriais Integrados.
 - i. Consolidar a identidade e a singularidade das cidades e pobos de Galicia, apoiando os seus compoñentes de excelencia e impulsando proxectos que melloren a súa calidade urbana e a súa capacidade competitiva.
 - j. Pór en valor a calidade da paisaxe galega, o patrimonio cultural e o sistema rural como factores de atracción global do territorio e activos básicos da calidade de vida.
 - k. Estructurar o litoral como un ámbito de excelencia territorial, que integre zonas naturais, centros urbanos e núcleos tradicionais, reorientando os procesos de urbanización difusa cara a un sistema lineal variado e atractivo, caracterizado pola súa calidade e pola diversidade de posibilidades de vida e traballo.
 - l. Crear un potente sistema de infraestruturas de transporte para persoas e mercancías capaz de conectar eficazmente o espazo rexional co espazo global para aproveitar ao máximo as vantaxes locais de Galicia e aumentando a eficacia das interconexións entre os principais centros urbanos da Comunidade para facer valer as oportunidades derivadas do seu policentrismo.
 - m. Fortalecer os equipamentos e dotacións dos núcleos estruturantes do sistema rural aumentando a súa variedade e, sobre todo, elevando os niveis de servizo co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades da poboación e con capacidade para aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade.
 - n. Potenciar as infraestruturas de telecomunicación como factor esencial para a xeración de novas actividades e de redución das desvantaxes derivadas dunha posición afastada dos grandes centros urbanos.
 - o. Desenvolver espazos orientados ás actividades de I+ D+ i como elementos determinantes para asentar o potencial de futuro de Galicia e da súa capacidade para configurar un ámbito de liderado espacial.
- 1.3. Para alcanzar estes obxectivos as DOT establecen un modelo territorial cuxa estrutura básica se define a partir dun sistema xerarquizado de asentamentos, articulado polas redes de infraestruturas e equipamentos, no contexto do medio natural e do patrimonio cultural.
 - 1.3.1. O sistema de asentamentos de Galicia quedará configurado por:
 - h. Proporcionar criterios territoriais para a elaboración de Plans e Proxectos Sectoriais e configurar as características dos Plans Territoriais Integrados.
 - i. Consolidar a identidade e a singularidade das cidades e pobos de Galicia, apoiando os seus compoñentes de excelencia e impulsando proxectos que melloren a súa calidade urbana e a súa capacidade competitiva.
 - j. Pór en valor a calidade da paisaxe galega, o patrimonio cultural e o sistema rural como factores de atracción global do territorio e activos básicos da calidade de vida.
 - k. Estructurar o litoral como un ámbito de excelencia territorial, que integre zonas naturais, centros urbanos e núcleos tradicionais, reorientando os procesos de urbanización difusa cara a un sistema lineal variado e atractivo, caracterizado pola súa calidade e pola diversidade de posibilidades de vida e traballo.
 - l. Crear un potente sistema de infraestruturas de transporte para persoas e mercancías capaz de conectar eficazmente o espazo rexional co espazo global para aproveitar ao máximo as vantaxes locais de Galicia e aumentando a eficacia das interconexións entre os principais centros urbanos da Comunidade para facer valer as oportunidades derivadas do seu policentrismo.
 - m. Fortalecer os equipamentos e dotacións dos núcleos estruturantes do sistema rural aumentando a súa variedade e, sobre todo, elevando os niveis de servizo co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades da poboación e con capacidade para aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade.
 - n. Potenciar as infraestruturas de telecomunicación como factor esencial para a xeración de novas actividades e de redución das desvantaxes derivadas dunha posición afastada dos grandes centros urbanos.
 - o. Desenvolver espazos orientados ás actividades de I+ D+ i como elementos determinantes para asentar o potencial de futuro de Galicia e da súa capacidade para configurar un ámbito de liderado espacial.



- a. O sistema de grandes cidades: constituído por dous grandes Espazos Metropolitanos de Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol e polas Áreas Urbanas de Santiago de Compostela, Ourense e Lugo. A estas Áreas correspóndelles lidera-lo sistema urbano da Comunidade e a súa función básica é garantir unha adecuada cobertura dos servizos urbanos e organizar e apoiar os procesos de cambio nos seus respectivos territorios con criterios de complementariedade para configurar unha rede urbana que impulse a modernización de Galicia.
 - b. O Sistema Urbano Intermedio: constituído por un conxunto de vilas que exercen a función de cabeceiras de carácter supracomarcal e proporcionan unha base urbana sólida ós seus respectivos ámbitos de influencia para que a totalidade do territorio dispoña dunha axeitada cobertura de servizos. Estas cabeceiras constitúen referencias territoriais imprescindibles para previr o despoboamento e a agudización dos desequilibrios territoriais en amplas zonas do interior.
 - c. Os Nodos para o Equilibrio do Territorio e as subcabeceiras do sistema urbano intermedio: núcleos con influencia supramunicipal que actúan como centros de prestación de servizos e de dinamización dos espazos rurais. Constitúen unha base imprescindible para impulsar estratexias de desenvolvemento social e económico en ámbitos ameazados polo despoboamento.
 - d. Os núcleos principais dos restantes concellos e das parroquias rurais.
- 1.3.2.** Este modelo de asentamentos articularase mediante as redes de infraestruturas de transporte, de telecomunicacións, de distribución de enerxía, os equipamentos colectivos supramunicipais e as grandes áreas de actividade económica.
- 1.3.3.** Os espazos litorais, os recursos naturais, a paisaxe, o patrimonio cultural e a calidade ambiental son sinais de identidade que singularizan o territorio de Galicia aportando elementos de dinamización e desenvolvemento social.
- 1.4.** Os instrumentos de ordenación territorial, así como os instrumentos de planeamento urbanístico, deberán xustifica-la súa coherencia e conformidade coas determinacións e criterios establecidos polas Directrices de Ordenación do Territorio, incorporando unha valoración da correspondencia dos seus contidos con respecto ó disposto nas DOT.
- 1.5.** As administración públicas que desenvolvan actuacións con incidencia territorial actuarán axustándose aos principios de información mutua, colaboración e coordinación con obxecto de optimizar a rendibilidade social dos recursos públicos.

2. O SISTEMA DE ASENTAMENTOS

2.1. DETERMINACIÓNS PARA O SISTEMA DE CIDADES DE GALICIA

Determinacións Excluíntes

- 2.1.1.** Os espazos urbanos configurados ao redor das cidades de Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol conforman os dous Espazos Metropolitanos de Galicia. Son ámbitos para a planificación territorial e urbana, de infraestruturas, equipamentos e de servizos aos cidadáns.
- 2.1.2.** Os espazos urbanos configurados ao redor das cidades de Santiago de Compostela, Ourense e Lugo conforman as tres Areas Urbanas que completan o sistema de grandes cidades de Galicia.
- 2.1.3.** A Xunta de Galicia formulará un Plan Territorial Integrado (PTI) para cada un dos Espazos Metropolitanos, e das Áreas Urbanas de Santiago de Compostela, Lugo e Ourense, co obxecto de ordenar os elementos e criterios de carácter supramunicipal.

Determinacións Orientativas

- 2.1.4.** O PTI do Espazo Metropolitano de Vigo-Pontevedra abranguerá os concellos de: Sanxenxo, Poio, Barro, Pontevedra, Ponte Caldelas, Marín, Bueu, Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Pazos de Borbén, Redondela, Vigo, Mos, Ponteareas, O Porriño, Nigrán, Gondomar, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Fornelos de Montes, As Neves e Baiona.
- 2.1.5.** O PTI do Espazo Metropolitano de A Coruña-Ferrol abranguerá os concellos de: Arteixo, Culleredo, A Coruña, Oleiros, Cambre, Sada, Bergondo, Abegondo, Carral, Betanzos, Paderne, Miño, Pontedeume, Cabanas, Fene, San Sadurniño, Neda, Narón, Ferrol, Ares, Mugardos e Valdoviño.
- 2.1.6.** O PTI da Área Urbana de Santiago de Compostela incluírá os concellos de : Santiago de Compostela, Teo, Ames, Brión, Oroso, O Pino, Vedra e Boqueixón.
- 2.1.7.** O PTI da Area Urbana de Ourense incluírá os concellos de: Ourense, San Cibrao das Viñas, Barbadás, Taboadela, Coles, Amoeiro, Toen e Pereiro de Aguiar.

- 2.1.8.** O PTI da Area Urbana de Lugo incluírá os concellos de: Lugo e Outeiro de Rei.
- 2.1.9.** O ámbito dos Plans Territoriais Integrados propostos para o sistema de cidades será o comprendido polos concellos que se relacionan nos apartados anteriores. A partir destas referencias os PTIs poderán establecer unhas delimitacións definitivas á vista das súas propias análises e propostas.
- 2.1.10.** Os criterios e liñas básicas para a formulación dos correspondentes PTI contéñense na Memoria destas Directrices de Ordenación do Territorio, e con carácter xeral, terán os seguintes obxectivos, sen prexuízo dos que en cada caso se concreten no momento de elaborar os propios plans:
- a. Fortalecer as conexións por estrada e ferrocarril entre as dúas cidades centrais dos Espazos Metropolitanos e entre estas e as súas áreas de influencia.
 - b. Facilitar a mellora de sistemas de transporte colectivo de carácter metropolitano, incluído, no seu caso, o transporte marítimo ou de ría.
 - c. Potenciar e fomentar mecanismos de especialización e complementariedade entre as cidades centrais.
 - d. Determinar a localización das áreas estratéxicas de solo para actividades empresariais e loxísticas.
 - e. Orientar a localización de novos equipamentos ou servizos de rango metropolitano en emprazamentos que ofrezan adecuadas condicións de accesibilidade desde as cidades centrais e dende as áreas de influencia metropolitana.
 - f. Analizar o grao de dotación de espazos con rango metropolitano destinados ao desfrute social da poboación, e prever as reservas de solo necesarias, para que os instrumentos de planeamento urbanístico municipal materialicen a súa obtención e execución.
 - g. Determinar as áreas que, polos seus valores e funcións ambientais, deban ser obxecto de protección. Procurarase a formación de Corredores Verdes e prestarase especial atención aos espazos naturais e as zonas costeiras.
 - h. Establecer as medidas ou normas de coordinación precisas para que as determinacións dos instrumentos de planeamento urbanístico municipal sexan congruentes entre sí, tanto no relativo á clasificación do solo como na previsión de redes de infraestruturas e servizos, equipamentos, e na localización de novos desenvolvementos residenciais, industriais ou terciarios.



- i. Establecer as condicións para que o planeamento urbanístico municipal interveña na actual dispersión do asentamento, procurando a compactación e densificación para acadar novas centralidades urbanas de densidade suficiente.
- j. Estimar as necesidades de reserva de solo para vivenda sometida a algún réxime de protección pública.
- k. Prever intervencións de mellora do espazo urbano, mediante a reurbanización, a previsión de itinerarios peonís alternativos, e a conexión entre espazos libres e zonas dotacionais.

2.1.11. En ausencia dun PTI os programas, plan sectoriais e o planeamento municipal, que formulen as distintas administracións considerarán as interrelacións residenciais, laborais e de servizos que se producen entre os asentamentos que conforman os Espazos Metropolitanos e as áreas urbanas.

2.2. DETERMINACIÓNS PARA OS NODOS DO SISTEMA URBANO INTERMEDIO

Determinacións Excluíntes

2.2.1. As vilas de Ribadeo, Viveiro, Carballo, Cee-Corcubiión, Noia, Ribeira, Vilagarcía de Arousa, Tui, A Estrada, Lalín, Monforte de Lemos, Verín, O Barco de Valdeorras, As Pontes de García Rodríguez, Vilalba, Sarria, O Carballiño, e Xinzo de Limia, constitúen as cabeceiras do denominado sistema urbano intermedio e representan o segundo nivel do sistema de asentamentos de Galicia.

2.2.2. Os plans, programas e actuacións en materia de infraestruturas, equipamentos, vivenda de protección oficial e creación de solo empresarial potenciarán o papel territorial destes nodos urbanos, promovendo iniciativas que prioricen o seu fortalecemento.

2.2.3. O planeamento urbanístico destas vilas deberá potencia-las dinámicas urbanas proporcionando unha estrutura urbana sólida e prever unha reserva de solo axeitada para atender a demanda de servizos, actividades produtivas e equipamentos de carácter supramunicipal, que non poidan atopar acomodo nos niveis urbanos e rurais de menor rango.

2.2.4. Estas vilas estarán conectadas co Sistema de Cidades mediante vías de altas prestacións.

2.2.5. As vilas de Burela, Foz, Muros, Boiro, Rianxo, Cambados, O Grove, A Guarda, Silleda, Chantada, e A Rúa constitúen as subcabeceiras do sistema urbano intermedio e son unha parte integrante do terceiro nivel do sistema de asentamentos de Galicia. As Administracións Públicas

terán en conta na súa planificación que estas vilas exercen funcións complementarias das súas respectivas cabeceiras.

Determinacións Orientativas

2.2.6. Os plans municipais, territoriais e sectoriais formularáanse tendo en conta as referencias territoriais para a articulación do sistema urbano intermedio contidas na Memoria das DOT.

2.3. DETERMINACIÓNS PARA OS NODOS PARA O EQUILIBRIO DO TERRITORIO.

Determinacións Excluíntes

2.3.1. As vilas que as DOT propoñen como Nodos para o Equilibrio do Territorio son: Mondoñedo, Padrón, A Fonsagrada, Guitiriz, Ordes, Santa Comba, Negreira, Arzúa, Melide, Monterroso, Becerreá, Caldas de Reis, Pobra de Trives, Castro Caldelas, Maceda, Ribadavia, A Cañiza, Celanova, Allariz, Viana do Bolo, Bande, Quiroga, Vimianzo e Ortigueira. Estas vilas, xunto coas subcabeceiras do sistema urbano intermedio, completan o terceiro nivel do sistema de asentamentos do modelo territorial.

2.3.2. Os plans e programas e actuacións con incidencia urbanística e territorial orientaranse cara ós seguintes obxectivos:

- a. Mellora das infraestruturas de comunicación, aumentando a accesibilidade dos Nodos para o Equilibrio do Territorio, facilitando os desprazamentos entre eles e a súa conexión cos elementos superiores do sistema de asentamentos.
- b. Mellora dos equipamentos e dotacións, aumentando a súa variedade e, sobre todo, elevando os niveis de servizo co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades da poboación e con capacidade para aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade.
- c. Potenciación das súas infraestruturas de telecomunicación como factor esencial para a xeración de novas actividades e de redución das desvantaxes derivadas dunha posición relativamente afastada dos principais centros urbanos.
- d. Accións de mellora urbana que incidan na imaxe dos núcleos, a oferta residencial de calidade, a posta en valor dos atractivos naturais e patrimoniais e na preparación de espazos de actividade adaptados ás necesidades de cada ámbito para lograr así un aproveitamento máximo das oportunidades de desenvolvemento existentes.

- e. Deseño de iniciativas territoriais orientadas a potenciar modelos de desenvolvemento endógeno que permitan a diversificación e ampliación da base produtiva, introducindo novas actividades que xeren empregos de calidade.
- f. Potenciación das sinerxias con espazos máis dinámicos e a posta en valor das iniciativas e oportunidades locais para superar estrangulamentos inducidos polo illamento e pola falta de capacidade para acceder á información e aos mercados de bens, servizos e capitais exteriores.

2.4. DETERMINACIÓNS PARA OS NÚCLEOS PRINCIPAIS DOS RESTANTES CONCELLOS E PARROQUIAS RURAIS.

Determinacións Excluíntes

- 2.4.1.** Constitúen núcleos principais dos restantes concellos e das parroquias rurais aqueles onde se localice a capitalidade municipal así como aqueles outros que comparativamente desempeñan unha maior centralidade socioeconómica no seu ámbito.

Determinacións Orientativas

- 2.4.2.** Procurará concentrarse nos núcleos principais dos concellos as dotacións básicas de tipo administrativo, docente, sanitario, cultural e demais servizos de carácter local.
- 2.4.3.** O planeamento urbanístico municipal e os plans e programas das administracións considerarán os ámbitos parroquiais nos seus diagnósticos para a planificación, e procurarán localizar as súas actuacións de dotación ou desenvolvemento nos núcleos principais das citadas parroquias, aproveitando o seu carácter de centralidade e relación a nivel parroquial, para optimizar a rendabilidade social dos recursos.

3.

O DESENVOLVEMENTO E ORDENACIÓN DOS ASENTAMENTOS, DAS ÁREAS EMPRESARIAIS E DAS ACTIVIDADES PRODUCTIVAS.

3.1. DETERMINACIÓNIS PARA O DESENVOLVEMENTO E ORDENACIÓN DOS ASENTAMENTOS.

Determinacións Excluíntes

3.1.1. Para aproveitar as potencialidades e vantaxes do sistema de asentamentos definido nestas DOT, e corrixir as actuais disfuncións, potenciaranse os nodos ou núcleos de referencia dos diferentes niveis.

3.1.2. So poderán ter a consideración de ámbitos aptos para o desenvolvemento urbano aqueles solos que reúnan os requisitos de necesidade e idoneidade e que, de acordo coa lexislación urbanística e os criterios e determinacións destas DOT, sexan clasificados como solo urbano ou urbanizable.

3.1.3. Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico que prevean o desenvolvemento de actuacións de carácter residencial deberán fundamentar as súas previsións nun diagnóstico xustificado da necesidade de novas vivendas no horizonte temporal establecido na súa estratexia de actuación que, a tal efecto, non poderá ser superior a 12 anos.

Ademais, deberán cuantificar e analizar o parque actual de vivenda e o seu estado de conservación, incluíndo as vivendas baleiras e sen uso e valorar as medidas que, de ser o caso, haxa que adoptar para a substitución ou a mellora de edificacións non habitables ou ruinosas.

3.1.4. Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico:

- a. non poderán conter previsións de crecementos residenciais desvencellados dos asentamentos preexistentes.
- b. deberán garantir a mobilidade prestando especial atención ó transporte sostible.
- c. priorizarán a compactación das cidades, vilas e núcleos existentes fronte á súa expansión sobre terreos en estado natural.

3.1.5. Respecto aos núcleos rurais, o planeamento urbanístico deberá estudar as necesidades de crecemento a nivel parroquial, e no caso de que se

deduza a necesidade de establecer áreas de crecemento ou expansión, estas preveranse preferentemente nos núcleos cabeceira da parroquia, ou ben naqueles que polas súas características poidan ofrecer mellores opcións de desenvolvemento para o conxunto da parroquia e do concello.

3.1.6. En solo rústico as administracións públicas non poderán executar nin financiar directa ou indirectamente obras de urbanización salvo cando estean previstas nos instrumentos de ordenación do territorio ou no planeamento urbanístico.

3.1.7. As actividades de turismo rural admisibles en solo rústico especialmente protexido desenvolveranse en edificacións preexistentes de interese patrimonial ou etnográfico, sempre que sexa posible.

Determinacións Orientativas

3.1.8. O diagnóstico xustificado da necesidade de novas vivendas terá en conta, entre outras, as seguintes cuestións:

- a. A evolución recente do parque de vivenda e as tendencias na demanda,
- b. As dinámicas demográficas, as variacións estacionais de poboación e a evolución da estrutura familiar,
- c. As consecuencias derivadas da implantación de actividades produtivas.

3.1.9. Os Plans Xerais de Ordenación Municipal e os instrumentos de ordenación do territorio resolverán as necesidades de crecemento de conformidade cos principios de sustentabilidade e atendendo ós seguintes criterios:

- a. Prestarase especial atención ás características propias e diferenciadoras de cada núcleo ou asentamento, tales como a súa inserción topográfica, morfoloxía viaria e parcelaria, paisaxe e tipoloxías arquitectónicas.
- b. No interior das áreas urbanas preveranse espazos destinados a cumprir funcións ecolóxicas como a redución ou mitigación da contaminación, a integración en corredores ecolóxicos ou o drenaxe de augas de escorrenta. As áreas libres situadas dentro das áreas urbanas disporanse, sempre que sexa posible, de xeito que poida establecerse unha conexión entre elas, conformando corredores ecolóxicos.
- c. Consideraranse preferentes as actuacións que se desenvolvan en continuidade cos entramados urbanos xa existentes, respectando en

calquera caso as zonas ou espazos que deban preservarse do desenvolvemento urbanístico polos seus valores naturais ou polo seu necesario destino ás funcións ecolóxicas anteriormente enunciadas.

- d. Procurarase establecer modelos de ordenación urbana de densidade media que contribúan a acadar niveis de masa crítica suficientes para facilitar as relacións sociais e viabilizar a implantación de dotacións, servizos e actividades terciarias e de ocio, tanto públicas como privadas.

3.1.10. Nos conxuntos históricos e nos núcleos vencellados ás áreas estratéxicas de conservación consideraranse prioritarias as estratexias de rehabilitación fronte ás operacións de novos crecementos.

3.1.11. Nos Concellos Turísticos e nos Territorios de Preferente Actuación Turística fomentaranse a promoción e protección dos recursos turísticos e potenciaránse os servizos hoteleiros de calidade como alternativa preferible á segunda residencia.

3.2. DETERMINACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ÁREAS EMPRESARIAIS

Determinacións Orientativas

3.2.1. A planificación sectorial de áreas empresariais de Galicia estudará as demandas de solo para usos industriais e terciarios, e establecerá as súas determinacións baixo criterios de sustentabilidade e en congruencia co modelo territorial das DOT. A tal efecto establécense as seguintes orientacións:

- a. Preveranse parques de carácter estratéxico nos Espazos Metropolitanos de Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol e nas áreas urbanas de Santiago, Lugo e Ourense. Para determinar a súa localización teranse en conta as posibilidades de conexión coa rede de estradas de altas prestacións, a rede ferroviaria e os servizos de transporte colectivo.
- b. Asociados as vilas cabeceiras do sistema urbano intermedio preverase un segundo nivel de parques empresariais, tendo en conta as posibilidades de conexión coa rede de estradas de altas prestacións e, de selo caso, coa rede ferroviaria.
- c. Asociados aos Nodos para o Equilibrio do Territorio e as vilas subcabeceiras do sistema urbano intermedio estudarase a implantación de parques empresarias comarcais ou de terceiro nivel,

orientados á localización preferente da industria local e á oferta de solo para novas iniciativas dinamizadoras.

- d. Contemplará a posible implantación de parques tecnolóxicos orientados á innovación, desenvolvemento e investigación, vencellados aos campus universitarios.
- e. Estudarase a implantación de parques especializados, como os agroforestais, orientados á atención de zonas dinámicas concretas ou a acompañar medidas de reequilibrio territorial.
- f. As diferentes áreas empresariais poderán acoller usos comerciais, sempre que non desvirtúen a súa finalidade nin comprometan a súa funcionalidade.

3.2.2. Preveranse plataformas loxísticas asociadas ós portos comerciais autonómicos, ós portos de interese xeral do Estado, ós nodos de confluencia de infraestruturas viarias de altas prestacións e/ou ferroviarias.

3.2.3. Os parques empresariais que prevexa o planeamento urbanístico municipal localizaranse respectando os valores ambientais do territorio e conectados coas estradas de maiores prestacións do termo municipal.

3.2.4. As administracións públicas impulsarán medidas para favorecer a relocalización de actividades empresariais incompatibles co medio no que se insiren.

3.2.5. Nos parques empresarias de iniciativa pública estableceranse mecanismos que eviten a retención con fins especulativos do solo transformado. Neste sentido recoméndase fixar un prazo máximo para que nese solo se inicie unha actividade produtiva.

3.2.6. Como elementos de dinamización e xeración dun tecido produtivo moderno e diversificado procurarase reservar espazos destinados a viveiros de empresas.

3.3. DETERMINACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES PRODUCTIVAS:

AGRICULTURA, GANDERÍA E EXPLOTACIÓN DO MONTE

Determinacións Excluíntes

3.3.1. A Xunta de Galicia realizará os estudos precisos para identificar as zonas do territorio con maior valor agrolóxico.

- 3.3.2.** Os plans e programas das Administracións competentes e o planeamento urbanístico establecerán como destino prioritario ós usos agrarios e gandeiros as zonas con maior produtividade, e preverán as reservas de solo necesarias para o destino á explotación forestal.
- 3.3.3.** Inventariaranse todos os montes públicos e veciñais en man común.

Determinacións Orientativas

- 3.3.4.** As Administracións, para evitar o despoboamento e o envellecemento do interior de Galicia e para asegurar o desenvolvemento sostible, promoverán o mantemento, recuperación e nova implantación de actividades agrarias, gandeiras e forestais e desenvolverán programas co obxectivo de mellorar a produtividade e introducir fórmulas de explotación máis sostibles.
- 3.3.5.** As actuacións en materia de concentración parcelaria e reforma das estruturas agrarias centraranse nas zonas de maior produtividade agraria ou forestal, así como naquelas nas que existan iniciativas empresarias do sector agropecuario ou forestal. Tamén poderán levarse adiante naquelas zonas cuxa conveniencia determine a Xunta de Galicia por razóns de carácter socioeconómico ou cando a incidencia de obras públicas ou aproveitamentos mineiros aconsellen a reorganización da propiedade. En calquera caso, os proxectos de concentración deberán someterse ao establecido na lexislación vixente respecto á avaliación ambiental, no que se terá especial atención á incidencia destas actuacións no medio ambiente, patrimonio cultural e paisaxe rural.
- 3.3.6.** A Xunta de Galicia desenvolverá, por medio de iniciativas como o Banco de terras, accións destinadas ao fomento da produción agrogandeira e forestal, outorgando preferencia ás especies autóctonas, ben colaborando cos particulares ou mediante fórmulas de intervención directa.

MINERÍA

Determinacións Excluíntes

- 3.3.7.** A Xunta de Galicia formulará un Plan sectorial de Actividades Extractivas de Galicia cos criterios sinalados na Lei 3/2008 do 23 de maio de Ordenación da Minería de Galicia
- 3.3.8.** O desenvolvemento de actividades extractivas evitará as acumulacións de materiais en pendentes, barrancos ou leitos que supoñan un obstáculo para o libre discorrer das augas e impliquen riscos de arrastres de materiais ou sustancias contaminantes.

- 3.3.9.** Acometeránse accións de restauración ambiental e paisaxística nas zonas mineiras en funcionamento ou abandonadas.
- 3.3.10.** A planificación da extracción de áridos, ademais de identificar as zonas nas que se poida realizar actividades relacionadas coa extracción, deberá sinalar aquelas en que poida cumprir unha función ecolóxica e ter en conta os recursos procedentes da reutilización de residuos da construción ou do propio sector mineiro.

PESCA E ACUICULTURA

Determinacións Excluíntes

- 3.3.11.** Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico, na formulación das súas propostas de ordenación, terán presente o valor do litoral e das augas interiores como soporte da pesca e o marisqueo.
- 3.3.12.** A Xunta de Galicia elaborará o Plan Sectorial de Acuicultura en Terra. Este plan establecerá as previsións de posibles localizacións de plantas de acuicultura que cumpran os requisitos de sostibilidade tendo presente outras funcións produtivas, ecolóxicas, paisaxísticas, culturais e turísticas do litoral.
- 3.3.13.** As novas plantas de acuicultura mariña en terra so poderán emprazarse nas localizacións previstas no Plan Sectorial de Acuicultura en solos de titularidade pública explotados en réxime de concesión.





4.

AS INFRAESTRUTURAS DO MODELO TERRITORIAL

4.1. DETERMINACIÓNS RELATIVAS ÁS ESTRADAS.

Determinacións Excluíntes

- 4.1.1. Corresponde ó Plan Director de Estradas de Galicia establece-la estrutura xerarquizada da rede de estradas, os programas de actuación necesarios para o seu desenvolvemento e os criterios de coordinación e planificación, para garantir a coherencia e funcionalidade do sistema viario de Galicia.
- 4.1.2. Este Plan Director terá como obxectivos fundamentais para a articulación do territorio os seguintes:
- Completar as comunicacións de Galicia co exterior: Asturias, Castela e León e Portugal.
 - Reforzar a articulación interior e garantir a accesibilidade ao sistema de asentamentos mediante unha rede viaria xerarquizada, situando todos os núcleos a menos de 30 minutos de algún enlace cun vial de altas prestacións.
 - Mellorar o acceso aos equipamentos de carácter supramunicipal e ás grandes áreas empresariais.
 - Asegurar as conexións cos sistemas portuarios, aeroportuarios e ferroviarios
 - Articular as cidades e as súas periferias.

Determinacións Orientativas

- 4.1.3. Con carácter xeral toda actuación sobre a rede de estradas incorporará medidas de mellora da seguridade vial e as necesarias para asegurar a integración ambiental e paisaxística prestando especial atención os niveis de ruído.
- 4.1.4. Procederá de forma progresiva á eliminación de travesías e de tráfico de longo percorrido polas zonas urbanas. A execución de variantes de poboación conlevará a transferencia ós diferentes municipios daqueles

tramos de estrada que foron substituídos pola nova infraestrutura no momento da súa posta en servizo.

Proxectaranse variantes de poboación naquelas travesías urbanas cun tráfico superior a 4.000 vehículos/día ou que presenten graves problemas de seguridade vial.

Primarase a execución dunha única nova traza que canalice o tráfico de longo e medio percorrido fronte a execución de diferentes variantes, para itinerarios que atravesen varios núcleos de poboación e teñan un tráfico superior a 8.000 vehículos/día.

- 4.1.5. O planeamento urbanístico non poderá incluír nas áreas de expansión dos núcleos rurais terreos cuxo único acceso se produza a través dunha estrada de titularidade supramunicipal.
- 4.1.6. Os plans e proxectos das administracións públicas estudaran a implantación de solucións de deseño que outorguen prioridade ao transporte colectivo (carril-bus, apeadeiros, intercambiadores...) e faciliten a mobilidade peonil.
- 4.1.7. As novas vías urbanas estruturantes das cidades deberán prever a posibilidade de implantar varios modos de transporte diferentes (peonil, bicicleta, autobús, tranvía, vehículo particular), dándolle prioridade aos modos de transporte colectivo.

4.2. DETERMINACIÓNS RELATIVAS ÁS INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS.

Determinacións Excluíntes

- 4.2.1. Priorízase o desenvolvemento da rede de Alta Velocidade Ferroviaria, como un elemento fundamental do funcionamento integrado do sistema de grandes cidades de Galicia e as súas conexións exteriores.
- 4.2.2. Manterase e potenciarase a rede convencional para uso preferente de transporte de mercancías e, cando sexa preciso, establecerase os mecanismos que garantan a compatibilidade de tráfico na rede de alta velocidade.
- 4.2.3. As estacións de Alta Velocidade localizaranse atendendo a criterios de máxima accesibilidade dende o conxunto do espazo metropolitano e terán o carácter de estación intermodal.
- 4.2.4. Todos os portos de interese xeral do Estado contarán con acceso ferroviario, incluídas as novas dársenas dos portos exteriores de A Coruña e Ferrol.
- 4.2.5. Procederá á eliminación progresiva dos pasos a nivel ferroviarios. En tanto non se acade este obxectivo estableceranse en tódolos pasos a

nivel as medidas de sinalización e protección necesarias para aumenta-la seguridade destes puntos.

Determinacións Orientativas

- 4.2.6. Potenciaranse os servizos ferroviarios nas relacións interiores de Galicia, particularmente nos Espazos Metropolitanos de A Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra.
- 4.2.7. Fortaleceranse os servizos de FEVE na relación Ferrol-Ribadeo como elemento de integración dos sistemas urbanos do corredor do Cantábrico.
- 4.2.8. Potenciarase a rede convencional para as relacións rexionais e de cercanías.
- 4.2.9. Estableceranse as medidas necesarias para reducir o impacto ambiental do ferrocarril, con especial atención á xeración de ruidos, e a integración na trama urbana e na paisaxe.
- 4.2.10. Nas liñas ferroviarias que queden fóra de servizo procurarase manter as afeccións das instalacións e franxas de dominio, orientándose o seu uso á constitución de vías verdes que se incluírán dentro da rede de itinerarios recreativos e ecolóxicos establecidos polas DOT ou a prestación de servizos de transporte sostible.
- 4.2.11. Estudarase a viabilidade de implantar redes de cercanías por ferrocarril/tranvía/metro lixeiro nos Espazos Metropolitanos e nas áreas urbanas de Santiago, Lugo e Ourense.

4.3. DETERMINACIÓNS RELATIVAS ÁS INFRAESTRUCTURAS AEROPORTUARIAS.

Determinacións Excluíntes

- 4.3.1. O Sistema Aeroportuario de Galicia está integrado polos aeroportos de Lavacolla, Alvedro e Peinador.
- 4.3.2. Potenciarase a mellora da accesibilidade dos aeroportos co sistema de cidades, prestando especial atención á integración con outros modos de transporte.
- 4.3.3. Os Plans urbanísticos dos concellos con instalacións aeroportuarias establecerán as condicións de uso do solo no entorno dos aeroportos coa finalidade de evitar impactos ambientais e acústicos sobre a poboación como consecuencia do seu funcionamento.



Determinacións Orientativas

- 4.3.4. Os plans directores dos aeroportos contemplaran as necesidades de mellora das súas instalacións e sistemas para garantir maiores niveis de servizo e o acceso a novas funcións, especialmente nas actividades loxísticas.
- 4.3.5. Os tres aeroportos deben coordinar as súas ofertas para ofrecer aos cidadáns galegos a mellor dispoñibilidade posible de voos.
- 4.3.6. O aeroporto de Lavacolla configurarase como o aeroporto de conexión internacional de Galicia para voos transoceánicos.
- 4.3.7. Os instrumentos de ordenación do territorio e os plans urbanísticos dos concellos onde se localizan os aeroportos considerarán as oportunidades existentes para o desenvolvemento das zonas de actividade económica vinculadas ós aeroportos.
- 4.3.8. Potenciarase a participación da Administración Autonómica na planificación e xestión do sistema aeroportuario de Galicia.
- 4.3.9. A Administración Autonómica elaborará un Plan Director de Heliportos e Aeródromos co obxectivo de proporcionar cobertura territorial para a prestación de servizos de protección civil, extinción de incendios forestais, salvamento marítimo ou emerxencias sanitarias.

4.4. DETERMINACIÓNS RELATIVAS ÁS INFRAESTRUCTURAS PORTUARIAS.

Determinacións Excluíntes

- 4.4.1. Integran o sistema portuario de Galicia os portos de interese xeral do Estado (Ferrol-San Cibrao, A Coruña, Vilagarcía, Marín-Pontevedra e Vigo) xunto cos 122 portos de titularidade autonómica.
- 4.4.2. Os portos de interese xeral do Estado, ademais de ter conexións ferroviarias, contarán con acceso viario enlazado coa rede xeral do Estado a través de vías de alta capacidade.
- 4.4.3. A xestión dos portos optimizará o uso dos espazos promovendo a reubicación en áreas exteriores próximas daquelas actividades productivas que non requiran o seu emprazamento dentro do dominio público portuario.
- 4.4.4. A Administración Autonómica elaborará un Plan Director de Portos Deportivos que como criterio xeral, fronte a construción de novas instalacións portuarias, priorizará ó acondicionamento dos portos tradicionais e instalacións existentes para acoller actividades vinculadas á náutica deportiva. En particular, para minorar a afectación á lámina de auga fomentarse a instalación de marinas secas.

Determinacións Orientativas

- 4.4.5. Mellorarase a integración dos espazos portuarios coas súas contornas urbanas e territoriais desenvolvendo actuacións de eliminación de barreiras e de integración porto-cidade, garantindo, en todo caso, a funcionalidade portuaria.
- 4.4.6. Potenciaranse as iniciativas de coordinación entre as cinco autoridades portuarias dependentes da Administración Xeral do Estado e o ente Portos de Galicia.
- 4.4.7. A Administración Autónoma promoverá a coordinación e paulatina integración funcional dos portos situados nos Espazos Metropolitanos Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol e os da Ría de Arousa co obxecto de favorecer as posibilidades conxuntas de crecemento.

4.5. DETERMINACIÓNS RELATIVAS ÁS INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓNS.**Determinacións Excluíntes**

- 4.5.1. As actuacións en materia de infraestruturas de telecomunicacións orientaranse a aumentar as interconexións das redes de fibra óptica e dos sistemas de transmisión de datos de alta capacidade entre Galicia, Portugal e o resto de España.
- 4.5.2. Completaranse as infraestruturas de telecomunicacións para facilitar o acceso a todo tipo de servizos telemáticos (banda ancha ou telefonía) a tódolos núcleos do sistema de asentamentos proposto nas DOT en condicións de axeitada calidade.
- 4.5.3. En todo novo desenvolvemento urbanístico preveranse condutos ou galerías subterráneas que faciliten a implantación posterior de redes de telecomunicacións.

Determinacións Orientativas

- 4.5.4. As Administracións propiciarán prestación de servizos administrativos, educativos, sanitarios, sociais, culturais ou de emerxencias por vía telemática.
- 4.5.5. A implantación ou renovación de infraestruturas de telecomunicación realízase buscando a redución ou eliminación do seu impacto sobre os elementos de interese paisaxístico, ambiental ou patrimonial. A tal efecto establécense os seguintes criterios:

- a. Consideraranse localizacións preferentes en calquera clase de solo: as instalacións preexistentes de telecomunicación, as instalacións destinadas á publicidade, as construcións ou instalacións industriais ou comerciais e outras infraestruturas ou mobiliario urbano, sempre que sexa compatible.
- b. As súas dimensións e características serán as que, preservando a funcionalidade da instalación, produzan un menor impacto visual.
- c. Evitarase a implantación en lugares protexidos ben pola lexislación reguladora do Patrimonio Histórico ou pola de protección do medio ambiente.

4.6. DETERMINACIÓNS RELATIVAS ÁS INFRAESTRUTURAS DE XERACIÓN E ABASTECIMENTO ENERXÉTICO.**Determinacións Excluíntes**

- 4.6.1. A Xunta de Galicia formulará un Plan sectorial de produción e distribución de enerxía en Galicia, coas seguintes finalidades:
 - a. Valorar o estado dos actuais centros de produción e redes de transporte e distribución, e diagnosticar as necesidades actuais e futuras.
 - b. Fixar as actuacións necesarias para a racionalización e mellora da rede existente valorando a posibilidade de establecer corredores eléctricos.
 - c. Propoñer, de conformidade cos criterios e obxectivos dos programas e estratexias autonómica, estatal e europea, as actuacións necesarias para aumentar a porcentaxe de produción de enerxía de fontes renovables.
 - d. Analizar as posibilidades e condicións para a instalación de plantas de produción de enerxía fotovoltaica e outras fontes de enerxías renovables.
 - e. Diseñar estratexias para favorecer a eficiencia e o aforro enerxético
- 4.6.2. Nos novos desenvolvementos urbanísticos os tendidos e redes de instalacións enerxéticas serán subterráneos.

Determinacións Orientativas

- 4.6.3. Nas actuacións relativas á enerxía eólica, regularánse as condicións para o desenvolvemento dos parques eólicos, priorizando a repotenciación dos xa existentes.



- 4.6.4. A posible implantación de instalacións de produción de enerxía eólica mariña someterase aos seguintes criterios:
- A distancia, disposición e características dos aerogeneradores estará condicionada polos valores paisaxísticos do tramo litoral afectado, conforme ao que determine o Plan territorial integrado do litoral de Galicia, que mesmo poderá establecer a prohibición destas instalacións en tramos concretos da costa.
 - As liñas de evacuación da enerxía producida tenderánse sobre o leito mariño, sen modificar nin afectar á plataforma continental nin aos fondos das rías.
 - A entrada en terra firme producirase soterrada, sen máis alteracións topográficas nin movementos de terras que os imprescindibles para o soterramento das liñas. En ningún caso estas liñas de evacuación poderán atravesar nin afectar aos espazos protexidos en virtude da lexislación sobre medio ambiente, nin aos que estas directrices ou o PTI do litoral de Galicia sometan a unha protección especial coa que tales tendidos resulten incompatibles.
- 4.6.5. Considérase conveniente estende-las infraestruturas de abastecemento de gas natural ós entramados urbanos das Areas Metropolitanas e urbanas e, progresivamente, ós restantes nodos do sistema de asentamentos.
- 4.6.6. Nas Areas Estratéxicas de Conservación non se permitirá a instalación de novos parques eólicos nin hortas solares agás que nos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais ou Plans de Ordenación do Medio Físico se prevea de xeito excepcional.
- 4.6.7. Establécense os seguintes criterios fundamentais para a ordenación dos tendidos eléctricos:
- En xeral, o percorrido das instalacións seguirá as cotas topográficas do relevo e adaptarse á xeomorfoloxía do terreo. Os trazados rectilíneos unicamente se permitirán en zonas planas.
 - Preferentemente estas instalacións seguirán un percorrido paralelo as vías de comunicación existentes (estradas, ferrocarril). evitando abrir novos trazados no territorio, respectando sempre as distancias de seguridade.
 - Sempre que existan outras liñas achegadas, priorizarase o desdoblamento das existentes antes da construción dunha liña nova. Cando isto non sexa posible por razóns técnicas, instalarase a nova liña o máis cerca posible da xa existente, para aproveita-lo mesmo corredor.

5.

OS EQUIPAMENTOS SUPRAMUNICIPAIS

Determinacións Excluíntes

- 5.1.** Os equipamentos colectivos sanitarios, asistenciais, educativos, culturais, deportivos, administrativos e recreativos planifícanse de acordo co sistema xerarquizado de asentamentos que define o modelo territorial destas directrices, co fin de acadar un axeitado grao de cobertura para a poboación e a optimización de recursos, tendo en conta as diferentes esferas de influencia dos equipamentos segundo o tipo, a función e o destino concreto.
- 5.2.** Para a ubicación destes equipamentos considéranse tres niveis de influencia en función da súa entidade agás que debido ás peculiaridades do tipo de dotación ou do estado actual da súa oferta, a Administración competente xustifique a utilización doutros ámbitos territoriais de referencia:
- Nivel de Influencia da comunidade autónoma, que se aplicará ós equipamentos que prestan servizo ó conxunto de Galicia, con localización preferente nos Espazos Metropolitanos Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol e nas Areas Urbanas de Santiago, Lugo e Ourense.
 - Nivel de influencia Intermedia ubícanse preferentemente nas vilas Cabeceira do sistema urbano intermedio, nas Areas Metropolitanas e nas Areas Urbanas.
 - Nivel de influencia supralocal que deben localizarse nas Subcabeceiras do Sistema Urbano Intermedio e nos Nodos para o Equilibrio do Territorio.
- 5.3.** Os equipamentos localízanse nas zonas de mellor accesibilidade para as persoas do seu ámbito de influencia, en lugares apropiados e congruentes co carácter do equipamento, facilitando o acceso peonil, nas proximidades de estacións ou apeadeiros de transporte colectivo, preveendo os aparcamentos suficientes ,e contribuíndo á mellora e articulación dos espazos públicos.

Determinacións Orientativas

- 5.4.** Para a ordenación dos equipamentos supramunicipais os correspondentes Plans e programas Sectoriais terán en conta os seguintes criterios:

- Satisfacer as necesidades da poboación considerando a residente máis, no seu caso, a estacional ademais das singularidades da mesma en canto a súa estrutura de idades e principais actividades produtivas que poidan condiciona-lo deseño dos sistemas dotacionais.
- Ordenar os niveis superiores do sistema de equipamentos con criterios de singularidade na súa implantación, procurando a excelencia e a especialización urbana das cidades onde se localizan.
- Evitar a acumulación de equipamentos do mesmo tipo e nivel de influencia dentro do mesmo ámbito territorial.
- Procurar o establecemento de equipamentos que deban emprazarse en solo rústico mediante a reutilización de edificios, sempre que sexa posible.

6. O LITORAL

Determinacións Excluíntes

- 6.1. A Xunta de Galicia elaborará un Plan de Ordenación do Litoral, que terá natureza de Plan Territorial Integrado. Este Plan terá por obxecto o diagnóstico integrado do sistema litoral, no que se inclúen todos os terreos e elementos nos que se produce algunha relación ambiental, funcional, urbanística, ou visual coa costa. Ademais, concretará as medidas de protección necesarias e establecerá as condicións para o desenvolvemento urbanístico e a implantación de instalacións destinadas a usos produtivos, turísticos e recreativos.
- 6.2. As actuacións en solo rústico de protección de costas, incluída a adecuación de espazos para uso e disfrute público, procurarán o mantemento da máxima naturalidade e, no seu caso, a restauración da calidade ambiental.
- 6.3. Procederáse a completar o deslinde do dominio público marítimo-terrestre para a totalidade do litoral de Galicia.

Determinacións Orientativas

- 6.4. Fomentarase a colaboración e a coordinación das diferentes administracións públicas para mellorar a xestión integrada do espazo litoral.
- 6.5. No litoral de Galicia configúranse un conxunto de núcleos, relacionados no anexo I, que polas súas características constitúen elementos de identidade do espazo costeiro coa denominación de Núcleos de Identidade do Litoral. Esa relación ten carácter orientativo e poderá ser ampliada e axustada polos correspondentes instrumentos de planeamento territorial sempre que se xustifique axeitadamente.
- 6.6. Os instrumentos de ordenación de Territorio e o planeamento urbanístico deberán ordenar estes núcleos en congruencia co papel que estas DOT lles outorgan para articular o sistema litoral e contribuír a funcionalidade, o mantemento da calidade ambiental e paisaxística e o desenvolvemento económico e social de Galicia.
- 6.7. O Planeamento Municipal dos concellos costeiros contemplará a renovación da fachada litoral con criterios de calidade e integración co entorno. Neste entorno evitarase, con carácter xeral, a localización de usos industriais e infraestruturais xeradores de impacto ou que non deban localizarse necesariamente xunto ó mar.
- 6.8. O Planeamento urbanístico municipal configurará o entorno dos portos pesqueiros tradicionais como áreas de centralidade, identidade e imaxe urbana.

- 6.9. Nos tramos de praia con acceso de tráfico rodado preveranse reservas de solo para aparcadoiro de vehículos en cantidade suficiente para garanti-lo estacionamento fora da zona de servidume de tránsito.
- 6.10. O acceso ó mar desenvolverase preferentemente mediante viarios de uso peonil, debendo preverse no planeamento urbanístico, e executarase con criterios de máxima integración ambiental e paisaxística prevendo, no caso das praias, a accesibilidade de persoas discapacitadas.
- 6.11. As Administracións competentes definirán unha rede de itinerarios costeiros, “Senda dos Faros”, co obxectivo de habilitar o tránsito público peonil e, de selo caso de bicicletas, que permita percorrer todo o litoral Galego.
- 6.12. As Administracións promoverán accións para a ampliación do dominio público marítimo terrestre mediante a adquisición de solo colindante co fin de recuperar as súas funcións naturais e paisaxísticas.

7.

O PATRIMONIO NATURAL E A PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE.

7.1. DETERMINACIÓNS DE CARACTER XERAL.

Determinacións Orientativas

- 7.1.1.** Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística incorporarán as accións e medidas necesarias para garantir a protección dos recursos naturais e incentiva-la mellora da calidade ambiental do territorio.
- 7.1.2.** As actuacións territoriais e sectoriais considerarán como prioritarios os seguintes criterios de protección do medio físico e dos recursos naturais:
- a. A conservación e extensión do arborado, especialmente das formacións autóctonas ou de carácter singular pola súa posición bioxeográfica, a súa dificultade de rexeneración ou o reducido da súa área de distribución, así como das especies vexetais endémicas ou ameazadas.
 - b. A protección dos hábitats que acollen a especies animais ameazadas ou en perigo, cunha grande biodiversidade ou condicións favorables para o desenvolvemento de comunidades faunísticas que requiren para o seu mantemento de espazos singulares polas súas características ou a súa dimensión.
 - c. O mantemento dos fluxos naturais e das condicións para o desprazamento das poboacións animais, adaptando con este fin as infraestruturas viarias e cerramentos, os tendidos aéreos potencialmente prexudiciais e as infraestruturas hidráulicas que interfíren nos cursos fluviais.
 - d. A redución dos procesos erosivos como factor necesario para o desenvolvemento dos ecosistemas e o aproveitamento dos usos potenciais dos terreos, desenvolvendo accións de conservación de solos e regulando aquelas actividades susceptibles de incrementar os procesos de erosión.
 - e. O mantemento das características paisaxísticas e xeomorfolóxicas do territorio con especial atención ós elementos singulares de interese xeolóxico ou morfolóxico existentes.

7.2. DETERMINACIÓNS PARA A ORDENACIÓN DAS ÁREAS ESTRATÉXICAS DE CONSERVACIÓN

Determinacións Excluíntes

- 7.2.1.** Os ámbitos que polo seu especial valor natural e paisaxístico constitúen as Áreas estratéxicas de Conservación, recollidos no Anexo II, quedan sometidos as seguintes determinacións:
- a. Os espazos declarados mediante figuras recollidas na lexislación de protección da natureza serán ordenados mediante Plans de ordenación dos recursos naturais (PORN).
 - b. Os restantes ámbitos considerados polas DOT como Áreas Estratéxicas de Conservación serán obxecto dunha ordenación específica mediante os Plans de Ordenación do Medio Físico (POMF).

Determinacións Orientativas

- 7.2.2.** Corresponderá ós instrumentos de ordenación das Áreas Estratéxicas de Conservación, PORN e POMF, establecer unha regulación máis pormenorizada da cualificación dos solos nos seus ámbitos e dos usos a desenvolver nestes.
- 7.2.3.** Os servizos e instalacións asociadas ó uso e xestión das Áreas Estratéxicas de Conservación e ás diferentes actividades a desenvolver nelas localizaranse preferentemente nos núcleos de poboación e nas edificacións tradicionais existentes no seu interior ou no seu entorno inmediato. Consideraranse prioritarios para isto os núcleos dos concellos identificados nas DOT como núcleos interiores vinculados ao patrimonio natural.
- 7.2.4.** Os instrumentos de planificación das Áreas Estratéxicas de Conservación determinarán, no seu caso, os ámbitos susceptibles de considerarse Áreas Recreativas ou percorridos a incluír na rede de Corredores Ecolóxicos, establecendo as súas condicións de uso e as accións de adecuación e mantemento necesarias para concentrar nestes puntos á maior parte dos visitantes do ámbito natural.

7.3. DETERMINACIÓNS RELATIVAS Á REDE DE ÁREAS RECREATIVAS E DE CORREDORES VERDES

Determinacións Orientativas

- 7.3.1.** Desenvolverase unha rede de Áreas Recreativas formada por espazos caracterizados pola súa calidade ambiental e o seu atractivo natural, destinados a canalizar as demandas de ocio en contacto co medio físico.



7.3.2. A Rede de Áreas Recreativas estará integrada polos ámbitos das Áreas Estratéxicas de Conservación compatibles con usos de ocio nos termos que estableza a súa normativa específica, as praias e os espazos acondicionados polas diferentes administracións para o desenvolvemento de actividades de lecer ao aire libre.

7.3.3. O viario interior deseñarse en función do grao de accesibilidade que se considere axeitado para as distintas zonas de cada ámbito, sendo prioritarios os destinados a usos ciclistas, peonís e ecuestres. As zonas de acceso dotaranse de áreas de aparcadoiros axeitadamente integradas e dimensionadas.

7.3.4. Desenvolverase un sistema de itinerarios que constituirán a rede de Corredores Verdes de Galicia, formando un conxunto de elementos lineais, que conecte entre si os diferentes elementos de interese paisaxístico, cultural e natural, e permita completar un sistema integrado de elementos de grande interese, a través dos cales gozar dos activos singulares do territorio, e conseguir poñer en valor estes recursos, garantindo o mantemento dos fluxos ecolóxicos básicos.

7.3.5. A rede de Corredores Verdes apoiarase fundamentalmente nos cursos fluviais e noutros elementos lineais de carácter brando e interese ambiental (vías verdes, camiños rurais, itinerarios culturais, estradas acondicionadas, etc.).

7.3.6. A circulación ó longo dos Corredores Verdes limitarse ó tránsito peonil, bicicletas e cabalerías salvo nos tramos de viario abertos ó tráfico de vehículos a motor que se integren nesta rede e que se acondicionarán con criterios de percorridos paisaxísticos.

7.4. DETERMINACIÓNS PARA OS NÚCLEOS INTERIORES VINCULADOS Ó PATRIMONIO NATURAL.

Determinacións Orientativas.

7.4.1. Os Núcleos Interiores Vinculados ó Patrimonio Natural establecidos polas DOT son os que aparecen relacionados no Anexo III deste documento. Dita relación ten carácter orientativo e poderá ser ampliada e axustada polos diferentes instrumentos de ordenación do territorio e planeamento urbanístico sempre que se xustifique axeitadamente.

7.4.2. Estes núcleos intégranse nunha contorna de gran valor natural e paisaxístico e deben conservar o seu carácter tradicional para acoller servizos turísticos e de lecer e outros usos con potencialidade de desenvolvemento.

7.4.3. As Administracións fomentarán medidas que favorezan a súa promoción socioeconómica e que permita fixar a súa poboación.

7.4.4. Os procesos de dinamización destes núcleos apoiarase preferentemente na rehabilitación e reutilización das construcións existentes e na mellora de infraestruturas e equipamentos. Cando se proxecten crecementos edificatorios estes deberán garantir a súa integración coas características paisaxísticas e urbanísticas do entorno.

7.4.5. Os instrumentos de ordenación de Territorio e o planeamento urbanístico deberá ordenar estes núcleos en congruencia co seu papel dentro das Areas Estratéxicas de Conservación e a rede de Corredores Verdes.

7.5. DETERMINACIÓNS RELATIVAS Á CALIDADE E PROTECCIÓN DAS AUGAS.

Determinacións Excluíntes

7.5.1. A planificación que conteñan os plans e programas sectoriais, os instrumentos de ordenación do territorio e o planeamento urbanístico debe considerar a auga como un sistema complexo que abrangue:

- a. As augas superficiais continentais: ríos, encoros, lagoas e charcas, e masas de auga artificiais.
- b. As augas de transición: rías e esteiros.
- c. As augas costeiras.
- d. As augas subterráneas.

7.5.2. Esta planificación orientarase polos seguintes obxectivos xerais relacionados coa auga:

- a. Garantir o subministro suficiente de auga superficial ou subterránea en bo estado, e promover o seu uso sostible, equilibrado e equitativo.
- b. Reducir de forma significativa a contaminación das augas subterráneas.
- c. Protexer as augas continentais, de transición, costeiras e subterráneas.
- d. Acadar os obxectivos dos acordos internacionais sobre esta materia, particularmente os que teñen por finalidade previr e erradicar a contaminación do medio ambiente mariño.

7.5.3. Para acadar estes obxectivos a planificación territorial establecerá as medidas precisas en orde a:

- a. Prever calquera deterioro adicional e protexer e mellorar o estado dos ecosistemas e do medio acuático.

- b. Promover un uso sostible da auga baseado na protección a longo prazo dos recursos hídricos dispoñibles.
 - c. Garantir a redución progresiva da contaminación da auga subterránea e evitar novas contaminacións.
 - d. Contribuír a paliar os efectos das inundacións e as secas.
- 7.5.4.** As Administracións e concesionarios velarán por un mantemento técnico das redes de distribución de auga que reduzan o nivel de perdas, e na planificación das súas actuacións de reforma e mellora procurarán un obxectivo de “perda cero”.
- 7.5.5.** As administracións non poderán executar nin autorizar novas redes de subministro de auga fóra dos núcleos urbanos ou rurais, agás que se trate de:
- a. Novos desenvolvementos residenciais ou industriais previstos por instrumentos de ordenación do territorio ou polo planeamento urbanístico.
 - b. Dotacións, infraestruturas ou instalacións previstas por instrumentos de ordenación do territorio.
 - c. Os sistemas de abastecemento para o rego de explotacións agrarias.
 - d. Redes principais de transporte de auga.
- 7.5.6.** As actividades que se desenvolvan en solo rústico abasteceranse por medios propios, sempre que se obteña a autorización administrativa para a extracción da auga en condicións de sustentabilidade. Alí onde xa existen redes de abastecemento de auga, poderanse server delas, previa autorización, cando non compromentan o abastecemento ás vivendas.
- 7.5.7.** Non se poderán executar novos desenvolvementos residenciais, industriais ou comerciais, dotacións, ou explotacións agroforestais ou mineiras, se non está previamente garantido o abastecemento de auga e o saneamento de augas residuais conforme aos criterios de sustentabilidade.
- 7.5.8.** En calquera caso, no estudo de alternativas, priorizaranse os emprazamentos nos que se poidan aproveitar redes existentes fronte aos que implican a construción de novas redes, aínda que estea garantida a súa financiación.
- 7.5.9.** Calquera novo desenvolvemento residencial, industrial ou terciario preverá obrigatoriamente dúas redes de evacuación de augas, separadas e independentes, para augas pluviais e para augas residuais.

- 7.5.10.** As redes de evacuación de augas residuais para os novos desenvolvementos urbanísticos conducirán a elementos ou instalacións de depuración que garantan que os efluentes cumpran os límites medioambientais establecidos legalmente.
- 7.5.11.** O entorno dos ríos, regueiros e encoros de Galicia terán a consideración de Solo Rústico de protección das augas quedando excluído do proceso urbanizador e sometido ó réxime de uso que para esta clase de solo establece a lexislación urbanística.
- 7.5.12.** Elaborarase un mapa de zonas inundables de Galicia e estableceranse as medidas necesarias para previr os danos por inundacións sobre persoas e bens. Con carácter xeral estes terreos non poderán ser obxecto de transformación urbanística.

Determinacións Orientativas

- 7.5.13.** A Xunta de Galicia promoverá a inclusión das cuncas hidrográficas dos ríos Miño-Limia e Douro en demarcacións hidrográficas internacionais.
- 7.5.14.** As Administracións fomentarán a transferencia paulatina á titularidade pública das redes veciñais de abastecemento de auga.
- 7.5.15.** Nas explotacións agroforestais, zonas industriais e comerciais, parques públicos e zonas residenciais de vivendas con xardíns privados, preveranse sistemas de almacenamento de augas pluviais para o rego, o proceso industrial ou a limpeza do espazo público.
- 7.5.16.** As Administracións desenvolverán accións para a paulatina substitución de redes unitarias por redes separativas.
- 7.5.17.** As novas urbanizacións reducirán ao mínimo posible o sellado do solo, mediante a utilización de pavimentos filtrantes e a interposición de espazos verdes ou sen pavimentar.
- 7.5.18.** As Administracións desenvolverán as actuacións precisas para a mellora e adaptación das redes de saneamento.
- 7.5.19.** Na planificación das redes de estacións depuradoras, as Administracións estudarán sistemas para a reutilización das augas logo de depuradas, para o rego, o proceso industrial ou a limpeza do espazo público.
- 7.5.20.** Como criterio xeral, para as zonas de policía inundables en solo urbano e nos núcleos rurais o Concello e o organismo da cunca deseñarán e executarán as obras hidráulicas necesarias para a prevención de avenidas.
- 7.5.21.** Con carácter xeral, evítanse as canalizacións cubertas dos cursos de auga.



7.5.22. Para as canalizacións e rectificacións do leito propónse a adopción de solucións brandas (noiros verdes, escolleras revexetables, dobres leitos, etc.) que compatibilicen a prevención de inundacións coa conservación da vexetación da ribeira para favorecer a vitalidade ecolóxica dos ríos.

7.5.23. Nos casos en que, conforme a lexislación urbanística, as correntes de auga de escasa entidade queden integradas nos sistemas de espazos libres públicos en solo urbanizable, manterase o seu curso e as súas características naturais procurando conservar a vexetación de ribeira.

7.6. DETERMINACIÓNS RELATIVAS Á XESTION DE RESIDUOS

Determinacións Excluíntes

7.6.1. A Xunta de Galicia elaborará un Plan sectorial dos residuos de Galicia no que diagnosticará a situación actual da produción e tratamento dos residuos urbanos, industriais, da construción, agropecuarios e especiais, e concretará as medidas relativas a:

- a. Previsión dunha rede de estacións e puntos de depósito e tratamento, xerarquizada e ben conectada coas redes de transporte.
- b. Redución da produción de residuos.
- c. Separación de residuos en orixe.
- d. Reutilización selectiva e valorización dos diferentes tipos de residuos.

7.6.2. As Administracións competentes adoptarán as medidas necesarias para o progresivo peche e recuperación de vertedoiros non controlados.

Determinacións Orientativas

7.6.3. Os residuos inertes procedentes de escavacións ou da construción depositaranse preferentemente, de forma controlada, naqueles lugares nos que contribúan a rexeneración medioambiental e a recuperación da topografía orixinal tales como ocos de canteiras abandonadas.

8. A PAISAXE

Determinacións Excluíntes

- 8.1. As Administracións Públicas integrarán a consideración da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística así como noutras políticas sectoriais que poidan producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.
- 8.2. A Xunta de Galicia desenvolverá os instrumentos necesarios para asegurar unha axeitada protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia.
- 8.3. Calquera actuación sobre o territorio incluírá, no marco do proceso de avaliación ambiental, un estudo de impacto e integración paisaxística.
- 8.4. O planeamento urbanístico preservará os fitos topográficos, os cabos e promontorios mantendo a súa visibilidade e reforzando a súa presenza como referencias visuais do territorio.

Determinacións Orientativas

- 8.5. O planeamento urbanístico realizará un estudo da paisaxe urbana, prestado especial atención ás tipoloxías edificatorias, as medianeiras vistas e os peches, ós materiais das fachadas, pavimentos dos espazos públicos, ás zonas verdes e arborado, o mobiliario urbano, o alumeadado público, ós tendidos aéreos, e ao tráfico e aparcamento de vehículos.
- 8.6. A Xunta de Galicia elaborará Plans de Acción para a protección, xestión e ordenación da paisaxe nas Áreas Estratéxicas de Conservación e nos Corredores Verdes.
- 8.7. Nas áreas xeográficas transfronteirizas ou interautonómicas promoveranse políticas e programas comúns en materia de paisaxe.
- 8.8. Os instrumentos de ordenación territorial identificarán as oportunidades para a incorporación das manifestacións artísticas á mellora da imaxe do territorio prestando especial atención ás posibilidades existentes para restaurar ámbitos deteriorados.

9.

O PATRIMONIO CULTURAL

Determinacións Excluíntes

- 9.1. A Xunta de Galicia adoptará as medidas precisas para a conformación do inventario de bens do Patrimonio Cultural de Galicia, conforme ao previsto na lexislación reguladora do patrimonio cultural. As restantes Administracións, e institucións públicas e privadas colaborarán no cumprimento deste cometido.
- 9.2. Calquera actuación sobre o territorio debe atender a súa compatibilidade cos bens do Patrimonio Cultural que se vexan afectados, o que require a súa identificación, o recoñecemento das súas características e das súas relacións co territorio e a análise das posibilidades de integralos como un elemento mais da actuación.
- 9.3. As intervencións nos bens do patrimonio cultural deberán respetar as súas características esenciais sen prexuízo de que poida autorizarse o uso de elementos, técnicas ou materiais actuais para a mellor adaptación do ben ó seu uso.
- 9.4. O planeamento urbanístico promoverá a revitalización urbana dos cascos históricos considerándoos como espazos emblemáticos esenciais na imaxe da cidade e como ámbitos residenciais e de actividade que deben potenciarse, dotándoos das condicións urbanísticas e de relación co resto da cidade necesarias para reforza-la súa vitalidade e atractivo.
- 9.5. A Xunta de Galicia elaborará un Plan Especial de Protección dos Camiños de Santiago para a identificación, delimitación e protección do territorio histórico asociado aos Camiños de Santiago, atendendo tanto a criterios históricos como á paisaxe cultural, e por tanto considerando todos os aspectos de índole territorial e social que os configuran.
- 9.6. O Plan Especial de Protección dos Camiños de Santiago debe establecer:
 - a. O inventario e catalogación, e a protección xurídica, dos elementos vinculados ao camiño de carácter histórico-artístico, arquitectónico, arqueolóxico, etnográfico, natural, paisaxístico e inmaterial.
 - b. Os criterios para a ordenación territorial das áreas situadas no territorio histórico e, no seu caso, na súa área de influencia.
 - c. A delimitación de áreas de actuación de rehabilitación preferente, e áreas de recuperación ambiental-paisaxística e urbana.
 - d. Medidas e criterios cara á corrección de impactos provocados por infraestruturas, urbanizacións, explotacións agropecuarias, concentracións parcelarias, cambios de cultivos, etc.

Determinacións Orientativas

- 9.7. As Administracións fomentarán a preservación do Patrimonio Cultural mediante medidas de protección e de accións positivas para a súa restauración, rehabilitación e conservación.
- 9.8. As Administracións fomentarán a reutilización de edificios do patrimonio cultural en desuso para destinalos a novos fins, outorgando preferencia a aqueles usos que sexan máis compatibles cos orixinais da edificación.
- 9.9. As administracións competentes en materia de turismo deberán incorporar nas súas estratexias de mellora da oferta turística elementos que conforman o patrimonio cultural que fortalecen a identidade territorial de Galicia.

10.

APLICACIÓN, DESENVOLVEMENTO E REVISION DAS DIRECTRICES DE ORDENACION DO TERRITORIO

10.1. DETERMINACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS DIRECTRICES.

Determinacións Excluíntes

- 10.1.1.** Estas directrices completaranse e desenvolveranse por medio doutros instrumentos: plans territoriais integrados, programas coordinados de actuación, plans e proxectos sectoriais e plans de ordenación do medio físico. Ademais, as Administracións, no exercicio das súas competencias, poderán formular programas ou estratexias que, no que se refiran ou teñan incidencia sobre o territorio, deberán ser orientadas en congruencia coas determinacións das DOT.
- 10.1.2.** Acorde coas previsións destas DOT, desenvolveranse os seguintes plans territoriais integrados:
- PTI da área metropolitana Vigo-Pontevedra.
 - PTI da área metropolitana A Coruña-Ferrol.
 - PTI da Área urbana de Santiago.
 - PTI da Área urbana de Ourense.
 - PTI da Área urbana de Lugo.
 - Plan de Ordenación do Litoral de Galicia
- 10.1.3.** O Consello da Xunta poderá acordar a formulación doutros PTI, sinalando o seu ámbito territorial e os obxectivos que se pretender acadar, de acordo cos criterios e principios expresados nestas DOT
- 10.1.4.** Polo seu carácter territorial e integrador, os PTI serán formulados e impulsados pola Consellería competente en materia de ordenación do territorio, coa participación das Consellerías con competencias sobre algún dos aspectos aos que se refiran os PTI.
- 10.1.5.** A Xunta de Galicia poderá elaborar Programas Coordinados de Actuación (PCA) para acompañar a planificación establecida nos PTI, ou para concretar e desenvolver as previsións dos plans sectoriais.
- 10.1.6.** Polo seu carácter netamente inversor e pola súa compoñente interadministrativa, correspóndelle ás Consellerías de Economía e Facenda e Presidencia elevar ao Consello da Xunta as propostas para a elaboración e aprobación dos PCA, ben sexa a iniciativa das Consellerías ou por proposta das entidades locais.
- 10.1.7.** Os departamentos da Xunta de Galicia que, en virtude das súas competencias, deban desenvolver actuacións para a implantación territorial de dotacións, instalacións ou infraestruturas, ou a creación de solo urbanizado destinado á construción de vivendas de protección pública, formularán os correspondentes plans sectoriais, de acordo coa regulación establecida na Lei 10/1995 e a normativa que a desenvolve.
- 10.1.8.** Cando se formule un plan sectorial, o departamento responsable procurará que teña un carácter integrador, e por tanto que se refira ao conxunto de actuacións que pola súa función ou destino requiran dunha planificación conxunta.
- 10.1.9.** Respecto ao seu alcance territorial, os plans sectoriais referiranse a toda a Comunidade Autónoma, agás que pola súa especificidade se poida excepcionar o cumprimento desta regra.
- 10.1.10.** Os plans sectoriais axustaranse aos obxectivos e criterios plasmados nestas directrices. Particularmente, os plans sectoriais que se citan a continuación desenvolverán as previsións que as DOT establecen respecto deles:
- Plan Sectorial de Areas Empresariais
 - Plan Sectorial de Acuicultura en terra
 - Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galicia.
 - Plan Sectorial de Producción e Distribución de Enerxía
 - Plan Sectorial de Xestión de Residuos.
- 10.1.11.** Os plans sectoriais desenvolveranse por medio de proxectos sectoriais de conformidade co previsto na Lei 10/1995. Cando se tivera aprobado un plan sectorial só poderán formularse, con esa mesma finalidade, os proxectos sectoriais que desenvolvan o plan sectorial. A realización dunha actuación non prevista no plan sectorial requirirá a súa modificación, que en ningún caso poderá supor unha alteración substancial dos obxectivos e criterios de implantación territorial nel establecidos, pois en caso contrario o plan deberá ser revisado.
- 10.1.12.** Tamén poderán formularse proxectos sectoriais sen a previa existencia dun plan sectorial. Neste caso seguiranse os seguintes criterios:
- O proxecto sectorial deberá axustarse aos criterios e obxectivos xerais que establecen estas directrices, e deberá ser congruente e axustarse ao contido dos instrumentos de ordenación do territorio vixentes cos que puidera concorrer polo ámbito territorial ou polo contido do proxecto.



- b. Con carácter xeral os proxectos sectoriais que impliquen a transformación urbanística do solo non se referirán a actuacións previstas no planeamento urbanístico vixente.

10.1.13. Os Plans de Ordenación do Medio Físico (POMF) establecerán as determinacións e actuacións necesarias para a ordenación e xestión dos recursos naturais nos seus respectivos ámbitos. En particular concretarán as determinacións das DOT nas Áreas Estratéxicas de conservación carentes de Plans de Ordenación dos Recursos Naturais.

10.2. DETERMINACIÓNS PARA A APLICACION, MODIFICACIÓN E REVISION DAS DIRECTRICES.

Determinacións Excluíntes

10.2.1. Corresponde á Consellería competente en materia de ordenación do territorio:

- a. A interpretación das Directrices de Ordenación do Territorio.
- b. Formular e tramitar os Plans Territoriais Integrados.
- c. Informar, con carácter previo a súa aprobación, os instrumentos de ordenación do territorio tramitados por outras Consellerías.
- d. Informar sobre o nivel de correspondencia co modelo territorial definido polas DOT dos Plans e Programas promovidos pola Administración do Estado, e polos organismos e as Entidades desta dependentes que incidan sobre o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

10.2.2. As DOT terán vixencia indefinida.

10.2.3. O Consello da Xunta de Galicia poderá acordar motivadamente a modificación das DOT. Considérase modificación a alteración do seu contido sempre que non altere substancialmente a estrutura básica do modelo territorial en cuxo caso procederase a súa revisión.

10.2.4. A procedemento para a aprobación das modificación das DOT será o seguinte:

- a. Aprobación inicial pola persoa titular da Consellería competente en materia de ordenación do territorio.
- b. Información Pública polo prazo de dous meses con anuncio publicado no DOG e dous xornais de maior circulación na Comunidade Autónoma.
- c. Remisión simultánea a Delegación do Goberno e as entidades locais afectadas.

- d. Aprobación definitiva polo Consello da Xunta de Galicia.

- e. Publicación no DOG.

10.2.5. As determinacións das DOT serán de aplicación a todos os instrumentos de ordenación do territorio e ó planeamento urbanístico agás aqueles aprobados provisional ou definitivamente á entrada en vigor das DOT.



ANEXO I.

RELACIÓN DE NÚCLEOS DE IDENTIDADE DO LITORAL PROPOSTOS POLAS DOT.

Provincia de Lugo

Ribadeo
Foz
Burela
San Cibrao
Viveiro-Celeiro
O Vicedo

Provincia de A Coruña

Ortigueira
Cariño
Cedeira
Valdoviño
Ferrol
Mugardos
Ares
Redes
Pontedeume
Miño
Betanzos
Sada
Santa Cruz
A Coruña
Caión
Malpica
Corme
Laxe
Camelle
Camariñas
Muxía
Fisterra
Corcubión
Cee
Ezaro
Esteiro
Muros
Carnota
Noia
Portosin
Porto do Son
Corrubedo
Aguiño

Ribeira
Palmeira
A Pobra do Caramiñal
Boiro
Rianxo

Provincia de Pontevedra

Carril
Vilagarcía de Arousa
Vilaxoan
Vilanova de Arousa
A Illa de Arousa
Cambados
O Grove
A Toxa
Portonovo
Sanxenxo
Combarro
Pontevedra
Marín
Bueu
Aldán
Cangas
Moaña
Meira
San Adrián de Cobres
Arcade
Cesantes
Redondela
Vigo
Pantón
Baiona
Oia
A Guarda



Anexo II.

RELACIÓN DE ÁREAS ESTRATÉXICAS DE CONSERVACIÓN

Parques Nacionais

Illas Cíes² Vigo

Sitios de Interese Nacional

Cabo Vilán Camariñas
Cumio da Curotiña A Pobra do Caramiñal
Estaca de Bares Mañón, Ortigueira

Parques Naturais

Complexo Dunas de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán Santa Uxía de Ribeira
Fragas do Eume¹ Pontedeume, Cabana, A Capela, Monfero, As Pontes de García Rodríguez
Baixa Limia-Serra do Xurés Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobería, Lobios, Muiños, Padrenda, Quintela de Leirado e Vereá.
Invernadoiro Vilariño de Conso
Monte Aloia Tui

Espazos Naturais en réxime de protección xeral

Ría de Ortigueira e Ladrado^{1,2} Ortigueira, Cariño
Encoro de Cecebre Abegondo, Cambre, Carral
Lagoa e areal de Valdoviño^{1,2} Valdoviño
Río Eo – Ría de Ribadeo^{1,2} A Fonsagrada, A Pontenova, Ribadeo, Ribeira de Piquín, Trabada, Riotorto e Meira
Lagoa de Rei Rábade
Os Ancares-O Courel Becerreá, Cervantes, Folgoso do Courel, O Incio, Navia de Suarna, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Quiroga, Samos, Triacastela e Ribas do Sil
Complexo Intemareal do Umia-O Grove, A Lanzada, Lagoa Bodeira e PuntaCarreirón^{1,2} A Illa de Arousa, Vilagarcía, Cambados, Ribadumia, Meaño, Sanxenxo e o Grove.,

Monumentos Naturais

A Costa de Dexo Mera, Lorbé, Oleiros
O Souto da Retorta Chavín, Viveiro
O Souto de Rozabales Manzaneda
A Fraga de Catasós Lalín

Zonas Húmidas de Importancia Internacional

Os espazos sinalados co superíndice (1)

Zonas de Especial Protección para as Aves

Os espazos sinalados co superíndice (2) e, ademais, os seguintes:

Illas Sisargas Malpica de Bergantiños
Serra da Enciña da Lastra Rubiá
Illas Ons e Onza Bueu

Lugares de Interese Comunitario

Ortigueira-Mera Cariño, Cerdido, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez, As Somozas
Costa Artabra Cariño, Cedeira, Ferrol, Naron, Valdoviño, Ortigueira, Ares, Mugaridos
Costa da Morte Arteixo, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Cee, Fisterra, A Caracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Muxía, Ponteceso, Vimianzo.
Betanzos-Mandeo Aranga, Bergondo, Betanzos, Coirós, Irixoa, Miño, Paderne, Oza dos Ríos
Carnota-Monte Pindo Carnota, Mazaricos, Cee, Dumbría
Esteiro do Tambre Brión, Negreira, Noia, Outes, Porto do Son.
Monte e Lagoa de Louro Carnota, Muros
Xubía-Castro A Capela, Moeche, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas, As Pontes de García Rodríguez.
Serra do Careón Melide, Santiso, Toques, Friol, Palas de Rei
Río Anllóns Cabana de Bergantiños, Ponteceso, Coristanco, Carballo
Río Tambre Tordota, Ordes, Mesía, Trazo, Oroso, Frades, Santiago de Compostela, O Pino
Parga-Ladra-Támoga Begonte, Cospeito, Guitiriz, Outeiro de Rei, Rábade, Vilalba, Xermade, Abadín, Castro de Rei, Lugo e Friol
A Marronda Baleira e A Fonsagrada
As Catedrais Barreiros e Ribadeo
Carballido A Fonsagrada, A Pontenova e Ribeira de Piquín
Cruzul-Agüeira Becerreá e As Nogais
Monte Faro Carballo, Chantada e Rodeiro
Monte Maior Viveiro e Xove
Negueira Negueira de Muñiz
Ría de Foz-Masma Barreiros, Foz, Lourenzá e Mondoñedo
Río Landro Ourol e Viveiro
Río Ouro Alfoz, Foz e O Valadouro
Canón do Sil Pantón, Sober, Nogueira de Ramuín e Parada de Sil



Serra do Xistral	As Pontes de García Rodríguez, Abadín, Alfoz, Mondoñedo, Muras, O Valadouro, Ourense, Vilalba, Xermade, Xove, Viveiro e Cervo
Río Cabe	Bóveda, O Incio, Monforte de Lemos, A Pobra de Brollón, Pantón e Sober
Macizo Central	O Bolo, Chandrexa de Queixa, Laza, Manzaneda, A Pobra de Trives, Viana do Bolo, Vilariño de Conso, Quiroga, Larouco e Montederramo
Bidueiral de Montederramo	Montederramo e Vilar de Barrio
Pena Veidosa	San Cristovo de Cea e Carballedo
Río Támeiga	Castrelo do Val, Laza, Monterrey, Verín e Oimbra
Veiga de Ponteliñares	Porquería e Rairiz de Veiga
Pena Trevinca	Carballeda de Valedoras, A Veiga, Viana do Bolo, Manzaneda e O Bolo
Pena Maseira	A Gudiña e A Mezquita
Sistema Fluvial Ulla-Deza	Catoira, A Estrada, Pontecesures, Silleda, Valga, Vila de Cruces, Boqueixón, Dodro, Padrón, Rianxo, Teo, Touro e Vedra
Río Léziz	Pontevedra, Campo Lameiro e Cotobade
A Ramallosa	Baiona e Nigrán
Río Tea	Covelo, Fornelos de Montes, Mondariz, Mondariz-Balneario, Pontearreas e Salvaterra de Miño
Baixo Miño	A Guarda, O Rosal, Salvaterra de Miño, Tomiño, Tui, As Neves, Arbo, Crecente, A Cañiza e Padrenda
Brañas de Xestoso	A Estrada, Forcarei e Silleda
Cabo Udra	Bueu e Cangas
Costa da Vela	Cangas
As Gándaras de Budiño	O Porriño, Salceda de Caselas e Tui
Illas Estelas	Nigrán
Serra do Candán	Forcarei, Lalín, Silleda, Beariz e O Irixo
Serra do Cando	Cerdedo, Cotobade, Beariz
Sobreirais do Arnegó	Agolada, Lalín e Vila de Cruces
Enseada de San Simón	Redondela, Soutomaior, Vilaboa, Moaña e Pontevedra

Espazos Protexidos polas DOT

Provincia da Coruña

Monte e Laguna de Louro	Muros
Baldaio	Carballo
Lagoa de Sobrado	Sobrado dos Monxes
Serra de Capelada	Cedeira, Cariño
Lagoa e Dunas de Traba	Laxe
Fervenza do Xallas	Dumbría, Mazaricos, Carnota
Desembocadura do Ulla	Dodro, Rianxo
Esteiro do Sor	Mañón
Marismas de Betanzos	Betanzos, Bergondo, Paderne
Val inferior do Eume	Cabana, Capela
Monfero, Pontedeume	

Marismas de Caldebarco	Carnota
Praia de Carnota	Carnota
Ensenada de Insua	Ponteceso, Cabana
Punta Candelaria	Cedeira
Cabo Prior	Ferrol
Punta Xeixo Branco	Oleiros
Punta Langosteira	Arteixo
Cabo Santo Adrián	Malpica
Punta Roncudo	Ponteceso
Cabo Touriñán	Muxía
Cabo Fisterra	Fisterra
Punta dos Remedios	Carnota
Punta Coitelada	Ares
Illas Aguillóns	Ortigueira
Illa Gabeira	Cedeira
Illa Santa Comba	Ferrol
Illas Herbosa-Gabeiras	Ferrol
Illas Mirandas	Ares
Illa Carboeira	Pontedeume
Illa A Marola	Oleiros
Illa de San Pedro Visma	A Coruña
Illa A Redonda	Arteixo
Illa O Roncudo	Ponteceso
Illa Centolo de Fisterra	Fisterra
Illa A Creba	Muros
Illa Sagres	Ribeira
Illas Ceboleiro/Carreiro	Ribeira
Illa A Rúa	Ribeira
Illa Sálvora, Noro, Herbosa e Vionta	Ribeira
Illa Vilán de Fora	Camariñas
Ribeiras de Dubra	Val do Dubra

Provincia de Lugo

Illa de Sarón	Mozo
Illa Coelleira	Vicedo
Charca de Pumar	Sober
Lagoa Cospeito/Espiñeira	Cospeito
Monte Aguieira	Becerreá
A Pintinidoira	Cervantes
Bosque de Carballido	Fonsagrada
Montefurado	Quiroga
Bosque da Marronda	Baleira
Covas do Rei Cintolo	Mondoñedo
Esteiro do Sor	Vicedo



Illa dos Farallóns-A Sombriza- A Baixa	Cervo
Illa dos Netos	Xove
Illa Gabeira Insua da Area	Vicedo
Illa Pancha	Ribadeo
Illa Auxuela	Cervo
Carballeira de Cartelos	Carballedo
Desembocadura do Bubal	Carballedo
Acíñeiral do Cruzul	Becerreá
Fraga de Sanxes	A Fonsagrada, A Pontenova

Provincia de Ourense

As Gargantas do Río Bibei	Manzaneda
San Estebo de Ribas do Sil	Nogueira de Ramuín
Montes de Penatrevinca	Carballeda, A Veiga
O Teixedal de Casaio	Carballeda, A Veiga
Canón do Sil	Parada do Sil, Nogueira de Ramuín
Serra de Queixa-Montes do Invernadeiro	Castrelo do Val, Manzaneda, A Pobra de Trives
Pena Corneira	Leiro, Carballeda de Avia
Encoro de San Martiño	A Rúa, Petín
A Raña de Arnado	O Barco de Valdeorras
Veigas do Limia e Ponteliñares	Xinzo, Porquería, Rairiz, Trasmirás
Foio Castaño	Carballeda
Encoro das Conchas	Lobeira, Muiños, Bande
Serra do Suido	Avión
Serra de Cereixidos dos Cabalos	O Barco de Valdeorras
Serra de Acíña da Lastra	O Barco de Valdeorras
Montes de Oulego	O Barco, A Rúa, Rubiá, Vilamartín de V.
Río Navea	Chandrexa de Queixa, Trives, Ríos
Fervenza do Río Firveda	Porqueira
Serra da Pena	Calvos de Randín
Desembocadura do Bubal	A Peroxa

Provincia de Pontevedra

Illas Cortegada, Melveiras e Briñas	Vilargarcía
Barra, Cabo de Home	Cangas
Punta Udra	Bueu
Desembocadura Río Miñor	Gondomar, Nigrán, Baiona
Encoro de Eiras	Fornelos de Montes, Ponte Caldelas
Lagoa Sagra de Olives	Forcarei
Fervenza do Río Toxa	Silleda, Vila de Cruces
Picho do Curantes	A Estrada
Cotorredondo	Marín, Vilaboa
Montes do Morrazo	Moaña, Marín, Vilaboa
Carballeira do Coiro	Cangas, Bueu, Moaña
Caballeiras do Verdugo	A Lama

Serra do Suido	A Lama, Fornelos, Covelo
Serra de Candan e Zobra	Forcarei, Lalín, Silleda
Serra de Argallo	Tomiño, Rosal, Oia, Baiona, Gondomar
Penedos de San Cibrán	Salceda, Pontearreas, Porriño

ANEXO III.

CONCELLOS INCLUÍDOS NA RELACIÓN DE NÚCLEOS INTERIORES VINCULADOS Ó PATRIMONIO NATURAL PROPOSTOS POLAS DOT.

Provincia de Lugo

A Pontenova
Navia de Suarna
Cervantes
As Nogais
Pedrafita do Cebreiro
Samos
Pantón
Negueira de Muñiz
Ribeira de Piquín
Sober
Triacastela
Folgozo de Courel
O Incio
A Fonsagrada
Becerreia
Quiroga

Provincia de Ourense

Boboras
Leiro
Castrelo do Miño
Arnoia
Cortegada
Nogueira de Ramuín
Parada de Sil
Montederramo
Chandrexa de Queixa
Manzaneda
O Bolo
A Veiga
Vilariño de Conso
Laza
Castrelo do Val
Calvos de Randín
Muiños
Lobios
Entrimo
Melón
Pobra de Trives
Viana do Bolo
Ribadavia

Provincia de A Coruña

A Capela
Monfero

